Segunda etapa
Vol. XVII (I)
nº 33 / Xullo-Decembro 2016
P.V.P. 10 euros

www.igadi.gal

# Tempo exterior

REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS




**Carta aos lectores**

**Inauguración**

**Galicia, "célula de universalidade". Reflexións sobre cultura e acción exterior**
Ramón Villares Paz

**Galicia e a súa proxección internacional**
Jesús Gamallo Aller

**Galicia precisa da política exterior**
Xoán Antón Pérez Lema

**Galicia, unha autonomía no mundo. Galicia, unha nación cultural**
María Pilar Pin Vega

**A economía galega ante os desafíos da globalización**
Fernando González Laxe

**Internacionalizar unha economía, internacionalizar a empresa**
Abel Veiga Copo

**A economía galega en perspectiva internacional: avances, feblezas e retos de futuro**
Manuel González López

**As ONG para o Desenvolvemento nunha paradiplomacia en Rede**
Emilio M. Martínez Rivas

**Ativos duma paradiplomacia em rede**
Teresa Moure

**Galicia no ollo divino**
Xavier Alcalá

**Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural. Reflexión sobre a internacionalización do libro galego**
Xosé Ballesteros

**O cinema como operador da internacionalización**
Margarita Ledo

**A produción audiovisual de Galicia e a internacionalización**
Antón Reixa

**A acción exterior vasca**
Marián Elorza

**A acción exterior de Cataluña**
Manel Manonelles

**Galicia e a Cooperación Transfronteiriza no horizonte 2014-2020**
Rosa Ricoy

**Conclusións**

**Memoria**

**Resumo-Resumen-Abstract**

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL
IGADI XXV 1991/2016

**www.igadi.gal**

# Tempo Exterior

**Revista de análise e estudos internacionais**

**Nº 33 SEGUNDA ETAPA**

xullo/decembro 2016

## Índice

**Carta aos lectores** ... 5
**Inauguración** ... 7

CONFERENCIA INAUGURAL

**Galicia, "célula de universalidade". Reflexións sobre cultura e acción exterior**
Ramón Villares Paz ... 17

SESIÓN INSTITUCIONAL

**Galicia e a súa proxección internacional**
Jesús Gamallo Aller ... 31
**Galicia precisa da política exterior**
Xoán Antón Pérez Lema ... 35
**Galicia, unha autonomía no mundo. Galicia, unha nación cultural**
María Pilar Pin Vega ... 39

SESIÓN ECONÓMICO-EMPRESARIAL

**A economía galega ante os desafíos da globalización**
Fernando González Laxe ... 45
**Internacionalizar unha economía, internacionalizar a empresa**
Abel Veiga Copo ... 65
**A economía galega en perspectiva internacional: avances, feblezas e retos de futuro**
Manuel González López ... 69

SESIÓN SOCIAL

**As ONG para o Desenvolvemento nunha paradiplomacia en Rede**
Emilio M. Martínez Rivas ... 87
**Ativos duma paradiplomacia em rede**
Teresa Moure ... 93
**Galicia no ollo divino**
Xavier Alcalá ... 101

SESIÓN EDUCATIVO-CULTURAL

**Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural. Reflexión sobre a internacionalización do libro galego**
Xosé Ballesteros ... 107
**O cinema como operador da internacionalización**
Margarita Ledo ... 113
**A produción audiovisual de Galicia e a internacionalización**
Antón Reixa ... 121

SESIÓN DE CLAUSURA

**A acción exterior vasca**
Marián Elorza ... 125
**A acción exterior de Cataluña**
Manel Manonelles ... 133

COMUNICACIÓN

**Galicia e a Cooperación Transfronteiriza no horizonte 2014-2020**
Rosa Ricoy ... 141
**Conclusións** ... 155
**Memoria** ... 157
**Resumo-Resumen-Abstract** ... 161

**Edita**: IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)
**Redacción e administración**: Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra
Tel. 986 84 34 36 / info@igadi.org
**Fundador e director**: Xulio Ríos.
**Coordinación editorial**: Roberto Mansilla Blanco.
**Consello Reitor**: Alejandro Molíns de la Fuente, Antonio Martínez Puñal, Emilio Manuel Martínez Rivas, Enrique Sáez Ponte, Fernando Pérez-Barreiro Nolla (1931-2010), Ignacio Ramonet, Lois Tobío Fernández (1906-2003), Luís Álvarez Pousa, Manuel Fernández Blanco, Manuel Mera Sánchez, María Xosé Agra Romero, María Xosé Porteiro García, Víctor Fernández Freixanes, Xosé Fortes Bouzán, Xosé Luis Franco Grande, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Xulián Maure Rivas, Ramón Lugrís (1932-2015).
**Consello Académico**: Ángel Israel Rivera Ortiz (Universidad de Puerto Rico), Natan Lerner (Tel Aviv University), Eduardo Daniel Oviedo (Universidad Nacional de Rosario-Argentina), Henrique Altemani de Oliveira (Universidade de São Paulo), Martín Pérez Le Fort (Universidad de Chile), Mónica Cortina (Universidad de La Habana), Susana Ruíz Seisdedos (Universidad de Jaén), Romer Cornejo (Colegio de México), Luís Filipe Lobo-Fernandes (Universidade de Braga), Álvaro Xosé López Mira (Universidade de Vigo), José Manuel Pureza (Universidade de Coimbra), Klaus Dirscherl (Universidade de Passau-Alemaña), Zhu Lun (Academia de Ciencias Sociais de China), Caterina García (Universitat Pompeu Fabra), Francisco Veiga (Universitat Autónoma de Barcelona), Enrique Peruzzotti (Universidad Torcuato di Tella-Argentina), Bichara Khader (Université Catholique de Louvain), Rosa Riquelme Cortado (Universidad de Murcia), Ana Paula Beja Horta (Universidade Aberta de Lisboa), Joseph M. Rostinsky (Tokai University, Tokio), Rafael García Pérez (Universidade de Santiago de Compostela), Patrick O'Sullivan (Bradford University), Ricardo Antunes (UNICAMP-Brasil), Fernando González Laxe (Universidade de A Coruña), Luciano Concheiro Bórquez (Universidad Autónoma Metropolitana-México), Felipe Burbano de Lara (FLACSO-Ecuador), José María Tortosa (Universidad de Alacante), Carmen Pereira-Muro (Miami University), José Gilberto Scandiucci Filho (Instituto Rio Branco, Brasilia), Stéphane Paquin (Université du Québec), Ismael Cejas (Universidad de Los Andes-Venezuela), Jared D. Larson (University of Delaware), Robert Matthews (New York University).
**Consello de Redacción**: Andrea Manuela García Corzo, Ánxelo Gonzalves Vicente, Daniel González Palau, Roberto Mansilla Blanco, Luciano Concheiro, Alvaro Xosé López Mira.
**Abstract**: Mara Lemat e Vera R. Carrillo.
**Ilustración de portada**: Rosalía de Castro na Alameda de Santiago de Compostela, por Luis Miguel Bugallo Sánchez (vía Wikipedia).
**Revisión lingüística**: Xoán A. Gonzalves Vicente.
**Deseño interior, maquetación e programación edición electrónica**: PositiBos.gal
**Edición electrónica**: http://www.igadi.org/te
**Impresión**: Deputación Provincial de Pontevedra.
**Depósito Legal**: VG654-1997
**ISSN**: 1579-6582
**ISBN**: 9781579658212

9 781579 658205

Tempo Exterior é unha publicación semestral elaborada polo IGADI que analiza conflitos e problemas internacionais de certa actualidade. Refundada en 2000, Tempo Exterior abarca todas as tendencias ou correntes do pensamento e conta coa colaboración de especialistas de recoñecido prestixio de destacadas institucións de Galicia e do exterior. Está incluida no LATINDEX, folio 18629, no ISOC-Ciencias Sociales y Humanidades, no índice de Difusión e Calidade Editorial (DICE) de Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas, e en DIALNET.

As opinións dos artigos publicados non reflicten necesariamente as do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional e son responsabilidade dos autores

O IGADI, aos efectos previstos no artigo 32.1, párrafo segundo do vixente TRLPI, oponse expresamente a que calquera das páxinas de Tempo exterior, ou partes delas, sexan utilizadas para a realización de resumes de prensa. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación da totalidade ou parte das páxinas desta revista soamente poderá ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista na lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org), se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta publicación.

# Carta aos lectores

*Inclúense neste número de Tempo exterior as* **Actas** *do primeiro* **Congreso de Estudos Internacionais de Galicia** *que celebramos en Pontevedra os días 28 e 29 de Xuño de 2016. Foi este un evento que posibilitou unha reflexión plural e diversa sobre as múltiples manifestacións relacionadas coa internacionalización de Galicia, un tema recorrente e fundamental para o progreso da nosa Terra no tempo presente.*

*A política (***Jesús Gamallo Aller, Xoán Antón Pérez Lema, María Pilar Pin Vega***), a economía (***Fernando González Laxe, Abel Veiga Copo, Manuel González López***), a sociedade (***Emilio M. Martínez Rivas, Teresa Moure, Xavier Alcalá***) e a cultura (***Xosé Ballesteros, Margarita Ledo, Antón Reixa***) foron obxecto de análise e diagnose con presentación de propostas e ideas para transformar a visión teórica e académica cun ronsel de iniciativas de vocación práctica e que no seu conxunto poden permitir unha optimización clara das nosas vantaxes comparativas. A maiores,* **Ramón Villares** *achegou unha contextualización histórica que nos entroncou coa nosa identidade  e a vocación universalizadora do galeguismo. Por último, contamos coa visión comparada fornecida por* **Marián Elorza** *e* **Manel Manonelles***, quen expresaron os alicerces básicos da política exterior nas súas respectivas comunidades, Euzkadi e Catalunya. A modo de comunicación presentada ao congreso incorporamos o relatorio remitido por* **Rosa Ricoy** *a propósito da cooperación transfronteiriza. Debe significarse igualmente o meritorio labor moderador exercido nas respectivas mesas por* **Celso Cancela Outeda, María Xosé Porteiro, Álvaro Xosé López Mira** *e* **Xulio Ríos***, ademais de* **Miguel Ángel Rodríguez Souto.**

*As Conclusións do congreso, recollidas como anexo documental nestas actas xunto coa Memoria, alertan sobre a urxencia de reforzar a sensibilidade institucional e cívica arredor da transcendencia da acción exterior. Iniciándose agora unha nova lexislatura tanto en Galicia como en España, é tempo de que o factor internacional se contemple  de xeito integral, de que os poderes públicos asuman sen ambigüidade a responsabilidade de promover e liderar ese esforzo de adaptación aos novos tempos de xeito que Galicia non se quede á marxe de procesos que outras comunidades no propio Estado están a desenvolver con maior presteza.*

*Tanto o Observatorio da Gobernanza G3 da Área de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo como o IGADI celebraron a realización desta iniciativa, posible ao contar co apoio do Concello e a Deputación de Pontevedra, o Consello Social da Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia. A coincidencia co 25 aniversario deste último salientou a importancia que na nosa actividade ten o enfoque paradiplomático a cuxo asentamento ven contribuíndo de forma persistente e continuada practicamente dende a súa fundación.*

*As Actas reflicten a ambición e propósito dos organizadores: marcar con este primeiro congreso un punto de inflexión no rumbo da nosa acción exterior.*

*O director*


INTERNACIONAIS
de GALICIA
28 e 29 de XUÑO 2016
FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN
PONTEVEDRA
Facultade
Xulio Ríos
1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA
28 E 29 DE XUÑO DE 2016 / PONTEVEDRA

# Inauguración


*Xulio Ríos*
**Director do IGADI**


Sr Reitor da Universidade de Vigo

Sr Alcalde de Pontevedra

Sr representante da Deputación Provincial de Pontevedra

Sra directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia

Sr Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Amigas e amigos,

Moitas grazas por apoiar a celebración deste primeiro Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, no que o IGADI, que en 2016 cumpre o seu vixésimo quinto aniversario, leva teimando xa certo tempo.

Esta iniciativa ten tres vocacións principais. Unha **primeira**, académica, que ten que ver coa necesidade de alentar os estudos internacionais, de crear unha rede de centros e persoas expertas, de inventariar os recursos, de destacar aqueles que gozan dunha certa excelencia…. **Unha segunda**, cívico-pedagóxica, relacionada coa necesidade de explicar mellor, de argumentar mellor a importancia da acción exterior nun contexto onde son frecuentes os estereotipos que a asocian coa extravagancia ou o mal gasto. Esa comprensión cidadá é indispensable para garantir as debidas complicidades. E **unha terceira**, política. Non é casualidade que este congreso coincida co 80 aniversario do plebiscito do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. Autogoberno e universalidade, autonomía e fomento da internacionalidade son as dúas caras dunha mesma moeda. Nin se negan nin se contrapoñen senón que compleméntanse de forma necesaria. Queremos sensibilizar aos actores políticos e sociais para que interioricen a importancia do factor exterior e comprométanse coa dotación de capacidades para garantir unha adecuada xestión da nosa a axenda a este nivel.

Entre os **obxectivos** do congreso, destacaría cinco:

Primeiro, facer balance da traxectoria, instando unha posta a punto se procede.

Segundo, diagnosticar os diferentes niveis de internacionalización nos sectores principais, sinalar os problemas e os retos indo mais aló da conxuntura da crise.

Terceiro, intercambiar ideas e visións desde diferentes ópticas profesionais, ideolóxicas, etc., fomentando as converxencias e unha cultura de cooperación.

Cuarto, dar paso a un programa de mínimos que nos oriente no horizonte inmediato.

Quinto, fomentar as alianzas para establecer sinerxías e gañar eficiencia.

Dende o Observatorio da Gobernanza G3 e o IGADI queremos instituír o Congreso como unha cita periódica na nosa axenda interior e exterior, consolidando un espazo de reflexión plural, con propósito creativo e construtivo e con clara vocación de servizo a Galicia,

aos galegos e as galegas, indo máis aló do estritamente académico.

Para rematar, dúas ideas. Dende os tempos en que Plácido Castro dixo aquilo de que "a diplomacia é unha cousa tan delicada que non resiste a presenza da verdade" a hoxe, houbo moitas mudanzas. Pasamos do mundo de entreguerras dos anos vinte e trinta do século pasado ao mundo da posguerra fría e a globalización. A diplomacia xa non é, non pode ser, cousa de elites, entendidos ou eruditos que se conducen en segredo para satisfacer os intereses colectivos. A política exterior é unha política pública máis que nunha gobernanza democrática non se concibe sen a participación nin o control cidadán.

Nesa transformación do concepto e da acción exterior, Galicia, como entidade subestatal que avoga por unha paradiplomacia axustada á súa condición e intereses, pode aportar ideas e experiencias de utilidade común. Este congreso quere darlle contido e impulso a estas premisas. Esperamos conseguilo.

Moitas grazas por acompañarnos.

## *Xosé Baamonde Silva*

**Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación**

Autoridades, amigos e amigas,

Só unhas palabras para dar a benvida a todos os participantes ao I Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, que converte á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación nun espazo de análise e reflexión sobre a globalización da cultura e da economía galegas.

Neste centro formamos profesionais da comunicación e da xestión, cun carácter multidisciplinar, pero, sobre todo, contribuímos aá que os nosos alumnos cheguen a ser cidadáns críticos, con criterio propio. Neste senso, as actividades complementarias ás clases, coma este congreso, son fundamentais para que os estudantes se acostumen a pensar por si mesmos.

Aproveito esta ocasión para felicitar aos membros da organización, tanto por parte da Área de Ciencia Política e da Administración-Observatorio da Gobernanza G3 como polo Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi).

Sen dúbida, trátase dunha convocatoria moi procedente e oportuna, pois a internacionalización de Galicia é esencial. Temos que contruír unha marca Galicia potente, que sexa recoñecida no mercado mundial, a partir da nosa lingua e a autoestima da identidade do pobo galego.

Para finalizar, quero transmitir os meus mellores desexos para que este congreso se converta nunha cita periódica sobre a internacionalización de Galicia, desde o convencemento de que se van acadar os obxectivos e as expectativas depositadas nesta convocatoria.

A todos, moitas grazas.

***Blanca García-Señoráns***
**Directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia**

Boas tardes a todas e a todos:

Quixera disculpar ao Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que hoxe non pode acompañarnos pois na sesión de control ao Goberno no Parlamento galego están tendo lugar diferentes debates e votacións que requirían a súa presenza no hemiciclo ao longo desta xornada. Tamén hoxe coincide coa celebración do acto de entrega das Medallas Castelao, que por Decreto 170/1984 estipúlase que teña lugar o 28 de xuño, coincidindo co traslado dos restos de Castelao ao Panteón de Galegos Ilustres en Bonaval e coincidindo tamén co aniversario da votación e aprobación do 1º estatuto de Autonomía de Galicia do 1936, do que hoxe celebramos o seu 80 aniversario.

A Xunta de Galicia apoia sen ningunha dúbida este tipo de iniciativas que teñen o propósito de difundir a VOCACIÓN UNIVERSAL de GALICIA e nese senso estamos en sintonía co IGADI dando mostras do noso interese por alcanzar ese obxectivo e sumando esforzos para logralo. Non só apoiando iniciativas como esta de celebrar, na cidade de Pontevedra, este primeiro Congreso de Estudos Internacionais, senón tamén potenciando desde as institucións o incremento da presenza institucional da Xunta de Galicia no exterior, por exemplo coas recentes viaxes do presidente da Xunta a diferentes países iberoamericanos como México, Colombia, Arxentina, Uruguai… onde foi recibido polas máis altas instancias.

E tamén potenciando o aproveitamento da lingua galega como vehículo nas relacións humanas e institucionais, e coa proposta de convenios como o asinado recentemente co instituto Camoes que recoñece dunha maneira oficial a implantación, a partir do próximo curso escolar, da lingua portuguesa como lingua de opción no sistema educativo non universitario galego. Un acordo que ten como obxecto revitalizar o pasado lingüístico común de linguas irmáns e reforzar as relacións entre a comunidade galega e a lusofonía.

Por outra banda, a estratexia económica que ven levando a cabo a Xunta de Galicia ven obtendo bos resultados cuns incrementos históricos respecto das exportacións nestes últimos anos 2013, 2014, 2015, e que segue mellorando no ano 2016 cun aumento do 7´5% respecto do ano pasado.

Está claro que a internacionalización e o universalismo son claves á hora de facer valer a VOCACIÓN UNIVERSAL de GALICIA.

O futuro de Galicia vai a depender da súa capacidade de por en valor as súas potencialidades tanto económicas como sociais, para posicionarse no mundo con identidade propia.

Para rematar, quero darlles a benvida ao Primeiro Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, que quere ser unha plataforma de diálogo sobre temas internacionais, tendo como referente a GALICIA. E aínda máis, quere contribuír a conformar a futura axenda internacional de Galicia.

Ao longo das xornadas analizarase, desde diferentes puntos de vista, a axenda exterior de Galicia: a particular e moi estreita relación que temos con Portugal, a nosa actividade na Unión Europea, o papel da diáspora, a Cooperación Internacional ou a internacionalización da economía galega son algúns dos asuntos que serán debullados nestas dúas xornadas, desde diferentes perspectivas e desde o punto de vista de varios actores.

Dende a creación, en 1997, dun departamento específico na Xunta de Galicia para impulsar a acción exterior da nosa Comunidade, a Administración galega ten promovido importantes esforzos de reflexión e sistematización da nosa conduta e proceder exterior. Estes empeños cristalizaron en estratexias recollidas no Libro Branco da Acción Exterior de Galicia (2004), nas Bases para unha Estratexia de Acción Exterior de Galicia (2007) ou nas Prioridades de Actuación da Acción Exterior de Galicia, aprobadas en 2010 polo Consello de Acción Exterior (CAEX), e máis recentemente no Decreto 178/2015, de 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma. Este Decreto foi fundamentalmente a reacción ao novo marco xurídico delimitado pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, e máis pola Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais, así como pola ulterior aprobación da Estrategia española de Acción Exterior (ESPAEX).

Deste xeito, contamos hoxe con referencias documentais suficientes para orientar o noso facer no eido exterior.

Agradezo a iniciativa a Xulio Ríos e ao Instituto Galego de Análise e Documentación_(IGADI), que levan 25 anos reflexionando sobre as tendencias internacionais e as súas consecuencias para a nosa Comunidade Autónoma e propoñendo alternativas para unha mellor inserción internacional de Galicia.

Tamén me gustaría dar as grazas aos relatores que participarán esta tarde e mañá no Congreso, compartindo a súa ampla experiencia na materia e abrindo un espazo de debate sobre a posición de Galicia no mundo.

Desde a Xunta de Galicia somos conscientes da nosa responsabilidade neste eido e por iso, entre outros aspectos, colaboramos e participamos en xornadas coma esta, cuxa importancia é clave á hora de achegar un maior coñecemento sobre as oportunidades, as ferramentas, os desafíos que permitan consolidar a posición de Galicia no mundo. Agradezo novamente ao IGADI a organización do Congreso e desexo que este sexa o primeiro dunha relación seriada de congresos que teñan como motivo GALICIA.

Moitas grazas

## *Carlos López Font*

**Deputado provincial**

Autoridades, amigas e amigos,

Que o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI, e o Ob-

servatorio da Gobernanza G3 da Universidade de Vigo, organizadores deste primeiro Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, teñan escollido o 28 de xuño para comezar estas xornadas, estou seguro, non é pura casualidade. Nun día como o de hoxe, hai 80 anos que se referendaba o Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936 e tamén, nun día como o de hoxe hai 85 anos Castelao saía elixido deputado nas eleccións ás Cortes Constituíntes de 1931.

Polo tanto, comezar a primeira edición do Congreso de Estudos Internacionais de Galicia nun día grande para a nosa terra pon de manifesto a vontade e firme compromiso dos organizadores por impulsar unha nova Galicia, partindo da reflexión, do debate, da investigación das principais tendencias e problemas sociais, económicos, culturais, políticos ou turísticos así como da propia dimensión internacional da nosa comunidade para intentar que teña unha maior presenza e que a nosa identidade poida universalizarse, mais se cabe, tendo en conta que nos atopamos nun mundo globalizado.

As e os galegos, pobo de emigrantes, temos unha especial capacidade para adaptarnos a contornas diferentes, para entender e comprender o fenómeno internacional. Por iso o mundo necesita a Galicia pero tamén Galicia necesita ó mundo. Contamos con grandes oportunidades de internacionalización, ben polas propias características da nosa xente, ben pola excelente materia prima dos nosos campos, ríos e mar, pero tamén pola nosa inmensa capacidade e creatividade. Sen embargo, existen importantes debilidades. De feito, o número de empresas exportadoras galegas só representa o 4,3% das españolas e temos pouca capacidade para atraer investimentos estranxeiros directos debido, en parte, á conectividade da nosa terra co resto de España e de Europa. Neste contexto, nos últimos doce anos o investimento das empresas galegas no estranxeiro quintuplica á inversión estranxeira desembolsada en Galicia.

Por todo iso é fundamental traballar para mellorar estas cuestións, impulsando unha maior intensificación das relacións internacionais que permita captar investimentos estranxeiros para a nosa terra que, á súa vez, xeren novas empresas e novos proxectos e impulsen tamén a internacionalización de Galicia no mundo.

Hoxe en día, neste mundo globalizado, a administración e a xestión do público cobra un papel fundamental para a sociedade. Por iso, nós, desde a Deputación de Pontevedra e no marco das nosas competencias, estamos a traballar impulsando proxectos transnacionais, fundamentalmente con Portugal pero tamén con outros países da Unión Europea, en diferentes sectores, desde a igualdade, a xestión do coñecemento ou o medio ambiente ata os sectores enerxético, tecnolóxico, turístico, industrial ou o cultural, que nos sirvan para impulsar medidas que permitan internacionalizar a provincia de Pontevedra e convertela en máis competitiva.

E nesta aposta que estamos a facer na Deputación de Pontevedra pola internacionalización, tamén incluímos a formación. Neste eido estamos a poñer en marcha axudas que favorezan que o estudantado universitario e de ciclos formativos, ante a diminución das contías destinadas a bolsas de mobilidade, poida, por exemplo, participar en programas como o Erasmus ou o Erasmus +, que permiten que mozas e mozos da nosa provincia adquiran novas competencias lingüísticas, novos coñecementos e habilidades para adaptarse mellor ó mundo global e facilitar a súa inserción laboral.

Na actualidade estamos inmersos nun profundo cambio no seo das administración

públicas, que teñen que pasar por ser máis abertas e flexibles, precisamente para adaptarase á internacionalización, así como impulsar e xerar contornos máis favorables para a cidadanía. Cuestións que cobran máis protagonismo, se cabe, nas administracións locais, que teñen a obriga de estar á vangarda de todo o que implique o seu impulso e modernidade, xa que son claves para o dinamismo económico e a cohesión social ó situarse máis preto da cidadanía, respondendo directamente ás súas esixencias, ás súas necesidades e requirimentos.

Por todo iso estou seguro de que esta primeira edición do Congreso de Estudos Internacionais de Galicia servirá para poñer tamén nas propias administracións os piares que nos permitan reflexionar sobre o papel de Galicia no mundo e impulsar sinerxías e ideas innovadoras que sirvan para que a nosa comunidade teña unha maior presenza internacional.

Contade con nós nesta tarefa.

Moitas grazas.

## *Miguel Anxo Fernández Lores*

**Alcalde de Pontevedra**

Autoridades, amigas e amigos,

É un gran pracer para nós como veciños da cidade de Pontevedra e para min persoalmente en calidade de Alcalde, poder recibilos hoxe aquí, na Facultade de Ciencias e da Comunicación da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra, a fin de departir e reflexionar sobre diversos asuntos e problemáticas que adquiren cada vez maior importancia neste mundo globalizado.

Precisamente, debido a este proceso incesante de globalización, son cada vez mais evidentes os feitos que confirman o afondamento das desigualdades sociais entre os pobos e entre os cidadáns. Velaí que somos moitos os que observamos con especial amargura o estado actual dun mundo que, se ben mais interconectado, complexo e plural por mor deste proceso globalizador, non deixa de ser igualmente mais desigual e inxusto.

Dentro deste proceso de globalización, cobra igualmente especial importancia o factor exterior como expresión de xestión pública, mais no caso de ser Galiza unha comunidade con múltiples posibilidades e perspectivas de fortalecer a súa acción exterior. Este labor de paradiplomacia implica coordinar con maior decisión e celeridade o papel das administracións locais, así como da Xunta de Galicia, particularmente á hora de observar con atención diversas áreas e campos de traballo nas que posuímos relevantes posibilidades, así como vantaxes comparativas, sexan por razóns de carácter histórico, cultural, lingüístico ou xeográfico.

Nestas áreas de traballo destacan a coordinación de políticas de cooperación coa nosa diáspora como valor social humano, económico, cultural e político; as nosas relacións con Portugal e o mundo lusófono, vertebrando ó mesmo tempo un proceso de expresión exterior para a nosa lingua e cultura; a internacionalización empresarial, da industria cultural e do noso tecido universitario; a cooperación internacional; a captación de investimentos e

de acceso e coñecemento das novas tecnoloxías; e diversas expresións da nosa sociedade civil, nas que igualmente salientamos a internacionalización e cooperación con *think tanks*, as organizacións sociais e culturais e os medios de comunicación, entre outros, que permitan vertebrar coherentemente un proceso de acción exterior para Galiza.

Por tanto, cabe salientar que a pesares das desigualdades inherentes a este proceso de globalización, tamén existe moita xente neste mundo que reflexiona e coordina políticas e accións positivas á hora de construír un mundo mellor, mais humano, mais posible, e non limitado ás esixencias de carácter economicista. Neste sentido, dende o Concello de Pontevedra contribuímos en todo o que podemos, destacando principalmente no noso empeño por posicionar á nosa cidade como un exemplo de dimensión internacional.

Son moitas as persoas que admiran en todo o mundo o noso modelo de cidade, o noso modelo de mobilidade. Neste sentido, Pontevedra como exemplo de mobilidade cidadá ten obtido nos últimos anos diversos premios, recoñecementos e participación en debates e congresos, en varios foros, universidades e institucións. Estes recoñecementos avalan a evolución que mantivo a cidade nos últimos anos, o cal permite confirmar cómo Pontevedra acadou con éxito este modelo de transformación e de modernización urbana, unha tarefa motivada pola vocación do noso Concello por impulsar proxectos que permitan a nosa expresión exterior como poder local, adicando numerosos recursos orzamentarios co obxectivo de que Pontevedra destaque como espazo urbano igualitario, integrador, solidario e xusto.

Entre estes recoñecementos, tanto a nivel nacional como internacional, destacan o premio “Pontevedra City by Active Design” outorgado en Nova York (2015); o galardón ONU HABITAT 2014, outorgado polo Programa de Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos con sede en Nairobi (Kenia), co obxectivo de promover cidades e pobos social e ecoloxicamente sustentables; o premio INTERMODES 2013 outorgado en Bruxelas sobre proxectos de mobilidade cidadá; o Patrimonio Cultural concedido pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a través do Nacional de Cultura Galega 2008; o premio “Amigos de Galiza” 2007; o CERMI 2007 outorgado pola Confederación Española de Persoas con Discapacidade; a Cidade da Pedra 2006 outorgado pola Asociación de Graniteiros de Galiza, tendo en conta a utilización da pedra no proceso de transformación da cidade; a declaración de Pontevedra como Cidade Amiga dos Nenos; e outros tantos recoñecementos obtidos en cidades como Roma, Dubai, Lovaina, Florencia, Múnic, Hong Kong, Lisboa e Madrid, entre outras. Neste sentido, dende o Consorcio Municipal imos ofrecendo ao mundo o mellor que temos: as ideas e as accións a prol dun mundo máis agradable para todas e todos.

É por iso que celebramos con enorme satisfacción a celebración hoxe en Pontevedra do I Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, en colaboración co IGADI e con diversas entidades da nosa administración pública e da nosa sociedade organizada. Sendo este o primeiro congreso internacional deste xénero a organizarse e celebrarse en Galicia, a elección de Pontevedra como a súa sede ben pode deberse a dous aspectos tan significativos como estratéxicos: o primeiro, o relativo á forte conexión da nosa cidade coa tradición universal e internacionalista do galeguismo histórico vixente dende comezos do século XX; e o segundo, da proxección global de Pontevedra, aspecto que da fe da súa expresión de internacionalización como dinámica propia do poder local.

Coido que este e outros tantos esforzos correspóndense co noso principal valor humano por contribuír na confección dunha acción exterior plural, coherentemente institucionalizada e con vocación de continuidade e no que as cidades deben desempeñar un papel primordial.

1º
**CONGRESO** de
**ESTUDOS**
**INTERNACIONAIS**
de GALICIA

# CONFERENCIA INAUGURAL

RAMÓN VILLARES PAZ

Moderación: Xulio Ríos


Facultade
PHILIPS
1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 7-27

# Galicia, “célula de universalidade”. Reflexións sobre cultura e acción exterior [Conferencia de abertura]

***Ramón Villares Paz***

Agradezo moito este convite estou tentado a dicir, como sucede en tribunais académicos, que non é cómodo falar despois das lúcidas intervencións institucionais que acabamos de ouvir e que, na miña opinión, resumiron políticas e adiantaron propostas coas que, en xeral, eu concordo e sobre as que insistirei na miña intervención. Pero de acordo coa miña orientación profesional, falarei desde a perspectiva do historiador, ben consciente da necesidade que hogano temos de reparar no pasado próximo como un útil recurso para enxergar o noso futuro. Nunca se pode esquecer a moi aguda advertencia de Walter Benjamin a propósito do cadro de Paul Klee, “Angelus Novus”, que para o filósofo alemán representa a historia, un incesante curso que se ha de gañar nadando de costas: ollando o pasado pero sen ficar atado ao mesmo. Esta reflexión benxaminiana resume cabalmente a idea xeral que preside esa intervención, que é analizar unha realidade pequena (“unha célula”) como parte de algo moito máis grande (a “universalidade”), á luz da experiencia histórica. Así foi como os fundadores do Partido Galeguista marcaron a lume un dos grandes principios reitores da organización que estaban a crear, nesta propia cidade e a poucos metros do lugar onde agora nos atopamos: pensar Galicia como unha realidade propia e mesmo enxebre, pero nunca illada do resto do mundo de acordo con aquela vella máxima do ministro italiano Visconti-Venosta, que acostumaba definir a posición do seu país como un actor independente pero nunca illado no taboleiro das relacións diplomáticas: “L’Italia, sempre independente, mai isolata”.

A escolla da definición galeguista como guieiro da miña intervención vén reforzada, asemade, pola circunstancia do día en que nos encontramos. Hoxe é 28 de xuño, unha data esencial na historia da Galicia contemporánea, pois nela tivo lugar, hai xustamente oitenta anos, o plebiscito popular que aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia, carta política pola que tanto loitaron os republicanos de esquerda e, de forma moi especial, os nacionalistas galegos agrupados no Partido Galeguista. Cando aqueles devanceiros cuñaron Galicia como unha “célula de universalidade” estaban a condensar todo o pensamento e todas as experiencias que, desde a creación das Irmandades da Fala, elaboraran os membros daquela excepcional xeración, a que algún coetáneo como Ramón Villar Ponte, denominaría, anos andados, como a “xeración de 1916”.

## Unha nación cultural

Aquela definición resumía realmente o ser e o deber ser de Galicia. Cando eles falaban de célula de universalidade, concepto que está colocado no quinto lugar da “Decraración de principios” do Partido Galeguista fundado en Nadal de 1931, non o dicían a fume de palla,

senón que era coherente co conxunto dos principios que integran aquela declaración programática. Porque o primeiro principio consistía na defensa de Galicia como "unidade de cultura" fundada na recuperación da súa personalidade espiritual a través da "lingua", da "arte" e do "esprito". Principio angular que era seguido por conceptos non menos relevantes, como os de "pobo autónomo", "comunidade cooperativa" e "democracia política". En realidade, o que está a dicir este programa galeguista de 1931 no seu conxunto é que concibían Galicia como unha nación cultural, a pesar de non empregar de modo expreso a palabra nación, para non se confundir cos nacionalismos racistas que daquela estaban campando por media Europa e que un dos teóricos do nacionalismo peninsular, o catalán Rovira i Virgili, asumira daquela como unha opción táctica, entre nós divulgada por Valentín Paz-Andrade.

A idea da "célula de universalidade" é relativamente epocal, pois ten algunhas relacións, ao meu ver, coa definición que Ortega y Gasset aplica ao proxecto nacional: "unidade de destino no universal".A "célula de universalidade" non é un concepto tan bioloxista como o orteguiano, pero reflicte unha concepción etnocultural de Galicia na tradición de raíces herderianas da que tanto gostaba a xeración Nós: o ser de Galicia estaba na súa cultura, obra do *Volksgeist*e, por tanto, era expresión da existencia dun pobo civilizado e non salvaxe. E ter cultura propia era o principal pasaporte para ingresar na historia da humanidade, isto é, na universalidade.

Esta definición de Galicia non foi unha descuberta repentina daquela xeración galeguista, senón que é unha decantación do proceso de construción, durante moitos séculos, desta nación cultural que é Galicia, entendida como unha realidade aberta ao continente europeo e ao Mediterráneo oriental. Detrás desta universalidade galega está a tradición cultural aberta, conformada cando menos, desde a baixa romanidade por figuras como Paulo Orosio ou a monxa Exeria, que coñeceron de forma directa a cultura oriental nas súas viaxes a Utica (na actual Tunicia) e a Palestina. A mesma que foi logo continuada por esa figura *descomún* de Martiño de Dumio, catequizador da poboación galaico-sueva e organizador de bispados e parroquias. E que finalmente sería coroada pola eclosión cultural do "século de Xelmírez", inzado de artistas e de segreis, de viaxeiros e peregrinos vidos de ultraportos e de monxes formados en Cluny que colonizaron e ordenaron as terras galegas. Un século presidido pola figura do arcebispo Xelmírez, quen comandou a aposta estratéxica máis importante en toda a historia de Galicia: a de vincular Galicia coa Europa carolinxia daquela altura, co papado de Roma e coas abadías cluniacenses das terras francas, fronte á tentativa de camiñar cara o sur, na dirección que acabaría por ter o novo reino de Portugal. A aposta de Xelmírez supuxo consagrar nas terras de Galicia unha hexemonía cultural de base eclesiástica e campesiña, na que se forxou unha civilización rural que se prolonga ata os tempos da xeración Nós.

De modo que a idea moderna de Galicia é filla dunha longa historia que nos seus trazos básicos arrinca dos tempos medievais. E sobre eses piares foi onde se construíu, no século XIX, un novo edificio cultural amparado polo "ethos" romántico que marcou a cultura europea toda. Como aconteceu en moitos países, tivo lugar esa mutación de tradición ilustrada que consiste en transformar a cultura de base popular e, por tanto, dotada de autenticidade, nunha alta cultura a través da creación dunha literatura culta e dunha historia heroica. Que

isto foi o que fixo a xeración dos Precursores, con Rosalía e Pondal no campo poético e Murguía no campo da historia e da ideoloxía nacional. O esforzo de Murguía por construír o mito do celtismo tivo xustamente esa función: identificar unha comunidade de orixe grazas á etnia celta, que daba identidade específica a un pobo, de raíz europea, culto e distinto do que habitaba a maior parte da península ibérica. Era o modo de construír unha *Kultur* sobre a base dun pobo campesiño e rural que lograra manter viva non só unha lingua romance, senón unha cosmovisión do mundo.

Sobre esta base de tradición romántica e de pensamento rexionalista prodúcese o que hoxe estamos evocando aquí: unha eclosión cultural e política, coas Irmandades da Fala como principio, que desemboca na construción da idea de Galicia como unha nación, de forte base cultural, nos tempos do nacionalismo moderno galego aberto pola Asemblea das Irmandades de Lugo (1918), que apostaron claramente por un nacionalismo de contidos culturais máis que pola mobilización política dunha poboación que ou ben estaba vinculada aos partidos dinásticos e a lealdades tradicionais, ou ben estaba hexemonizada polo movemento agrarista, que apenas chegou a empatar coas minorías políticas e culturais das Irmandades e do grupo Nós. A este nacionalismo cultural engadirase, nos tempos da II República, unha notable capacidade organizativa a través do Partido Galeguista, que coa súa mensaxe interclasista e a súa participación na socialización política republicana, permite falar por vez primeira dun verdadeiro nacionalismo político en Galicia. O seu punto cimeiro foi o referendo estatutario de xuño de 1936.

Naquela altura histórica, a idea de Galicia como unha "célula de universalidade" non era meramente retórica. A vontade de participar na historia universal levou a que o galeguismo se procurase relacións exteriores de forma estable e en varias direccións. Primeiro cos seus parentes ideolóxicos da vella "España regional" que chegou ata a alianza de Galeuzca plenamente constituída en 1933 e que tería unha segunda vida nos tempos do exilio; logo, privilexiando as relacións coa cultura portuguesa, como unha forma de reafirmación da identidade galega pero tamén como un vieiro polo que camiñar cara un recoñecemento en marcos culturais moi influentes daquela como era o francés. E finalmente, enviando unha delegación ao Congreso das Nacionalidades europeas en 1933, nun percurso que imitaba de lonxe a estratexia exterior desenvolta polos irlandeses antes e despois da súa loita pola independencia. A necesidade de dotarse dunha estratexia de política exterior que permita reforzar o proceso interior da construción nacional de Galicia estivo no cerne das Irmandades da Fala e da xeración Nós.

## A oportunidade da autonomía

A partir de aquí é como podemos enfocar o panorama político e institucional que hoxe temos. Creo que o punto de chegada máis importante foi a construción do réxime de autonomía, é dicir, vincular a superación da ditadura franquista, a través da transición democrática, cun espazo de autogoberno de Galicia, dotado de competencias recollidas no Estatuto de Autonomía e dunhas institucións que deben desenvolver esas competencias. Non vou a insistir sobre a radical novidade que supón o autogoberno, pero quero recordar que no pro-

ceso de xestación da autonomía foi moi importante o papel das xentes da cultura, sobre todo se temos en conta que no caso de Galicia houbo unha evidente orfandade dunha organización partidaria propia con capacidade para gobernar ou para facerse cargo do desafío que era poñer en marcha a autonomía. Xunto coa cultura, tivo algunha relevancia o exilio galeguista e republicano como depositarios da lexitimidade histórica do plebiscito autonómico de 1936, o que está recoñecido de forma indirecta no propio texto constitucional español, cando alude ás autonomías que "no pasado" teñan plebiscitado estatutos de autonomía, isto é, Cataluña, Euskadi e Galicia.

Hai preocupación pola acción exterior nos estatuíntes galegos? É evidente que cando se crea a autonomía e se redacta o Estatuto de Autonomía e se fan as primeiras leis, as miradas eran sobre todo de natureza doméstica, eran cara o interior. Sobre a acción exterior hai un piadoso silencio, a non ser referencias explícitas á emigración e, nomeadamente, ás colectividades de emigrantes. Podería deducirse que se pensaba no perfil de galeguidade que mantiñan en pé as entidades societarias da emigración, pero por razóns que non veñen agora ao caso, a preocupación esencial era a ollada interior. Nin rastro do mandato galeguista de pensar Galicia en termos de "célula de universalidade". De modo que ficou adiada a posibilidade depensar Galicia como unha comunidade política que debe ter estratexias cara fóra, que debe ter relacións cara fóra e que esas relacións non deben estar só encomendadas a iniciativas individuais ou a iniciativas corporativas, se non que teñen queformar parte dun proxecto global do país. Desta lagoa xa se fixeron eco algunhas intervencións precedentes, nomeadamente por parte de Xulio Ríos que, como director do IGADI, trata de empatar coa tradición aberta por Plácido Castro e outros galeguistas dos anos trinta.

Esta evocación do IGADI e das análises da política internacional confirma, por vía indirecta, o enorme peso que segue a ter a mirada interior no seo das elites políticas e culturais da Galicia autonómica. Mirada que se afirmou no novo nacionalismo fundado a partir dos anos sesenta e que, malia as súas protestas de continuidade histórica e de mitificación da figura de Castelao, supuxo unha clara ruptura coa tradición do galeguismo republicano.Voulles poñer un exemplo que é representativo da imaxe de Galicia que está en boga nos anos setenta e oitenta, isto é, nos tempos da transición democrática. Un grupo de investigadores franceses da universidade francesa de Rennes levou a cabo unha investigación sobre un proxecto cultural importante que foi a *Gran Enciclopedia Gallega* na súa versión escrita en castelán, deseñada a principios da década dos setenta aínda que a súa publicación se demorase durante máis dúas décadas. Este equipo fixo unha análise dos seus contidos, dos seus autores, dos seus coordinadores, dos seus enfoques, das súas ilustracións, etc. Pero cal é unha das principais conclusións que eles tiran desa análise?: que non hai apenas ningunha referencia do exterior. As fotos, os nomes, os textos, os autores…, todo tende a reflectir o interior, como se Galicia tivera unha necesidade de repente de se concentrar en todas as súas forzas interiores e non deitar unha ollada cara o exterior. De modo que neste contexto que estou debuxando dunha "célula de universalidade", con perspectiva histórica pero enfocada cara o presente e o porvir, creo que é urxente repensar, con criterios anovadores respecto da tradición da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos (SEG), un programa de acción para definir e lograr unha maior presenza de Galicia no mundo global.

Entre os criterios que hoxe debemos ter en conta para trazar unha acción exterior propia para Galicia están, sen dúbida, as novas formas de gobernanza e de diplomacia que na actualidade imperan por todas partes. As relacións entre países e culturas xa non son monopolio dos estados nacionais, porque apareceron novas formas de paradiplomacia que semellan moi axeitadas para as necesidades dunha pequena nación cultural como é Galicia, que debe actuar cos ferramentas propias dunha comunidade autónoma dentro dun Estado. Son consciente das dificultades que existen para trazar unha estratexia de acción exterior por parte das institucións autonómicas. De feito, alén das limitacións impostas pola diplomacia estatal, existe un claro escoramento institucional cara a Unión Europea e cara os países onde foron importantes as colectividades emigrantes, nomeadamente en América. Non é por acaso que na estrutura de goberno da Xunta de Galicia só exista unha Dirección Xeral de Relacións Exteriores (centrada na Unión Europea) e unha Secretaría (algunha vez mesmo Consellería) de Emigración, que se ocupa substancialmente de manter vivas as relacións coas "Comunidades Galegas no Exterior", recoñecidas incluso como unha sorte de asemblea que se reúne periodicamente cada tres anos para trazar as liñas de actuacións dos gobernos. Existe ademais, e creado de hai pouco, un Consello de Acción Exterior que aínda non tivo tempo de elaborar estratexias específicas nesta materia, entre elas unha Lei de Acción Exterior que xa circula como anteproxecto pero que a previsible convocatoria electoral pode adiar na súa aprobación parlamentaria. En todo caso, non é por ausencia de documentos e de "Libros brancos" que non se poida afinar unha estratexia determinada de acción exterior. O propio IGADI elaborou, hai máis dunha década, un texto programático sobre esta materia e algo semellante se fixo despois, baixo o amparo do goberno bipartito, co programa de "100 medidas para a acción exterior", resultado dunha ampla comisión de estudo coordenada polo ex-presidente da Xunta, Fernando González Laxe.

Galicia é unha autonomía que posúe algunhas vantaxes específicas para levar adiante unha política ambiciosa de acción no exterior, entre elas a forte identidade cultural e unha imaxe externa claramente delimitada, incluso cos seus estereotipos negativos. Pero tamén son evidentes as limitacións, derivadas da indecisión política, que se ve acrecentada pola dinámica política do Estado español (e neste punto non é unha excepción en termos comparados) que ve con moito receo calquera tipo de iniciativa sobre acción exterior que non pase pola peneira da diplomacia estatal, altamente impermeable ao recoñecemento da pluralidade institucional dun Estado que, desde o punto de vista da súa organización territorial, se define especificamente como "Estado das autonomías". Sirvan de exemplo neste sentido as críticas que provocaron algunhas accións que o presidente Fraga Iribarne tomou en política exterior (nomeadamente, nas relacións de Galicia con Cuba) ou as polémicas que nos tempos recentes espertou a Consellería de Acció Exterior da Generalitat de Catalunya e o que, de forma un tanto despectiva, se alcuma como "embajaditas" catalás.

## Marca-país

Non é cousa de embazar nestes estorbos senón que, pola contra, cómpre pensar como cuñar unha imaxe positiva para unha acción exterior de Galicia, que defina non só prioridades

e actores, senón unha sorte de "marca-país" que actúe como de envolvente desa estratexia exterior. Isto significa que é preciso analizar fortalezas e debilidades, sinalar as principais oportunidades e conxurar na medida do posible as ameazas que se albiscan no horizonte. A idea de "marca-país" está hoxe moi estendida, como nos acaba de recordar o Decano da Facultade, pero non está libre de problemas. Para empezar, cómpre afirmar que Galicia posúe unha marca-país non formalizada como tal, alén de non estar suficientemente acreditada, refinada e proxectada como para que sexa digna de tal nome. Pero non se debe renunciar ao seu uso pola forza performativa que implica. Retomemos o propósito de sinalar esas características nos termos máis convencionais. Pensemos nas fortalezas de que dispón Galicia: experiencia exterior, forte identidade etnocultural, iconas universalmente recoñecidas. En contra do que se sostén de forma reiterada, Galicia non é un país cerrado en si mesmo e illado do exterior. Pola contra, Galicia é un país con moita experiencia de relación co exterior, esencialmente por ser un país de emigración ou de diáspora, pero tamén de acollida e de "porta" de entrada. Isto permitiu crear unha cultura de aceptación da diferencia, tanto respecto dos que chegan (sexan turistas, peregrinos ou pequenas vagas inmigratorias) como dos que encontran os milleiros de emigrantes nos seus países de destino.

Nesta fortaleza debería entrar con máis forza o que supuxo ser Galicia un país de emigración. Xa sei que aínda no presente se escoitan lamentacións sobre a maldición bíblica que caeu sobre esta Terra que tivo que ser abandonada por moitos dos seus moradores. Aínda que partillase esta condición con moitos outros pobos do mundo, a imaxe cuñada entre nós sobre o feito migratorio é claramente pesimista. Xa sei que se trata dunha mirada que deriva en boa medida do desprezo ou do desdén que as elites culturais galegas deitaron sobre a emigración e os emigrantes, considerados como uns "ananos" e desleigados, en expresións do poeta Celso Emilio, que non serían dignos de se incorporar ao pavillón dos heroes galegos. Pero esquecen estes críticos da emigración que a grande parte das transformacións que experimentou a Galicia do século XX foi xustamente grazas ós emigrantes. Neste sentido, debería considerarse a emigración como unha fortaleza e mesmo unha oportunidade.

Nese imaxinario inventario das fortalezas debemos situar tamén a forte identidade etnocultural que caracteriza a Galicia. Esta identidade é o resultado dunha longa historia e tamén a expresión dunha notable capacidade de resistencia e de adaptación. A lingua, o modo de se asentar sobre o territorio, os costumes comunais que se volveron leis, as formas de vida de raíz campesiña e comunitaria son un exemplo desta etnicidade cultural que se mantivo en pé a pesar da inexistencia de institucións propias e da ausencia de líderes quese fixesen cargo destas propias demandas da sociedade galega. É frecuente preguntarse como foi posible que unha lingua como a galega sobrevivise até nós sen gozar dun amparo institucional e do seu cultivo por parte da maioría das elites sociais e culturais. A resposta está na forza comunal do universo cultural que foi quen de crear e manter por séculos o mundo rural. Esta foi tamén a aposta que comezou na época de Diego Xelmírez, que fixo posible que Galicia fose gobernada polas ordes monásticas e polos poderes episcopais no canto de estar rexida por señores laicos e guerreiros, daqueles que o Vasco de Aponte identifica como as grandes casas nobres de Galicia, chámense Andrade, Lemos, Madruga ou Altamira. Polo tanto, o resumo de todo isto é que Galicia ten unha forte identidade etnocultural que creo que

debe ser aproveitada para deseñar unha acción exterior no mundo actual. Creo que tamén podería considerarse positiva a capacidade de adaptación da poboación galega, non só na súa condición de persoas laboriosas e integradas no lugar onde emigran senón tamén na incorporación ao contexto social e político no que se insiren sen renunciaren a manter riscos básicos da súa propia identidade orixinaria.

A imaxe de Galicia, a súa "marca-país", posúe claramente algunhas vantaxes ou fortalezas que tamén se poden entender como oportunidades. O que cómpre é tirar proveito das mesmas e adaptalas ás esixencias do mundo actual. Sería o mellor modo de amortecer os efectos das debilidades e limitacións, que tamén existen e deben ser superadas. Para empezar, existe unha certa invisibilidade do propio nome do país. Se un consulta en calquera rexistro bibliográfico anglosaxón o topónimo Galicia, usualmente as referencias encontradas refírense a un país do mesmo nome, hoxe inexistente, que está repartido entre Polonia e Ucraína e que no imperio austro-húngaro do que formaba parte se coñecía como Galitzia. É un país que deixou de ser tal en 1918 (como lle aconteceu ao imperio do que pendía), pero que remanece como un referente cultural e político, grazas á inxente obra dalgúns dos seus grandes escritores, como Roth ou Morgenstern. Non é unha debilidade insuperable, pois dela tamén se pode obter algunha vantaxe nesta loita pola visibilidade exterior. Ter o mesmo nome, cando menos en inglés, crea incertezas pero tamén referencias positivas. Engadirei como digresión culta que un dos libros máis relevantes que se teñen publicado nos últimos anos sobre aquela Galitzia, debido ao profesor Larry Woolf, *The Invention of Galicia* (Stanford University Press, 2010), comeza afirmando que os Habsburgos lle puxeran este nome ás terras de Lodomeria logradas no reparto de Polonia en 1772, como homenaxe ao reino tamén chamado Galicia que aquela dinastía tivera durante a súa permanencia como monarcas do imperio hispánico ata a morte de Carlos II. Certamente, "se non é vero, é bene trovato"…

Esta aparente confusión nominal lévanos a un problema de maior importancia. Trátase máis que de invisibilidade, de ausencia de acordo sobre o que é Galicia como comunidade política, usualmente definida pola maioría da súa poboación actual como unha fusión de sentimentos "tan galegos como españois". Para encontrar referentes exteriores cos que se relacionar e, eventualmente, compararse é preciso ter clara a identidade propia. E aquí tropezamos con que a configuración da imaxe do que Castelao chamou en certa ocasión a "patria soñada" é obra máis da mirada externa de emigrantes e de exiliados, que da capacidade interna de cuñar os trazos desa patria. Os paradigmas dominantes da definición da idea de Galicia, desde o celtismo de Murguía ata o determinismo xeográfico (a Terra) da xeración Nós non lograron traspasar as barreiras dunha identidade política convertida en propiamente nacional e, por tanto, de amplo respaldo popular. Algo semellante lle aconteceu á idea posta en boga desde finais dos anos sesenta, centrada en exceso na imaxe do ruralismo e do atraso como marca, o que durante algún tempo se identificou como unha estratexia propia do "tiersmondisme". Pero esta imaxe, que hoxe está felizmente superada, tampouco foi asumida de forma maioritaria pola poboación galega, nin en termos electorais nin mesmo culturais. Actuou máis ben de rémora que de áncora na que amarrar a embarcación dun proxecto nacional galego e, desde logo, dunha nova andaina de universalidade.

## Diplomacia e cultura

Como proxectar cara o futuro unha acción exterior, desde o punto de vista da cultura, é do que me vou ocupar agora, nesta parte conclusiva da miña intervención. Eu creo que aquí debemos admitir que a cultura, malia estas referencias históricas da "célula de universalidade", non está debidamente presente na acción exterior que Galicia está a desenvolver na actualidade e que deberá repensar cara o futuro. Predomina en exceso unha estratexia de base económica ou empresarial que, sendo necesaria, debería practicar unha certa mestizaxe coa cultura. Porque, na miña opinión, a cultura é unha pedra angular para proxectar Galicia, en ausencia de recursos xeoestratéxicos de natureza militar ou de materias primas de elevado valor económico. O valor da cultura é que achega unha cosmovisión propia, unha forma de ver o mundo e que pode servir de plataforma desde a que despegar cara o exterior.

Non é preciso ir moi lonxe para se decatar desta importancia da cultura como soporte da acción exterior. En rigor, a maior parte dos estados nacionais considera a súa cultura (e as linguas) como un axente fundamental para a acción exterior. Poderiamos recorrer á coñecida estratexia do "soft power" definida en 2003 por Joseph Nye, na que os valores culturais son o núcleo central dese "poder brando" que é imprescindible para deseñar a imaxe dun país. Pero abondaría con reparar en asuntos máis próximos no tempo, como por exemplo os programas electorais dos partidos que competiron nas eleccións xerais celebradas o domingo pasado en España. Malia as escasas referencias á cultura no conxunto dos mesmos, hai un trazo digno de ser tido en conta: entre as máis de vinte medidas de carácter cultural que propoñía o PP, o partido que obtivo máis votos nos pasados comicios, un terzo das mesmas estaban referidas á lingua castelá, á cultura e ás institucións dedicadas á súa promoción exterior. Só se podería encontrar unha atención análoga á lingua e á cultura, no caso galego, no programa do BNG, aínda que se tratase de medidas máis de defensa e normalización cultural e lingüística que de promoción exterior. E, como nota curiosa que non deixa de me agradar de modo persoal, a singular proposta do PSOE de crear un Consello da Cultura de ámbito estatal.

Con independencia de que a cultura estea máis ou menos presente, sosteño que a cultura debería ser entendida, para unha autonomía como a galega, como unha forza que amalgama toda a súa acción exterior. E digo isto por razóns evidentes, porque se tratamos de individualizar cales son os nosos grandes referentes desde o exterior, como nos ven, que é o que identifican de nós, atopamos tres referentes que son moi importantes e todos eles son factores culturais. Un primeiro referente é ser Galicia unha terra de emigración, por tanto coñécesenos no mundo, somos como unha Irlanda española, unha terra da que saíron milleiros de emigrantes que se encontran en moitas partes do mundo. Esta condición migratoria identifica claramente a Galicia, pero tamén ten a virtude de colocala no mesmo plano que moitas outras nacións migratorias europeas. Reitero o que xa comentei antes respecto da necesidade de mudar a nosa propia mirada interna sobre o feito migratorio, e aproveitar deste modo as vantaxes que achega esta presenza de galegos en medio mundo.

Un segundo referente, moito máis antigo e tamén de grande forza, é ser Galicia o lugar onde está soterrado un dos doce apóstolos. Que esta condición de sé apostólica e lugar de peregrinación teña sido discutida e cualificada como un mito construído, non lle resta valor

como creador dunha imaxe específica da terra galega. O feito xacobeo e a práctica das peregrinacións ao sartego de Santiago experimentou, desde o seu esplendor medieval, períodos de devalo pero tamén de recuperación. Actualmente podemos dicir que nos atopamos nun momento histórico de grande apoxeo das peregrinacións, asociadas tanto a pulsións espirituais como a prácticas de turismo cultural. Desde a "segunda invención" do apóstolo que comezou nos tempos do cardeal Payá, a finais do século XIX, o feito xacobeo non deixou de medrar e de se adaptar con facilidade ás tendencias de mobilidade turística propias do noso tempo. Por tanto, a existencia dun centro de peregrinación de dimensións case universais, desde o corazón de Europa ata o Brasil ou Xapón, debe entenderse como un factor decisivo para articular as estratexias cara o exterior.

Hai un terceiro factor que xa foi aludido de forma tanxencial, que sería a lingua. Pero unha lingua entendida en sentido lato, non só a lingua galega na que eu lles estou falando, senón a lingua que pode e que debe establecer diálogo e servir de pasarela para a comunicación coa lingua máis falada no hemisferio sur do planeta que é a lingua portuguesa. Porque esquecemos con frecuencia que a lingua portuguesa é moito máis importante hoxe, en termos de lingua nativa, que a maioría das linguas cultas europeas, coa excepción do castelán e do inglés.O feito de que Galicia sexa o berce dunha lingua que, a partir do latín, se romanceou nas terras da antiga *Gallaecia*, que transitou a través de Portugal e que chegou ó paraíso que é Brasil é unha oportunidade de primeiro nivel para a acción exterior de Galicia. Certamente, neste punto segue a haber controversias e mesmo bloqueos, pero nunca se debe esquecer a máxima do Valentín Paz-Andrade, segundo a que "Galicia é a fonte; Portugal a ponte; e Brasil o paraíso". Un destino que tamén se estende a varios países da África, da Asia e da Oceanía, ata o punto de ser unha das poucas linguas que está presente nos cinco continentes.

## Coda

Dado que xa cheguei ó tempo que se me tiña asignado vou rematar cunhas breves reflexións sobre os trazos básicos dunha acción exterior pensada desde Galicia para o mundo. Direi como idea xeral que é urxente concibir a acción exterior como un ámbito de coordinación de vontades e de recursos e non como unha acción de pillota de que o que vale é quen chegue antes. Creo que en políticas relativas á acción exterior non se pode improvisar nin se poden fomentar solucións de carácter individualista. Necesítase moita perseveranza, recursos e, nomeadamente, fixación de obxectivos e de prioridades.

A coordinación da acción exterior debe ser competencia dos gobernos autonómicos, pero é preciso que esa tutela gobernamental fomente e non exclúa a participación de institucións da sociedade civil. A fixación de obxectivos debe ser o resultado de acordos transversais política e institucionalmente. E a xestión de recursos debería ser encomendada a unha Axencia, coas precaucións necesarias, estivese exenta do "curtopracismo" que caracteriza con frecuencia a execución das políticas públicas. Creo que neste punto está case todo inventado, pero que hai modelos de actuación que responden a un consenso básico de ser un proxecto de país. Dentro mesmo da UE, o funcionamento das grandes fundacións alemás, de orientación política diversa pero sufragado con diñeiros públicos, permite unha presenza ex-

terior que facilita a interlocución política con gobernos e institucións de calquera orientación ideolóxica. Explorar esta posibilidade no marco dunha comunidade autónoma, que ademais está libre da inercia de corpos burocráticos propios dos estados nacionais, sería unha aposta razoable e prudente.

Finalmente, volvo a insistir nun dos instrumentos relevantes con que conta Galicia para estar presente no exterior de forma rápida e directa. Trátase da mesta rede das entidades societarias construídas polos emigrantes en América e tamén na Europa e da rede de estudosos galegos, os *galicianistas*, que están presentes en moitos centros universitarios do mundo. No que atinxe ás vellas entidades societarias creadas polos emigrantes, o asunto central é aproveitar dunha forma moito máis eficaz esta rede. É preciso superar a idea, un pouco misericordiosa, das políticas seguidas a respecto dos centros galegos no exterior, tanto desde a perspectiva das institucións políticas como das propias entidades. O seu valor de oportunidade nestes tempos de tan diversas formas de diplomacia e, tamén, de novas formas migratorias e de mobilidade da poboación, consiste en se adaptar a esta nova realidade e seren capaces de prestar servizos non só para os seus titulares actuais, senón para os cidadáns galegos no seu conxunto. Tamén neste caso podemos invocar outro exemplo ben próximo, como é a evolución que están a seguir os centros vascos no exterior, nos que se está a producir unha renovación dos seus membros e un *aggiornamento* dos seus cadros directivos que debe servir de exemplo para o caso das comunidades galegas no exterior. A rede dos *galicianistas*, organizados desde hai varias décadas na Asociación Internacional de Estudos Galegos, é un viveiro de estudosos da cultura galega e unha plataforma de difusión no exterior da cultura galega que debería formar parte desta política de coordinación e de accións transversais que demandamos.

Conclúo cunha referencia á selección de obxectivos territoriais nos que fortalecer a acción exterior de Galicia. As prioridades teñen sido ata agora o ámbito da Unión Europea e os países americanos onde deixaron pegada as colectividades emigrantes. Non é cousa de abandonar estes destinos, pero cómpre chamar a atención sobre algúns outros. Un deles deben ser os países asiáticos do Pacífico, nomeadamente a China, para a que contamos coa pericia de sinólogo de Xulio Ríos. O outro destino a ter en conta nasa prioridades exteriores de Galicia debe ser o amplo mundo dos países de linguas portuguesa ou, popularmente, a "lusofonía". Esta é unha realidade lingüística, cultural e política á que Galicia non pode virar as costas. E nese punto son necesarias dúas accións complementarias: unha presenza institucional no ámbito da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), agora máis viable no marco da chamada "Lei Paz-Andrade", e unha labor de divulgación do que significa Galicia como "fonte" ou berce da lingua portuguesa e dunha alta cultura literaria representada polos cancioneiros medievais. Debemos atender e ser atendidos. E creo que un paso necesario nesta dirección é a presenza constante do Consello da Cultura Galega en foros e congresos organizados pola CPLP, así como o ingreso da institución na categoría de Observador Consultivo da mesma.

Remato agradecendo de novo o convite e dou os meus parabéns aos organizadores deste Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, porque considero que para mudar as cousas, primeiro deben ser pensadas. Son consciente de que nos queda moito traballo por facer, pero permítanme que insista de novo en que, alén de recursos, é preciso fixar con cla-

ridade prioridades e lanzar políticas de cooperación institucional na que gobernos, centros culturais e universitarios, empresas e axentes da sociedade civil dispoñan dun espazo no que traballar con perspectiva de medio prazo. Só deste modo lograremos poñer en pé unha nova xeira da acción exterior pensada desde Galicia, como unha nova "célula de universalidade". E neste deseño, estimo que debe concederse un papel importante á cultura, como exemplo dese "soft power" que tanto marca na actualidade as relacións entre os diversos países e culturas do mundo.

---

***Ramón Villares*** *é presidente do Consello da Cultura Galega.*

# REVISTA CIDOB D'AFERS INTERNACIONALS 114

## RECONFIGURACIÓN DEL SUR GLOBAL

**ÁFRICA, AMÉRICA LATINA Y EL «SIGLO DE ASIA»**

**Karim El Aynaoui y Eckart Woertz (coord.)**

**Diciembre 2016**




*Desde la década de los ochenta, se está produciendo en el sistema internacional un desplazamiento continuo del centro del poder –económico, político y cultural– desde Occidente hacia Asia-Pacífico. Países como China e India se están consolidando como potencias económicas que buscan nuevas vías para los flujos de inversión y cooperación para el desarrollo. En este proceso, el posicionamiento de África y de América Latina ha sido poco estudiado, y este es, precisamente, el objetivo de este número: investigar –en el contexto de expansión e inversión asiáticas, principalmente china– en qué medida ambas regiones mantienen relaciones bilaterales (de cooperación y/o competencia) y podrían formular iniciativas de desarrollo y de política exterior propias. Los artículos de este número prestan especial atención a la cooperación Sur-Sur entre América Latina y África, e incluyen aspectos poco explorados como los patrones migratorios y la competencia entre China y potencias regionales como Brasil y Sudáfrica.*

*Artículos de*

***Karim El Aynaoui***
***Eckart Woertz***
***Fernando Mouron***
***Francisco Urdinez***
***Luis Schenoni***
***Osvaldo Kacef***
***Igor Hernández***
***Diego Guerrero***
***Manuel de Jesús Rocha Pino***
***Borja M. Iglesias***
***Oumar Kourouma***
***Frank Mattheis***
***Christina Stolte***
***Gisele Kleidermacher***
***Carmen Grau Vila***

**EDITA**
**CIDOB**
Elisabets, 12, 08001
Barcelona
www.cidob.org

**DISTRIBUYE**
**Edicions Bellaterra, S.L.**
Navas de Tolosa, 289 bis,
08026 Barcelona
www.ed-bellaterra.com

CIDOB
**BARCELONA**
CENTRE FOR
**INTERNATIONAL**
AFFAIRS

1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA

# SESIÓN INSTITUCIONAL

JESÚS GAMALLO ALLER

XOÁN ANTÓN PÉREZ LEMA

MARÍA PILAR PIN VEGA

Moderación: Celso Cancela Outeda


Pilar Pin
Jesús Gamallo Aller
Celso Cancela Outeda
1° CONGRESO de ESTUDOS INTERNACIONAIS de GALICIA

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 31-34

# Galicia e a súa proxección internacional

*Jesús Gamallo Aller*

Galicia, instituída como Comunidade Autónoma grazas á Constitución española de 1978, sobre a que se asenta o seu Estatuto de Autonomía de 1981, é unha nacionalidade histórica que goza dunha proxección internacional cualificada sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España.

Esta proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma, un dereito civil e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.

Galicia goza dunha personalidade colectiva ben definida que debemos cultivar, defender e promover. Primeiro, por lealdade cara aos nosos antecesores e por respecto ao legado que nos transmitiron. Pero, ademais, porque esta personalidade colectiva que nos caracteriza, moldea e identifica, leva consigo un valor intrínseco que debemos aproveitar en beneficio da nosa mocidade e das futuras xeracións de galegos. Somos o engarzamento natural por antonomasia entre as grandes e puxantes cultura lusa e hispánica, que ten o seu particular potencial tanto na maior cohesión entre a propia España e Portugal, como entre Brasil e as restantes nacións iberoamericanas, sen esquecer a porta cara ás nacións da Comunidade lusófona, chamadas a incrementar o seu rol fronte a outras rexións do planeta. Dentro de España e de Europa, só Galicia dispón desta vantaxe competitiva.

Dende a nosa adhesión ás Comunidades Europeas, Galicia persegue ademais como obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida. Somos e queremos seguir sendo unha comunidade aberta, cuns valores occidentais e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeneralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.

O verdadeiro punto de inflexión para consolidar unha verdadeira ACCIÓN EXTERIOR deuse coa Sentenza 165/1994, do TS, do 26 de maio de 1994. A este respecto, o seu fundamento xurídico número 3 resulta concluínte e definitivo: “3. A resolución do presente conflito de competencias esixe primeiramente realizar algunhas consideracións previas sobre a posibilidade de que as Comunidades Autónomas leven a cabo actuacións que se proxecten fóra do territorio de España, e máis concretamente, que supoñan algún tipo de conexión ou relación coas institucións das Comunidades Europeas. Para determinar se tal posibilidade existe, e cales son os seus límites, é necesario partir de que a estrutura do Estado autonómico, ou «Estado das Autonomías», tal como resulta da Constitución, dos Estatutos de Autonomía, e daquelas outras normas que regulan a distribución de competencias, implica que as Comunidades Autónomas asumiron (con carácter exclusivo, ou ben compartido co Estado) un conxunto de funcións públicas -de normativización ou de execución- que supoñen a existen-

cia dun ámbito material propio de actuación. Encomendouse así constitucional e estatutariamente ás Comunidades Autónomas a realización de tarefas de notable amplitude e relevancia na vida económica e social dentro dos seus respectivos límites territoriais. E á vista diso, e nunha primeira aproximación á cuestión máis arriba formulada non pode de ningunha maneira excluírse que, para levar a cabo correctamente as funcións que teña atribuídas, unha Comunidade Autónoma deba realizar determinadas actividades, non xa só fóra do seu territorio, senón mesmo fóra dos límites territoriais de España.”

Neste novo contexto tras a adhesión ás Comunidades Europeas e co cambio de xurisprudencia constitucional é no que hai que enmarcar o Decreto 4/1997, do 9 de xaneiro, polo que se creou a Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior no seo da Xunta de Galicia.

Logo seguiríalle a creación no Parlamento de Galicia, por Resolución da súa Presidencia do 14 de abril de 1999, da Comisión Permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos.

Despois virían fitos como o *Libro Branco da Acción Exterior de Galicia*, de 2005, impulsado polo Presidente Manuel Fraga.

Tamén o documento promovido polo Presidente Emilio Pérez Touriño “*Estratexia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións.* “

Así mesmo, resultou fundamental a aprobación do Decreto 368/2009, do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior, que deu pé ao documento de *Prioridades de Actuación no Exterior*, aprobado en 2010.

Con toda esta bagaxe, e aspirando a fraguar un gran consenso político en Galicia arredor da nosa Acción Exterior, o novo marco xurídico propiciado polas leis 2/2014, do 25 de marzo, da Acción Exterior e do Servizo Exterior do Estado, e 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais, abre novas oportunidades de crecemento e mellora da proxección e intervención da Comunidade Autónoma no exterior que debemos aproveitar.

Velaí o Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG n.º 233, do 7 de decembro de 2015), que posibilitará a aprobación da *Estratexia galega de Acción Exterior Horizonte post 2020* (EGAEX), que estamos a impulsar.

Dende o noso punto de vista, a EGAEX debe poñerse ao servizo do instrumento estratéxico da nosa Comunidade Autónoma cara ao futuro, definido polo *Plan Estratéxico Galicia 2015-2020*, que aspira a gañar polo menos oito puntos adicionais de converxencia respecto do conxunto da Unión Europea.

No actual contexto mundial, Europa é o noso mercado doméstico. Éo sen dúbida dende a vertente xurídica, grazas aos avances na súa integración e á mellora das normas e procedementos que implementan o mercado interior da UE, aínda que estes sexan mellorables. Pero tamén o é a causa da consubstancial concentración de intercambios intra-UE no total do que tradicionalmente se veu considerando como “comercio exterior”. Vender produtos ou ofrecer servizos profesionais galegos en Londres, París ou Berlín debera ser xa tan natural dende un enfoque de tratamento mercantil como facelo en Madrid, Barcelona ou Valencia, aínda que non o sexa aínda en puridade dentro doutras ordes mentres non se conclúan todos os

detalles da harmonización administrativa e tributaria na UE. Pero dende logo, non é equivalente o procedemento esixible para vender os mesmos produtos ou ofrecer análogos servizos en Nova York, Tokio ou Johannesburgo que o previsto para facelo en Estocolmo, Atenas ou Lisboa. Por iso temos que superar o taboleiro europeo e pensar o rol de Galicia no mundo.

A Acción Exterior de Galicia debe pois considerar na súa plasmación a congruencia e compatibilidade coas directrices da internacionalización empresarial galega, contribuíndo na súa definición e execución á promoción da cultura exterior do empresariado galego. Agora debemos tirar o máximo partido e proveito das novas leis estatais 2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo Exterior do Estado e 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais, que abren outros campos de actuación exterior ás CC.AA.

Así, o Título V da Lei 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais incorpora no seu Capítulo I a canle de participación das CC.AA. na celebración de tratados internacionais, prevendo o procedemento de proposta autonómica de apertura de negociacións, e obrigando ao Goberno central a informar á Comunidade Autónoma a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación sobre a negociación daqueles tratados internacionais que teñan por ámbito materias da súa competencia ou interese específico ou por afectar de xeito especial ao seu respectivo ámbito territorial.

Tamén a Comunidade Autónoma poderá remitir ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación as observacións que estime convenientes sobre a negociación, e a decisión estatal adoptada sobre as devanditas observacións deberá ser motivada e comunicada á Comunidade Autónoma. Do mesmo xeito, a Comunidade Autónoma de Galicia deberá ser informada dos tratados concluídos por España que afecten ás súas competencias, sexan do seu específico interese ou incidan de xeito especial no seu ámbito territorial.

Todos estes avances incorporados á Lei 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais, que permitirán á Xunta de Galicia desenvolver a súa Acción Exterior tamén no ámbito das negociacións internacionais de índole económica e social, veñen acompañados da posibilidade de que autoridades e funcionarios autonómicos galegos pasen a formar parte activa da delegación española que negocie un tratado internacional, que teña por obxecto materias da súa competencia ou interese específico, ou por afectar de xeito especial ao seu respectivo ámbito territorial, debendo motivar e comunicarlle o Goberno Central á Xunta de Galicia as razóns da súa inoportunidade, o que nos sitúa xa na procedencia dun control político e mesmo xudicial sobre a devandita decisión, en defensa dos lexítimos intereses socioeconómicos de Galicia. Neste contexto, tamén a Administración autonómica debe ser máis esixente consigo mesma, presentando propostas e calibrando constantemente escenarios alternativos durante a celebración dos distintos procesos de negociación internacional nos que interveña.

Se descendemos ao detalle do comercio exterior, cos datos pechados de 2015, pode constatarse que neste campo progresamos na boa dirección. Así, Galicia alcanzou os 18.831 millóns de euros en exportacións e expedicións, o que implica un incremento do 5,6% respecto a 2014, obtendo ademais o seu récord de vendas ao exterior. Este incremento supera en 1,3 puntos ao de por si importante aumento do 4,3% para o conxunto de España. Deste modo, as exportacións e expedicións comerciais galegas elévanse sobre o previo récord de

18.419 millóns de euros, logrado en 2013. Así mesmo, o saldo comercial galego foi positivo e de 3.710 millóns de euros, é dicir, un 11,4% maior que en 2014, mentres que no conxunto nacional a balanza comercial foi negativa en 24.174 millóns. A industria está á cabeza do tirón das exportacións galegas, cunha suba en vendas ao exterior no téxtil do 13,9%; un incremento do 5,8% na automoción; unha alza do 13,1% en maquinaria e aparatos mecánicos, así como un incremento do 5,7% en conservas de carne e peixe. A Unión Europea segue sendo o principal destino das exportacións galegas (o 74,5% do total), o que nos esixe un maior esforzo de diversificación de clientes foráneos. Por países, Francia ocupa o primeiro lugar (26,1%); seguido de Portugal (12,6%); Italia (8,1%); Reino Unido (5,8%); Alemaña (5,3%); Países Baixos (3,8%) e Estados Unidos (3,3%). En 2015 obsérvase non obstante como Galicia reduce a súa dependencia de Francia e Portugal, pois entre ambas as dúas nacións supoñen o 38,8% das vendas ao exterior, cando un ano antes eran o 41,3%, debido a que Alemaña, Reino Unido e Italia gañan peso.

No eido europeo, temos que ir preparando o escenario post 2020, tecendo unha meirande integración con Portugal.

Na área latinoamericana, nestes intres Perú e Colombia, xunto con Chile, representan alternativas que no pasado non mereceron unha especial atención estratéxica dende Galicia. Isto obedeceu ao nesgo do maior peso emocional da fachada sur-atlántica do continente, onde se concentra o maior volume dos nosos concidadáns (franxa Buenos Aires-Río de Janeiro), e dun modo máis contido no triángulo que une Venezuela-Cuba-México.

Fóra destes grandes espazos estratéxicos (Europa e América) temos que ir con máis tino porque os nosos medios son escasos. Tanto en África como en Asia-Pacífico, a maioría dos Estados europeos teñen unha dimensión tan reducida que pouco poden desenvolver de xeito autónomo na acción exterior, para canto máis unha Comunidade Autónoma.

---

***Jesús Gamallo Aller** é director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.*

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 35-38

# Galicia precisa da política exterior

*Xoán Antón Pérez Lema*

Galicia é sinónimo de calidade internacional en varios produtos e servizos. Por outra banda, conta cunha lingua e cultura propia que a achega ao mundo lusófono e unha posición xeopolítica envexábel para o seu desenvolvemento como *hub* portuario entre Panamá e Europa. Mais só achegamos o 5,23% do PIB e o 5,5% da poboación española. Quere isto dicir que as nosas necesidades de promoción exterior, tanto no empresarial canto no cultural, son irrelevantes para España. O servizo exterior español non traballa para nosoutros, polo que teremos que facer este traballo tan importante pola nosa conta.

Por outra banda, contamos cunha mesta rede de Centros galegos, nomeadamente en Iberoamérica, hoxe en aberta crise moitos deles, pola lóxica nova mentalidade dos galegos de segunda e terceira xeración. Nalgúns países, como Catalunya, Uruguai ou Arxentina, a colonia galega mantén unha grande vitalidade e foi quén de xerar unha auténtica identidade compartida. Para máis, os galegos no mundo tenden estar ben recoñecidos polo seu traballo e polo seu carácter emprendedor.

Precisamos, pois, dunha política exterior potente e non só centrada na promoción empresarial, que é fundamental mais ha ser concibida como un dos eixos da propia política exterior, que debe darlle sentido dun xeito global e coordinado. Non acredito nos profesionais da acción exterior que non entenden nin integran a necesidade da promoción empresarial e comercial, mais tampouco entendo aos expertos en internacionalización empresarial e promoción comercial que non son quen de integrar o seu labor nun concepto global de política exterior.

## Feijóo liquidou a política exterior galega

O concepto provincial e provinciano de Feijóo definiu dende 2009 moitos eidos da acción do Goberno galego (lingua, promoción turística, deporte). No caso da acción exterior, comezou por mesturar inadecuadamente asuntos de política interna, como son os asuntos europeos, coa política exterior propiamente dita.

Mais recoñecendo que son asuntos ben distintos, aproveitaremos para lle dedicar unhas liñas á política europea. A presenza na Unión Europea é fundamental para un Goberno autonómico. E non só con técnicos sectoriais, senón con políticos. Galicia precisa dunha auténtica Misión en Bruxelas, dun auténtico Representante Permanente do seu Goberno, malia que non lle deixen sentar no COREPER. De políticos que a dirixen e coordinen os seus servizos variados, que vivan a vida política da capital europea, que obteñan información de calidade, que fagan *lobby*. Non é tan difícil, é o que están a facer xa Escocia (por certo con empregados públicos galegos) nalgún caso ou Bavaria. A Oficina de Bavaria é un palacete a carón das Representacións Permanentes dos Estados Membros da UE. Non precisamos o palacete, ao mellor é un gasto non produtivo, mais si precisamos a mentalidade do palacete.

Unha auténtica Representación Permanente subordinada á Presidencia do Goberno galego e que integre os distintos promotores empresariais, culturais… xunto cos representantes da nosa sociedade civil, dos nosos axentes sindicais, sociais e empresariais. É dicir, todo o contrario da pobre situación actual da Fundación Galicia-Europa.

Canto á presenza propiamente exterior, caracterízase pola súa fragmentación, descoordinación e absoluta submisión ás directrices da diplomacia española. Como ten opinado o noso mellor experto neste eido e codirector deste Congreso, Xulio Ríos, o Goberno de Feijóo desenvolveu un proceso de demolición da acción exterior galega.

## Os obstáculos recentralizadores da lei de acción exterior española do 2014

A acción exterior non foi allea ao proceso recentralizador desenvolvido polo Goberno Rajoy. Este aprobou unha lei de acción exterior (2014) que prohibe que os Gobernos autonómicos asuman compromisos internacionais vinculantes, agás expresa previsión nun tratado internacional. Unha lei de moi dubidosa constitucionalidade, pois que malia que as Comunidades Autónomas non teñan personalidade xurídica internacional si teñen capacidade de xestión e actuación político-administrativa moi relevante, que lles pode levar a asumir compromisos xurídicos alén das meras cartas de intencións. Ademais da clara inconstitucionalidade, albíscase na Lei un concepto regresivo, xerárquico e *burocratizante* da acción exterior, totalmente allea aos tempos que vivimos.

Esta lei mesmo lle atribúe ao Estado o dereito de informar previamente a apertura de oficinas exteriores autonómicas. Malia que a decisión última sexa do Goberno autonómico, que sempre conserva a potestade de autoorganización. Mais ben esta capacidade de informe concibiuse dun xeito *mediático*, para fornecer de *papers* á prensa co obxecto de desacreditar Gobernos autonómicos que prefiren a acción exterior a outras finalidades orzamentarias. Cousas da trampa da austeridade.

Esta lei teoricamente quere dar un marco físico nas Embaixadas e Consulados españois ás oficinas exteriores autonómicas, mais sen lles outorgar os privilexios diplomáticos nin consulares. Non sei que avantaxe se pode tirar dunha colaboración tan trampulleira, malia que haxa que saber colaborar e en moi concretas e determinadas situacións as Institucións españolas no exterior poidan ser un bo marco físico da acción exterior.

## Os Centros galegos e as Casas de Galicia

Galicia conta coa grande avantaxe de dispor dunha mesta rede de Centros Galegos, presentes na vida social, económica e política dos seus países de acollida. Hoxe en día esta caste de Institucións viven nunha crise grave e case permanente, xa que agás excepcións non son quen de atraer aos galegos de segunda e terceira xeración. Mais constitúen un recurso fundamental, que ha ser aproveitado no deseño da política exterior galega. Tanto no que atinxe ás sedes físicas, como ás relacións culturais, sociais, empresariais e políticas establecidas.

## Os eixos principais da acción exterior galega

A acción exterior galega ha estar presidida polo concepto de promoción dos intereses galegos. O obxecto da acción exterior galega ha ser o coñecemento do País, porque só se vende o que se coñece e se aprecia o que se coñece. Mais, sobre todo, a defensa e promoción dos nosos intereses, que nunca van ser defendidos polo servizo exterior español. Galicia ten que aspirar a ter moitos amigos e poucos inimigos, mais sobre todo a defender eficazmente os seus intereses. Cales han ser os eixos principais da acción exterior? Atrévome enunciar os máis significativos no futuro:

a) A lusofonía ofrece un vasto campo de actuación na promoción cultural e empresarial e, nomeadamente, no ensaio e experimentación dun "status" oficioso internacional. Galicia non poderá adherir á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) mentres non sexa independente, mais si pode adherir a xeito de observador. Brasil segue a ser, coa súa crise, a metade da América Latina, Angola, Mozambique, Guiné Bissau, Cabo Verde…son as plataformas de penetración en África como Timor-Leste, moito máis modestamente, pode cumprir esa función no sur do Extremo Oriente.

b) A América hispana, con nomeada atención a México, plataforma comercial aberta a EUA e Canadá, Panamá, Cuba, Venezuela, Arxentina, Uruguai, Perú, Chile.

c) A Europa costeira occidental, dende Cabo Norte até os Algarves, priorizando as relacións cos gobernos noruegués, islandés e irlandés e coas autoridades autonómicas galesa, norirlandesa, escocesa e as autoridades locais e rexionais inglesas. No mesmo eixo coas rexións costeiras francesas e co Benelux, con atención especial, por razóns culturais e políticas a Bretaña e Flandres.

d) China, Xapón e Corea, no ámbito do Extremo Oriente. De seguro Xulio Ríos podería falarnos horas sobre esta grandísima oportunidade.

## Conclusión

Hai hoxe, 28 de xuño, 80 anos que a cidadanía galega decidiu plebiscitariamente acceder ao seu autogoberno e, xa que logo, gobernarse por si e estar por si propia no mundo.

O camiño ao noso recoñecemento internacional comezou en setembro de 1933 con Plácido Castro, autor da comunicación que nos abriu o recoñecemento como nacionalidade pola Sociedade de Nacións. Hoxe en día, a Grande Recesión e a globalización multiplicaron a necesidade de sermos e estarmos no mundo. Porque só nos estimarán, só mercarán os nosos produtos e servizos e só confiarán nosa se nos coñecen. Velaí que as graves resultas da falla dunha política exterior galega nos convertan cadavez máis en provincia irrelevante. E as provincias, por definición, non deciden, non avanzan, non progresan.

Velaí, miñas donas e meus señores, que as consecuencias da falla dunha política exterior galega vaian tamén directas, hoxe aos nosos petos e mañá ás nosas posibilidades futuras de desenvolvemento.

---

***Xoán Antón Pérez Lema** é avogado e foi Secretario Xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia (2007-2009)*

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 39-42

# Galicia, unha autonomía no mundo. Galicia, unha nación cultural

***María Pilar Pin Vega***

A denominación GALLEGO é ante todo unha verba que se entende e se identifica perfectamente no Continente Americano dende Canadá a Terra de Fogo. Temos a fachenda de crer que estamos a descubrir a cada momento a nosa identidade como galegos no mundo. E iso convértese de seu nun acto inútil como aquel que persegue a súa sombra sen poder saltala nunca.

E máis aínda porque a sombra de Galicia é certamente alargada. Tanto que é preciso recorrer moitos deses territorios nos que a pegada de Galicia é fonda e indeleble. Tanto como para manterse nidia e ben diferenciada nun mundo globalizado e vertixinosamente cambiante.

A miña experiencia persoal sobre a idea de Galicia, arrinca no espertar da conciencia social e da miña identidade colectiva. Asomándome a esa imaxe de Galicia dunha rexión periférica e marxinada polo devir histórico que pesou sobre nós dende a Guerra Civil e matizada pola percepción que dende a Galicia territorial pensabamos que tiñan de nós fora: só a través da EMIGRACIÓN, do labor e presenza dos emigrantes noutros países, coa agravante dunha emigración folclorizada e estigmatizada polo *establishment* e nomeadamente pola ditadura, que os presentaba como responsables da súa propia miseria e da traxedia da emigración económica e aínda máis do exilio.

Eu sentía que todo estaba coidadosamente circunscrito a un espazo de melancolías e humillacións sen solución de continuidade. Os tempos afortunadamente mudaron e ao longo da miña experiencia persoal atopeime con moitas outras realidades do que é Galicia.

Teño que recoñecer que o maior impacto prodúcese cando se ve Galicia desde fóra da Galicia territorial. Porque Galicia vai moito máis aló do seu espazo físico, xa que ocupa outros espazos que lle permitiron definirse a si mesma dende o exterior, incluíndo os seus símbolos, como o Himno e a bandeira, que chegaron alén dos mares e que me permiten dicir que Galicia é maiormente unha NACIÓN CULTURAL, que se estende polo mundo de colectividade galega en colectividade, revindicando por riba de todo UNHA FORMA DE ESTAR NO MUNDO.

Unha forma de estar no mundo que se mantén de xeración en xeración, co seus valores, o seu carácter identitario, co seu idioma, as súas tradicións e a súa traxectoria colectiva.

Pero seguindo o fío do roteiro persoal, se me permiten, foi no plano institucional e no exterior e na medida dos medios ao meu alcance que tratei de reflectir a verdadeira imaxe de GALICIA como unha identidade única no tempo e non só a súa "negra sombra". Sacudir aquilo que nos quixeron encambar os mesmos que provocaron a diáspora ou a emigración económica, e que son os mesmos que seguen a facelo a día de hoxe.

Non tivo máis mérito que seguir a senda do que foron capaces de construír as colectividades galegas no mundo, quizais foi pola fonda necesidade de sacudirse esa "negra sombra" que caía sobre a emigración galega.

Galicia ten máis prestixio, nome e sona no mundo que mesmamente para o resto de España, na que ten unha imaxe máis ben indefinida máis alá de certos tópicos de turismo gastronómico e de patrimonio histórico. Será porque apenas se está a seguir o enfoque dun mundo no que imperan as definicións economicistas e de datos financeiros, enfoque no que Galicia non se fai notar, apesares de que nestes momentos avanza e ten sectores potentes no téxtil e na automoción, acuicultura e pronto será o sector tecnolóxico. Vanme permitir que apele aos datos non financeiros da nosa Comunidade.

Galicia ten un problema estrutural empresarial con baixa produtividade e salarios aínda baixos que colapsan a demanda do mercado interior e que impiden o arraigo da poboación máis nova que emigra e dá os pavorosos datos demográficos que temos. Xa non é a emigración sen cualificación e case analfabeta doutros tempos, senón a traxedia engadida de que a meirande parte destes mozos son persoas altamente cualificadas e que se formaron nas nosas Universidades e Centros de Formación e van render as súas capacidades fóra da nosa Comunidade.

Se a isto engadimos tódolos mozos que hai espallados polo mundo, fillos e netos de galegos que non naceron aquí, pero que se senten galegos, como parte da súa identidade, plural e perfectamente compatible, con ser cubanos, ou panameños. Son lexión e están en tódolos estamentos sociais, políticos e financeiros de calquera país e rexión do mundo e que por falta de autoestima e de visión global do mundo actual, non consideramos desde a Galicia territorial como parte do que somos e do que representamos. Desaproveitando este CAPITAL RELACIONAL dende unha actitude absurdamente condescendente e ás veces aínda con sesgos dunha prepotencia de tempos pretéritos. Nembargante, estes son os vimbios dun formidable LOBBY relacional e tódolos ámbitos, no identitario, cultural, social, empresarial e de gran influencia política e financeira.

E o eixo dese LOBBY debería ser a sociedade civil da Galicia territorial. Non obstante continuamos a ter unha actitude paternalista das colectividades de galegos no exterior e non lles propoñemos un papel proactivo, integrando ás persoas que individualmente lideran empresas, institucións, organismos internacionais, proxectos de investigación ou teñen unha destacadísima presenza en ámbitos de creación de opinión en espazos de toma de decisións moi importantes.

Rexeitar ou non considerar a necesidade da formación dun LOBBY galego é unha actitude que nos está a privar da verdadeira dimensión internacional de Galicia, da Comunidade que realmente somos e que sempre está disposta a mostrar e demostrar a súa pertenza ao que constitúe a identidade universal que é ser galego. E de aproveitar a MARCA GALICIA que xa existe de seu e sobre a que se pode elaborar o discurso identitario do que somos e do queremos ser.

Sempre se di que Galicia é a ponte entre América e Europa, eu hai tempo que non quero usar esa expresión, porque non estou de acordo. Xa que SEI DE CERTO que se tomamos boa conciencia do noso potencial estamos no CENTRO dese espazo… non en ningún ex-

tremo de ningunha ponte. Pero temos que ser conscientes e exercer ese papel de centralidade relacional a través de tódolos elementos e recursos dos que dispoñemos…Aínda que isto esixe afondar máis aló do tempo do que podemos facer uso nesta circunstancia.

Falamos dous idiomas que se usan e se escoitan por todo o continente americano e media Europa quere falar… e se non por que un neno coreano estuda galego con todo o interese do mundo no Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires… porque o galego ábrelle as portas do Brasil, o resto xa o ten co castelán…

Todo isto é MARCA GALICIA.

Tódolos Estados son conscientes da importancia da súa imaxe, da súa reputación, que se reflicte na "súa marca". Neste mundo global e do multilateralismo asoma tamén o fenómeno da importancia das cidades e o seus *interlands* como espazos de influencia máis alá dos Estados e dos territorios nos que se asentan. Poñamos por caso São Paulo, a terceira economía de América en si mesma.

Nun escenario de competencias descentralizadas como o do Estado Español, as autonomías deben ter un sentido da identidade singular que as diferencie non só doutros países, senón doutras rexións. Especialmente no esquema da "Europa das Rexións" apoiada desde a UE. E non todas as autonomías teñen a capacidade de poder crear unha marca diferenciada, pero Galicia SI pode facelo, xa o fixo sen diluírse nos estereotipos que se atribuían a marca España: (toros, flamenco, sol e praia…Gaudí).

É por iso que quero poñer en común algúns principios arredor da elaboración e potenciación da marca GALICIA.

## PRINCIPIOS PARA UNHA PROPOSTA DE MARCA PARA GALICIA

- 1º. Unha marca de Galicia debe ser un proxecto sostido no tempo por enriba de cuestións de alternancia política. Un proxecto relacional, comercial e cultural que reúna o esforzo de institucións públicas e privadas nun foro mixto. Unha estratexia común no ámbito empresarial, académico e de investigación (empresas que exercen ou poidan exercer de embaixadoras da marca Galicia).
- 2º. A marca-país de Galicia deberá sustentarse nunha identidade recoñecible, coherente e válida para todos aqueles que forman parte da identidade colectiva de Galicia e que se vexa entre os públicos obxectivos como unha NACIÓN CULTURAL.
- Unha idea dominante desenvolvida sobre unha icona de identidade colectiva de Galicia. Orgullosa da súa cultura e cunha visión innovadora e de modernidade, que para que sexa eficaz debe resumirse nun "claim" comercial, sinxelo e curto.
  - Una marca que represente a Galicia non debe ser "imposta" pola administración, senón construída por aqueles a quen representa.
  - Este proxecto precisará do apoio das institucións políticas, culturais, científicas, deportivas, etc., e de empresas de todos os sectores económicos (non só sectores como a agroalimentación e o turismo senón moda, industria, servizos, banca, servizos enerxéticos, tecnolóxicos e de telecomunicacións etc.).
  - Unha marca-país, neste caso, que debe apoiarse nunha forte aposta pola proxección

do mundo da cultura galega e doutros referentes da sociedade civil galega, máis alá da Galicia territorial, así como de eventos e espectáculos, onde a imaxe de Galicia deba estar presente.

- 3º. A rede de Galegos dispersos polo mundo, ben sexa a través dos casos de éxito ou a través das asociacións empresariais de galegos no exterior, son a oportunidade diferencial para Galicia na proxección da súa marca-país, na construción do LOBBY GALEGO.
  - A axeitada selección dos respectivos "embaixadores" debe xestionarse de modo que a marca achegue prestixio e se visibilice apoiada institucionalmente pola capacidade de presentación de cada programa que se elabore, para impulsala "marca Galicia" en cada destino e en cada ámbito de acción.
- 4. Os preto de 5 millóns de visitantes que recibe anualmente Galicia son unha gran oportunidade para proxectar a verdadeira realidade do noso país en canto ás infraestruturas, empresas, produtos e servizos, calidade de vida, e a cultura que ofrece Galicia.
  - Estes millóns de visitantes son potenciais prescritores non só do destino turístico, senón tamén dunha Galicia como nación cultural, nun espazo económico e comercial único.
  - Poucos países gozan dunha oportunidade arredor do sector turístico como nós, e neste sentido deberíase apuntar a una maior potenciación do turismo interior e da oferta cultural de maior nivel, máis esixente pero máis rendible, e que por riba de todo resulta moiti máis interesante para unha proxección internacional de Galicia.
- 5º. No entanto, a miña proposta máis central estaría arredor da capacidade de Galicia para ser un referente internacional en empresas tecnolóxicas.
  - A día de hoxe vaise avanzando na presenza de Galicia nos mercados exteriores, na internacionalización das nosas empresas, pero moi lentamente xa que vai lastrada por unha pobre vocación innovadora, a pesares de formar excelentes profesionais que, como dicía antes, marchan a desenvolver o seu traballo profesional fóra de Galicia.
  - A crise económica agravou aínda máis este problema xa que as partidas que se destinaban a fomentar este tipo de empresas diminuíu de xeito drástico, impedindo toda capacidade de innovación nas propias empresas e a súa aplicación noutras e na creación de novas empresas de alta tecnoloxía.
  - Somos líderes mundiais nalgunhas áreas, coñecéndose moi pouco a nosa posición de liderado internacional, como no tema da acuicultura.

Quero rematar a miña intervención mostrando o meu optimismo en Galicia como país porque creo na nosa xente e, por outra banda, agradecendo a invitación a participar neste I Congreso de Estudos Internacionais de Galicia, e aos seus organizadores. Así como agradecer a honra de estar nesta mesa cos membros que a compoñen.

Moitas grazas a todos pola súa atención.

***María Pilar Pin Vega*** *foi Directora Xeral de Cidadanía Española no exterior e ex Directora Xerente da Fundación Galicia Emigración.*

1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA

# SESIÓN ECONÓMICO-EMPRESARIAL

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE

ABEL VEIGA COPO

MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Moderación: María Xosé Porteiro


Abel Veiga Copo
María Xosé Porteiro
1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA
28 E 29 DE XUÑO DE 2016 / PONTEVEDRA
CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 45-64

# A economía galega ante os desafíos da globalización

*Fernando González Laxe*

## 1. Os factores da competitividade rexional

### 1.1. Introdución

Os últimos anos estiveron marcados polo fenómeno da globalización. As economías son cada vez máis abertas e interdependentes. Os intercambios de bens e de servizos multiplícanse dun xeito moi intenso entre as novas áreas abertas ao comercio; e as trabas e obstáculos relacionados cos intercambios, son menores. En suma, cada vez existen e constátanse menores dificultades no comercio. Estes novos avances permitiron a aparición de cambios notables nos campos da fiscalidade do investimento público; dun certo abandono de políticas industriais; dun amplo desenvolvemento das políticas de liberalización; dun aumento das dinámicas de privatización de servizos públicos; así como a nova emerxencia das tecnoloxías da información e das comunicacións. Todas estas modificacións supuxeron o relanzamento dun debate sobre a redistribución da actividade económica e sobre as realidades sociais e políticas (Brenner, 1998).

Desde o ámbito dos novos territorios e rexións, este proceso de globalización e integración das relacións económicas subliña unha maior interdependencia das áreas e países que forman parte do mercado global; e permítenos observar como se produce, ao mesmo tempo, un relanzamento do papel que desempeñan as rexións (Swyngedouw,1997, Castells, 1999, Brenner, 1999).

Ata o momento, partíase do suposto de que as rexións ou localidades contaban cunha herdanza e/ou atributos especiais e singulares que condicionaban as súas expectativas futuras ante as novas oportunidades globais. Na actualidade, o que se ve é a nova senda de especializacións económicas para actuar nos mercados e como se enfrontan aos novos competidores. Por tanto, o debate céntrase en como atraer e como reter o capital. E, nese sentido, será preciso preguntarse polos atributos derivados da localización xeográfica, das condicións empresariais, do mercado laboral, do apoio ás infraestruturas, do rol das institucións gobernamentais e da atmosfera de cooperación civil (Conti & Giaccaria, 2006).

A teoría do desenvolvemento rexional sempre pivotou ó redor de dous grandes eixes: o desenvolvemento industrial e a innovación, que buscaban incrementar os rendementos a escala, o que produciría unha polarización espacial da actividade económica con maiores vantaxes comparativas. E, nun segundo lugar, como levar a cabo unha diminución dos custos e maximizar os beneficios, cuestión que está ligada á dispersión e ás vantaxes competitivas (base das teses de G. Myrdal e de A.O. Hirschman).

Ese razoamento fundamentábase en que as propias actividades se encontraban moi enmarcadas nas fronteiras de cada país. Dentro de cada área, as empresas preguntábanse onde

levar a cabo a produción, onde situar as empresas, e onde buscar e contratar aos traballadores. Deste xeito, as empresas aliñábanse nas grandes cidades das rexións en crecemento e que mantiñan unha proximidade cos competidores, provedores e consumidores para aliviar e diminuír os custos de transporte. Os problemas que emerxían, baixo esta teoría, son os relacionados cos prezos do solo e coas economías derivadas da conxestión, contaminación e criminalidade. Exercerían un poder de atracción para a man de obra ao abeiro da existencia de maiores empresas e uns elevados salarios para os traballadores. Este esquema acumulativo *myrdaliano* presumíase que podería alcanzar un equilibrio a longo prazo entre as distintas rexións. Velaí o nacemento das políticas rexionais activas que buscaban un "retroceso na polarización" ou unha significativa perda das grandes cidades a favor das cidades de segunda liña.

Pero, a incidencia maior dos rendementos a escala, o reforzamento do papel da tecnoloxía e a minoración da relevancia dos custos de transporte incidiu en gran medida na acumulación das actividades económicas nos centros urbanos, que ampliaron as súas tarefas para ser centros de xestión, de servizos e de finanzas; á vez que se comprometeron coa dinámica de facilitar o comercio, o investimento e os fluxos laborais (Sassen,1994).

Neste sentido, aqueles tradicionais postulados, que non resultaron eficaces para adaptarse ás novas oportunidades e realidades, dan paso á emerxencia de novos centros de industrias diferentes nas que os dogmas relacionados coa organización da produción así como o sistema de traballo máis flexible e con distintos mecanismos de intervención pública, fan que a nova localización dos complexos industriais e dos servizos se atopen en lugares distintos nos que se presume de poder contar con provisión de infraestruturas, de educación e da amplitude de factores xeo-estratéxicos.

Unha segunda reflexión virá dada pola progresiva integración das relacións económicas ao constatar a ampliación dos mercados, a modificación das formas de competencia e os procesos de adaptación das empresas. Iso supuxo unha nova dinámica de acumulación de capital e de investimentos nas cidades mundiais máis dinámicas. Estas dúas condicións marcan o camiño aos inversores que evidentemente son remisos a investir en lugares remotos, pouco comunicados e con maiores niveis de risco e incerteza. Como se pode deducir deste razoamento, os actores consideran as áreas polo seu atractivo. Do mesmo xeito, a tensión locacional entre as cidades e rexións será recollida nos novos desafíos; isto é, pola rivalidade entre territorios e entre actores.

### 1.2. Como medir a competitividade territorial?

A competitividade foi sempre abordada e medida en termos de capacidade para situar e posicionar os produtos fabricados nunha economía ou nun territorio no mercado internacional; isto é, baixo determinadas condicións que nos permitan avaliar as distintas *perfomances* comerciais. Neste sentido, fálase das empresas rivais e en competencia; pero, dados os distintos niveis de integración económica e efectos da globalización, tamén debemos enfocar os distintos niveis de competencia entre Estados e rexións, xa que estas institucións non se libran nin escapan da competencia e rivalidade entre elas.

A competitividade, tomada como un concepto relativo, baséase nunha serie de indicadores compostos. Fundamentado como un concepto absoluto, a competitividade reflicte un

conxunto de condicións propicias para o crecemento. Por iso, é preciso analizar un conxunto de conceptos económicos para avaliar os distintos graos de cualificación dunha economía. Presenciamos, neste sentido, como diversos economistas poñen a énfase nos gastos públicos, outros sobre a fiscalidade, uns terceiros sobre os niveis de educación e a produción de coñecementos, e finalmente outras correntes sobre as diferentes orientacións da política económica.

Os recentes avances nas argumentacións económicas sobre o tema da competitividade permítennos aseverar, seguindo a Krugman (1994) que só a produtividade é quen determina a renda real per cápita e, polo tanto, o nivel de vida existente nunha economía nacional. Se avanzásemos no razoamento, podemos afirmar que na actualidade hai que ter en consideración dúas hipóteses principais:

a) Un conxunto de factores de produción inmóbiles no plano internacional. Sobre esta hipótese simplificadora, e se as economías están en competencia perfecta, só sería necesario ter en conta os custos salariais unitarios expresados nunha mesma moeda para realizar as distintas comparacións sobre a produtividade. Isto é, estamos dentro do cadro de hipótese da competitividade-prezo. Pero, se as taxas de cambio real son unha expresión dun prezo relativo, estaríamos baixo a órbita dunha posible depreciación real dos termos de intercambio, cuestión que incidiría nos prezos relativos da produción nacional, co que a competitividade das empresas oscilaría polas variacións de ditas variables. Velaí que os novos traballos do comercio internacional tratan de acentuar nas análises outras dimensións fóra da competitividade-prezo e insistir na calidade dos produtos e nos procesos de innovación. Esta especialización xera unha acentuación das distintas identidades produtivas e subliñan entre outros aspectos: a) a especialización de produtos novos; b) a especialización de produtos de elevada calidade; e c) a especialización de produtos de demanda moi dinámica.

b) A segunda das hipóteses a ter en consideración é a referida á mobilidade crecente dos factores de produción que se visualiza por medio dunha maior e máis rápida implantación de empresas no estranxeiro, a intensificación da división vertical do traballo e a formación de cadeas de valor engadidas. Nese sentido, insístese en que a segmentación dos procesos produtivos está baseada nunha tripla lóxica: i) lóxica *ricardiana*, fundamentada na vantaxe comparativa (pola que os lugares de produción están especializados naquelas fraccións da produción en función da súa eficacia relativa); ii) lóxica *smithiana* pola que percibe unha especialización de tarefas e ampliación dos mercados, co que pódense obter e desenvolver economías de escala; e iii) unha lóxica factorial pola que se aprecia a conxunción das actividades cara a concepción, xestión e fabricación (Helpman,1984).

Esta clasificación permítenos explicar a descomposición do proceso de produción en varias tarefas a fin de incrementar a eficacia de cada unha das partes e buscar a optimización en cada un dos emprazamentos escollidos pola empresa. Na medida en que estamos ante un panorama-escenario no que predominan as intensas economías de escala e no que os custos de transporte son cada vez máis baixos, as empresas buscan atopar un acceso máis rápido nos mercados estranxeiros a través das novas implantacións, máis que acrecentar a vía das exportacións cara ditos mercados (Markusen, 1995).

Esta forma de interpretar a situación supón para os países de acollida encarar un dobre reto: producir ou importar; e, polo tanto, os efectos de arrastre en termos de actividade

son moi diferentes nun caso e noutro. Velaí a transcendencia que posúe o feito de poder avaliar o número de localizacións de empresas, o dinamismo empresarial e, finalmente, as categorías e gamas dos produtos.

En suma, estamos ante unha nova xeografía económica (Fujita, Krugman, Venables, 1999; Fujita & Thisse, 2002) na medida en que a mobilidade dos factores de produción e os descensos dos custos de transacción alimentan a nova aglomeración das actividades en localizacións atractivas e eficaces. O risco é, polo tanto, a outra faciana, a que presenta a periferia. Así as cousas, visualizamos: a) a aglomeración das actividades acrecenta a eficacia das rexións/países; b) polo contrario, a marxinalización de certos territorios será cada vez máis intensa, posuíndo as políticas de axuste unha capacidade limitada para formular estratexias de converxencia.

### 1.3. Como medir a atractividade?

Nunha economía na que predominan as disfuncións derivadas de novos paradigmas tecnolóxicos, na que se subliñan os fenómenos vinculados coas recolocacións da man de obra; na que as innovacións tecnolóxicas están vinculadas aos aumentos de cota e estruturas de mercados; e onde a competencia-rivalidade é cada vez máis intensa, resulta cada vez máis importante centrarse en analizar como abordar a atractividade dun territorio.

Existen dous informes mundiais que tratan de introducirnos nese concepto: o Inward FDI Performance Index e o Inward FDI Potencial Index, elaborados pola CNUCED. O primeiro sinala as entradas dos fluxos da IDE (investimento directo no exterior) en relación ao PIB mundial; e no segundo combínanse oito variables normalizadas (taxa de crecemento do PIB, PIB per cápita, porcentaxes de exportacións sobre o PIB, número de liñas telefónicas por habitante, consumo de enerxía per cápita, porcentaxes de gasto en I+D en relación ao PIB, taxa de escolarización nas ensinanzas superiores, e a clasificación de risco-país). Outro índice é aquel que achega a consultora A.T. Kearney, o FDI Confidence Index, que está baseado nun cuestionario sobre 1.000 empresarios.

E, cales son os elementos determinantes da atractividade?.

O investimento internacional é, sen dúbida, o principal elemento. Todas as empresas desexan acceder aos mercados externos e a súa decisión está baseada na capacidade de obter rendementos crecentes e economías de escala tanto para a firma como para as filiais e as unidades de produción. Por tanto, a atractividade dun territorio baséase en como lograr una minimización dos custos de localización e a máxima realización de economías de escala.

Así mesmo, a atracción e captación de investimento internacional será maior na medida en que as firmas dispoñan no territorio de emprazamentos de activos específicos (tales como imaxe de marca, capacidade de innovación, etc.) que sexan susceptibles de engadir unha maior vantaxe sobre os mercados a aquelas firmas situadas no territorio. Isto é, incrementar as posibilidades de aumentar os procesos de valorización das vantaxes específicas.

O investimento internacional pode ter dúas formas de presenza: a horizontal, motivada polo acceso aos mercados; e a vertical, motivada pola división dos procesos produtivos a nivel internacional e pola especialización das filiais nos segmentos da cadea de valor engadido.

O segundo elemento é o tamaño de mercados, custos e aglomeración. O tamaño dos mercados é esencial para a aceptación da IDE xa que nos define o potencial comercial. Este calcúlase como a suma de potencial mercantil interno do país de acollida do investimento e a suma dos PIB dos países veciños, divididos pola distancia que os separa a partir da localización escollida. Deste xeito, tentamos introducir o feito de que un mercado ademais de ser considerable debe corresponderse cunha demanda facilmente accesible, xa que o afastamento dos centros económicos non constitúe un potencial de crecemento, nin os altos custos de trasporte suporán vantaxes adicionais para unha localización óptima ou eficiente.

Deste xeito, na nova Europa ampliada os países máis atractivos serían aqueles con economías fortes e accesibles, onde as relacións comerciais son máis densas e a captación de IDE é máis intensa.

Un terceiro elemento é o relativo aos bens públicos e a fiscalidade. Varias son as notas significativas en relación a este apartado. Dunha parte, o concepto de subvencións públicas e axudas estruturais para corrixir desigualdades posúe un efecto nada menor. Os exemplos aplicados tanto dentro da Unión Europea como dentro dos Estados para conseguir desviar determinados investimentos cara a localizacións menos atractivas por motivo da súa menor dotación de infraestruturas e equipamentos ou o seu maior afastamento dos centros de gravidade económica coincidiron cun impulso significativo para potenciar o seu desenvolvemento. Doutra parte, as subvencións tamén serviron para compensar certas localizacións, o que supuxo incrementar as posicións de rivalidade e de competencia en relación a outras localizacións.

Relacionado coa fiscalidade e a competencia fiscal, de Mooji e Edervreen (2003) revelan nun recente estudo que: a) a fiscalidade non desempeña un papel relevante á hora de adoptar unha decisión relacionada coa localización, ben sexa para exportar ou para investir no estranxeiro; pero posúe influencia sobre a elección da localización para o inversor, unha vez que esta decisión xa se tomou; b) o impacto da fiscalidade posúe unha importancia maior que outros elementos que determinan as tendencias da aglomeración económica ou o potencial mercantil dunha zona; e, c) os impactos da fiscalidade aparecen dun xeito máis nítido nos réximes de tratamento dos beneficios estranxeiros.

Por tanto, a competencia fiscal e social, sobre os que poden librar certas batallas económicas, esixen a posta en marcha de códigos de boa conduta, so pena de alimentar unha "carreira olímpica" de resultados diverxentes non menores. Velaí a transcendencia que adquiren os gastos públicos e as infraestruturas e sistemas públicos de educación acometidos desde esta perspectiva; os ingresos que dependen dos impostos, e as actuacións fiscais sobre os factores móbiles e/ou os factores inmóbiles.

Na actualidade, seguen a ser obxecto de interrogantes os calendarios europeos sobre a harmonización dos sistemas fiscais en torno a unha media europea de referencia, ou as propensións harmonizadas no campo das bases impositivas das sociedades. (Comunicación da Comisión das Comunidades Europeas, COM [2001] 582, de 25 outubro, 2001).

Outro aspecto relativo aos criterios que definen a atractividade dun país ou un territorio é aquel que ven reflectido polas súas capacidades competitivas comerciais. Nese sentido, a nosa posición competitiva está determinada polo contexto das demandas mundiais sobre

a especialización produtiva e de servizos que unha área posúe. A especialización sectorial e de servizos resulta básica para compoñer este índice. Desta forma, a especialización no campo dos servizos é a priori moi coherente coas vantaxes comparativas dunha economía que presenta niveis de desenvolvemento elevados. Por exemplo, en EUA e no Reino Unido, as exportacións e os ingresos por rendas de dereitos e licenza son elevados nos campos de servizos informáticos, de seguros e financeiros, dadas as súas fortes especializacións en ditos campos. Polo contrario, existen outros países nos que a especialización se centra no turismo, isto é, nun sector no que non se destaca pola dotación en traballo cualificado ou innovación. No entanto, as vantaxes comparativas que se desprenden son moi elevadas, xa que ditas áreas son ricas en emprego e localizan certos investimentos en actividades de ocio e lecer para as sociedades avanzadas.

A incorporación de novos países no comercio e nos intercambios internacionais ten como consecuencia a ampliación dos mercados mundiais e dos fluxos comerciais. Esta progresiva e crecente integración comercial permite e estimula a especialización dos sectores de actividade básica de cada país. O que se mide é a capacidade de venda a un número maior de países, as capacidades de diferenciación da nosa oferta, a capacidade de posicionarse sobre as distintas gamas de compra e dos produtos ofertados e, finalmente, sobre as diversas condicións de acceso preferentes. Ou sexa, a nosa especialización está alimentada polas condicións de competitividade e pola diversificación dos nosos produtos. As análises nese sentido lévanos a avaliar a competitividade-custe e a competitividade-prezo. A primeira posúe incidencia nos custos salarios unitarios; en tanto que a segunda é a resultante das políticas das taxas de cambios e dos procesos de inflación e desinflación competitiva.

Un elemento relevante é o relativo á competencia tecnolóxica. A orientación da estrutura produtiva reflectirá nos distintos niveles de especialización e servirá para atraer ás firmas estranxeiras nas novas localizacións. E, dentro de dita política de atracción, xogará un papel relevante a calidade dos produtos e, fundamentalmente, dos produtos innovadores. Os estudos levados a cabo ata a data amosan que para as unidades innovadoras extraer rendementos directos das rendas e a innovación posúe un carácter acumulativo. Feenstra e Rose (2000), aplicando a idea dun ciclo de vida dos produtos a nivel mundial para un total de 1.434 produtos e para o período 1972-94, obtén como conclusión que as actuais diferenzas de tecnoloxía e de produtividade explican os intercambios no comercio internacional: os países cunha mellor posición nos ciclos de vida dos produtos rexistran unha ganancia de produtividade. Polo tanto, a mellor capacidade de posicionarse "en amont" dentro do ciclo tecnolóxico será máis favorable ao crecemento económico.

Se realizáramos unha análise sobre as posicións do comercio internacional dos produtos clasificados en función do seu contido máis ou menos intenso en tecnoloxía, poderíamos establecer unha clasificación de ditos sectores ordenados en función do seu contido-intensidade e subliñaríamos as distintas especializacións económicas. O mesmo poderíase realizar atendendo aos gastos en I+D, a categoría de ditos investimentos, os axentes perceptores e as persoas cualificadas rexistradas nestas actividades.

Para resumir, a atractividade supón que un territorio debe posuír unha concreta capacidade de ofrecer de maneira duradeira e sostida unhas remuneracións elevadas de certos

elementos que garanten unha produtividade moi próxima ou superior ás que presentan os territorios próximos.

## 2. Os factores de competitividade urbana e da competitividade territorial

Dende tempo inmemorial, o temor á competitividade ten sido amplamente utilizado para tratar de explicar as cuestións relacionadas co desenvolvemento económico, coa mellora do benestar económico e coa distribución da riqueza. Non obstante, a súa definición pecha certa controversia. Podemos dicir que a nivel micro-económico, a noción de competitividade está baseada na capacidade que posúen as empresas para competir, para crecer e para ser rendibles. En consecuencia, a competitividade reside na habilidade das compañías en elaborar produtos de maneira sistemática e rendible, produtos que cumpran coas necesidades dun mercado aberto en termos de calidade e prezo.

Por tanto, unha empresa será máis competitiva respecto aos seus rivais cantas máis habilidades posúa para gañar unha cota de mercado; e, en sentido contrario, unha empresa será menos competitiva cando é apartada do negocio.

A nivel macro-económico, o concepto de competitividade está menos definido e xera máis discusión. Por exemplo, Krugman (1994) afirma que carece de sentido, na medida que é incorrecto realizar unha analoxía entre unha nación e unha empresa. Basea este razoamento en que mentres unha empresa compite por unha cota de mercado e o seu éxito está relacionado co fracaso doutra empresa; o éxito dun país ou rexión non supón admitir que o comercio ou a propia rivalidade sexa un "xogo de suma cero". Polo que, a xuízo de Krugman, o relevante é falar de produtividade.

Polo tanto, sabendo que o rendemento económico dunha nación ou rexión non precisa estar a expensas da doutro (a pesar de que en certos casos existen rexións que gañan e rexións que perden, Benko & Lipietz, 1992); e que a produtividade é unha das preocupacións centrais da competitividade, podemos afirmar que a competitividade dunha nación pode definirse como "o grao ao que pode, baixo condicións de mercado libres e xustas, producir bens e servizos que pasen a proba dos mercados internacionais ao tempo que se amplían os ingresos reais dos cidadáns e se aumentan os niveis de benestar dos habitantes. Deste xeito, enfatizamos sobre o rendemento maior dunha economía (fundamentada en incrementos de produtividade) e nas posibilidades de cambio e de adaptación cara aquelas actividades máis eficientes e xeradoras de riqueza. Isto é, a competitividade a nivel macroeconómico está asociada con niveis de vida elevados, coas oportunidades laborais e co benestar da sociedade.

Cómo definir entón a competitividade rexional ou a competitividade territorial?. Ata o momento ten sido un termo pouco utilizado, aínda que día a día xorden afirmacións e emítense declaracións que tentan de medir e re-situar aos territorios rexionais ou locais. No Sexto Informe Periódico sobre as rexións, a Comisión Europea (1999) afírmase que *"a competitividade defínese como a habilidade de producir bens e servizos que cumpran coas probas dos mercados internacionais, ao tempo que manteñen niveis de ingresos altos e sostibles; ou de maneira máis xeral, a habilidade das rexións para xerar, mentres están expostas á competitividade externa, ingresos e niveles de emprego altos."* Deste xeito, podemos dicir que existen

compañías nunha rexión que son capaces de producir bens de maneira sistemática e rendible que cumpran os requisitos dun mercado aberto e que, polo tanto, enfocarán as súas estratexias na mellora da súa produtividade e beneficios. En tanto que un territorio ou rexión, para ser competitivo, debe lograr aumentar os niveis de emprego, mellorar as condicións de vida da área en cuestión e facilitar as condicións para a expansión das compañías que alí decidan localizarse. En suma, a competitividade rexional consiste en desenvolver as habilidades para optimizar os seus activos autónomos, para competir e para prosperar nos mercados nacionais e internacionais; posuíndo unha elevada capacidade de adaptación aos mencionados mercados.

A literatura económica foi avanzando pouco a pouco nas análises e na identificación da competitividade rexional. Dende os estudos fundamentados nas vantaxes comparativas; as vantaxes absolutas; a eficiencia produtiva nas producións de mercancías concretas; as baseadas nas proporcións do factor relativo; as que fan mención ás melloras no capital humano, tecnoloxía; ou as que se sosteñen sobre economías de escala externas, rendementos crecentes, etc. poñen a proba a consistencia das correntes económicas. Ademais destas perspectivas macroeconómicas, a competitividade territorial debe ser entendida como a xustaposición de visións complementarias que esixen contemplar tanto os aspectos microeconómicos, como os sociolóxicos e políticos.

Así, por exemplo, Jacobs (1969) parte do feito de que son as cidades-rexións (sistema urbano) e non as actuacións macroeconómicas quen mellor definen os escenarios da creación e acumulación da riqueza económica. A presenza das aglomeracións urbanas reducen, ao seu xuízo, os custos de transacción e aumentan as opcións de progreso; e apuntan a que unha maior diversidade na economía local supón maiores cotas de crecemento. Outros autores, por exemplo, Scott (1988) chaman a atención de que a redución dos custos de transacción, tal e como o presenta R. Coase, na medida que supoñen acelerar a integración vertical das empresas e iso é unha solución moi robusta para afrontar o desenvolvemento económico pois substitúe os mercados e permite a emerxencia de clúster industriais mediante a desintegración vertical e a externalización. Porter (1990) fomenta os clúster xeográficos para desenvolver a competitividade empresarial, estimulando tanto os activos rexionais como a efectividade operacional das empresas.

O relevante á hora de plantexar a competitividade rexional radica en formular tres feitos: a) as rexións especializáronse naqueles bens e servizos relacionados cos factores de investimento e as súas economías tentan desenvolver exportacións; b) as rexións creen na posibilidade de converterse en lugares de rendementos crecentes; e c) as rexións consideran que o coñecemento é básico para afrontar o desenvolvemento. Estas tres consideracións supoñen o seguinte.

A localización económica significa unha distribución xeográfica dos investimentos. Polo tanto, as rexións compiten unhas con outras para atraer unha actividade económica en base aos investimentos comparativos deses factores de localización. Por iso, ao final do proceso, as rexións tenden a especializarse naquelas industrias e actividades nas que posúan vantaxes comparativas e nas que teñen logrado atraer capital. A posición competitiva da rexión dependerá, entón, dos custos de produción que afectan á posición competitiva da rexión nos mercados internacionais e doutros factores, como os relacionados coa dispoñibilidade de ma-

terias primas, a accesibilidade aos mercados, os custos dos inputs intermedios, o estado da tecnoloxía dispoñible, etc. As distintas diferenzas rexionais, no tocante á especialización e ás condicións estruturais irán subliñando os distintos rendementos e produtividades rexionais; así como os procesos de causalidade rexional acumulativa.

No que se refire aos aumentos de produción, propios dunha economía territorial mediante as melloras no capital humano e a través dos cambios tecnolóxicos, apréciase a existencia de dinámicas de concentracións moi localizadas, fundamentadas en especialización industrial; ou sexa, coexisten dous procesos xustapostos: localización xeográfica e especialización industrial. A especialización reafirma as economías de localización e mellora as condicións das empresas; en tanto que a localización industrial favorece as interaccións cara atrás e cara diante (verticais e horizontais) fomentadas tanto polo impulso da especialización inter-compañías e a división da man de obra; como polo crecemento de provedores especializados, o que, sen dúbida, contribúe a promover as vantaxes competitivas nun sistema de produción localizadas.

E, finalmente, no que concerne á conformación das rexións como *hub* do coñecemento, as chaves da localización céntranse no que o coñecemento e o *know-how* acumúlanse e xeran vantaxes competitivas que fomentan a localización industrial. Fomentan as redes de información e os procesos de aprendizaxe colectiva, facendo que a innovación e a cualificación convértense en piares básicos do crecemento económico (Romer, 1990).

## 3. A economía de Galicia ante os novos desafíos

Galicia é unha economía moi singular, caracterizada por uns trazos moi distintivos e diferenciais respecto a outras CC.AA españolas. A modo de resumo, e en termos moi de síntese, poderíase afirmar o seguinte.

Poboación decrecente. Ao longo do período 1985-2015, a poboación galega diminuíu en 75.000 habitantes, en tanto que España aumentou en 8 millóns. Significa, en consecuencia, que Galicia perde o 0,09% e España aumenta o 0,63%. Tal afirmación é consecuencia dos seguintes aspectos: a) as defuncións (taxa de mortalidade (10,9 o/oo) son superiores aos nacementos (taxa de natalidade 7,2 o/oo); b) son notables as altas taxas de envellecemento (en 1985 a poboación menor de 16 anos case duplicaba á poboación maior de 65 anos; isto é, por cada menor de 16 anos, había un 0,6 maiores de 65 anos; agora, en 2015, a poboación menor de vinte anos representa o 15,7% do total, e a maior de 60 anos, o 29,7%, case o dobre); c) unha sociedade que non é capaz de soster as taxas de reposición (1,1 fillos por muller, cando se requiren 2,1); e d) un territorio con fortes movementos migratorios, tanto de persoal cualificado como de menor formación.

Unha poboación que deixou de ser rural, dispersa e atomizada a comezos da década dos anos noventa, actualmente, urbanízase a ritmos crecentes; e que, hoxe en día, agrúpase en torno ás áreas metropolitanas e ao sistema de grandes cidades de Galicia. A modo de exemplo, as 7 grandes cidades (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol) agrupan a cerca do 36% da poboación e só se contabilizan dúas cidades (Vigo e A Coruña) por riba dos 225.000 habitantes. Entre 20 e 50.000 habitantes cóntanse 15 vilas, que suman 430.628

habitantes (o 15,76%); e no resto dos Concellos, un total de 291, rexístranse poboacións por debaixo das 20.000 persoas, significando o 48% do total.

Unha poboación activa que crece pouco e que pon en perigo o futuro. Deste xeito, en 1985, a poboación activa galega rexistraba 7,5 puntos porcentuais por riba da media española; e, en 2015, a poboación activa española supera en 6 puntos porcentuais á poboación activa de Galicia. En idéntico sentido, o emprego en Galicia ao longo do período 1985-2015, amosa unha diminución en Galicia de 53.000 persoas (-5%); en tanto que en España aumentou en 6,8 millóns (62%).

Unha economía caracterizada por ciclos negativos moi acusados en épocas de recesión e máis estabilizados nas etapas de crecemento. Cada vez está máis acompasada aos ritmos da economía española. Pero, na última crise (2007-2015) amosou unha menor capacidade de reponte que as economías rexionais máis dinámicas de España, acelerando a tendencia de diverxencia e de crecemento desequilibrado a nivel peninsular.

Así mesmo, Galicia é unha economía que posúe unha gran dificultade para xerar emprego, a pesares de que recentemente amosa unhas taxas de crecemento positivo. No obstante, seguindo a Lei de Okun, é preciso que o PIB creza por riba do 3% para lograr aumentos na poboación ocupada.

**Gráfico nº 1. Evolución das taxas de crecemento da economía galega e española**




Fonte: INE e IGE

Unha estrutura produtiva onde o sector servizos é o que máis participa no PIB, sendo ademais o maioritario; e no que as achegas do sector primario son continuamente decrecentes, despois de ter sido o preponderante fai algunhas décadas. O sector industrial está por debaixo da media nacional, sen atisbar un crecemento relativo do mesmo, cuestión que constitúe un evidente lastre de cara á aplicación dos desenvolvementos vinculados á innovación tecnolóxica e ao posicionamento internacional.

Unha base económica moi relacionada co acceso e o uso dos recursos naturais, xa sexan relacionados co solo, subsolo e polo medio mariño. E outro grupo de actividades eco-

nómicas relacionadas coas economías de enclave, en función da súa localización xeográfica, aproveitando as vantaxes comparativas do territorio.

Unha radiografía empresarial na que predominan as empresas sen asalariados (o 54%). E dentro das empresas con asalariados, as microempresas son maioría (perto do 30% das empresas posúen entre 1 e 2 asalariados; e perto do 8% entre 3 e 5 asalariados). As grandes empresas (as superiores a 100 asalariados), pola súa banda, suman un total de 282, e aínda que son moi relevantes, están moi relacionadas con dúas empresas locomotoras (Inditex e Citröen).

Unha economía moi aberta ao exterior, cunhas exportacións moi concentradas sectorialmente e polarizadas xeograficamente. Ademais, as empresas que regularmente exportan son reducidas e cun baixo contido tecnolóxico nos produtos que venden ao exterior.

Unha escasa dotación en gastos en I+D+i. A maior achega á innovación é realizada, fundamentalmente, polas institucións públicas, concretamente as Universidades; e, en menor grado, polos estamentos privados. Reflexo diso, son os reducidos rexistros de patentes e os escasos laboratorios I+D empresariais.

Unha produtividade baixa e cuns niveis de competitividade reducidos. A tal punto, que nos últimos exercicios, concretamente no último ano, os fenómenos de deslocalización de empresas son moi notorios. Os datos proporcionados para 2015 arroxan unha tendencia de cambio de sede social das empresas, buscando novas e mellores condiciones de negocios fóra da CC.AA de Galicia. Reflicte, polo tanto, un escenario de gañadores e perdedores. Así, en 2015, un total de 158 empresas saíron de Galicia e só 129 entraron no territorio galego, o que amosa un saldo negativo de 29 empresas deslocalizadas.

Unha accesibilidade complexa, ao estar o territorio moi condicionado por barreiras orográficas e naturais que a protexen; pero que tamén implican a necesidade de fortes investimentos públicos no campo das infraestruturas para paliar as dificultades de comunicación e favorecer o intercambio de mercancías.

Galicia é un territorio escasamente receptor de capital exterior (menos do 1% do total español e preferentemente proveniente de países próximos e europeos, no último exercicio) e con reducidas sedes de grandes empresas transnacionais.

Estes datos son moi significativos. Pero, ademais dos mesmos, recentemente a Comisión Europea publicou os datos do Índice de Progreso Social (IPS). Este índice busca ir alén da medición do PIB. Avalía, polo tanto, outras variables que contribúen a identificar un conxunto de parámetros que inclúen tanto as dimensións económicas como as sociais, institucionais ou medio ambientais. Mide, polo tanto, o nivel do progreso social das 272 rexións europeas, paralelamente ás medidas tradicionais do progreso económico, baseados no PIB, as rendas e o emprego, como variables fortes. A medida do progreso social permite expoñer e poñer de manifesto as estratexias de desenvolvemento das rexións, tal e como manifesta a Comisión Europea, na medida que o mencionado Índice de Progreso Social recolle a 50 indicadores, agrupados en 12 compoñentes que inciden nos seus puntos fortes e débiles. Distinguen tres ámbitos básicos: as necesidades humanas básicas, os fundamentos do benestar, e as oportunidades de futuro.

Galicia, no tocante ao Índice de Progreso Social, ocupa unha posición por debaixo da media, bastante afastada das rexións máis dinámicas europeas. O seu posto rexistra unha

posición moi retrasada: o posto 157, das 272 rexións europeas; posto máis baixo que o obtido polo ratio que describe o PIB per cápita (posición 144 das 272).

En suma, visualizamos unha Galicia que precisa afrontar non só un plan de modernización e de adaptación aos novos escenarios de cara a mellorar o seu nivel de produtividade e competitividade; senón que tamén resulta necesario definir con precisión un plan que permita aplicar unha estratexia marca-país clara e contundente, de cara a lograr un mellor posicionamento internacional. Confío en que a propia sociedade e os seus dirixentes políticos, económicos, sociais e investigadores logren reunir os esforzos necesarios para dirixir dita dinámica.

***Fernando González Laxe.*** *Ex presidente da Xunta de Galicia (1987-1990). Foi tamén deputado no Parlamento de Galicia (1985-2001) e senador nas Cortes Xerais (1986-1987 e 1990-2000). Actualmente catedrático de Economía Aplicada na Universidade da Coruña.*

# ANEXO ESTATÍSTICO

**Evolución da participación sectorial no Valor Engadido Bruto de Galicia.**

| | 1980 | 1990 | 2015 |
|---|---|---|---|
| Agricultura, Gandería, Forestal e Pesca | 13,9 | 9,3 | 4,6 |
| Industria | 20,3 | 18,3 | 14,7 |
| Enerxía | 6,1 | 9,8 | 5,1 |
| Construción | 7,9 | 8,4 | 6,8 |
| Servizos | 51,8 | 54,2 | 68,8 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 | 100,0 |

**Fonte**: IGE.

**Evolución da participación da poboación ocupada distribuída sectorialmente en Galicia.**

| | 1986 | 2015 |
|---|---|---|
| Agricultura, gandería, forestal e pesca | 41,5 | 6,3 |
| Industria | 15,3 | 15,7 |
| Construción | 6,7 | 7,2 |
| Servizos | 36,5 | 70,8 |
| TOTAL | 100,0 | 100,0 |

**Fonte**: IGE.

**Demografía empresarial.**

| | 2008 | 2016 |
|---|---|---|
| TOTAL | 203.374 | 197.538 |
| Sen asalariados | 100.116 | 106.693 |
| De 1 a 2 asalariados | 61.904 | 58.647 |
| De 3 a 5 asalariados | 21.512 | 18.347 |
| De 6 a 9 asalariados | 9.213 | 6.900 |
| De 10 a 19 asalariados | 5.886 | 3.884 |
| De 20 a 49 asalariados | 3.317 | 2.212 |
| De 50 a 99 asalariados | 821 | 620 |
| Mas de 100 asalariados | 595 | 282 |

**Fonte**: INE, Directorio de Empresas.

**Comercio exterior (millóns de euros)**

| | Galicia | España | Galicia/España |
|---|---|---|---|
| Exportacións | 18.830,9 | 25.0241,3 | 7,5 |
| % variación 2015/14 | 5,6 | 4,3 | |
| Importacións | 15.120,5 | 27.4524,1 | 5,5 |
| % variación 2015/14 | 4,3 | 3,7 | |
| Saldo | 3.710,4 | -21.173,9 | |
| Taxa de cobertura | 124,4 | 91,2 | |

**Fonte**: Ministerio de Economía e Competitividade. D.G. Aduanas

**Evolución das Exportacións atendendo ás provincias de Galicia. (millóns euros)**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 6.885,2 | 925,7 | 643,1 | 8.692,2 | 17.146,3 | 219.230,4 |
| 2012 | 8-018,3 | 936,2 | 698,3 | 7.010,1 | 16.662,8 | 226.114,6 |
| 2013 | 8.495,5 | 1.087,1 | 741,1 | 8.434,1 | 18.758,2 | 235.814,1 |
| 2014 | 7.682,2 | 966,3 | 826,7 | 8.334,5 | 17.809,7 | 240.581,8 |
| 2015 | 8.277,0 | 1.131,1 | 786,0 | 8.636,8 | 18.830,9 | 250.241,3 |

**Evolución das Importacións atendendo ás provincias de Galicia (millóns euros).**

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Galicia | España |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 7.753,1 | 975,2 | 453,9 | 5.150,1 | 14.332,3 | 263.140,7 |
| 2012 | 8.381,7 | 1.050,6 | 442,2 | 5.134,4 | 15.008,9 | 257.945,6 |
| 2013 | 7.655,8 | 1.078,4 | 390,4 | 5.514,9 | 14.639,5 | 252.346,8 |
| 2014 | 6.775,7 | 829,5 | 416,7 | 6.391,4 | 14.413,3 | 265.556,6 |
| 2015 | 6.268,6 | 870,5 | 438,7 | 7.542,6 | 15.120,5 | 274.415,2 |

**Comercio exterior de Galicia desagregado por ramas económicas.**

| | Exportacións | | | Importacións | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total | % Galicia | % España | Total | % Galicia |
| Alimentación | 2.459,1 | 13,1 | 16,2 | 2.760,4 | 18,3 |
| Produtos enerxía | 953,7 | 5,1 | 5,0 | 2.283,8 | 15,1 |
| Materias primas | 741,5 | 3,9 | 2,3 | 479,2 | 3,2 |
| Semi-manufaturas non químicas | 1.577,1 | 8,4 | 10,5 | 1072,0 | 7,1 |
| Produtos químicos | 661,6 | 3,5 | 14,4 | 642,6 | 4,2 |
| Bens equipo | 3.052,2 | 16,2 | 20,1 | 1.583,8 | 10,5 |
| Automóbil | 3.802,9 | 20,2 | 17,0 | 3.889,0 | 25,7 |
| Bens consumo duradeiro | 202,2 | 1,1 | 1,6 | 198,8 | 1,3 |
| Manufaturas consumo | 5.182,4 | 27,5 | 9,7 | 2.207,2 | 14,6 |
| Outros | 198,3 | 1,1 | 3,3 | 8,8 | 0,1 |
| TOTAL | 18.830,9 | 100,0 | | 15.120,5 | 100,0 |

**Fonte**: Ministerio Economía e Competitividade. D.G. Aduanas.

**Distribución xeográfica do comercio exterior de Galicia (millóns de euros) (2015)**

| | Exportacións | Importacións |
|---|---|---|
| Zona euro | 11.735 | 7.826 |
| Resto UE-28 | 2.292 | 1.091 |
| Resto Europa | 1.020 | 828 |
| África | 976 | 1.559 |
| América | 1.695 | 1.992 |
| Asia | 958 | 1.727 |
| Oceanía | 17 | 52 |
| Sen determinar | 136 | 42 |
| TOTAL | 18.830 | 15.120 |

**Fonte**: Ministerio de Economía e Competitividade. D. G. Aduanas.

**Distribución porcentual dos países orixe e destino do comercio exterior de Galicia. 2015.**

| Países Destino das exportacións | | Países Orixe das importacións | |
|---|---|---|---|
| Francia | 26,1 | Francia | 24,8 |
| Portugal | 12,6 | Portugal | 12,3 |
| Italia | 8,1 | Italia | 4,6 |
| Reino Unido | 5,8 | Alemaña | 4,5 |
| Alemaña | 5,3 | China | 4,5 |
| Países Baixos | 3,8 | México | 3,4 |
| Estados Unidos | 3,3 | Reino Unido | 3,1 |
| Polonia | 2,6 | Turquía | 2,7 |
| Turquía | 2,6 | Arxentina | 2,0 |
| Marrocos | 2,6 | Marrocos | 2,0 |
| Arxentina | 1,8 | Estados Unidos | 1,8 |

**Fonte**: Ministerio de Economía e Competitividade. D.G. Aduanas.

**Investimento estranxeiro en Galicia e investimentos galegos no exterior.**

| | Investimento estranxeiro | | Investimento no estranxeiro | |
|---|---|---|---|---|
| | 2015 | 2005/2015 | 2015 | 2005/2015 |
| Galicia | 85 | 1.682 | 1.100 | 10.326 |
| España | 21.724 | 209.974 | 24.545 | 396.085 |
| % Galicia/España | 0,4 | | 4,5 | |

**Fonte**: Ministerio de Economía e Competitividade.

**Principais países do investimento estranxeiro en Galicia e do investimento galego no exterior ( 2015).**

| | Investimento estranxeiro en Galicia | Investimento galego no exterior |
|---|---|---|
| Estados Unidos | 103 | 1.882 |
| Reino Unido | 142 | 1.050 |
| Italia | 284 | 764 |
| Francia | 20 | 756 |
| Luxemburgo | 59 | 697 |
| Turquía | - | 573 |
| Brasil | 163 | 415 |
| Exipto | - | 350 |
| Países Baixos | 38 | 314 |
| Portugal | 532 | 285 |
| Bélxica | 18 | 270 |
| Alemaña | 7 | 238 |
| México | 80 | 229 |
| Namibia | 3 | 225 |
| Arxentina | 4 | 214 |

**Fonte**: Ministerio de Economía e Competitividade.

**Distribución da riqueza empresarial (2014).**

| Comarcas | Número de empresas | Riqueza |
|---|---|---|
| A Coruña | 2.616 | 45,0 |
| Vigo | 3.424 | 19,3 |
| Santiago | 1.084 | 5,2 |
| Ourense | 1.007 | 4,2 |
| Lugo | 974 | 3,1 |
| Pontevedra | 798 | 3,0 |
| Barbanza | 388 | 2,0 |
| Ferrol | 494 | 1,9 |
| Salnés | 786 | 1,6 |
| Betanzos | 160 | 1,6 |

**Fonte**: ARDAN.

**Índice de Progreso Social (IPS) e posición de Galicia no PIB rexional da UE-28.**

| Dimensión | Score | posto | Dimensión | Score | posto | Dimensión | Score | posto |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Necesidades humanas básicas | 82,31 | 112 | Fundamentos do benestar | 60,91 | 164 | Oportunidades | 51,93 | 176 |
| *Nutrición & Basic medical care* (inclúe mortalidade infantil, necesidades médicas e alimentación) | 90,27 | 14 | *Acces to Basic knowledge* (inclúe educación secundaria, taxa de escolarización, abandono escolar) | 56,49 | 238 | *Personal Rights* (inclúe sistemas policial e legal, avaliación políticas de servizos públicos) | 23,8 | 263 |
| *Water & sanitation* (inclúe grao de satisfacción auga, hixiene, tratamento residuos) | 89,31 | 126 | *Info & Communications acces* (inclúe acceso internet, conexión interactiva con institucións) | 57,68 | 180 | *Personal freedom & Choice* (inclúe índices de liberdade, corrupción) | 67,35 | 180 |
| *Shelter* (inclúe custo vivendas, satisfacción hábitats, adecuación aloxamentos) | 66,71 | 162 | *Health & Wellness* (inclúe esperanza de vida; mortes prematuras, enfermidades de corazón e cancro; satisfacción calidade vida | 73,05 | 132 | *Tolerancia e inclusión* (inclúe imparcialidade de servizos públicos, tolerancia ante inmigrantes, minoritarios, homosexuais) | 75,99 | 83 |
| *Personal safety* (inclúe ratios homicidios, seguridade nocturna, mortes carreteiras) | 84,1 | 63 | *Ecosistema sustainability* (inclúe contaminación atmosférica, protección natureza) | 57,16 | 41 | *Acceso á educación avanzada* (inclúe educación terciaria, lifelong learning) | 49,32 | 107 |

**Fonte**: Comisión Europea.

**Parámetros competitivos rexionais. Posición de Galicia no ranking rexional europeo.**

| Parámetros | 2010 | 2013 |
|---|---|---|
| Calidade institucional | 127 | 127 |
| Nivel infraestruturas | 176 | 193 |
| Calidade sanitaria | 154 | 115 |
| Calidade laboral | 197 | 204 |
| Educación non obrigatoria | 192 | 148 |
| Esforzo e resultados I+D+I | 189 | 180 |
| Negocios avanzados | 206 | 188 |
| Tecnoloxía información e comunicación | - | 225 |
| Ingresos e mercados | 138 | 170 |
| TOTAL INDICE COMPETITIVIDAD REGIONAL | 182 | 193 |

**Fonte**: Comisión Europea.

## Bibliografía


BENKO, G., LIPITEZ, A. (Eds.) (1992). *Les régions que gagnent. Districts et réseaux: les nouveaux paradigmes de la géographie économique*. PUF. París.

BRENNER, N. (1998). "Between fixity and motion: accumulation, territorial organization and the historical geography of spatial scales". *Environment and Planning D. Society and Space*, 16, 459-481.

BRENNER, N. (1999). "Globalisation as Reterritorialisation: the Re-Scaling of Urban Governance in the European Union". *Urban Studies*, 36(3), 431-451.

CASTELLS, M. (1999). *La era de la información*. 3 Tomos. Ed. Siglo XXI.

CONTI, S., GIACCARIA, P. (2006). "A systemic approach to territorial studies: deconstructing territorial competitiveness". In G. Vertova (Ed.) *The changing economic geography of globalization*. Routledge. London/New York, 73-100.

DE MOOJI, R.A., EDERVREEN, S. (2003). "Taxation and foreign direct investment: A synthesis of empirical research". *International Taxation and Public Finance*, 10(6), 673-693.

FEENSTRA, R., ROSE, A. (2000). "Putting things in order: Trade Dynamics and Product Cycles". *The Review of Economics and Statistics*, 82(3), 369-382.

FUJITA, M., KRUGMAN, P., VENABLES, A. (1999). *The spatial economy: Cities, regions and international trade*. MIT Press. Cambridge MA.

FUJITA, M., THISSE, J.F. (2002). *Economic of agglomeration: Cities, industrial location, and regional growth*. Cambridge University Press. Cambridge MA.

HELPMAN, E. (1984). "A simple theory of international trade with multinational corporation". *Journal of Political Economy*, 92(3), 451-471.

JACOBS, J. (1969). *The economies of cities*. Random House. New York.

KRUGMAN, P. (1994). "Competitiveness: a dangerous obsession". *Foreign Affairs*, 73(2) March/April,

MARKUSSEN, J. 1995). "The Boundaries of multinational enterprises and the theory of international trade". *Journal of Economic Perspectives*, 9(2), 169-189.

PORTER, M. (1990). *The competitive advantage of Nations*. Harvard Business Review.

ROMER, P. (1990). "Endogeneus Technological Change". *Journal of Political Economy*, 98(5), 71-102.

SASSEN,S. (1994). *Cities in a World Economy*. Pine Forge Press. Pub. Page.

SCOTT, A. (1988). *New Industrial Spaces*. Pion. London

SWYNGEDOUW, E. (1997). "Neither global nor local: glocalizations´ and the political of scale". In Cox, K. (Ed.). *Spaces of Globalization: Reasserting the Power of the Local*, Guilford/Longman, New York/London, 137-166.

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 65-68

# Internacionalizar unha economía, internacionalizar a empresa

*Abel Veiga Copo*

**A internacionalización non é unha opción, non é un simple reto, é unha necesidade. Fomentar a internacionalización** é *mellorar a competitividade* do noso tecido empresarial e as nosas empresas. Xear e completar cadeas de valor para as nosas empresas. Mais, están as nosas empresas prontas para unha internacionalización eficaz e eficiente? Sendo competitivos podemos saír fóra, salvar e fortalecer as nosas empresas e, nomeadamente, crear emprego. Mais saír fóra son custos de transacción, son riscos, son análises de dificultades, de ignorancia de mercados, de técnicas de comercialización, distribución ou outros contratos de cooperación interempresarial. Debemos ter claras dúas pautas, o aprovisionamento nas cadeas de subministración, de onde veñen, e as vendas no exterior. Intelixencia competitiva. Debemos apostar por fomentar políticas de internacionalización que axuden, estimulen e potencien as nosas empresas no exterior e que o fagan cunhas mínimas garantías e seguridades que axuden a mitigar e diminuír o risco.

Internacionalizar é algo máis que exportar. **É estratexia e compromiso**. Continuidade nos programas. Sensibilización e corresponsabilidade de toda a empresa. Tamén liderado dentro das empresas pequenas e medianas. É unha nova e imprescindible cultura para toda a empresa, interacción, comunicación, sensibilización e formación de cima para abaixo e de abaixo para cima. A Administración debe procurar medios, instrumentos, vías e parámetros que permitan esta. Pasamos dunha etapa de aprendizaxe de internacionalización á da súa consolidación. Non hai volta atrás. EIXO CARDINAL dela é a información e a formación, as únicas que eficazmente minimizan e apartan o risco da internacionalización.

A internacionalización non se improvisa, non é unha *mera opción*. Experiencia e competencia. Mais tamén é unha nova dimensión de negocio, de facer e comprender os negocios. É un motor e unha panca para reverter a crise, a situación na que se encontran empresas e empresarios cando o consumo se retraeu internamente. Mais para iso é chave a análise e diagnóstico de cada empresa que quere internacionalizarse. **Minimizar os riscos e fixar obxectivos claros** e concisos. Debemos procurar que as empresas que saen fóra, que comercializan, distribúen ou exportan están en condicións óptimas para o facer. Internacionalizar as vendas diversifica o risco e abre a posibilidade dun maior mercado. Mais a implantación é chave. As debilidades dunha empresa non se solucionan saíndo sen capacidade, sen coñecemento, sen información. Debemos xestionar esa información, achegala, valorala, analizala e transmitila. Non toda empresa está preparada nin ten capacidade para saír. Non ten músculo empresarial, económico, produtivo e exportador. Debemos ser conscientes. O obxectivo é claro, a saber, transmitir e manexar a información e remover e minimizar o risco. As empresas deben afianzar e crer no proceso de internacionalización focalizando o obxectivo e todo o esforzo. A análise estratéxica da empresa permitirá validar ou non o seu modelo de negocio, identificar as súas vantaxes competitivas, definir obxectivos e analizar a cadea de valor.

Debemos analizar debilidades, carencias e fortalezas. Tamén dotármonos dos medios que as superen e supoñan ademais unha agregación á cadea de valor de cada empresa. Afondar e arbitrar vías, medios e instrumentos de financiamento foi unha tarefa titánica, complexa, angosta. A situación financeira da empresa debe permitir a internacionalización. No mínimo debe ser estable e con capacidade para destinar recursos á internacionalización a medio prazo. Investimentos *escalonados* ou **escalados**. Quen se internacionaliza precisa realizar ou desembolsar activos e investimentos en instalacións, *stock*, en circulante. A Administración debe facilitar ese camiño, ese acceso. Ofrecendo solucións e alternativas, axudando a que as empresas poidan ser máis sólidas. Quer sexa a través de planos, de liñas de acción, de servizos, quer a través da posibilidade de constitución de garantías e avais que permitan ás nosas empresas operar, instalarse, saír fóra. A vía é a procura de convenios con organismos internacionais e nacionais que faciliten este acceso ao crédito e ás garantías.

2015 foi un ano de grandes cifras de exportación. O primeiro semestre do presente ano é igualmente excepcional. Un 2,3% máis en idéntico período de tempo. En Galicia unha cifra, 9.700 millóns. Mais algo chama a atención. Faino a diferenza das principais economías europeas que lastran ou estancan os resultados. Chegan máis tarde os efectos a España da mesma forma que saímos máis tarde, ou somos máis competitivos, non por innovar máis que outros senón pola redución de custos maiormente salariais? Só Alemaña segue o paso, as demais retroceden, mesmo o xigante asiático, que de ser a fábrica do mundo, a calquera custo, reequilibra agora como produtor de servizos internos para unha sociedade cada vez máis esixente e ávida de consumo propio.

Internacionalizarse vai alén de exportar, de implantarse fóra, de producir lonxe, abastecerse en calquera lugar do mundo. Nunca tantas empresas nin marcas da nosa economía se internacionalizaron. E chegaron a cifras e volumes de venda tan altos. Cuestión diferente é o grao, a intensidade e a frecuencia, como tamén o é redimensionar o valor que ten ou non a "marca España" como efecto prescritor e de prestixio. Os grandes motores consolidan unha expansión vertixinosa. Mais son as pemes as que máis esforzo fixeron e deben seguir a facer para sortear as dificultades e trabas. O reto deixou de o ser. Da opción á necesidade. É unha realidade, mais que debe consolidarse, crecer, fortalecerse, expandirse duns mercados, nos que xa se está, a outros. Miles de empresas fano por vez primeira este ano. A media tómase a partir de catro anos seguidos a exportar. E esa dános unha radiografía clara e definitiva, a internacionalización non é unha moda, nin unha fuxida, é unha necesidade. Seguir esa estela é chave, aprendendo e diversificando, depurando e mellorando accións, fases e actividades. Crecemento, reactivación, rexeneración, creación de empresas.

Que se coñece doutros mercados, de sectores, de nichos de oportunidade, de competencia, de técnicas de comercialización conforme a gustos, preferencias e canons doutras culturas? Non todos os países ofrecen o mesmo, nin as mesmas garantías, nin seguridades xurídicas. Nichos, ámbitos, sectores, canais e saber procurar e ler as oportunidades fixeron o resto. Valentía e coraxe, mais nomeadamente, decisión.

Soubemos diversificarnos, diferenciámonos, mesmo nos especializamos, mais debemos cooperar, colaborar interempresarialmente. Consorcios, en orixe e destino, procura de sinerxías en países de destino, canais de distribución e comercialización adecuados. Romper

barreiras e inercias non só mentais, senón tamén xurídicas, económicas e da linguaxe. Comunicación e *marketing*. Utilización de plataformas dixitais para esa internacionalización, para a agrupación de produtores, distribuidores, etc. Marcar estratexias desde o público, retos e nomeadamente vías de colaboración entre todos os axentes e as empresas. Máis e mellores servizos, prestacións, desde a formación, idiomas, análises de mercados a diagnósticos, a competitividade do produto ou servizo e coñecemento de vías comerciais, de distribución, garantía e financiamento.

A empresa pequena, a fotografía máis nítida do ecosistema empresaria español, carece aínda do suficiente músculo empresarial, económico, produtivo e exportador. Debemos ser conscientes. Diagnosticalas. Novas esixencias. As Administracións comprenderon o servizo, o impulso, a aposta, o apoio transversal e directo que deben dar á internacionalización e á competitividade. Ordenar, racionalizar, establecer prioridades, liñas de acción, servizos e actuacións, ben como socios privados e organismos que axuden a esta tarefa é vital, fulcral. E éo máis que fixar uns obxectivos sobre un papel. Cómpre plasmalos no día a día, na realidade que empapa e que coñecen como ninguén os propios empresarios individualmente e a través dos seus organismos colectivos e asociativos. Colaboración desde a lealdade, a honestidade, o rigor, a suma e a responsabilidade. Pública e privada. Pulso e impulso, pedagoxía e formación, canais e vías para atinxir aquela. Formación eficiente, útil, principalmente, útil e eficaz para as empresas, e con elas a adopción racional de decisións. A de internacionalizarse, desde a análise obxectiva e realista da empresa, desde a autocrítica, desde o testar o produto e servizo, coñecer o mercado ao que se quere ir, discriminar, diversificar, neutralizar na medida do posible os riscos. Investigación competitiva, intelixencia, competitiva. Procura de oportunidades, de canais de colaboración.

Axudar a internacionalizar as nosas empresas, tecer unha capa firme e impermeable de empresarios, sectores, dispostos a saír fóra, a competir noutros mercados, noutros países, con todo o que iso significa, persoal e profesionalmente, precisa de impulso, o apoio decidido e non só o estímulo dos poderes públicos. Orientación e servizos en destino. Asesoría, apoio financeiro e garantías nomeadamente en licitacións internacionais. Está a facerse, mais pode facerse aínda máis. A estratexia é clara, firme a través de accións, servizos e presenza institucional. Unha estratexia que debe ademais deseñar planos concretos de captación de investimento como catalizador de sinerxías para a competitividade, a produtividade e a creación de emprego. Investimento e capital paciente, estable. Relocalización perante a deslocalización. Podemos facelo.

A internacionalización é hoxe unha realidade. Próxima e eficaz. Unha aprendizaxe e unha experiencia que crece día a día. Exportar é só unha desas modalidades, desde o ocasional, ao directo, o indirecto, mais tamén o é a implantación en destino, filiais, sucursais, alianzas empresariais. Mais tamén o é saber xestionar os recursos humanos que se teñen nunha empresa. Como saber cooperar e colaborar con outras empresas e outros organismos entre si. Formando consorcios, en orixe e en destino, formando xestores e planificando as fases de internacionalización. Esta é algo máis que exportar esporádica ou continuadamente.

Mais as nubes están aí. Demasiada dependencia da Unión Europea: case tres cuartas partes do producido se exportan aí. Os BRICS, os cinco emerxentes atravesan momentos de

dificultade, de retroceso polas *commodities*, de caída de ingresos, de depreciacións de valor das súas moedas. Fálase de mercados emerxentes máis que dos cinco clásicos, Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica. Cómpre fomentar unha maior diversificación e intensificación do que se exporta maioritariamente. Procurar novos nichos, novos mercados, novos sectores é capital.

Exportamos máis, pero a prezos inferiores. Exportamos maiormente automoción, alimentación, téxtil e bens de equipo. O mundo cada vez é máis competitivo. E os mercados globais viven momentos de tensión e depreciación. Debemos dar o salto e o pulso noutros sectores. De maior capacidade en innovación e desenvolvemento tecnolóxico. É outro grande reto. Pousar os ollos e as estratexias noutros países, continentes, como África.

***Abel Veiga Copo*** *é director da área de internacionalización no IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica), Xunta de Galicia.*

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 69-83

# A economía galega en perspectiva internacional: avances, feblezas e retos de futuro

Manuel González

## 1. Introdución

As últimas décadas constitúen un período de profundas mudanzas económicas a nivel mundial. Globalización, financiarización, desregulación, neoliberalismo e crise, son palabras e fenómenos que seguramente pasarán á historia económica á hora de caracterizar este tempo. Tamén para entender o que pasou na economía galega contemporánea é necesario botar man dos anteriores fenómenos pois, como veremos, a nosa economía aparece cada vez máis integrada no eido internacional. Sen embargo, xa son moi numerosos os traballos e os artigos tanto académicos como de divulgación que teñen abordado o impacto da globalización, do neoliberalismo e finalmente da crise na nosa economía. Por esa razón neste traballo, sen ignorar o anterior, botaremos man dunha perspectiva diferente, quizais menos ambiciosa e máis apegada á realidade inmediata, pero que ao mesmo tempo pretende cuestionar determinados mitos que aínda existen á hora de caracterizar a nosa economía.

Analizaremos os cambios acontecidos na economía galega nos últimos tres decenios poñendo de relevo a perspectiva internacional, isto é, fixándonos na inserción de Galicia no espazo económico internacional. Escollemos este período basicamente porque o mesmo transcorre nun marco institucional estable, logo da ruptura democrática en España, que veu marcado polo desenvolvemento da autonomía política de Galicia e pola entrada na Unión Europea. O primeiro significou a asunción por parte dos poderes públicos galegos de competencias clave tanto nos servizos básicos do estado do benestar (educación, saúde, servizos sociais), como en diversas áreas de política económica entre as que podemos incluír ás políticas industrias e de innovación ou mesmo as de promoción exterior. O segundo implicou o alargamento do noso espazo económico de referencia, até chegar á agora controvertida unión monetaria, así como a aparición dun novo nivel político-administrativo con influencia en moitos sectores importantes na nosa economía, e en xeral nas nosas vidas. Dividimos o artigo en catro grandes bloques, á maiores desta introdución. O primeiro fará referencia aos cambios estruturais experimentados pola economía galega no período considerado, onde nos centraremos nas mudanzas no nivel de vida e da estrutura produtiva. O segundo bloque dedicarémolo a analizar a inserción da nosa economía no espazo internacional, analizando en primeiro lugar os patróns comerciais como o de investimento estranxeiro. Remataremos ese bloque cunha discusión, en termos actuais, sobre a condición periférica da economía galega. O terceiro bloque aborda de forma breve as principais consecuencias das debilidades estruturais que amosa a nosa economía, centrándonos en particular na cuestión demográfica. Finalmente, o último apartado abordará a xeito tamén de conclusión os retos de futuro aos que se enfronta o noso país dende o punto de vista económico.

## 2. Cambios estruturais das últimas tres décadas

**Mellora nos niveis de vida**

Dende principios dos anos 80 o noso país experimentou importantes cambios na súa estrutura económica e social. Un deles foi a mellora continua no noso nivel de vida, polo menos até o estoupido da crise a finais da década pasada. Podemos aproximarnos á evolución do nivel de vida botando man do ben coñecido índice de desenvolvemento humano (IDH), usado polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento e que integra parámetros relacionados coa saúde (esperanza de vida ao nacer), a educación (taxas de alfabetización e de escolarización) e a riqueza (renda per cápita). Pois ben, tal e como amosan estudos recentes publicados polo IVIE (2013), o IDH galego medrou cerca dun 18% entre 1980 e 2010 e fíxoo, ademais, lixeiramente por riba da media española que a súa vez experimentou un crecemento por riba do da Unión Europea(1). Vivimos máis tempo, o cal é mostra de mellores condicións de saúde; temos máis educación o cal nos dá *a priori* máis oportunidades de progreso e xeramos máis riqueza material. Seguimos amosando menores niveis de desenvolvemento que España e Europa, mais fomos quen de recortar diferenzas nas últimas décadas, aínda que só fora timidamente e sen lugar a dúbidas formamos parte do afortunado club dos países desenvolvidos do mundo.

Por outra banda, se nos centramos nun aspecto directamente relacionado co modelo de sociedade como é o da desigualdade e a pobreza, as conclusións son moi parecidas ás anteriores aínda que debemos destacar o importante deterioro que se ten producido por mor da crise económica iniciada en 2008. En calquera caso, tal e como xa teñen analizado polo miúdo Gradín e Del Río (2003), entre finais dos anos 70 e finais dos 90 produciuse en Galicia unha clara redución da pobreza e unha mellora da distribución da renda. En termos comparativos Galicia foi quen de recortar as diferenzas respecto a media española particularmente na segunda metade da década pasada até tal punto que a taxa de risco de pobreza no ano 2011 era do 18,8%, dous puntos inferior que na media española (INE, 2012). Curiosamente nesa altura aínda non se apreciara no noso país un agravamento importante, no referido á pobreza relativa, por causa da crise económica e do seu devastador efecto no emprego(2).

(1) Debido a problemas metodolóxicos, non podemos realizar unha comparanza directa entre o IDH galego, o español e o europeo. Os datos para Galicia proceden dun estudo realizado para o conxunto das CCAA españolas e no mesmo apréciase que Galicia pasa de ocupar o posto 14 no ranking do IDH Estatal en 1980 ao posto 10 en 2010. Por outra banda, os datos do PNUD amosan que España mellorou a súa posición relativa respecto á Unión Europea o cal nos permite afirmar que Galicia tamén o fixo, mesmo en maior medida.

(2) A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza, entendido como o 60% da media dos ingresos por persoa (realmente por unidade de consumo das persoas).

**Figura 1. Evolución do Índice de Desenvolvemento Humano, 1980-2010.**




**Fonte**: Elaboración propia a partir dos datos do IVIA (2013)

### Mudanzas na estrutura sectorial da economía

Existe aínda unha imaxe preconcibida da economía galega como unha economía fundamentalmente agraria e pesqueira, escasamente industrializada e cun sector terciario pouco desenvolvido. Pois ben, sen menosprezar a importancia estratéxica do agro e da pesca na nosa estrutura económica, o certo é que a súa achega directa ao emprego e ao PIB é hoxe minúscula. Do mesmo xeito, veremos como a industria en Galicia ten na actualidade un peso superior á media española e non moi dispar ao da Unión Europea. Finalmente, ao igual que tódolos países da súa contorna, a economía galega é hoxe fundamentalmente unha economía de servizos, sector que medrou ao mesmo ritmo que se destruía emprego no sector primario.

No ano 1980 algo máis de 475.000 persoas estaban empregadas en actividades agrarias e pesqueiras o que significaba máis dun 40% do emprego total do país. Trinta anos despois eran apenas 82.000 persoas as que traballan nestes sectores o cal representaba un 7,5% do total. A outra cara da moeda represéntana as actividades de servizos que se en 1980 ocupaban a un de cada tres traballadores, en 2010 presentaban unhas cifras que duplicaban ás de 1980, tanto no referido ao número de ocupados como ao seu peso na economía (un 66,3%). Non se produciron grandes variacións nin no volume de ocupados nin no seu peso relativo nos outros dous grandes sectores, industria e construción. A industria pasou de representar un 17,6% do emprego total en 1980 a un 15,7% en 2010 mentres que a construción, logo de sufrir unha expansión hipertrofiada na década dos 2000, tiña en 2010 un peso semellante a 1980, ao redor dun 10% do emprego total.

Constitúe esta evolución unha anomalía ou unha particularidade no contexto español e europeo? Rotundamente non. Non experimentamos nas últimas tres décadas nada que non experimentaran antes, despois ou ao mesmo tempo, outros países da Unión Europea. Quizais o trazo máis destacado é a rapidez do proceso de cambio producido, tal e como xa apuntaran no seu momento autores como Fernández Leiceaga e López Iglesias (2000), e que evidentemente tivo consecuencias sobre o modo de vida rural e a faciana do país. En particular, a sociedade galega pasou de ser maioritariamente rural a ser unha sociedade urbana,

agudizándose a concentración da poboación (sobre todo da máis nova) na franxa atlántica, xa maioritariamente urbana.

**Figura 2 (esq.). Evolución do número de empregados por sector.**

**Figura 3 (der.). Emprego nos grandes sectores, 2010.**







**Fonte**: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE e Eurostat

## 3. A inserción externa da economía galega

**Unha potencia exportadora (de bens, non de servizos)**

Galicia é un país exportador de mercadorías. A nosa balanza comercial de bens é claramente positiva, tanto en relación co resto do Estado como en relación ao resto de Europa e só é negativa co resto do mundo (sen contar España nin Europa) pola forte dependencia externa respecto ao petróleo. Visto en perspectiva temporal, tamén podemos afirmar que a entrada no daquela Mercado Común non pareceu sentarlle mal ao sector exportador galego. Se analizamos a evolución da taxa de cobertura (Exportacións/ Importacións x 100) do comercio de bens con outros territorios distintos ao español, podemos observar que se en 1988 existía un déficit comercial claro, na actualidade rexistramos un superávit consolidado. Se nos fixamos exclusivamente no comercio coa UE-27 vemos que, en toda a serie da que dispomos datos, existe un superávit comercial cunha tendencia ademais crecente.

Outro dos mitos da economía galega refírese a que Citroën é responsable da maior parte das exportacións galegas. Pois ben, os datos sobre o comercio internacional (sen contar España) matizan claramente esa idea preconcibida. O peso do "sector do automóbil" representaba en 2012 menos dun 20% das exportacións, case doce puntos menos que no ano 1995. Hai que ter en conta ademais que dentro desta rúbrica inclúense as partes e accesorios de vehículos que fabrican as numerosas empresas do clúster vigués da automoción as cales, en moitos casos, nin sequera teñen á empresa francesa como principal cliente. Por outra banda, nos últimos anos asistimos a un auténtico boom da exportación de produtos de confección vinculado ao fenómeno Inditex e a outras firmas que se en 1995 representaban un 5% das exportacións en 2012 xa superaban ao sector do automóbil. Trátase dun sector que ademais foi paseniño mudando a súa fasquía pois experimentou un proceso de deslocalización que non por iso significou unha perda de importancia na nosa economía, que seguiu a concentrar as actividades de deseño, loxística e outras, de maior valor engadido. O sector da alimentación, en particular o vinculado cos produtos do mar, constitúe outro dos puntais da exportación

galega xunto coa construción naval, se ben esta última amosa unha tendencia máis irregular, condicionada por encargos específicos. Nos últimos anos tamén se foi consolidando certa especialización en bens de equipo e manufacturas diversas, onde destacan os transformados da madeira e do aluminio. A galega é unha economía relativamente máis aberta e máis competitiva que a española, de tal maneira que non só rexistra unha balanza comercial máis positiva que esta última senón que o seu peso no comercio exterior español supera con creces a nosa achega en termos poboacionais ou de PIB.







**Fonte**: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os datos anteriores refírense en todo momento ao comercio exterior de bens e mercadorías mais, que ocorre cos servizos? Tradicionalmente os estudos sobre comercio exterior non consideraban as actividades terciarias debido á propia natureza das mesmas onde o proceso de produción e venda é simultáneo e por tanto a lóxica da almacenaxe e distribución para a súa exportación, propias das mercadorías, non é aplicable. Sen embargo, o anterior non sempre é así xa que hai determinados servizos que habitualmente son incluídos nas balanzas comerciais ao ser o cliente residente nun lugar diferente ao da empresa, nomeadamente os servizos turísticos ou os servizos de transporte. Mais a listaxe de actividades terciarias susceptibles de ser exportadas non queda aí e esténdese a un sector cada vez máis relevante nas economías desenvolvidas, non só dende o punto de vista do emprego e o valor engadido xerado, senón tamén da súa contribución á innovación nos territorios onde están presentes. Referímonos en particular aos servizos avanzados a empresas, tales como os servizos de consultoría, enxeñería e asistencia técnica, investigación, servizos informáticos, servizos fi-

nanceiros, etc. Nese sentido, González López (2009) ten indicado que a dinámica de produción e consumo deste tipo de servizos marca unha diferenza entre as (novas) rexións periféricas e as rexións centrais, na medida en que as segundas soen especializarse na provisión deste servizo ás segundas, que rexistran deste xeito un saldo comercial negativo nestas actividades. Nos distintos países europeos, ademais, soen ser as grandes capitais as que concentran este tipo de actividades e xogan ese papel de provedor a outras rexións. O caso galego sería un exemplo desta dinámica tal e como se evidencia no traballo sinalado máis arriba.

Pois ben, a partir de estudos previos e da evidencia estatística existente, podemos indicar que Galicia rexistra un saldo negativo no comercio exterior de servizos e que ese saldo é particularmente negativo co resto do Estado (e moi probablemente, aínda que carecemos de evidencia exacta, con Madrid). Así, as Táboas Input-Output de 2011 publicadas polo IGE (2015), indican que se ben Galicia rexistra un saldo positivo na balanza de bens co resto do Estado, o saldo é moi negativo cando nos referimos aos servizos (case 2.000 millóns de euros ese ano, ver figura 6). Esta mesma fonte de datos indica que as ramas onde se situaría ese déficit serían sobre todo os servizos informáticos, os servizos de consultoría e enxeñería diversa, os servizos financeiros, os servizos de publicidade, os servizos de hospedaxe e os servizos aéreos. Efectivamente, se comparamos o peso que teñen estas actividades na economía galega en relación á economía española, e en particular en comparanza coa capital madrileña (e en menor medida con outras autonomías), observamos un inferior nivel de desenvolvemento das mesmas no noso país (figura 7).

**Figura 6. Saldo comercial de Galicia con España e a UE-27.**




**Fonte**: IGE, (2015).

**Figura 7. Servizos Intensivos en Coñecemento cun maior déficit comercial.**




**Fonte**: IGE, (2015).

### O (escaso) investimento exterior de Galicia e dende Galicia

Outro dos indicadores clásicos para coñecer a inserción externa dunha economía é o investimento estranxeiro directo (IED) de entrada e de saída. Refírese a investimento sobre actividades produtivas, diferente ao investimento financeiro ou en carteira que busca unha rendibilidade financeira sen implicación produtiva directa. A base de datos DataInvex, do Ministerio de Economía e Competitividade, permítennos analizar o IED español por comunidade autónoma dende 1993 ao 2015. Tal e como podemos observar nas seguintes gráficas, Galicia rexistra un peso no conxunto español tanto no IED de entrada como no de saída inferior ao que lle correspondería polo peso da nosa economía. Aínda así, compre sinalar unha importancia relativamente maior de Galicia no IED de saída o cal, no conxunto do período, alcanzou un 2,22 % do total español, ficando o de entrada nun ridículo 0,76%. As razóns desta asimetría teñen que ver non só co escaso atractivo da nosa economía, razón que se aduce habitualmente para explicar estes dados, senón tamén pola distorsión do efecto capital que no caso español exerce Madrid. Así, moitos dos investimentos estranxeiros canalízanse a través de sociedades domiciliadas en Madrid independentemente do destino final dos investimentos. De feito, Madrid captou acorde ás mesmas fontes perto do 60% do IED total chegado a España entre 1993 e 2015, unha cifra moi superior ao seu peso na economía.

A pesares de ser esta unha distorsión que non amosa unha imaxe fidedigna do reparto territorial do IED que chega a España, o certo é que ten un efecto sobre a economía real posto que a concentración das sedes dos grupos estranxeiros na capital madrileña reforza pola vía da demanda o papel que alí teñen as actividades de servizos máis intensivos en coñecemento e man de obra cualificada. Isto ten a súa vez e como comentamos en apartados anteriores consecuencias tamén dende o punto de vista da competitividade, da innovación e da capacidade de crear emprego.

En canto á evolución nos últimos 20 anos do IED tanto de entrada como de saída esta é moi descontinua, o cal posiblemente se debe a que está condicionada por investimentos

específicos que alteran o conxunto. Aínda así cómpre sinalar a tendencia claramente crecente que sigue o IED de saída mesmo tendo en conta o parón dos anos centrais da crise económica. Teriamos por tanto unha evidencia dunha maior presenza no exterior das nosas empresas, tamén pola vía do investimento no exterior.

Por outra banda, en canto á orixe xeográfica perto do 80% do investimento recibido neste período procedía da UE, seguíndolle América Latina a moita distancia con algo máis do 10%. En canto ao destino do IED galego no exterior este tamén foi dirixido maioritariamente á UE se ben as ligazóns cos nosos socios comunitarios son menores que no IED de entrada, atinxindo o 41,7%. América Latina é o segundo destino cun considerable 24,5% no total do período sendo América do Norte o terceiro, cun 15%.

En resume, é claro o predominio da UE como socio non só comercial senón tamén no referido aos investimentos no estranxeiro. Tamén o é a importancia de América Latina, particularmente no referido aos investimentos galegos no estranxeiro, o cal dá boa conta das relacións históricas e culturais con este continente.

**Figura 8. IED en Galicia (miles de €)**




**Figura 9 (der.). IED de Galicia respecto a España**




**Fonte**: Ministerio de Economía (2016)

**Periferia 2.0**

Dende a publicación do Atraso Económico de Galicia, de Xosé Manuel Beiras, así como de varios traballos do profesor Ramón López-Suevos, a economía galega está ligada ao concepto de periferia económica (diferente do de periferia xeográfica). Os conceptos de centro e periferia en economía están moi vinculados ás teorías do subdesenvolvemento e do desenvolvemento desigual xurdidas a mediados do século pasado, onde se pretendía explicar a situación económica e a capacidade de desenvolverse dos territorios en función da súa inserción na lóxica espacial do sistema económico. Nese sentido, os autores nomeados anteriormente usaron tal conceptualización para remarcar o carácter periférico da nosa economía, naquel entón no marco da economía española, onde as rexións de vella tradición industrial, Euskadi e Catalunya, xunto coa capital madrileña ocuparían a posición de centro. A economía galega teríase desenvolvido de xeito extravertido (versus autocentrado), atendendo ás necesidades do centro con quen mantería unha relación de dependencia e, por tanto, de desigualdade (subministro de man de obra barata, materias primas e mesmo aforro). A maiores, botando man do occitano Robert Lafont, Beiras utilizaba o concepto de colonialismo interior que agravaba aínda máis as condicións da periferia ao carecer as rexións de aparello estatal e ao agraváren-se os factores de dominio político e cultural sobre os territorios periféricos.

Na actualidade, os termos centro e periferia seguen sendo comunmente utilizados nas áreas científicas da economía rexional e da xeografía económica, mais nin o respaldo teórico responde ao mesmo que usaron no seu momento Beiras ou Suevos, nin a fasquía que toma a dialéctica centro-periferia é a mesma. Incluso algúns autores e escolas teñen caracterizado como simplista unha análise que pretende resumir a dous polos a complexa relación das economías no espazo. Mais, aínda sendo esta unha cuestión de interese académico moi estimulante para quen lles escribe, non entraremos agora na mesma por ser un debate inconcluso e que soborda o obxecto deste documento. Si destacaremos que unha grande parte dos estudos actuais sobre desenvolvemento rexional se diferencian dos baseados nas teorías do subdesenvolvemento en que estes últimos partillaban un certo determinismo en relación á imposibilidade ou incapacidade dos territorios para mudar a súa situación e desenvolverse (e por tanto á perpetuación da dialéctica centro-periferia). Xa dende finais do século pasado moitos dos traballos máis destacados nesta área baséanse na idea de que cada territorio conta con recursos distintivos, económicos, culturais e institucionais, sobre os que apoiar a súa capacidade de desenvolvemento económico e que é necesario artellar estratexias para activar o potencial de cada un deles. Isto non quere dicir, ao noso ver, que o modo de inserirse na lóxica económica internacional non sexa tamén importante, e moito, pero non ten por que ser unha gaiola de ferro, como amosan os casos de moitas rexións europeas que foron quen de saír dunha situación teoricamente periférica (O Mezzogiorno Italiano, Irlanda, Finlandia, etc.).

Tendo o anterior en conta, cal sería entón a nova fasquía dos territorios periféricos?. Pois ben, na liña dos estudos de Vence e González (2009) e doutros autores, o mapa económico europeo estaría "dominado" por unha serie de rexións altamente desenvolvidas do centro e norte de Europa xunto coas capitais dos diferentes Estados europeos, tanto do Norte como do Sur. A verdadeira fronteira económica viría da man xa non da existencia de actividades industriais senón da capacidade innovadora dos territorios, manifestada entre outros trazos

nun tecido económico onde predominan as actividades de alta intensidade en coñecemento e tecnoloxía. Pola contra, a periferia europea –na que atopariamos a Galicia- estaría integrada por rexións con menor capacidade innovadora e onde dominan, no ámbito industrial, actividades de intensidade tecnolóxica media e baixa así como servizos pouco avanzados e intensivos en man de obra de baixa cualificación (Vence e González, 2009).[3]

Neste liña discursiva, podemos observar no seguinte mapa que se inclúe no informe elaborado pola Unión Europea (2016), *Regional Innovation Scoreboard 2014,* que Galicia aparecería entre as rexións de moderada *performance* innovadora. Esta medida da actuación innovadora constrúese como un indicador composto á súa vez por outros que captura aspectos que van dende a cualificación dos recursos humanos, as actividades de innovación das empresas e os resultados das mesmas en termos de introdución de innovación, patentes concedidas, etc. Este mesmo informe dá conta dun empeoramento da posición galega entre 2012 e 2014, o cal ben podería ser resultado da redución do esforzo innovador durante os anos centrais da crise económica, se ben seguimos manténdonos un chanzo por riba do grupo máis desfavorecido. En termos europeos, Galicia amosa certa fortaleza no eido da poboación con estudos superiores, exportacións de produtos de media e alta tecnoloxía e emprego en industrias intensivas en coñecemento. Sen embargo, ten feblezas na introdución de innovacións organizacionais e de marketing, gasto en innovación e gasto público en I+D. Cómpre sinalar que se ben o mapa indica que para o caso español só Euskadi amosa unha certa fortaleza innovadora, non era así nos informes anteriores onde Madrid, Cataluña e Navarra estaban incluídos tamén no mesmo grupo que Euskadi. O empeoramento da situación española en xeral en materia de innovación logo do estoupido da crise fixo sen embargo que só os territorios anteriores baixaran un nivel, non sendo así para o caso galego que sigue ocupando, en calquera caso, unha situación máis modesta que os territorios sinalados.

(3) Non quere isto dicir que as industrias tradicionais non poidan ser innovadoras, se non todo o contrario, e é aí onde seguramente teñamos que poñer a atención nos vindeiros anos en Galicia, senón que a escasa capacidade innovadora manifístase nunha menor presenza relativa de actividades de media e alta tecnoloxía/intensidade en coñecemento e que demandan man de obra de alta cualificación, necesarios para promover a innovación tamén nas actividades tradicionais.

**Mapa 1. Actuación innovadora das Rexións Europeas, 2014**



**Fonte**: Regional Innovation Scoreboard (2016)

## 4. As consecuencias das feblezas estruturais: avellentamento e devalo demográfico

A escasa capacidade innovadora é seguramente unha das causas do que posiblemente sexa o principal problema ao que se enfronta Galicia e a súa economía na actualidade e no futuro inmediato. Referímonos á perda de peso demográfico e económico que experimentou o noso país nos últimos anos, proceso que non ten trazas de reverterse no curto prazo. Se en 1981 a poboación galega representaba un 7,5% da poboación española, en 2011 esta porcentaxe caera ao 5,9%. Nunha etapa de crecemento demográfico no conxunto español, en particular nos anos de bonanza económica, Galicia experimentou un estancamento demográfico mesmo despois de remataren os procesos de emigración masiva das décadas dos 60 e 70. Neste período rexistramos unhas taxas de natalidade das máis baixas de Europa e non fomos quen de atraer tampouco poboación emigrante ao ritmo que o facían outros territorios da contorna, o que explica que sexamos tamén unha das rexións máis avellentadas do continente. Este fenómeno, con consecuencias variadas que todos podemos imaxinar, convértese ademais en factor relevante para o devir futuro da nosa economía, toda vez que as relacións causa-efecto entre factores demográficos e económicos teñen unha natureza bidireccional. Outro dos fenómenos demográficos que amosa as eivas da nosa economía é o saldo migratorio negativo entre a poboación máis nova, que conforma tamén a xeración con maior cualificación da historia do

país. E referímonos ao saldo migratorio e non ás saídas porque nun contexto onde o mercado de traballo galego está fortemente integrado no español e cada vez máis no europeo, é normal que se incrementen as taxas de mobilidade laboral dentro destes espazos. Sen embargo, a saída neta de continxentes máis novos, en particular cara o resto do Estado, significou a perda de aproximadamente 40.000 persoas de entre 16 e 34 anos dende 1992 a 2012. É Madrid, cun 35% do total en 2005, a comunidade que concentra a maior parte da emigración galega no Estado segundo os datos de Blanco e Fernández (2007), aumentando a distancia dese xeito respecto a Catalunya e Eusdadi, destinos tamén tradicionais da emigración galega. A saída de activos cara a capital do Estado é ademais particularmente selectiva e como se apunta nun estudo máis recente realizado por González Laxe *et al* (2013)[(4)], perto do 40% dos titulados universitarios galegos contratados no resto de España entre 2003 e 2010 dirixíronse a Madrid, unhas 15.500 persoas en termos absolutos.[(5)]

Este proceso de emigración selectiva ten unha clara lectura económica que entronca con aspectos discutidos anteriormente. Así, non é nada ousado afirmar que boa parte das persoas máis novas que cada ano deixan Galicia ocupa nos lugares de destino, máis cedo ou máis tarde, postos de traballo de alta cualificación en actividades relacionadas cos servizos avanzados e intensivos en coñecemento.

## 5. Os nosos retos: innovar cos pés na terra e pensármonos como centro económico

Neste traballo quixemos facer un breve repaso dos principais cambios económicos acontecidos en Galicia nos últimos trinta anos achegando tamén unha perspectiva internacional da economía galega. Comezamos cuestionando algúns dos arquetipos preconcibidos sobre a nosa economía e do país en xeral. Galicia xa non é aquela sociedade rural e agraria de antano e a súa estrutura produtiva experimentou modificacións propias das economías avanzadas da nosa contorna. En todo este tempo e como vimos, fomos quen de mellorar claramente o noso benestar económico e social até o punto de reducir as diferenzas históricas, e nalgúns casos superalas, respecto aos nosos veciños españois e europeos. Todo isto aconteceu a medida que se producían dous procesos clave dende o punto de vista histórico e institucional e que son en primeiro lugar a chegada e consolidación das institucións propias e do autogoberno, asumindo boa parte da prestación dos servizos do estado do benestar, e en segundo lugar a entrada na actual Unión Europea.

Temos tamén unha economía cada vez máis internacionalizada. Así o amosa o crecemento continuo do comercio internacional, non só en relación á Unión Europea, senón tamén ao resto do mundo. Tamén as nosas empresas teñen unha presenza internacional, dende o punto de vista produtivo, cada vez maior. A pesares dos altibaixos e de ter unha presenza

(4) González, F; Martín, F e Martín, F. (2013); "Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia" *Revista Galega de Economía*, 22, 2, 9-30

(5) Compre destacar o proceso puntual que se produciu na década dos 90 de emigración ás Illas Canarias dun volume nada desprezable e que afectou en particular a cohortes mozas. Dito proceso parou e mesmo chegou a reverterse claramente a partir do ano 2007.

cativa en relación ao conxunto español, o investimento galego no estranxeiro amosa unha tendencia crecente. A Unión Europea, en lugar destacado, seguida de América Latina, son os principais destinos deste investimento.

Sen embargo, a pesares dos anteriores avances a economía galega segue ocupando unha posición secundaria no contexto español e europeo. Nos últimos trinta anos fomos perdendo peso demográfico e económico o cal ten evidentes consecuencias en moitos outros ámbitos. Deixamos de ser un país pobre e atrasado, pero mantemos trazos dunha economía da periferia europea contemporánea, moi diferentes aos dos anos 60 e 70, pero periferia ao fin e ao cabo. O principal factor que explica esta situación é seguramente a escasa capacidade innovadora da nosa economía e que se manifesta, entre outras evidencias, nunha incapacidade por reter e atraer capital humano de alta cualificación e actividades vinculadas ao terciario moderno. Actividades vinculadas non só aos servizos a empresas máis directamente vinculados coa innovación, como son os  servizos de investigación e desenvolvemento ou os servizos de enxeñería, senón tamén actividades baseadas na creatividade como as propias da industria cultural e outras actividades profesionais.

Mais non sería de recibo rematar este traballo coa xa tradicional perspectiva pesimista da nosa economía pois do mesmo xeito que existen fraquezas, existen tamén fortalezas como as que posibilitaron a mellora nestes tres decenios así como oportunidades que debemos aproveitar nos vindeiros anos. Sen ánimo de ser exhaustivo e entendendo que un diagnóstico propositivo para a mellora da economía galega necesitaría un traballo máis profundo, indicaremos varios aspectos que consideramos clave a este respecto.

O primeiro refírese á necesidade de innovar a partir do que somos e do que posuímos, que non é pouco. A economía galega terá dificultades en competir en sectores de alta tecnoloxía mais si o poderá facer en moitos outros nos que temos amosado o noso bo facer historicamente e nos últimos anos. Referímonos, só a modo de exemplo, ao sector da alimentación vinculado ao mar e ao agro, onde é conveniente focalizar unha parte destacada dos recursos de apoio á innovación. A aposta pola diferenciación baseada na vinculación ao territorio e á cultura propia, pero achegando novos formatos de comercialización (mercados de proximidade) e estando atentos ás grandes tendencias do mercado (produtos funcionais, ecolóxicos, etc) debe ser unha estratexia a seguir. Para iso debemos poñer os nosos recursos científicos e humanos ao servizo do tecido produtivo, e moi particularmente ás universidades. É tan só un exemplo pero a estratexia, coas súas particularidades, non debería ser diferente noutros moitos sectores tales como industria da madeira e forestal, a de produtos metálico ou a enerxética, onde a nosa vantaxe competitiva non pode seguir sosténdose case unicamente na dotación de recursos naturais ou en menores custes laborais. Redunda dicir que a implicación das institucións do país, con competencias xa desenvolvidas no ámbito das políticas de innovación, é clave para poder artellar unha estratexia acaída á realidade do noso tecido económico.

O segundo factor ten que ver co artellamento interno e coa comunicación do país co exterior. Como xa vimos, outro dos grandes cambios acontecido en Galicia nos últimos decenios é o da conversión nun país máis urbano onde o dinamismo económico e demográfico se concentra no eixo atlántico. Trátase dunha nova realidade sustentada nun sistema poliur-

bano e que non parecemos ter ben en conta ao establecer as nosas prioridades en materia de infraestruturas. Un país onde non existe unha grande cidade, cun mercado de traballo amplo e diversificado que funcione como imán para atraer persoas e empresas asociadas á nova economía, ten que facer da necesidade virtude e converter o noso sistema de cidades pequenas nese polo de atracción. Por iso é esencial reducir os custes de mobilidade interna e racionalizar, dende unha perspectiva global, os de comunicación co exterior. Evidentemente, isto atinxe mudanzas importantes na políticas aeroportuaria, onde as instancias políticas se amosan incapaces de artellar unha estratexia que sitúe a Galicia no mapa europeo, e tamén no eido portuario, onde Galicia ocupa unha excelente posición para atraer tráfico de todo tipo a nivel internacional.

O terceiro ten que ver coa apertura ao exterior pero non unicamente dende a perspectiva comercial ou estritamente económica. Referímonos á apertura dende o punto de vista do coñecemento, da innovación e mesmo da cultura. Ningunha persoa, empresa ou país innova en solitario, precisa coñecemento externo para enriquecer a súa propia base de coñecementos. Estudos recentes no campo da economía da innovación e da xeografía económica destacan, como factor de competitividade dos territorios, a súa capacidade para atraer coñecemento do exterior, ben sexa pola vía da man de obra creativa (Florida, 2002) ou polas conexións das súas empresas ou universidades (González e Fernández, 2016). Sendo concretos e dende a perspectiva máis vinculada coa innovación, Galicia ten un reto moi importante para o futuro que é incrementar a súa participación nos programas europeos de apoio á innovación. Os datos de captación de fondos europeos para este fin, amosan unha forte debilidade que debemos corrixir de inmediato. E non polo feito de non obter ese financiamento, senón pola oportunidade desaproveitada de interactuar con empresas, universidades ou centros tecnolóxicos e de investigación doutros países europeos. Dende unha perspectiva máis global, as conexións culturais de Galicia co exterior precisan un revulsivo. Debemos forxar vínculos que vaian máis alá do noso espazo histórico e político natural, que é España, e daquel outro máis amplo que é Latinoamérica, ao que aínda nos une a emigración. En particular e dende o noso punto de vista, existe unha marxe moi importante para reforzar os vencellos co resto de Europa, ao compartirmos un mesmo espazo político. Dar a coñecer Galicia, como espazo de benestar cunha cultura europea de seu, non é só unha panca para promover o turismo, senón tamén un imán para profesionais que queiran desenvolver aquí o seu traballo e a súa vida.

Rematamos. E facémolo indicando que dende a nosa perspectiva dificilmente imos ser quen de mudar a posición que colectivamente ocupamos no contexto internacional se non existe a vontade para facelo. Pode semellar algo obvio pero quen coñeza a realidade política e social deste país sabe ben do que estamos a falar. Sabendo o lugar que ocupamos, cómpre reinventármonos a partir do que somos e sobre todo pensarmos Galicia como centro económico e tamén político, aberto ao mundo.

**Manuel González** *é Profesor Doutor do Departamento de Economía Aplicada da USC.*

## Referencias


BANCO DE ESPAÑA (2013); "Cuentas financeiras de la economía española" *Estadísticas*. Banco de España

BLANCO, H. e FERNÁNDEZ, M. (2007); *Migraciones y capital humano: el caso gallego.* Comunicación presentada no *Encuentro de Economía Laboral y de la Educación*, 12-13 de Julio de 2007

COSTAS, A. e ARIAS, X.C. (2011); *La torre de la arrogancia. Políticas y mercados después de la tormenta*. Ariel: Barcelona

EUROPEAN UNION (2012); *Regional Innovation Scoreboard 2012*. European Commission. DG Enterprise and Industry

FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. e LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000); *Estructura Económica de Galiza*. Laiovento: Compostela

FLORIDA, R. (2002). "The economic geography of talent". *Annals of the Association of American geographers* 924: 743-755.

FMI (2013); "Toward a Fiscal Union for the Euro Area", *IMF Staff Discussion Note*. SDN/13/08

GONZÁLEZ, F; MARTÍN, F e MARTÍN, F. (2013); "Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia" *Revista Galega de Economía*, 22, 2, 9-30

GONZÁLEZ, M. (2009); "Regional differences in the Growth Patterns of Knowledge-Intensive Business Services: an Approach Based on the Spanish case" *European Urban and Regional Studies*, 16, 1: 101-106

GONZÁLEZ, M. e FERNÁNDEZ, J. (2016); "Openness and innovation in EU regions" *3rd Geography of Innovation Conference*. Toulouse, 28-30 Xaneiro 2016

GRADÍN, C. e DEL RIO, C. (2003); "A distribución da renda en Galicia: Balance das tres últimas décadas" *Revista Galega de Estudos Sociais*, 1, 41-56

IGE (2015); "Marco input-output de Galicia 2011"; *Sistema de Contas*. IGE

INE (2012); "Encuesta de condiciones de vida. Año 2012". *Notas de Prensa del INE*

IVIE (2013); *Desarrollo humano en España. 1980-2011*. Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD (2016); *DataInvex. Estadísticas de inversión española en el exterior* y *Estadísticas de inversión extranjera en España*. http://datainvex.comercio.es

VENCE, X. and GONZÁLEZ, M. (2009); "Regional Concentration of the Knowledge-based Economy in the EU: Towards a Renewed Oligocentric Model?" *European Planning Studies*. 16: 557-578.



Xulio Rios
Director do IGADI e do Observatorio de la Política China










































1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA

# SESIÓN SOCIAL

EMILIO M. MARTÍNEZ RIVAS

TERESA MOURE

XAVIER ALCALÁ

Moderación: Álvaro X. López Mira


XUÑO 2016
Teresa Moure
Álvaro X. López Mira
Emilio M. Martínez Rivas
1º
CONGRESO de
ESTUDOS

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 87-92

# As ONG para o Desenvolvemento nunha paradiplomacia en Rede

***Emilio M. Martínez Rivas***

## O concepto de diplomacia

A primeira pregunta que debemos facernos é: que entendemos por diplomacia? As definicións son múltiples: por exemplo, en internet atopamos esta definición: *"É a ciencia que estuda as relación e os intereses dunhas nacións con outras. Tamén se utiliza este concepto para referirse á forma en que os Estados manexan as súas relacións internacionais"*. O dicionario da Real Academia Española danos varias acepcións: *"rama da política que se ocupa do estudo das relacións internacionais; conxunto dos procedementos que regulan as relacións entre os Estados ou servizo dos Estados nas súas relacións internacionais…"*. Non vai ser posible entender a *paradiplomacia* sen entender primeiramente que é o que é a diplomacia.

Vivimos nun momento histórico no que moitos feitos antes seguros, que dabamos por seguros, están hoxe postos en cuestión. No ámbito que nos ocupa nestas páxinas pode ser de interese traer a colación como a mesma noción de poder, do uso do poder, dos seus límites ou a súa falta de límites é obxecto de debate.

O que fora ministro de Fomento venezolano, director do Banco Central dese país, director executivo do Banco Mundial e director, dende 1996 ata o 2010, da revista *Foreign Policy*, Moisés Naím, publicou en 2013 o libro **"*O fin do Poder*"** no que desenvolve a tese da emerxencia de novos "poderes" que cuestionan os tradicionais, limitándoos, facendo a política, tamén a internacional, máis complexa. Xa non existen poderes omnímodos, existen poderes que se pactan, que se comparten, que se discuten…

> *… o poder funciona a través de catro canles diferentes:* ***a forza, ou a pura coacción****, que obriga á xente a facer cousas que doutro xeito non faría;* ***o código****, que é o poder que se orixina na obriga moral;* ***a mensaxe****, o poder da persuasi*ón, e ***a recompensa****, o poder do incentivo,. Dous deles –a forza e a recompensa- alteran os incentivos e modifican unha situación para empurrar á xente a actuar de determinado xeito, mentres que os outros dous –a mensaxe e o código- alteran a percepción que teñen as persoas dunha situación pero sen cambiala. Para que a forza, o código, a mensaxe e a recompensa sexan eficaces, deben existir barreiras detrás das cales se escudan quen teñen poder. E o que fan as revolucións do máis, da mobilidade e da mentalidade é precisamente reducir a eficacia desas barreiras."*

No referente á diplomacia, o desenvolvemento dunha política internacional, dunha acción exterior, por parte dos Estados-Nación clásicos é cuestionada tanto por organismos internacionais aos que en maior ou menor medida, de mellor ou peor gana, ceden capacidade para interactuar no seu nome, ou ceden "soberanía"; como, por outra banda, por entidades subestatais que por distintas razóns: países dentro de estados reivindicando a súa propia acción exterior como un medio de autoafirmación nacional (por exemplo, o caso de Cataluña no

seo do Estado español) ou proximidade á cidadanía e aos seus problemas (distintas iniciativas no ámbito local), reclaman tamén capacidade para desenvolver unha acción exterior propia, no marco, ou non, da propia acción do Estado-Nación.

Foi este reclamo de capacidade para a acción exterior, unha de cuxas formas de desenvolvemento é a capacidade para relacionarse tanto con iguais, constitutivos doutros Estados-Nación, como con outros Estados-nación ou as propias organizacións internacionais o que dá lugar ao concepto de paradiplomacia.

## A paradiplomacia

Sobre o concepto de paradiplomacia podemos atopar múltiples definicións. Lucia Felli, investigadora do Instituto de Relacións Internacionais da Universidade Nacional de La Plata nun artigo de 2015 no que fai unha recompilación de artigos sobre o tema publicados na revista desa entidade académica no período comprendido entre 1991 e 2013, recolle a definición da que é autor Martínez Senhoras, e que para os nosos efectos é a que ten maior sentido, xa que supera a constrición imposta por outras exclusivamente referidas a institucións subnacionais considerando que a paradiplomacia*"refírese a procesos de extraversión de actores subnacionais como Estados locais e rexionais, empresas, organizacións non gobernamentais, que procuran practicar actos e acordos internacionais a fin de obter recursos e resolver problemas específicos de cada área con maior rapidez e facilidades sen a intervención dos gobernos centrais (2009)".*

Existen outras formas de nomear estas actividades cando as realizan entidades non gobernamentais. Por exemplo, podemos citar a usada polo Foro Internacional das Plataformas Nacionais de ONGs (FIP) que fala de *"diplomacia non gobernamental",* existindo outros autores ou organizacións que se refiren a *"diplomacia paralela",* por exemplo Laura Alejandra Palacios nun recente estudo de caso sobre a construción de procesos de paz en Colombia, publicado en 2015, no que di:*"É o manexo das relacións entre actores de diferentes índoles do Sistema Internacional, como as Organizacións Non Gobernamentais (ONG), as comunidades, os grupos da Sociedade Civil e as rexións, para a obtención de recursos de cooperación internacional para a execución de proxectos económicos, culturais, sociais, entre outros... Comprende o establecemento e desenvolvemento dunha serie de relacións diplomáticas paralelas principalmente entre actores da sociedade civil, con membros de gobernos e/ou funcionarios de organismos internacionais, sen a mediación do Estado no que se encontra a rexión ou o grupo da sociedade civil que busca a cooperación internacional".*

## As ONGs e a paradiplomacia

As ONGs que teñen o seu campo de traballo na cooperación para o desenvolvemento ou a axuda humanitaria, desenvolven por definición, porque é a súa razón de ser, acción exterior, sexa porque os proxectos que financian ou apoian do xeito que sexa se desenvolven alén das fronteiras dos países en que teñen a súa sede, usualmente países con niveis de desenvolvemento baixos ou moi baixos, ou afectados por algunha catástrofe natural ou causada

pola acción do ser humano. Isto por si só non constitúe unha forma de paradiplomacia, si unha forma de relación internacional se se quere, pero non paradiplomacia, aínda axustando o termo á realidade dos fins das ONGDs que non consisten en buscar un beneficio propio, a diferenza, a maior parte das veces, do obxectivo da diplomacia dos Estados ou da paradiplomacia das entidades subestatais.

Referido ás ONGs, a FIP sinala:

> "Para materializar todo o potencial da diplomacia non gobernamental, ás ONGs, teñen que asumir dous retos:
> -o da organización e a creación dun "actor colectivo internacional da solidariedade"
> -o da definición de posturas e propostas comúns".

O FIP identifica unha serie de métodos e instrumentos da diplomacia non gobernamental, froito dunha serie de exercicios de traballo:

» Estudos e análises
» Misións conxuntas no terreo
» Difusión de información/redes de coñecidos
» Fortalecemento de capacidades
» Participación ao marxe de eventos internacionais
» Parcería coas institucións públicas
» Estruturación da sociedade civil. Multiplicar as forzas sobre a base do común que une os diferentes colectivos sociais.

No mundo das ONGs, case na súa prehistoria, existen exemplos de éxito de paradiplomacia ou diplomacia paralela, na que organizacións da sociedade civil buscaron influír nas decisión dos Estados. Un exemplo de éxito foi a Anti-Slavery Association, fundada en 1823 co obxectivo de abolir a escravitude:

Pensemos tamén na orixe de Cruz Vermella… a batalla de Solferino, 1859, Henry Dunant, e o papel de mediación entre Estados, o papel en conflitos, o Dereito Internacional Humanitario…

Hoxe, calquera dos lectores, con pouco esforzo, podería referirse a varias campañas internacionais realizadas por ONGDs que obtiveron repercusión nos medios de comunicación a nivel internacional:

» Xa esquecidas polo tempo pasado podemos facer mención das campañas nos anos 70 e 80 para regular a promoción do leite en po que na altura impulsaban as multinacionais da alimentación en países en vías de desenvolvemento o que implicaba o incremento da desnutrición e de enfermidades infecciosas, ao non ser adecuadas as condicións destes países para este tipo de alimentos (carencia de recursos para a adquisición de cantidades suficientes ou dificultades de acceso a auga potable…).
» Campaña contra a explotación do traballo infantil, desenvolvida nos anos 90, que tiña como obxectivo promover cambios nas normas da Organización Internacional do Traballo e nas normas nacionais de múltiples países.
» "Hai secretos que matan", contra a falta de transparencia na venda de armas. Campaña que foi impulsada ao longo da década dos 90 do século pasado e durante os primeiros anos do século presente, por un consorcio de organizacións sociais de

diferente ámbito: Intermón-Oxfam, cooperación ao desenvolvemento; Amnistía Internacional, dereitos humanos; Greenpeace, ecoloxismo; Médicos Sen Fronteiras, axuda humanitaria.

» Campaña internacional pola abolición das minas antipersoa, impulsada por una rede de mais dun milleiro de organizacións e que obtivo o Premio Nobel da Paz en 1997, ano no que se asinou o Tratado de Ottawa que limitaba o uso destas armas.

Con carácter xeral e seguindo o artigo de Michel Edwards, David Hulme e Tina Wallace, *"NGOs in a global future",* publicado en 1999, a profesora Monserrat Abad nun artigo de 2014 sobre a diplomacia paralela da sociedade civil ante os conflitos: vantaxes, inconvenientes e desafíos con especial referencia á UE (Anuario Español de Derecho Internacional), identifica os seguintes ámbitos de actuación, citando textualmente:

> *"As organizacións non gobernamentais poden axudar, en grande medida, á realización de cometidos relacionados, inmediata ou mediatamente, coa prevención de conflitos:... intentar o logro dunha influencia sobre os gobernos nacionais de cara a que estes adopten políticas exteriores sustentadas en consideracións que vaian mais alá das puramente realistas, para dar paso tamén ás de tipo ético; examinar as formas a través das cales as Nacións Unidas poderían recuperar a súa credibilidade e desenvolver a capacidade de comprometerse no mantemento da paz de xeito efectivo; explorar estratexias mediante as cales a sociedade civil, tanto no plano nacional como global, puidera avanzar con respecto ao que constitúe a súa resposta actual en complexas situacións de emerxencia política, a fin de conseguir que os gobernos se mobilicen reaccionando de modo temperán perante conflitos emerxentes, que se atopen no inicio do seu potencial ciclo vital, ao contrario do que adoita constituírse en norma fundamental ("too little, too late"); e inspeccionar o* ámbito privado para detectar quen gañan nas economías de guerra, posto que e*n moitos casos podían eliminarse ou rebaixarse o xogo dos intereses mercantís, que, nalgúns casos aparecen á vista de todos e que, noutros, atópanse* máis *agochados" (diamantes en Serra Leoa, madeira en Liberia, coltan, casiterita, ou xermanio en por exemplo a República Democrático do Congo)"*

As ONGDs como activos no mundo da paradiplomacia, ou no mundo da diplomacia paralela, ou da diplomacia non gobernamental, non son unha realidade común, a paradiplomacia non forma parte das características orixinarias no nacemento da meirande parte das ONGDs. A paradiplomacia é un punto de chegada, o resultado da evolución histórica destas organizacións.

David Korten, na súa obra de 1990 *"Getting to de 21th Century: Voluntary Action and the Global Agenda",* recoñecía tres xeracións de ONGDs, ampliadas logo ata catro por Ignacio Senillosa (1998), quen fora director de Estudos de Intermón-Oxfam, nun artigo publicado pola prestixiosa revista *Development in Practice*:

» <u>de carácter asistencial:</u> a pobreza definida como a falta de bens e servizos (logo da Segunda Guerra Mundial).

» <u>Orientada ao desenvolvemento local do Sur e á sensibilización do Norte</u>, anos 60, promóvese un modelo de desenvolvemento como o do Norte.

» Asociación co Sur (parcería) e de denuncia das causas do subdesenvolvemento (anos 70), conferencia de Alxer de 1974, movemento dos Non Aliñados…
» Empoderamento e presión política… concrétase en combinar o reforzo das capacidades das poboacións coa presión política, entendida non só como reivindicacións senón tamén como elaboración de propostas. Tándem protesta máis proposta.

O símil do peixe e a cana segue a ser hoxe tan ilustrativo como fai décadas… pasamos de dar o peixe a dar a cana a ensinar a facer a cana e logo cuestionar como se distribúen os dereitos para acceder aos ríos e mares para pescar…

## Existe una paradiplomacia das ONGDs galegas?

No caso galego, o que temos que preguntarnos é se é posible unha paradiplomacia da sociedade civil organizada nas ONGDs. E temos que asumir que para existir unha paradiplomacia tería que existir un sector galego de ONGDs, e o caso é que afirmar isto, hoxe, podería ser cuestionable, moi cuestionable.

Existen ONGDs en Galicia, unhas 100 inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, pero na inmensa maioría dos casos son organizacións dependentes, con centros de decisión noutros lugares, sen capacidade propia para desenvolver alternativas… apenas podemos falar, no referente a campañas sociais, de Amarante, cun papel protagonista en campañas como *"Roupa Limpa",* co obxectivo de mellorar as condicións de traballo dos traballadores, e sobre todo das traballadoras, das empresas que operan baixo contrato para os grandes conglomerados internacionais da moda: INDITEX, HM, GAP, BENETTON, MANGO, ou da roupa deportiva NIKE, ADIDAS…

A chea de organizacións que hoxe se presentan en Galicia como de cooperación ao desenvolvemento están situadas en non poucos casos no ámbito fundamentalmente asistencial… mudarán, evolucionarán… imos deixar que se beneficien da dúbida… pero o caso é que hoxe máis que a solidariedade o que as move e á caridade, entendida esta como ese dar o que nos sobra que está detrás de moitas campañas de recollida de todo tipo de obxectos.

O papel do nacionalismo político nesta situación non foi neutral ao longo das últimos decenios. O nacionalismo político organizado, de esquerdas case sempre, non tivo, e non ten, unha política activa no eido da cooperación ao desenvolvemento ata moi tarde, e sempre da man de persoas individuais, mais que froito dunha reflexión colectiva que calara nas organizacións. En todo caso, si se pode citar a participación da Sindicato Labrego Galego que se integrou na plataforma Vía Campesiña e que dalgún xeito tentou buscar vías de colaboración con diferentes organizacións, tanto a nivel local como internacional.

As relacións entre o nacionalismo organizado e as organizacións de cooperación non sempre foron fáciles e non estiveron exentas de desconfianza… pasando de visións e actuacións ultra críticas coas ONGDs a actitudes exentas de todo tipo de crítica a organizacións de dubidosa traxectoria.

A suma destas dúas situacións, por unha banda a inexistencia dun sector de cooperación con capacidades autónomas e a falta de madurez de moitas das organizacións creadas recentemente, fainos pensar que hoxe en día falar dunha paradiplomacia ou dunha diplomacia

das organizacións sociais galegas no ámbito da cooperación ao desenvolvemento é falar dun desexo que tardará en verse materializado aínda moitos anos. Sería precisa unha organización, unhas organizacións, que foran quen de desenvolver músculo económico, estrutura organizativa, capacidade de intervención e de relación institucional; faría falta tamén que esta organización, ou organizacións, contase cuns principios de actuación asentados na solidariedade militante, no reto do cambio de estruturas…

***Emilio M. Martínez Rivas*** *(Ribeira, 1965) é Licenciado en Ciencias Económicas (USC), na que tamén cursou estudos sobre xestión da innovación tecnolóxica na empresa. Entre 1998 e 2005 foi presidente da Coordinadora Galega de ONGs para o Desenvolvemento. Profesionalmente ten traballado no sector público na USC e na Universidade de Vigo, na que na actualidade é vicexerente de Recursos Humanos, así como no sector privado como consultor. Entre 2006 e 2009 foi director-xerente da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Forma parte do Consello Reitor do IGADI e colabora habitualmente con diversos medios de comunicación.*

## BIBLIOGRAFÍA

ABAD, M; (2014): "La diplomacia paralela de las organizaciones de la sociedad civil ante los conflictos: ventajas, inconvenientes y desafíos, con especial referencia a la UE", en *Anuario Español de Derecho Internacional*, Vol. 30, 7-46.

ARANDA, G; e outros (2010): *"*Experiencias paradiplomáticas en la región del Tarapacá y suproyecciónsubregional*", Estudios Internacionales*, 165, 33-74, Universidad de Chile.

EDWARS, M; e outros; (1999), "NGOs in a global future: marrying local delivery to worldwide leverage",en *Public Administration and Development*, 19, 117-136.

FELLI, L; (2015); "La paradiplomacia en la revista Relaciones Internacionales*",* en *Relaciones Internacionales*, 49, 23-50, Bos Aires.

FORO INTENRACIONAL DE PLATAFORMAS NACIONALES DE ONGs (FIP): *"Experiencias y perspectivas del FIP"*, consultado en: http://www.welthungerhilfe-americadel-sur.org/download/CSUD-Brochure-DNG-ES-BD.pdf ultima consulta: 5 de setembro de 2016.

KORTEN, D; *(1990); Getting to the 21st Century: Voluntary Action and the Global Agenda*, Kumarian Press.

ROJO, A; (2016); *"*A presenza do actor rexional no scenario internacional*",* en *Tempo Exterior*, 32, vol. XVI (II), páx. 7-16.

SENILLOSA, Ignacio (1998):"A new age of social movements: A fifth generation of non-governmental development organizations in the making?",en *Developmentin Practice*, 8:1, 40-53.

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 93-100

# Ativos duma paradiplomacia em rede

*Teresa Moure*

Infelizmente, eu nunca estudei para paradiplomata, nem sequer para diplomata. Mas como investigadora e como pessoa crítica com o conceito de Estado, interessa-me o papel que diversas entidades ou atores podem jogar na internacionalização do conhecimento. Parece imprescindível, portanto, iniciar com certas cautelas. Vou tentaraplicar o escalpelo a analisar a linguagem, para destapar os perigos que podem estar sob a pele e os tecidos num encontro como este. Com uma certa deformação académica habitual nos estudos filosóficos, antes de propor nada, tenho que negar a maior.

## Primeiro ponto: delimitar o significado do termo internacional

A palavra *internacional* é formosa, sonora na forma e dinâmica no conteúdo, mas pode pronunciar-se, como todas, sem significar absolutamente nada.

Numa situação ideal, algo é internacional se é comum a duas ou mais nações, se supera limites e fronteiras; se respeita as diferenças e, ao tempo, une. Neste suposto, circularia um fluxo (na forma de produtos materiais ou de informações) com *feedback*, com retroalimentação entre as duas comunidades. A mensagem seria "Partilhamos X, um canal internacional, que nos permite perceber-nos melhor. Assim, eu posso dar*a* e tu podes dar-me *b*". Noutras palavras, as duas comunidades conectadas exercem entre si uma influência mútua.

Nesta perspetiva, a internacionalidade é, como dizemos na metodologia da investigação científica, uma propriedade de emergência, quer dizer, a internacionalização produz imediatamente a aparição duma consequência que não deriva diretamente do intercâmbio, mas que é gerada por ele, como algo *ex novo*. Vou pôr um exemplo. O cristianismo pretendia o ecumenismo. Em determinados momentos históricos, duas sociedades cristãs partilhavam um relato sobre a existência ou uns valores morais e, portanto, era mais fácil para um indivíduo instalar-se num país desse mesmo contorno religioso do que num país árabe. Tal vez continue a ser assim. Ou era mais fácil fazer guerra nas Cruzadas (contra o mouro, esse estranho) do que contra outros vizinhos.

Segundo exemplo, ao falar de internacional não se pode evitar que venha a nós uma melodia, precisamente o hino conhecido com esse nome. Pois bem, o comunismo como sistema de crenças pretende dos seus começos ser internacionalista e, em consequência, tem de dialogar com realidades nacionais convulsas: daí emana, como propriedade emergente também, um discurso anti-imperialista logicamente matizado e que pode entrar em contradição com o principal. Sobre a base destes exemplos, hei de chamar hipótese *(a)* esta que identifica o termo *internacional*com uma influência mútua entre duas realidades em contacto, que gera algo novo e não trivial.

Porém, habitualmente, *internacional* apenas significa imposto na prática num território extenso, ultimamente na totalidade do planeta. Por dizer mais claro, significa ape-

nas "bem vendido". A globalização neo-liberal é internacional nesse segundo sentido. Sem atenção à diversidade, sem *feed-back* inter-cultural, apenas se trata duma manifestação do capitalismo, onde um produto (material ou não) produz cobiça e gera dividendos. Para exemplificar, acudimos agora às pirâmides egípcias. Atendendo à literatura, já nos romances de Agatha Christie se apresentava um círculo europeu que frequentava como turista as pirâmides. Custa pensar que todas as famílias bem posicionadas da Inglaterra tivessem interesse na arqueologia. Estava-se a vender um ambiente exótico, ou talvez, um clima.

Como segundo exemplo poderíamos recorrer à coca-cola ou à pizza convertida em *fast food*: uma comida para pobres, que só exigia farinha coberta com algum alinho e uns petiscos que não bastariam para tirar a fome (como a nossa empada) tornou em *delicatessen*, especialmente para a população juvenil, incapaz, por outra parte, de degustar os pratos tradicionais das suas respetivas gastronomias. A palavra de ordem é detesto verduras, detesto peixe, não como carne; mas adoro pizza com cogumelos, pizza com camarões ou pizza com toucinho. Cá internacional, como pode apreciar-se, implica a expansão inexplicável, ou explicada pelo *marketing*, de algo que não se percebe bem. Sem *feedback*, sem refluxo, sem interculturalidade, esta internacionalização só se sustenta em que um produto está na moda. Esta é a hipótese *b*.

A reflexão que tento desenvolver convidaria a sermos ativos numa internacionalização enriquecedora e sujeita ao critério ético e antropológico de defesa da diversidade. Noutras palavras, se se tratar de sermos ativos duma paradiplomacia, deveríamos procurar a internacionalização do tipo *a* e não do tipo *b*. Não se trata só de pesquisar nas nossas possibilidades de vender, mas também de dar um sentido a esse intercâmbio, de reclamar nele o direito à própria cosmovisão e de mergulhar-se noutras visões do mundo alternativas. Quando uma orquestra funciona bem, cada instrumento interpreta a melodia. Não todos fazem da mesma maneira. Não todos tocam as mesmas notas. Mas juntos produzem algo novo.

## Segundo Ponto: delimitar cuidadosamente os objetivos da paradiplomacia

Para continuarmos com o escalpelo, em momentos de crise económica, como o presente, a reflexão, que é justamente o que nos propõe este encontro, tende a ser eliminada. Ou mesmo pode ocultar uma pergunta inquietante: *que é que podemos vender?* Evidentemente, é legítimo mover-se em defesa própria mas, quando se pinta o símbolo do dólar na face, algo tende a ir mal ou, ao menos, tende a virar para a hipótese *b*, a proposta que antes desbotávamos.

Se na Galiza formularmos esta pergunta –que é que podemos vender?–, o primeiro que aparece, curiosamente, neste país envelhecido, despovoado e maltratado, são traços identitários: rias, paisagens de montanha e fraga, clima húmido e suave, história, gastronomia. Essa realidade visa para o turismo como alternativa económica. Não é, provavelmente, a melhor resposta, a de ser o lugar onde outros gastem o tempo de lazer. Mas o escalpelo não deve cortar os tecidos sãs; isto é que há, cá e agora. Obviamente, poderia-se argumentar também que temos algumas empresas internacionalizadas –Estrella de Galicia, Coren, Zara, por citarmos alguns exemplos– mas não dispomos de soberania política e, portanto, essas

empresas produzem ganhos para si próprias, para os seus acionistas; não pagam impostos que as obriguem a retornar uma parte da sua riqueza precisamente ao território onde nascem, de maneira que temos que procurar mais bem em produtos simbólicos.

Vendermos turismo, obviamente, exigiria políticas de proteção dos espaços naturais. Exigiria um equilíbrio delicado entre meios de transporte e ecologia, uma possibilidade deliberadamente evitada quando se decidiu optar pelo AVE, por exemplo. A nossa tradição política neste sentido é bastante insuficiente: vender paisagem e instalar uma central de regaseificação na ria de Ferrol, a mais fechada sobre si própria, para além de colocar a população em risco, não faz sentido. Ninguém quer passar as suas férias frente a uma nave industrial. Mas os paradiplomatas não decidem estas questões. Podem resistir-se a dançar com o embaixador, podem formular reflexões mas não decidem políticas.

A pergunta sobre que podemos vender está sujeita ao bem comum (não aos ganhos duma minoria) e regulada também por critérios ecológicos. Esta, a meu ver, é uma restrição necessária.

## Terceiro ponto: solucionar os problemas e olhar tudo com outra perspetiva

Paradiplomatas podem é pensar no principal traço com que nos apresentamos no mundo, com o que intervimos nele. E esse é a língua. Temos uma língua que –embora ser reiteradamente, ao longo da história e agora, perseguida pelo poder– nos faz diferentes. Essa peculiaridade foi vista tradicionalmente pelo conjunto da população como uma carga. O galego não tem utilidade ao passar Pedra-fita, insiste uma visão tradicional e pouco hábil da nossa idiossincrasia. Porque o galego pode navegar ou voar e chegar-nos ao gigante do Brasil, ou a territórios dispersos noutros continentes –Angola, Moçambique, Macau, Timor– ou pode sair pelo Sul e aproximar-nos a esse vizinho desconhecido que é Portugal.

Disse desconhecido e repito-o: Quanta gente sabe o nome dum grupo de rock português, dum programa da TV portuguesa, dum ministro do governo? A versão técnica, informada, da linguística conclui que a lusofonia é um espaço onde se reconhece uma mesma língua, a nossa, embora a sua variação interna. Porém, é complicado para essa visão fazer-se um caminho e divulgar-se porque o estado espanhol nos aculturou, negou reiteradamente a nossa identidade. Como consequência direta, o nosso galego a cada vez assemelha-se mais com o espanhol e separa-se do tronco comum que reconhecemos a uns poucos quilómetros de aqui, lá onde o estado assinala uma fronteira e onde, portanto, a língua é usada com toda a normalidade em todos os ambientes.

Muitas das formas que diziam os nossos avós já não se conservam cá e sim ao outro lado do Minho. Pior ainda, muitas das formas tradicionais, como os nomes dos dias da semana –quinta feira, sexta feira, etc.– conservaram-se até que uma legião de mestres escreveram cada dia nas tarefas escolares, *jueves*, *viernes*... Assumir que a língua é o nosso principal veículo de internacionalização não é nada complicado; ao contrário, é a ótica que, como linguista profissional, tento introduzir nesta mesa... mas, ainda que é natural e útil, tem uma leitura revolucionária: implica mudar tudo.

## Quarto ponto: eliminar os prejuízos

Os paradiplomatas sabem que o galego é uma língua útil e extensa. Não é um dialeto regional. A partir daí muitos hão de ver a língua como um símbolo de identidade nacional e de movimentos independentistas, mas nem sequer seria necessário. O galego é útil para que qualquer produtor –quem vende vinho da Ribeira Sacra, por exemplo– possa etiquetar o seu produto no idioma original e chegar sem mediação a muitos milhões de pessoas. Sem intermediários. Seguramente para os membros duma delegação de empresários do estado espanhol que viajem a Brasil para fazer negócios é útil ser galego. Porque quem for galego poderá entender-se com fluidez com os seus homólogos ao outro lado do Atlântico; possui um traço diferencial que não podem esgrimir os empresários de Burgos ou da Catalunha. Se o povo catalão tivesse na geografia mundial vários estados inteiros que falassem a sua mesma língua, já teria explorado o caminho. Nós, que temos essa oportunidade, estamos a desprezá-la. Porque falar a mesma língua nem só facilita transmitir a mensagem, isso é evidente: cria, ademais, uma cumplicidade, uma atitude psicológica de proximidade bastante importante em termos económicos. Cria confiança.

Neste sentido, como dizíamos antes, importa a correspondência, importa deixar-se impregnar. Se decidimos escrever a nossa língua com uma ortografia própria, a propugnada pelo ILGA e a RAG, permanecemos no isolamento. Estamos fechados numa cápsula. Sendo essa uma cápsula regional, não serviu em todos estes anos de implementação da política linguística vigente, que chega com o estatuto de autonomia, para dar orgulho aos falantes nem para garantir a sua conservação, visto que continua a estar ameaçada: a cada ano mais. Se, segundo a hipótese *a*, internacional implica um *feedback*, é lógico que a nossa língua ao se internacionalizar incorpore alguns traços próprios doutras tradições. Não tem que perder nada seu. Mas pode escrever-se de acordo com a tradição ortográfica seguida por outras nações, para aproveitar os laços. Quando duas pessoas se saudarem a dar-se a mão, cada uma adiante um pouco o corpo. Força-o a abandonar a postura indolente de quem não quiser cumprimentos: avança.

A iniciativa de lei Paz Andrade, que foi aprovada no parlamento galego, recupera a importância de dar aulas em português, entendendo-o como língua estrangeira. O dia que se implemente de forma real, o alunado há de ver que não é uma língua estrangeira, que é a mesma língua com algumas roupas diferentes, ou sem as roupas do espanhol. Isso é eliminar os prejuízos e o reintegracionismo, há que reconhecer, está a cumprir uma função paradiplomática.

## Quinto ponto: Revisarmos as alucinações ou gozarmos com o processo coletivo de peneirarmos as ideias

Na realidade galega atual as pessoas mais jovens não falam em galego. Nas cidades, no mundo hipercomunicado das redes, o galego tem muito pouco espaço ou nenhum. A diferença do discurso mais espalhado, que fala só em dificuldades de transmissão entre gerações, devemos introduzir um dado. Os modos de vida estão implicados na língua duma maneira

subtil. Uma pessoa de 18 anos, para quem boa parte da existência tem como objetivo a festa noturna, como é que poderia dizer em galego a expressão, bem habitual, "este pavo me está entrando"? Teria de dizer: "este moço está a me fazer as beiras"?

Precisamos uma língua que esteja em todas as partes: nem só nos parlamentos, na burocracia e no protesto político. E em boa parte dos usos quotidianos, a língua com cor, a linguagem obscena, as imprecações, para a maioria dos falantes é exigido o espanhol: têm que expressar-se assim porque a língua está enferrujada por falta de uso. Aparentemente ninguém vê um problema no empréstimo quando chegar do inglês. Ninguém pensa que dizer *trending topic* ou que alguém está na tua *friend-zone* faça outra coisa que internacionalizar culturas, ainda que fique por demonstrar qual é o intercâmbio que mantemos realmente com os anglófonos ao aceitar os seus termos sem recato nem medida. Porém, quando se tratar de introduzir uma expressão como "nem faço ideia de", em vez do decalque do espanhol "non me dou de conta", o discurso quotidiano tende a dizer que isso é português, que é alheio, algo que não se predica dos anglicismos.

## Sexto ponto: Dialogarmos; respeitar o companheiro inspirado... e tomar nota

Chegados a este ponto, tenho que introduzir uma reflexão algo mais técnica e pouco habitual. As línguas nesta sociedade apenas são vistas no seu aspeto instrumental. Pensamos no inglês como uma porta para o mundo, que se abre à medida que interiorizamos o seu léxico, como se as línguas só fossem nomenclaturas, como se fosse possível pensar em abstrato e depois vestíssemos o nosso pensamento com as palavras das diferentes línguas. Acho, como linguista, que esse não é o modo em que os idiomas funcionam na nossa mente. Ou que uma língua é muito mais do que cabe num dicionário.

As línguas fornecem de extraordinários exemplos para pensarmos na realidade de maneiras alternativas. Adoro o exemplo do kalispel. Nesta língua ameríndia, falada ainda por uns poucos centos de pessoas, não se pode dizer 'lago' ou 'montanha'. Não é possível conceber os elementos da natureza como objetos, tal como é habitual nas línguas indo-europeias e, portanto, não pode usar-se substantivos para descrever essas realidades; precisam-se verbos. Não saberia decidir se seria o animismo o que criou uma gramática semelhante ou se, ao revés, foi a gramática a que produziu uma visão do mundo mais respeitosa com o meio natural. Que em kalispel seja obrigado expressar que a paisagem 'laguea' ou 'montanhea' é tudo menos anedótico; acho tal exemplo singularmente representativo de como Ocidente impõe a sua ótica fazendo-a passar por universal. Quem falar uma língua onde uma montanha é vista como um objeto, poderá dinamitá-la e extrair os seus minerais. Quem falar uma língua onde o rio é um objeto, pode pô-lo a trabalhar movendo uma turbina. Para quem *montanhear* ou *laguear* forem propriedades ontológicas da paisagem, no entanto, essas possibilidades ficam fora do nível de expectativas. Sem dúvida, há uma vinculação forte entre a concetualização da realidade das línguas indo-europeias e o industrialismo que, não por acaso, impôs Ocidente.

Vamos com um segundo exemplo. Em luisenho, outra língua ameríndia, os falantes têm que usar palavras diferentes se uma ação como *voar* ou *correr* é realizada por um só individuo –alguém que voa– ou por vários –se é uma bandada inteira–. E mais curiosamente, nas

estruturas transitivas os verbos têm raízes diferentes se o seu objeto é singular –se matamos um anho– ou plural –se matamos todo o rebanho–. O luisenho concede pertinência gramatical aos coletivos, o que necessariamente há de ter implicações políticas na sua sociedade.

Utilizo estes exemplos para verificar que as línguas não transmitem uma realidade objetiva e pura, cristalina e partilhada universalmente. As línguas contam uma realidade parcial, subjetiva.

Frequentemente no mundo do turismo e dos negócios, no mundo da rapidez e as pressas, o pessoal pensa que se pode falar bem uma língua sem refletir no que essa língua diz e no modo em que o diz. Se falo alemão tenho que indicar que um objeto que está sobre a mesa, está deitado nela, como um papel, ou está a suster-se em posição vertical, como uma garrafa de água. Não é que queira contar isso: é que não posso de deixar de dizer para poder falar alemão. Em galego ou em espanhol nesse aspeto não necessitamos ser nada precisos. Dizemos que o vaso está na mesa, que o papel está na mesa e até eu estou agora na mesa, ainda que não me subisse por cima dela. As línguas contam a realidade duma maneira peculiar. Não são transmissores objetivos: são a forma de ver a realidade duma comunidade histórica determinada.

Aparentemente estes dados iriam contra a universalização. Mas observe-se que só agem contra a universalização sem *feedback*, a do tipo *b*. Curiosamente, até os turistas –que não são precisamente o referente de nada– querem um bocado de sabor local. Querem viajar para ver outras realidades. Ao passear pela minha cidade, a mítica Santiago de Compostela, a cada dia mais tornada num parque temático, surpreende-me como nas lojas tentam vender ao viajante vai lá saber quê em espanhol ou em inglês, apesar de esses viajantes –embora possam agradecer uma minuta traduzida a outras línguas– gostarem de saber o nome na nossa língua dos grelos ou da pescada. Tomem nota: ninguém quer ir a um país árabe, ou ao sul da Índia ou ao extremo oriente sem voltar com umas palavras em árabe, em hindi ou em mandarim. A língua própria é um atrativo mais. O pior vendido.

## Sétimo ponto: reorganizar o que já sabemos

Quando eu tornei reintegracionista escrevi um artigo na imprensa onde expressava as minhas razões. A que menos pesava na altura, e a que menos pesa agora, é do utilitarismo, embora tudo o que acabo de dizer. Basicamente porque pensava, e continuo a pensar, que uma língua com poucos falantes como o euskera é uma riqueza singular e faz parte, como todas as línguas, do património cultural da humanidade. O século XXI inaugurava-se em linguística por volta de 1992, quando o linguista Michel Krauss(1) dava a voz de alarma: dado o nível das forças políticas que ameaçam as línguas para finais deste século teria desaparecido o 90% das que se falavam na altura. Esse dado, que alarmou a linguística e originou a aparição duma nova disciplina, a ecolinguística, é singularmente revelador. Imaginemos que um atentado terrorista acaba com o museu do Louvre. Ninguém que valore a arte consideraria isso um ato

(1) KRAUSS, Michel (1992): "The world's languages in crisis", *Language* 68/1, 1992.

positivo. Mesmo pessoas com escassa formação artística ou que não gostem nada da Mona Lisa considerariam que seria uma atrocidadedestrui-la porque a arte faz parte do património cultural da humanidade. É um bem coletivo. Pois, curiosamente, muitas pessoas, mesmo linguistas, importam-se pouco com o futuro da humanidade após a queda das línguas. Pensam com ingenuidade que o que é dito numa língua pode ser dito noutra. É isso não é certo, como acabamos de ver nas línguas ameríndias. Portanto, acho que não é o número de falantes o que dá valor a uma língua. É nesse sentido que não vou insistir no evidente; que o galego nos abre as portas da compreensão com a comunidade lusista.

Vou ir para outra parte. Um observador pouco adestrado nas línguas poderia pensar que não se passa nada se o nosso galego a cada dia é menos galego. Acho que isso é falso e perigoso. Em galego-português há uma forma, o futuro de conjuntivo, que expressa o futuro, o que está por vir, como real. *Quando fores à praia verás que grande é o mar,* dizemos, assegurando assim que hás de ir porque se pensasse que não irias nunca teria emitido *Se fosses à praia verias que grande é o mar.* É relativamente uma rareza. Em espanhol já não existe o futuro de conjuntivo fora da linguagem jurídica. Mas no galego de aí fora sim. No nosso estava viva a princípios do século XX no cancioneiro recolhido por Pérez Balhesteros, como na poesia de Rosalia ou de Curros Enríquez. Empiorar o nosso galego é tanto como perder cosmovisão. Os galegos podemos ver o futuro como algo real, o que tem um incontestável valor político: podemos acreditar na transformação e na utopia.

## Conclusão: O nosso principal ativo é a língua

É a língua que nos internacionaliza, permitindo-nos conectar com outras realidades culturais que se expressam com ligeiras variantes, para dar nomes aos peixes do Amazonas ou às paisagens onde não chove.

Porém, se todo galego, toda galega, por definição, conhece bem o espanhol, estamos já em plena possessão de duas línguas com grande presença internacional. As vantagens dum galego internacional, isto é, aberto à forma ortográfica em que se expressa lá fora, o Acordo ortográfico, permite depurar o nosso legado idiomático tão maltratado e chegar para além dos confins do nosso território. Provavelmente somos inseguros, como asseguram em Madrid, quando dizem que dum galego numa escada não se sabe se sobe ou baixa. Habitar um território intercultural produz essa insegurança que é sabedoria, especialmente numa época de tanto relativismo. Também permite etiquetar os nossos produtos materiais ou culturais segundo os hábitos do recetor, maximizando os benefícios do nosso traço diferencial. Finalmente, recebemos nesse troco, vantagens económicas e algo não menor: autoestima.

Poderemos assim valorizar as nossas indústrias culturais: o cinema e a vídeo-criação, o teatro, a literatura e a música também são produtos que contam no PIB. E hoje são os mais fáceis de internacionalizar. Evidentemente, se escuto Madredeus a cantar “Haja o que houver, estou aqui. Haja o que houver, espero por ti...” devo concluir que entendo tudo, que não pode estar dito noutra língua.

Num livro cuja leitura se deixa devorar com toda a vontade, *No enxame*, o filósofo Biung-Chul Han fala da atual como uma sociedade do espetáculo. A história é, antes de mais,

um olhar para o passado, uma contemplação destinada a perceber o que realmente se passou, com calma, uma vez que a vertigem do acontecer foi superada. Isso é que significa etimologicamente a palavra *respeito*, do latim *re-spectare*, literalmente olhar para atrás ou olhar de nova. No contacto respeitoso com o que já foi, como com os demais, contornamos o olhar curioso do *voyeur*, que se satisfaz rapidamente e sem contemplações.

Porém, a sociedade atual, edificada sobre a rapidez do *spectare*, a sociedade do espetáculo, não fomenta essa consideração distanciada do respeito, justamente a que a história, também a do nosso país e a nossa língua, demanda. Assim explica Byung-Chul Han a decadência do público na sociedade contemporânea: sem guardar uma distancia acautelada, hoje a intimidade é exibida, para o privado sair a luz e ocupar o espaço do coletivo. Não é que a comunicação digital supere as distancias espaciais; é que veio para derrubar também as distancias mentais, para –sem respeito, nem veneração– as redes sociais fazerem exposição ilegítima da intimidade e multiplicar a subjetividade e a confusão. Visto que o nosso é um mundo de pressa e de contacto superficial, será preciso, para fazer qualquer gestão diplomática, um olhar mais uma vez aquilo que nos faz ser... para podermos estar.

***Teresa Moure*** *é doutora en Lingüística e exerce a docencia nas Facultades de Filosofía e Filoloxía da USC.*

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 101-103

# Galicia no ollo divino

***Xavier Alcalá***

Soamente tento expor unhas cantas ideas fillas da experiencia vital, e expresadas como adoito facelo nun contexto coma este. Vou evitar o relatorio frío que vos faría en ton de consultor.

Gonzalo Torrente Ballester emulaba a Graham Greene nun dito. Se Greene dixera o de "England me fecit", Torrente dicía "Ferrol me fecit". Eu emulo o mestre ferrolán. Non sei que tería sido de min se non fose pola miña crianza ferrolá. Grazas a ela souben que o mundo era grande e diverso.

Na Ferrolterra falábase continuamente de Buenos Aires e a Habana como en calquera cidade española "de provincias" se falaría de Madrid e Barcelona. En Ferrol non se estudaba francés senón inglés. Dos trinta e catro alumnos do instituto Concepción Arenal que fomos examinarnos de Preuniversitario a Santiago, só tres "eran de francés", e ningún deles se criara en Ferrol. Eran fillos de pais "destinados" na "cidade departamental".

O meu primeiro traballo, de "estagiário", foi nunha empresa británica en Lisboa. O idioma interno da empresa (unha multinacional da Commonwealth) era o inglés. Vir de Madrid a Lisboa no verán de 1972 era dar un salto cuántico. Nunca esquecerei o que máis me chocou: as damas "indianas" con sari a falar portugués. Lisboa deume a entender que o Globo era menor do que parecía.

Dous anos despois crucei por primeira vez o Atlántico. Entrei nas Américas por Canadá. Desde aquela non sabería contar cantas veces o sobrevoei, para ir de norte a sur, entre Canadá e Chile. Falando inglés, portugués e castelán con facilidade, como fago, nunca me sentín fóra de xogo en ningures. Si observei que nas empresas norteamericanas onde traballei evitaban chamarme "Spanish"; nelas sempre fun "the Spaniard". Tamén, que os brasileiros me consideraban "portuga". E que nas terras austrais algunha vez me chamaron "godo", pero nunca "gringo" (normalmente, fun "gayego").

Hai dez anos que comparto Ferrol e a Coruña con Bruxelas como lugares de traballo. Nunca acabarei de agradecer a oportunidade que me ofreceu Salustiano Mato, cando era director xeral de Innovación da Xunta, para organizar e dirixir a oficina de proxectos internacionais de I+D (OPIDi); tampouco, a de traballar como xestor de relacións científico-tecnolóxicas para a Universidade da Coruña, que me ofreceu o seu reitor.

Dos case corenta e cinco anos de labor profesional que levo, quito a conclusión de que Galicia ten o privilexio de ser unha interface cultural múltiple e de que, sabendo aproveitar esa condición, xa se puideron facer negocios; mais que aínda non houbo un "ollo divino" que vise o mundo ao completo con Galicia como centro.

Situémonos. Durante a Segunda Guerra Mundial, españois e portugueses fixeron movementos diplomáticos en Berlín dirixidos a resolveren unha vella cuestión histórica. Mentres os homes de Franco, pensando en "el Imperio" ("por el Imperio hacia Dios"), pedían axuda para "borrar la frontera con Portugal", os portugueses pedíana para facer unha "divisão

racional da Espanha segundo as suas raças". Curiosamente, neste caso, Portugal integraría Galicia no Estado Novo.

Seica foi o último intento de recolocar Galicia. O anterior fora nos tempos do Fernando Sétimo, cando o goberno portugués ofreceu ao español ceder os portos de apoio á frota española de Filipinas pola ruta afro-asiática en troca do territorio galego (daquela México xa era independente e non deixaba á ex-metrópole usar os seus portos na relación España-Filipinas)...

Ben. Galicia é unha rexión situada no extremo oeste da Europa fronte aos estados norteamericanos fronteirizos co Canadá. A Torre de Hércules foi o Faro do Adeus para millóns de europeos do norte, a derradeira luz de Europa que viron camiño da emigración, dos Estados Unidos ata o Cono Sur.

Por razóns xeográficas e históricas é un punto de confluencia ibérica. Cinco séculos de pertenza á Coroa da Castela e ao Reino de España deron aos galegos unha conexión íntima co sistema español en termos de economía, política, idioma e cultura (velaí a grande nómina de políticos e escritores galegos que axudaron a formar o concepto da España moderna). Mais malia tantos séculos de vivirmos de costas a Portugal, nunca se perderon os vencellos naturais con Portugal, e a intelectualidade galeguista sempre ollou para alén do Miño.

A entrada de Portugal e España, ao tempo, na que viría ser Unión Europea, fixo caer as fronteiras e facilitou a aperta de galegos e portugueses en todos os sentidos. Úsase xa o termo "galeguía" en paralelo co de "lusofonía" para se sinalar un "algo máis" na relación entre pobos aos que unen palabras profundas: a máis famosa no mundo, "saudade". Nesta altura da Historia ninguén cun mínimo de idea sobre lingua e cultura se atrevería a negar a existencia dun circuíto condutor que vai do Occidente Asturiano ata o Timor Leste.

Nin o máis "españoleiro" dos deputados do PP no Parlamento galego se atreveu a votar en contra da "Iniciativa Valentín Paz-Andrade"; porque hoxe calquera galego ben informado sabe o que representan o Brasil nas Américas e Angola e Mozambique en África.

E aquí quero abrir espazo a anécdotas ilustrativas: dous dos meus fillos, a traballaren nos EUA e na Inglaterra, foron promocionados nas súas empresas pola súa capacidade para dialogaren con socios e clientes de fala portuguesa. No entanto, os rapaces que traballaban na oficina da OPIDi en Bruxelas tentaban adquirir as cualificacións lingüísticas oficiais da Comisión Europea. Cantas máis, mellor para os seus curricula. Logo da do inglés, imprescindible, ían pola do portugués, con grande envexa dos amigos españois non galegos pola facilidade coa que a conseguían...

Galicia entre a Unión Europea, Iberoamérica e os países da Lusofonía. Unha enorme diáspora iberoamericana e unha crecente diáspora nos países do norte do mundo, os máis desenvolvidos. A galeguidade está asentada co peso da Historia nos países da emigración tradicional, que presenta casos de renovación, como no Brasil. E aparece cun novo perfil na Unión Europea e nos Estados Unidos. A actual "economía do coñecemento" conduciu a un "braindrain" que –consolémonos con algo– pode ser aproveitado para "vender Galicia" polo mundo.

No momento en que se fala de "redes neuronais" e de "astrocitos lóxicos", cómpre desde o ámbito académico estudarmos, con esixencia e precisión científica, que é Galicia en

termos de conectividade mundial e cales son as súas posibilidades para actuar como interface entre continentes e entre estruturas socio-económicas.

Xa hai moitos anos, quen andabamos en empresas de tecnoloxía punteira, falabamos de Galicia como espazo de captura, "aclimatación" e exportación de coñecemento. Un caso típico foi o das enerxías alternativas, con iniciativas consistentes en adquirir o que xa se desenvolvera nos países escandinavos para o "galeguizar" primeiramente e, a seguir, transferilo "traducido", por lingua e mentalidade, á América do Sur.

Desde este foro, quixera chamar a atención aos grupos de investigación nas nosas universidades cara á necesidade de –volvendo ao símil usado ao principio– un "ollo divino", que vexa Galicia situada na face da Terra con todas as súas capacidades.

E termino coas vivencias que ilustran o que un quere expresar.

Recentemente veu falar comigo un profesor dos que ensinan os profesores da UDC a dar aulas en inglés; mais non me viña falar do idioma que el ensina senón do galego e o portugués, que se ensinan na facultade onde el traballa.

Víñame coa idea de que a UDC –como poden facer as outras universidades da nosa contorna– faga unha oferta diferencial no caso dos mestrados internacionais: a de que os alumnos acaben curso con dominio do castelán e do portugués polo menos na área de coñecemento do mestrado (xa sabemos que non hai multilingüismo perfecto, mais si multiglosia útil).

Segundo o seu razoamento, esas habilidades darían un peso especial aos curricula dos alumnos. O inglés no día de hoxe pódese considerar unha *commodity* "vulgar". Os outros dous idiomas europeos de grande proxección ao mundo, castelán e portugués, segundo e terceiro no "ranking", engaden moito valor: o da simpatía. E non esquezamos o vello dito dos *businessmen*: "Non fagas negocios cos amigos. Fai amigos nos negocios". Nada mellor para facer amigos que se dirixir a eles no seu idioma...

En fin, comecemos por colocarmos as universidades galegas no mundo.

---

***Xavier Alcalá*** *é xestor de Relacións Científico-Tecnolóxicas UDC.*

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL

IGADI

EN GALICIA TEMOS OPINIÓN DO MUNDO

EN **PONTEVEDRA, NO CENTRO CÍVICO SUR, LUÍS BRAILLE, 40**



Análise e asesoramento

Información e documentación especializada

Investigación estratéxica

Espazo de debate

Estratexias de universalización de Galicia

Xestión da cooperación e proxectos internacionais




IDEAS e IDEAIS para ser Nós no Mundo

www.igadi.gal

1º CONGRESO de ESTUDOS INTERNACIONAIS de GALICIA

# SESIÓN EDUCATIVO-CULTURAL

Xosé Ballesteros

Margarita Ledo

Antón Reixa

Moderación: Xulio Ríos


Facultade de
Margarita Ledo
Xosé Ballesteros

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 107-111

# Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural. Reflexión sobre a internacionalización do libro galego

***Xosé Ballesteros***

*Estamos ben, pero mal organizados*
***Ramón Villares***

Unha primeira idea:

Os editores traballamos nun sector industrial no que se crean e difunden contidos esenciais para a formación integral das persoas. Pero os produtos que poñemos a disposición da sociedade son prescindibles e, en gran medida, ignorados.

Unha mostra:

Vaiamos neste final do curso escolar a un IES calquera. Supoñamos que hai 30 alumnos que están a rematar a ESO. Ollémolos. Todos teñen libros nas súas mochilas. Cando rematen os seus estudos, a metade deses mozos e mozas, exactamente 15, non volverán ler un libro na súa vida. Nunca. Non o consideran necesario. Outros cinco lerán entre un ou dous libros ao ano. Outros cinco pode que cheguen a ler ata 10. Outros tres serán lectores habituais, *ma non troppo*. Dous serán moi lectores. …Cantos seguirán a ler en galego?

Unha realidade:

De cada 100 libros que se venden en Galicia durante un ano, 15 están publicados en galego; e deses 15, 7 son libros de texto. Un mercado moi cativo que, sen embargo, foi construíndose practicamente desde a nada porque a *longa noite de pedra* do franquismo queimou por completo calquera posibilidade de normalidade na nosa lingua escrita.

## 1. Un pouco de historia

Comecei a traballar neste sector en 1989. Naquel final de década, o mercado do libro en galego aínda estaba a xermolar. Moi atrás quedaban os anos da resistencia cultural e o labor dos exiliados, plasmados en proxectos editoriais en América (Arxentina, Uruguai e México).

En Galicia eran poucas as editoras que mantiveran vivo o facho de Ánxel Casal: a colección de poesía Benito Soto, de Sabino Torres, aparece en 1949 en Pontevedra; Galaxia fúndase en 1950 en Santiago; e no mesmo ano, Xosé Mª Álvarez Blázquez e Luís Viñas Cortegoso crean a editorial Monterrey, en Vigo, influenciados polo espírito do Grupo Nós. Posteriormente, en 1963, Isaac Díaz Pardo impulsa dende o Grupo Sargadelos as Edicións do Castro.

Vinte anos despois, exactamente en xuño de 1983, créase en Santiago de Compostela a Asociación Galega de Editores que tiña como finalidade "a defensa, promoción e difusión da edición en lingua galega".

Ademais das editoriais xa nomeadas, en anos posteriores creáronse novos selos como Ir Indo (1985), A Nosa Terra (1987), Do Cumio (1988), Baía e Positivas (1990) e Laiovento (1991).

Asemade, no noso país operaban selos chegados doutros lugares do Estado español que competían por cotas do mercado do libro de texto e da lectura recomendada nos centros de ensino, por mor da implantación do galego como lingua curricular no ano 1983. Xa daquela, a loita por posicionarse nas listas de libros prescritos (incluídos dicionarios) en colexios e institutos, consumía inxentes esforzos-económicos e humanos- das editoras.

No ámbito literario, Galaxia contaba (e conta) cunha herdanza moi notábel: as obras de clásicos como Castelao, Otero Pedrayo, Dieste, Blanco Amor, Neira Vilas… obras recomendadas curso tras curso en todos os institutos do país. Xerais podía presumir de ter no seu catálogo unha chea de autores e autoras contemporáneos: Manuel Rivas, Suso de Toro, Margarita Ledo, Antón Reixa… e sobre todos, Ferrín.

O resto de editoriais intentaba abrirse paso naquel mercado emerxente e preparaba proxectos ao abeiro das axudas á edición en lingua galega, promovidas desde a Consellería de Cultura.

Pero o gran negocio, a batalla comercial, librábase en torno ao libro de texto. Cada curso, despois das vacacións de Semana Santa, os centros de ensino eran os lugares frecuentados polos comerciais e comisionistas de todas as editoriais cun obxectivo moi definido: convencer ó profesorado para que adoptase o maior número de títulos posíbeis do seu selo. É naqueles anos cando comeza a desenvolverse a LIX, un subxénero que se viña alimentando de traducións e que precisaba urxentemente dun *corpus* de autores galegos.

A industria do libro galego comezaba a medrar e a medrar. Mesmo se atrevía a publicar obras de divulgación, algunhas das cales chegaron a ser best-sellers, como a colección "Galicia enteira" de Laredo Verdejo, publicada por Xerais.

Nun documento publicado recentemente pola AGE podemos ler:

> *"Se tomamos como punto de partida o ano 1980, o sector editorial en galego, segundo os datos da serie estatística do ISBN, multiplicou por catorce a súa produ*ción *nas últimas tres décadas. No ano 1980 publicáronse 187 títulos e no ano 2010 (30 anos despois) acadáronse os 2.544 títulos, o seu máximo histórico. Durante este período foi un sector puxante, capaz de desenvolver un amplo e diversificado catálogo de 14.892 referencias e de contribuír a desenvolver un tecido produtivo ao redor da edición en Galicia. Un sector que, segundo os datos do Estudo de Comercio Interior do Libro, en 2014 facturou 25,42 millóns de euros, mantendo nese ano 281 empregos directos".*

Diante deste panorama, para que preocuparse da internacionalización do libro galego?

## 2. O comercio exterior do sector editorial en Galicia

Unha empresa está "internacionalizada" cando vende os seus produtos máis alá do seu mercado de orixe. É dicir, cando exporta.

Unha empresa editorial pode vender os seus produtos de dúas formas: ben como venda de dereitos de reprodución dos seus contidos; ben como venda de libros impresos: exportación. Tamén pode internacionalizarse creando filiais,ou estando presente noutros países dende empresas participadas. Ata hai poucas décadas, a única actividade fóra do mercado galego das editoriais galegas foi a venda de *royalties* (contidos) a editoras españolas.

Algunhas, como Galaxia, estableceron alianzas con editoras doutras comunidades. Outras, ao formar parte de grandes grupos, só podían aspirar a que algúns dos seus títulos chegaran a estar incluídos nos catálogos dos selos irmáns,casteláns ou cataláns.

Dende esas filiais galegas, os editores intentaban promocionar os seus autores e autoras para que fosen publicadas as súas obras en castelán, mais tiñan que competir cos de outras comunidades con lingua propia. Publicar en castelán tamén abría a porta ao mercado latinoamericano, un gran soño para moitas das persoas que se dediquen á escrita. Pero, para as editoriais galegas,  América ficaba moi lonxe, a pesar da existencia dunha rede importante de Centros Galegos espallados por ese continente.

Aínda así, houbo intentos desde Galicia de publicar directamente en español. O grupo Sargadelos ofrecía nas súas tendas situadas en Barcelona e Madrid os títulos do seu selo Edicións do Castro, e tamén unha mostra significativa da ficción, poesía e ensaio que se estaba a publicar en galego.

Sotelo Blanco, pola súa parte, creou no ano 1993 o selo Ronsel, para publicar en castelán. Tamén Edicións Xerais chegou a publicar nesa lingua a colección Extramuros: nela estaba a tradución de Antón Reixa de “El físico prodigioso”, de Jorge de Sena. Mais, naqueles anos, publicar en castelán, dende Galicia, creaba contradicións, debates e posturas enfrontadas.

Tamén era obxecto de debate, mesmo político, a elección da norma lingüística. Non era baladí, pois, a decisión de publicar en normas non recoñecidas pola Administración, o que significaba non poder optar ás axudas á edición da Consellería de Cultura. O encaixe sobre as obras publicadas na normativa lusista, ou reintegrada, aínda está sen resolver.

Hai poucas semanas publicouse o Manifesto “O fim do Apartheid”, asinado por 900 persoas, que reivindica que “o reitegracionismo forma parte da cultura en lingua galega” e que demanda ter acceso ás grandes editoriais, aos movementos sociais en defensa da lingua e ás asociacións vencelladas ao eido do libro.

Para moitos editores, o mercado portugués anunciábase como un mercado natural e soñábase cunha relación equilibrada coas editoras portuguesas. O tempo demostrou que aquel soño era unha miraxe. Anos despois, o escritor Viale Moutinho manifestaba:

> *“Lembro unha feira do libro galego e portugués en Vigo, hai poucos anos. Despois dun dos coloquios entre escritores de ambos os países, o Carlos Casares dicía: ‘Son gabado como bo conversador, pero ao final os meus libros non son publicados en Portugal’. Publicar os libros é fundamental, os portugueses en galego e os galegos en portugués. A lingua non é a mesma a pesar da boa vontade dos lusistas. O Casares ao final morreu coa tristeza de non ser publicado en portugués. A única posibilidade do Ferrín ou do Rivas de ser lidos en Portugal é ser editados en portugués; que non veña ninguén con historias”.*

Naqueles anos, os editores galegos tamén comezaron a visitar as feiras internacionais do libro. En concreto LIBER (Madrid ou Barcelona) e Frankfurt. Mais houbo que esperar a finais dos 90 para que se iniciase o proceso de internacionalización do libro galego de forma continuada e sistemática.

## 3. En 1998 nace Kalandraka...

**...** como proxecto editorial que tiña un obxectivo ben definido: publicar álbums ilustrados de gran calidade, exclusivamente en galego, e así colaborar coa normalización da nosa lingua.

Dous anos despois, Kalandraka comezou a publicar no resto das linguas peninsulares. Por que?

Sería longo explicar o debate, enumerar os pros e os contras que se argumentaron naquela micro-empresa que nacera sen máis ambición que a de subsistir, antes de tomar a decisión de chegar a outros mercados. Non houbo *masters* en internacionalización, nin máis estudos de mercado que as numerosas visitas realizadas aos puntos de venda de Portugal, Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla...

Pero había dúas razóns que nos animaban a ensanchar xeograficamente o proxecto.

A primeira era a grande acollida que estaban a ter as nosas publicacións entre algúns especialistas portugueses, cataláns e madrileños. Hai que destacar que o álbum ilustrado aínda era daquela unha flor exótica nos andeis das librarías, e a aparición dun novo selo non pasaba desapercibida neses foros.

A segunda era a convicción de que, ao igual que as librarías galegas mercaban libros publicados en Madrid ou en Barcelona, calquera libraría fóra de Galicia estaría en condicións de mercar un libro publicado en Pontevedra. O problema a resolver era o da distribución: unha cuestión de marketing e de loxística comercial.

E así, no ano 2000, comezamos a peneirar a xeografía española na procura de distribuidores e de librarías que aceptasen ter os nosos títulos nos seus fondos.

A boa sorte acompañounos e, naquel mesmo ano, un título de Kalandraka ilustrado por Óscar Villán (e publicado en galego) recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración concedido polo Ministerio de Cultura.

Foi moi grato estrearnos no LIBER cun título premiado, exposto na mesa dos libros galardoados naquel ano. E desde aquela, os libros de Kalandraka están presentes en lugares moi afastados: nas feiras internacionais do sector máis importantes, e tamén en moitas cidades americanas, europeas ou asiáticas.

Naquel tempo só coincidiamos nalgunha feira internacional co equipo de Nova Galicia. Hoxe seguen acudindo ás feiras internacionais máis importantes e participando en misións comerciais. Posteriormente, outras editoriais iniciaron a súa internacionalización: Ideas Propias, Sushi Books, OQO e, recentemente, Galaxia, que puxo en marcha o seu proxecto Mar Maior.

Pero a nosa industria do libro é moi feble. E ten difícil operar en mercados tan competitivos como o internacional. A maiores, estamos inseridos nunha economía que non ten o

control sobre os medios de produción de sectores estratéxicos: a banca, os recursos enerxéticos, o sector naval, a conserva, o leite…

A industria cultural deste país -que debería ser un referente simbólico en calquera sociedade desenvolvida- conforma o 2% do PIB, achegando 1.103 millóns de euros e empregando a 30.828 persoas, segundo datos do Instituto Galego de Estatística recollidos polo Observatorio da Cultura Galega.

Hai dúas semanas celebrouse en Valencia o encontro bianual do GalEusCa, que reúne empresas de Euskadi, Catalunya, Valencia e Galicia. Nesa xuntanza, ademais de abordar conxuntamente temas que nos interesan a todas as compañías participantes, puidemos comprobar como as Administracións dos outros países están a apostar decididamente pola internacionalización do sector: de forma directa, con orzamentos *ad hoc*; e de forma indirecta, co apoio ás estruturas da representación gremial nas feiras internacionais.

Entenden esas Administración que o obxectivo desa colaboración é que as empresas vendan contidos, ou libros. En definitiva, que exporten moito, e ben. Entenden que a unha feira sectorial non se vai a repartir propaganda cultural nin folletos turísticos.

Por iso, os *stands* representativos de Euskadi, de Catalunya, e tamén o de Valencia ,están dirixidos polos secretarios técnicos de cada gremio respectivo.

## 4. E agora, que?

En Galicia temos patrimonio cultural, temos talento, temos autores e autoras, hai tradutores, hai grandes profesionais da ilustración, hai editoras, veteranas e novas, hai imprentas da máxima calidade. Temos a materia prima para ser un país que exporta cultura, e tamén contidos en formato libro. Só precisamos desenvolver unha Lei, aprobada por unanimidade no Parlamento galego en febreiro de 2007, e acreditar que a aventura é posíbel.

---

***Xosé Ballesteros*** *é Director de KALANDRAKA.*

Descubrindo a Historia da Galiza.
(Re)Coñecendo o noso pasado.




X
ANIVERSARIO

Xa na túa libraría!

www.revistamurguia.com

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 113-120

# O cinema como operador da internacionalización

*Margarita Ledo*

*Une image ne se prend pas, elle est produit (...) elle attend de ceux qui la produisent et de ceux qui la regardent, la construction du regard qui lui donnera du sens.*

*Unha imaxe non se toma, prodúcese (...) e agardade quen a produza e de quen a mira, a construción dun ollar que lle dea sentido.*
**Marie -José Mondzain**

É unha toma de posición e é unha consigna. Un modo de entender a relación entre o filme e o espectador, a espectadora no cinema. Quizais arestora, no caso galego, este é o cinema que se nos nega. Quereriamos, xa que logo, pesquisar o que é necesario para que o devandito aconteza. Facémolo dende unha localización singular: a paisaxe cultural e política dos así chamados "cinema de pequenas nacións", forma de nomear que remite cara a certa exclusión do lugar onde se toman as 'grandes' decisións; analizámolo no marco xeral do programa "Europa Creativa" para nele tamén reflectir as políticas locais, e procuramos na V.O. o síntoma inequívoco que nos axude a peneirar as razóns dos paradoxos que acompañan as políticas a prol da diversidade,e a detectar que outras ferramentas intelectuais nos permitirían situar en presente o papel múltiplo, comunal e persoal, é dicir, político, económico e creativo, do cinema.

## Da diversidade empírica á dialéctica da diversidade como parte da batalla pola inclusión

Cando "Internacionalización" quere dicir relación entre nacións emerxe un novo mapa, o das pequenas nacións –con ou sen estado– canda linguas minoritarias ou minorizadas e co cinema como un ben económico-creativo no que unha cultura se expresa. Este é o mapa que escollemos como realidade a observar e encol do que demarcamos territorios teóricos, accións políticas, resultados materiais.

A posta ao día dos estudos sobre os cinemas nacionais –con ou sen estado, insistimos -a partires de entendelos como un elemento chave na construción da diversidade dende unha perspectiva de clase e, xa que logo, dos dereitos lingüísticos e culturais, canda os obxectivos dun proxecto –teórico e empírico- do Grupo de Estudos Audiovisuais da USC, ED cinema, proxecto que imos utilizar nesta sesión, como exemplo da posta en relación das políticas

públicas para a visibilidade e o acceso aos diferentes filmes, coa posta en valor dos mesmos a traveso da educación e do intercambio entre nacións.

A nivel teórico, a equipa de pesquisa é debedora dos Estudos Culturais [‘class, complexity and commitment’ será neste proxecto, ‘nation, complexity and commitment’] e por iso permítome citar o proemio para o catálogo conmemorativo dos 50 anos do *Centre for Contemporary Cultural Studies* na Universidade de Birmingham, onde Stuart Hall lembra a importancia das contribucións de Raymond Williams:

> *Cultural practices were activities which needed to be understood as taking place a long side production, trading, politics and family life, all of which were operating within a shifting dynamic of class relations and power.*
>
> As prácticas culturais, argumentou, eran actividades que precisaban ser entendidas como tendo lugar á beira da produción, o comercio, a política e a vida familiar, ámbitos que estaban operando no seo dunha dinámica de cambio das relacións de clase e de poder.

Facendo medrar a aposta neste mesmo sentido, queremos esculcar nas prácticas culturais como prácticas a prol da diversidade, co cinema en linguas minoritarias e/ou minorizadas como mediación e coa fin de desenvolver, parafraseando a Hall*, shared interest in the world around us and our own place in it.* É dicir, a partilla de intereses polo mundo ao noso redor e polo noso lugar nel.

Aínda máis, a nosa posición corre parella á que nos trasladou o profesor da Universidade do Río, doutor Muniz Sodré, cando afirma que a diversidade non é pluralidade, non é o recoñecermos a outros como diferentes de nós, senón que é a ocupación de territorios diferenciados. En suma, a diversidade é numérica e territorial: é a posesión do lugar e dos recursos –comunicacionais, económicos, financeiros- para transformalos en acción. Por exemplo –díxonos- a diversidade no cinema é a posibilidade de aprender e ter acceso aos recursos para a produción autónoma.

No convencemento da súa utilidade para os nosos propósitos, boto man agora de algunhas afirmacións sobre a nación como un espazo comunicativo argumentadas polo noso colega da Universidade de Glasgow, Prof. Philip Schlesinger no seu traballo a partires das posicións de Otto Bauer/Kart Deutsch:

> *...he* [Deustch] *observed that the nation-state was ‘still the chief political instrument for getting things done’ (...) Without expressely naming it, the theory there fore entertains an idea –that of ‘the nation without state’- Which has become increasingly significant of late both as an analytical category and as a political project aimed at redefining the autonomy of national groups within the existing international system of states.*
>
> …el [Deustch] observa que o Estado-nación era “aínda o instrumento político decisivo para facer as cousas” (...) Sen nomealo expresamente, a súa teoría, polo tanto, mantén unha idea -a da “nación sen estado”- que se fixo cada vez máis significativa nos últimos tempos, tanto como categoría analítica coma proxecto político co obxectivo de restablecer a autonomía dos grupos nacionais no sistema internacional existente de estados.

Central no devandito argumento é a posición de que as nacións con ou sen estado están condicionadas de modo determinante polas súas estruturas sociocomunicativas de interacción e, no noso caso, o cinema devén un instrumento para a lectura do seu discurso dende un marco teórico complexo e, por veces, contraditorio verbo da inclusión/exclusión.

## Unha fala sobre os antecedentes

Como proposta de traballo cooperativo e multicéntrico entre investigadores da USC e varios expertos latinoamericanos, o noso proxecto anterior, Cinema, Diversidade&Redes, colocara como principal obxectivo coñecer e analizar a percepción dos produtos audiovisuais galegos en contextos multiculturais -Arxentina, Uruguai e Brasil- en base a certas variábeis como a lingua ou as modalidades expresivas, para alén de cuestións tecnolóxicas en relación a novas formas de circulación e consumo de bens culturais. A análise preliminar dos datos rexistrados no proceso produciu os seguintes resultados:

» O cine sitúase en primeiro termo no acceso ao coñecemento doutras culturas. A audiencia recoñece a súa incidencia como construtor da diversidade.
» Fronte da dobraxe ao español, prefírese a V.O, en galego e os/as receptoras recoñecen na lingua un valor identitario e mais expresivo.
» Internet é a forma máis usada no acceso ás propostas culturais doutras cinematografías.

Con esta investigación sobre o espazo da diáspora galego-americana, seguindo a convención da UNESCO sobre a Protección e a Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, o Grupo de Estudos Audiovisuais, GEA, implicábase no debate teórico canda recomendacións en favor de prácticas que viñeran contribuír á diversidade como ben común.O seguinte paso, nun espazo diferente, terá como albo a análise da construción do espazo dixital europeo desde o punto de vista da situación das pequenas cinematografías en V.O.

Como punto de partida, o "Informe sobre o cine europeo na era dixital" presentado no Parlamento Europeo o 19 de outubro de 2011, remarcaba a oportunidade que trae o dixital de cara a visibilidade de películas en linguas minoritarias.Trataríase, polo tanto, de pescudar a prol dun vector de carácter económico e industrial, reforzando a apertura de novos mercados e modelos de distribución baseada na innovación tecnolóxica, sen arredalo dun segundo vector de carácter sociocultural que, á sombra da devandita diversidade proclamada pola Unión Europea acreditaría na súa aceptación por parte de audiencias de diferentes países.

Así, a lóxica das "pequenas nacións" europeas con identidade de seu, interesadas en incorporala na produción simbólica –caso do cinema- fornecíanos o material empírico para seguir avante co proxecto. O primeiro paradoxo apareceu no interior da propia política europea –co ollo posto na concorrencia e no reforzo dos grandes conglomerados- e mesmo –con ritmos diferentes –na uniformidade e coincidencia das medidas adoptadas, por exemplo nun lugar de poder coma o Reino Unido e nunha situación dependente coma o caso galego.

## Paseata pola Fraga e as árbores

*Grosso modo* e partindo de nós, en 1999 a "Lei do Audiovisual de Galicia" declara estratéxico o sector e séguense unha restra de declaracións retóricas canda algunhas medidas para que bote a andar, do que a TV pública –con compromisos desmedido cos grupos mediáticos máis fortes- pasa a denominarse "o motor", para alén dunha liña de financiamento que, anque ficasen se desenvolver, fai aparecer algúns síntomas alentadores. A nivel político decídese apoiar un cinema estándar, dándolle entrada a unha infinidade de produtoras e directores doutros territorios que, en teoría, ían coadxuvar a soerguer o necesario tecido industrial do sector audiovisual. Séguese a creación de organismos mediadores e ou dinamizadores (CONSORCIO, Axencias …) e, por fin, cun cambio de goberno, ao socairo das industrias creativas, aplícanse novas medidas: as celebradas e oportunas axudas ao talento (AGA/2006-2009)

Por iso é fulcral unha lectura crítica e clarexar os conceptos teóricos que, a nivel de coñecemento e de acción, poden facernos avantar algunhas posicións.

O primeiro é admitir a diferenza, non a redución e, por veces, os intereses contraditorios entre estado, como institución política, e nación, como formación social, é dicir, como espazo socio-comunicativo onde se produce e se transforma a cultura e os consumos de cultura como parte constituínte da mesma. Abondaría a letra morta dunha recomendación ao goberno feita polo Senado español en 2011 para a promoción da diversidade cultural, a promoción das linguas oficiais de cada Comunidade autónoma ou o acceso a contidos na lingua de "escolla de cada cidadá", secomasí a necesidade de medidas especiais para ampliar e desenvolver o cinema e o audiovisual en V.O, é dicir, medidas para subtitular nas linguas oficiais -por suposto, non se emprendeu ningunha acción- para comezar a investigar as razón que, entendemos, sobordan o económico (apoiar aos grandes grupos mediatices) para entrar no control político liso.

Imos, xa que logo, facer mención dunha presada de aspectos relevantes, a resultas das entrevistas que, a escala estatal, lle fixemos a 40 persoas expertas –representativas de 4 categorías: profesional, institucional, académica e autoral- e do seu consenso ou disensión á volta do rol das cinematografías en V.O.

Sobre o cinema identitario en V.O. a posición é unánime no sentido de entendelo como parte da diversidade e da riqueza cultural.

A dificultade de acceso a salas indica, para algunha das expertas, a debilidade do concepto "Cultura" na Europa, pois que a exhibición xeneralizada -mesmo coa aplicación do sistema de cotas- traería a emerxencia da diversidade lingüística canda o interese polas salas de proximidade

En torno as Políticas, resáltase o apoio á produción, pero non ao nivel da co-produción europea en linguas minorizadas e tampouco existe unha liña específica de axudas para as mesmas; de maneira singular sinálase a cativeza na promoción ou a carencia de distribuidores específicos tamén para festivais especializados.

Relativamente aos espazos de visionamento**,** a ollada oriéntase para os devanditos festivais (os formadores do criterio, din) coa recomendación de soerguer algún de cinema

identitario como unha marca pola que terían que puxar eses outros lugares de visibilidade: os Institutos de Cultura, por exemplo. O sempre reclamado "Instituto Rosalía".

E a educación, o punto feble das repostas que teremos que resolver: que os nenos e nenas se afagan á V.O. Que as persoas grandes, ás que se nos privou dese dereito e ese lecer, nos afagamos á V.O. E quizais deste xeito os espectadores, as espectadoras veñan saber que se fai co cinema e cal é o cinema que cómpre facer. Se así for, beizón.

## A precariedade velada

A equipa do GEA levamos dúas décadas desenvolvendo proxectos alternos – no espazo lusófono, no iberoamericano, no europeo- a redor do cinema de pequenas nacións e das súas pequenas cinematografías, analizadas dende a cultura como póla da economía política, da construción da diversidade e na vindicación da interculturalidade como paisaxe na que diferenciar as árbores.

Definir campos, regular, expandir... *"Cara ao espazo dixital europeo: o papel das pequenas cinematografías en V.O./Towards the European Digital Space: the rol of small cinematographies in O.V." é a última das doas na que andamos a traballar con* múltiplas mans -20 investigadores e investigadoras de 8 universidades do Estado español, a asistencia preciosa de expertos e expertas internacionais, a colaboración con outros grupos de investigación, como o TECMERIC da Universidad Carlos III de Madrid- forma parte do Plan Nacional (español) de I+D+i (CSO2012-35784), e visa traer a tona a viabilidade dun espazo informal de intercambio entre países como Finland, Wales ou Galiza á luz de diferentes experiencias e do papel das políticas públicas nas mesmas, da análise económica e do compromiso intelectual en que confronta ese *gap*, esa desposesión, que nos impón o mercado e os seus amplos mecanismos tiránicos.

Xa que logo, na nosa argumentación foi collendo corpo a posibilidade de que o cinema en linguas non hexemónicas viñera entenderse coma unha ferramenta de empoderamento e que, pola contra, a súa exclusión sexa considerada como proba de privación fáctica de dereitos lingüísticos, sociais e culturais. Coincidimos, así, co pensamento que o profesor Martín Barbero, na secuencia do de Bhabha ou Marinas, traslada nun artigo a propósito de facer produtiva a interculturalidade na súa posta en relación "com a ideia da *identidade narrativa*, isto é, de que toda identidade se gera e se constitui no ato de narrar-se como história, no proceso e na prática de *contar-se aos outros*"(Barbero, 2014).

O cinema que nos narra para os outros, o cinema en linguas minoritarias ou minorizadas, actívase como mostra e como indicador da produción cultural de pequenas nacións; nacións con ou sen Estado, insistimos, unha denominación xa asentada no nivel académico, que conta con abundante bibliografía e que, neste caso, non soamente remite para cinemas de escala reducida (en termos de mercado interno, anque con posibilidade de internacionalización) senón cara a expulsión, de facto, do lugar no que se toman as 'grandes' decisións.

Porén non ignoramos que a Unión Europea, UE – o marco institucional de referencia no devandito proxecto - leva trinta anos tecendo e destecendo unha sorte de madeixa que, con variacións adxectivas, declara o cinema como obxecto de programas específicos de axudas

en base á súa consideración como un operador da diversidade. En contradición co que se enuncia, temos denunciado que, co punto de mira no retorno comercial, a UE somete o cinema a políticas competitivas, dá prioridade aos filmes de xénero e traslada cara a periferia do sistema o cinema que, dende aquela "política dos autores", pasando polos cinemas nacionais, se expresan dende o interior, singular e plural, da cultura. En suma, a UE precariza aquel cinema no que Alain Bergala, por exemplo, aprecia precisamente a creación de vínculos, aquele cinema no que ecoa unha certa *fraternitas* – recollía unha investigadora do noso equipo, a profesora Antía López na intervención no "Foro Internacional sobre alfabetización fílmica e novas audiencias", que tivo lugar en outubro de 2014 na USC -, aquele cinema-fibela, necesario na construción do espazo europeo de comunicación a través de actos prácticos como a visibilidade, internacionalización e posta en valor deste milagre que lle dá de comer ao pensamento, ao corazón e á imaxinación.

En chegando a esta encrucillada eu sempre recomendo reparar nos porqués arestora volta ser citado o ensaio de Anderson "Imagined Communities", convidar a non esquecer que a partilla colectiva de bens que teñen a lingua como un dos seus materiais crea e mantén ese senso de pertenza que se expresa na praza. En chegando a este punto recollo unha advertencia do profesor de Historia Contemporánea da USC e Honoris Causa da Universidade do Minho, Dr. Ramón Villares, cando adoito comenta que cando unha sociedade non se preocupa dos devanceiros é porque xa non agarda nada do futuro, porque xa se pensa como unha sociedade sen futuro.

Tamén dende a xeopolítica crítica e dende o sentido - político e simbólico - que acolle a construción de espazos de comunicación – o lusófono ou o iberoamericano, para o caso - en tanto espazos menos regrados, que teñen e manteñen na práctica do encontro esa posibilidade de vermos/discernirmos aquilo que ten interese para nós-outros; dende espazos que apostan pola fin dun modelo de integración do particular no xeral –incluído neste xeral o mercado global- e pola toma de posición a prol das diferenzas; que pensan a interculturalidade como signo de solidariedade e como escenario para o intercambio de coñecemento e de bens; que ousan arriscar, ou ensaiar, a visibilidade internacional so proxectos en común, consideramos urxente darlle entrada á nación alargada, en feliz definición de María Beatriz Rocha Trindade, á diáspora. Aínda en 2010, no desenvolvemento do IX Colóquio Internacional "Migraciones e Interculturalidad: los hechos y las políticas" organizado pola Cátedra UNESCO sobre Migracións da USC,a profesora Rocha Trindade falaba de pluralismo cultural fronte a *melting pot,* da importancia do propio proceso de diálogo intercultural como xerador do respecto polas diferenzas, falaba de nación alargada e, cito dende un seu artigo (Rocha-Trindade, 1984) a seguinte reflexión:

> *O moderno conceito de nação passa a prescindir dos usuais requisitos complementares de soberania e das unidades de território que tradicionalmente a integravam e dela constituíam parte indissociável, para passar a incluir todos aqueles que tendo a mesma nacionalidade, apesar de geograficamente dispersos, se mantêm ligados à sua origem por laços emocionais e afectivos.*

## Conclusións: o verme e/ou a mazá

Cando "Internacionalización" quere dicir relación entre nacións emerxe un novo mapa, o das pequenas nacións –con ou sen estado– canda as linguas minoritarias ou minorizadas e o cinema como un ben económico-creativo no que unha cultura se expresa. Consonte ao devandito, e segundo a tan repetida sentenza: *para alcanzar recoñecemento é preciso darse a coñecer*, a carón da función e responsabilidade das institucións (administrativas, académicas, culturais) singularmente para as relacións internacionais, e sen esquecer xamais esa peza que falta (outra volta o "Instituto Rosalía") cómpre establecer "políticas da lingua" entendidas como "políticas de representación", para termos un lugar na esfera pública, e nas áreas culturais e xeolingüísticas de interese para nós.

Porque na Galiza, e collendo como exemplo o período 2008-2012, só o 16% da ficción (36 % de documentarios) foron rodados en lingua galega. E un dato do que destinan os programas da AGADIC, no derradeiro bienio, ao cinema, exemplo do "verme e/ ou na mazá"ou da discriminación pensada e calculada: axudas a produción en galego: 150.000 euros en 2013 e 175.000 en 2014 Axudas a produción e co-produción de "contido cultural galego", que pode ser, e é en español, máis de 1 millón de euros en 2013 e 2 millóns en 2014.

En resumo, a manca de estruturas estábeis de financiamento, sobre todo de promoción e distribución, danan o desenvolvemento de estratexias para dar visibilidade aos pequenos cinemas. Porque ese 80 por cento das axudas para produción (maiormente en español) canda a cativa atención que se lle presta a promoción e distribución condenan o cinema galego á inexistencia dentro e fóra, á imposibilidade de xogar o seu rol como operador de internacionalización.

E como toma de posición, a visibilidade para un cinema distinto do español coa lingua e o territorio como sinais, é o que nos garante poder seguir a pensar que temos un lugar no mundo.

***Margarita Ledo Andión*** *é Catedrática de Comunicación e Publicidade da USC. Coordinadora do Grupo de estudos Audiovisuais da USC. Presidenta da Federação Lusófona de Ciências da Comunicação e Vice-presidenta da Asociación Iberoamericana de Comunicación.*

## Fontes bibliográficas


ANDERSON, B. (1983). *Imagined Communities*. London: Verso.

HALL, S. (2014).*Foreword. CCCS 50 years on*. Birmingham: University of Birmingham.

MARTÍN BARBERO, J. (2014). "Diversidade em convergência", *MATRIZes, 8*(2), 15-33.

MATTELART, A. (2002). *Geopolítica de la cultura*. Cidade do México: ERA

MONDZAIN, M. J. (Coord.)(2002). *VoirEnsemble*. Paris: Gallimard.

ROCHA-TRINDADE, M. B. (2011). "Sociedades plurais e relações internacionais". InHernándezBorge&González Lopo (Eds.), *Migraciones e Interculturalidad: loshechos y las políticas* (pp. 17-32). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

SCHLESINGER, P. (2000). "The sociological scope on nacional cinema". In M. Hjort & S. MacKenzie (Eds.), *Cinema and Nation* (pp. 19-31). Nova Iorque: Routledge.

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 121-122

# A produción audiovisual de Galicia e a internacionalización

*Antón Reixa*

No noso contexto nacional caracterizado polo colapso da economía produtiva e a depredación histórica dos recursos naturais, a produción audiovisual preséntase como un sector estratéxico polo seu valor engadido e potencial de internacionalización. Isto deriva de que a materia prima da produción audiovisual é o talento, o capital humano. A globalización, dalgún xeito, igualitaria de acceso á tecnoloxía dixital propicia tamén este valor estratéxico. O sector foi, paradoxalmente, impulsado por unha política pública de axudas e a traxectoria, algunhas veces errática, da TV pública como motor dunha masa crítica de profesionais e empresas independentes. A crise dos últimos anos tronzou ese difícil balance e equilibrio.

A característica do sector é a constatación da existencia dun competitivo capital humano, excepto no ámbito do *marketing*, a comercialización e a distribución. Amais dalgunhas áreas técnicas de moi específica especialización. Paulatinamente, vaise xerando unha evidente profesionalización dos empresarios, como evolución dunhas iniciativas empresariais que, en grande parte, tiñan que ver con creadores que buscaban as ferramentas para tirar adiante os seus propios proxectos.

Isto configura un sector moi diverso con capacidade para cubrir as necesidades de autoconsumo e tamén as expectativas tanto de produtos *mainstream* como das propostas de vangarda. Ou a TV e o cinema convencionais e animación máis sofisticada. Se tivésemos que poñer nomes propios, a creatividade audiovisual galega deu froitos, en TV, como Mareas Vivas ou como "*Embajada*" (grande suceso en España e no mercado internacional) ou, en cine, como os filmes de Lois Patiño ou de Dani de la Torre.

No desenvolvemento e adaptación da actividade ás novas circunstancias cómpre reflexionar sobre o feito de que a identidade empresarial dun produto audiovisual non coincide cos criterios ao uso do nacionalismo cultural ou do ciclo integrado da economía, tal como se pensou para conxurar o colonialismo interior polos economistas galeguistas dos anos 70'.

A cadea de valor da produción audiovisual é intrinsecamente diversa e nun contexto de competitividade baseado no capital humano ten que ser necesariamente aberta como derivación do tamaño demográfico e xeográfico do país. Razón de máis para apostar pola internacionalización. Ninguén pode pensar que o autoconsumo, por si mesmo, faga sostibles as empresas galegas audiovisuais.

Do mesmo xeito, dada a heteroxeneidade da cadea de valor en aspectos creativos, técnicos, tecnolóxicos, loxísticos e financeiros, un país que non chega a 3 millóns de individuos ("unha cidade espallada", Dieste) non pode sucumbir á superstición de que os produtos audiovisuais do país sexan dirixidos, protagonizados, producidos ou financiados exclusiva ou enteiramente por xente de Galicia.

Ao mesmo tempo, as carencias estruturais dos mercados "limítrofes" ou "contiguos" (España e Portugal) converten a internacionalización en condición necesaria e non só meramente oportunista ou complementaria do sector audiovisual de Galicia. Somos un país de emigrantes e exiliados que, historicamente, sabemos ben de integración, de respecto á diversidade e de cosmopolitismo. Eses lazos históricos foron establecidos con América Latina e Europa e formamos parte dun sector que universalmente atesoura unha desenvolvida cultura de coprodución de proxectos específicos fronte ás tendencias absorbentes ou de fusión doutras actividades empresariais.

Poñamos un exemplo moi elemental. No caso de dispoñermos de varios millóns de euros, non intentemos acudir a México ou Brasil para comprar ou fundar unha compañía, asociémonos para proxectos concretos. Son territorios que teñen unha experiencia colonial que seguen a superar. Se intentásemos esa acción empresarial en Europa, seríamos ridiculamente pobres fronte aos locais. Outra vez a cultura da coprodución de proxectos entre iguais e independentes cobra relevancia.

É obvio que falamos de emprendedorismo e capital humano, pero unha política sistémica de promoción do noso sector audiovisual require recursos públicos e institucionais. Se tamén temos en conta que estamos a falar dunha actividade de intanxibles e produción de prototipos, unha política pública de I+D+i resulta imprescindible. A taxa de retorno do investimento audiovisual vén supoñer que cada euro investido xera ata outros 5 €. Sería un *ratio* paradigmático para o desexable futuro de Galicia no mundo.

***Antón Reixa** é presidente da produtora audiovisual Filmanova.*

1º
CONGRESO de
ESTUDOS
INTERNACIONAIS
de GALICIA

# SESIÓN DE CLAUSURA

MARIÁN ELORZA

MANEL MANONELLES

Moderación: Miguel Ángel Rodríguez Souto


Marián Elorza

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 125-131

# A acción exterior vasca

***Marián Elorza***

*Arratsalde on guztioi eta eskerrik asko zuekin egoteko gonbitea luzatu izanagaitik.*

Boa tarde e moitas grazas polo seu convite. É un pracer estar aquí. Quixera expresar o meu especial agradecemento ao profesor Xulio Ríos e ao IGADI polo seu amable convite e pola súa cálida acollida.

Durante os próximos minutos tentarei, atendendo á solicitude dos organizadores deste seminario, explicarlles a grandes trazos en que consiste a acción exterior que está desenvolvendo o Goberno vasco, que obxectivos perseguimos e que tipo de accións estamos desenvolvendo. Para iso, a miña intervención vai ter como eixe central dous documentos chave aprobados en abril de 2014: a Estratexia marco de internacionalización 2020-Estratexia Basque Country e o Plan de Acción exterior 2014-2016.

Antes de afondar no contido destes dous documentos, convén facer un rápido repaso dos principios que inspiran a acción exterior vasca e que atopan oportuno reflexo tanto na estratexia como no plan:

» **Unha Euskadi con Presenza no Mundo**

A nosa acción exterior entronca cunha longa tradición de presenza internacional vasca. A apertura ao mundo forma parte da nosa cultura, é froito do noso carácter emprendedor e, en certos momentos da nosa historia, tamén da necesidade. Como exemplo, baste citar que o primeiro goberno vasco do Lehendakari Agirre dotouse en 1937 dunha secretaría de relacións exteriores da que chegaron a depender case unha vintena de delegacións.

Así pois, mantemos viva a vocación por participar na gobernanza global. Non queremos ser meros espectadores dos acontecementos, senón que queremos contribuír a modelar o mundo no que nos toca vivir.

**Internacionalización: reto de país**

A interdependencia crecente entre países e o incremento exponencial de interconexións froito da globalización impactou dun xeito decisivo en todos os ámbitos: económico, político, cultural, intelectual. As nosas sociedades, tamén a vasca, encaran retos sociais, medioambientais, de seguridade… que demandan de respostas globais.

Esvaece así a clásica división entre a orde interna e a externa e os gobernos non estatais somos actores indiscutibles do escenario global. Atrás quedan os días en que os Estados eran os protagonistas en exclusiva das relacións internacionais.

Así as cousas, o futuro de Euskadi xógase no escenario global. A internacionalización convértese así nun reto de país. Euskadi debe gañar presenza en dito escenario internacional e posicionarse como un actor global.

O noso reto é asumir a cultura da internacionalización, construír unha imaxe de marca propia coñecida e recoñecida no mundo, a marca Basque Country. Compartimos a visión dunha Euskadi máis notoria, atractiva e influínte no mapa global.

**Euskadi nación europea**

A pesar do momento especialmente crítico que atravesa o proxecto de construción europea e as non poucas discrepancias que nos provoca o enfoque que se lle está imprimindo, Europa segue sendo o soño de Euskadi.

Mantemos o noso compromiso coa construción dunha Europa unida e con alma. Unha Europa social e solidaria, que sitúe ás persoas no centro do seu proxecto, unha Europa referente de democracia, liberdade e dereitos humanos e que dea voz aos pobos e nacións que a integran.

O noso presente e futuro está intimamente ligado ao da Unión Europea, que constitúe o escenario prioritario da acción exterior vasca.

**Panca para a reactivación económica e a xeración de emprego**

En liña coa aposta do Goberno vasco por propiciar un desenvolvemento humano sostible, a internacionalización de Euskadi ponse ao servizo da reactivación económica e a xeración de emprego.

Intensificar a nosa apertura internacional implica incrementar as posibilidades de acceso aos novos mercados, abre as portas ao establecemento de alianzas e esquemas de colaboración con axentes que se sitúan á vangarda do coñecemento e a innovación en ámbitos prioritarios para a especialización intelixente de Euskadi.

A maior apertura de Euskadi ao exterior, lonxe de constituír unha ameaza, supón a oportunidade para fortalecer a competitividade do tecido empresarial vasco e detectar novas oportunidades de negocio, para captar novo coñecemento e, así, xerar oportunidades de emprego de calidade.

**Transversalidade**

Coa vista posta en 2020, a internacionalización debe converterse nun elemento transversal ao conxunto da acción de goberno. Queremos que os ámbitos da cultura, a universidade, o transporte ou o medio ambiente, por citar algúns exemplos, incorporen a dimensión internacional nas súas axendas.

Para iso, desde a secretaría xeral de acción exterior estamos impulsando e acompañando aos diferentes departamentos do goberno na súa andaina internacional.

**Necesidade dunha estratexia clara e compartida**

A proxección internacional dun país pequeno como o noso precisa dunha estratexia clara e do concurso do conxunto da sociedade para a súa posta en marcha. Para iso, dotámonos de:

» Unha Estratexia común a todo o Goberno.

De aplicación a todas as áreas, se ben o peso principal recaerá sobre a acción exte-

rior institucional, a internacionalización empresarial, o turismo e a cultura.

» Unha estratexia aberta a toda a sociedade vasca.
Construída tras un intenso proceso participativo no que se recolleron achegas do tecido empresarial, axentes sociais e culturais e institucións para conseguir unha visión compartida.
» Unha Estratexia para todo o mundo.
Propoñemos un posicionamento xeoestratéxico para Euskadi no escenario global. Para iso realizamos un exercicio de priorización xeográfica identificando os países que concentran unha parte substantiva dos intereses vascos e nos que se están focalizando todos os esforzos.
» Unha Estratexia de longo alento.
Porque os cambios que queremos impulsar (gañar proxección, notoriedade…) requiren de tempo, a estratexia Basque Country fíxase como horizonte o ano 2020.

En resumo, a Estratexia Basque Country é a folla de ruta para alcanzar unha ***visión*** que responde a unha necesidade e unha ambición.

*A necesidade dun posicionamento global e a ambición de ser un referente entre as rexións de vangarda, cun espazo propio na Unión Europea. Unha visión sustentada na competitividade de Euskadi, na capacidade de atracción de talento e investimento.*

*Unha visión que apóiase en potenciar o recoñecemento da singularidade e as altas cotas de desenvolvemento. Un desenvolvemento humano sostible, solidario e aberto ao mundo, que retroaliméntase na súa conexión coa comunidade vasca no exterior.*

A Estratexia marco de internacionalización susténtase en ***4 vectores comúns de internacionalización*** en torno aos cales, nun exercicio de busca de coherencia, xira o conxunto de acción internacional do Goberno Vasco.

» ***1º vector, a proxección de Euskadi no exterior:*** a marca Basque Country é a ferramenta para alcanzar un adecuado posicionamento internacional. Unha marca que traslade unha imaxe-país atractiva, influínte e vinculada á excelencia.
» ***2º vector, promoción e impulso dos intereses sectoriais no exterior e contribución aos retos globais:*** imos fortalecer a capacidade das nosas organizacións e axentes socioeconómicos para inserirse en cadeas de valor internacionais. Así mesmo asumimos a nosa cota de responsabilidade na busca de solucións aos problemas globais (erradicación da pobreza, cambio climático…)
» ***3º vector, o marco europeo:*** a Unión Europea ocupa un lugar prioritario nas nosas actividades internacionais. O noso obxectivo é que Euskadi teña un espazo propio na Unión Europea que se traduza nunha participación directa nos foros de decisión comunitarios, na configuración de políticas europeas en ámbitos da nosa competencia. Buscamos tamén fortalecer a inserción dos axentes vascos no espazo europeo.
» ***4º vector, captación de coñecemento:*** a capacidade para innovar e xestionar novo coñecemento son dous elementos chave para cimentar o noso benestar futuro. Por esta razón, temos que buscar novos *inputs*, reforzando as relacións con países ou rexións que constitúan referencias innovadoras en distintas materias.

Así pois, a Estratexia marco de internacionalización 2020-Estratexia Basque Country constitúe o paraugas baixo o que se desenvolve o conxunto da actuación internacional do Goberno vasco, correspondendo á secretaría xeral de acción exterior coordinar a súa posta en marcha.

Adicionalmente, e para traducir a visión e vectores da Estratexia Basque Country en actuacións concretas propias da acción exterior institucional, en abril de 2014 aprobouse, conxuntamente coa Estratexia, o **Plan de Acción Exterior** 2014-2016. Este plan está conformado por 5 obxectivos estratéxicos que tentarei expoñer a continuación.

## *Primeiro obxectivo estratéxico: proxectar Euskadi no mundo*

Lograr que se nos coñeza e recoñeza como actor global, que se identifique a Euskadi como referente de excelencia.

A marca Basque Country é o vehículo que estamos consolidando para promover as nosas fortalezas e valores diferenciais na escena internacional:

Unha lingua e identidade propias, un conxunto de valores compartidos pola sociedade vasca (cultura do esforzo, compromiso, respecto á palabra dada, etc.), unha forte raíz industrial ou unha longa traxectoria de autogoberno.

Desenvolvemos materiais Basque Country en diversos soportes e idiomas. Estamos traballando na adhesión de distintos axentes e institucións á marca que é xa utilizada habitualmente en feiras e foros internacionais para presentar a oferta turística vasca, a capacidade industrial ou a nosa *expertise* en distintos campos.

A opinión e experiencia das persoas que nos visitan son un recurso fundamental para dar a coñecer Euskadi e xerar un entorno propicio para a internacionalización. Por este motivo estamos apostando por atraer eventos internacionais de alto impacto (ex. asemblea europea da rede ICLEI celebrada en Bilbao o pasado mes de abril e que contou con 800 participantes) e organizar visitas a Euskadi de personalidades procedentes de países e rexións prioritarias (ex.: Chile, México).

Dun xeito inverso, propiciamos a participación de axentes vascos en eventos internacionais, buscando dar a coñecer as nosas  fortalezas e boas prácticas a través de relatorios (ex. 3º foro mundial LED de ART-PNUD celebrado en Turín en outubro de 2015, participación en seminario sobre innovación social organizado en abril deste ano en Reykjavik polo goberno islandés e Social Progress Imperative)

## Segundo obxectivo: promoción no exterior dos nosos intereses multisectoriais

Propoñémonos impulsar a inserción de axentes vascos en proxectos, redes e cadeas de valor globais. Con este obxectivo, a actividade exterior da administración vasca está enfocada a detectar oportunidades e abrir portas, a acompañar aos axentes nos seus procesos de internacionalización, pero tamén a tecer alianzas.

Unha adecuada defensa dos nosos intereses a nivel internacional pasa por contar con socios estables. Para gañar capacidade de influencia, estamos construíndo unha rede de

rexións aliadas estratéxicas. A día de hoxe forman parte dela a rexión de Aquitania-Limousin-Poitou-Charentes, Flandres, Baviera, Querétaro e Jiangsu e estamos traballando para ampliar o número de socios.

Non perdemos de vista a necesidade de reforzar a posición estratéxica de Euskadi ante os organismos internacionais, para o cal traballamos en varios planos:

» a participación activa en foros e citas multilaterais relevantes: CoP21 de París, Climate week en Nova York;
» o establecemento e posterior posta en marcha de acordos de colaboración con organismos internacionais como a OEA, SEGIB ou UNESCO que contemplan, entre outras accións, o intercambio de boas prácticas ou a prestación de asistencia técnica;
» a inserción de axentes vascos en redes temáticas sectoriais auspiciadas por organismos internacionais;
» o acompañamento a axentes públicos e privados vascos no seu achegamento a institucións multilaterais.

As nosas delegacións no exterior son elementos chave para a defensa dos nosos intereses e para tecer relacións estables cos gobernos dos países nos que se localizan. Concretamente o Goberno vasco conta cunha rede exterior composta de delegacións institucionais (6), oficinas comerciais (10) e axentes que garanten presenza en 70 países. É dicir, estamos en disposición de axudar a empresas, profesionais e axentes de distintos sectores a abrirse camiño nestes 70 países.

Á vez, estamos facendo un gran esforzo por afondar as relacións cos nosos membros do corpo diplomático acreditado en España, particularmente con representantes de países prioritarios. Así, no que vai de lexislatura, o Lehendakari mantivo audiencias con 77 embaixadores de 55 países, audiencias ás que se suman 7 encontros e/ou visitas en grupo de embaixadores da UE, Latinoamérica, Liga Árabe, ASEAN e Grupo Visegrád.

## Terceiro obxectivo: participar directamente na construción europea

Demandamos ter voz no proxecto europeo. A Secretaría Xeral de Acción Exterior é a encargada de abrir vieiros para que Euskadi participe directamente en aqueles foros europeos que debatan cuestións que afecten as nosas competencias e intereses (p. ex. participación en formacións do Consello da UE, Comités Comisión Europea).

Ao comezo da lexislatura puxemos como obxectivo ampliar o número de formacións do Consello de Ministros da UE nos que Euskadi participa, incorporando particularmente ECOFIN e JAI. A día de hoxe constatamos que a falta de vontade política por parte do Goberno central imposibilitou que se produzan avances neste tema. Así, o foro político de CARUE non se reuniu nestes últimos anos e tampouco conseguimos –pese a solicitalo ao Ministerio competente- reactivar a comisión bilateral Estado-Euskadi para asuntos europeos e acción exterior.

Igualmente, buscamos incrementar a participación dos axentes vascos en programas europeos. Para tal, a través da Delegación de Euskadi para a UE, ofrecemos asesoramento personalizado e organizamos sesións de traballo con representantes das institucións europeas.

Estamos privilexiando a cooperación transfronteiriza entre Euskadi e Aquitania-Limousin-Poitou-Charentes. Para iso dotámonos dun Plan Estratéxico 2014-2020 para a Eurorrexión Aquitania–Euskadi que pivota en torno a tres eixes centrais: cidadanía eurorrexional; economía do coñecemento, innovación competitiva e empresa; e territorio sostible. Actualmente atopámonos en fase de aplicación do mesmo pero podo adiantar algunhas das actuacións que estanse desenvolvendo:

» estamos financiando proxectos transfronteirizos en materia de mocidade, educación e cultura, así como innovación e competitividade;
» subscribimos parcerías estratéxicas con actores chave como as universidades, institutos de cultura, *clusters* e cámaras de comercio;
» estamos formulando e presentando proxectos a programas europeos de cooperación transfronteiriza (transporte, emprego…).

Por outra banda, o pasado mes de marzo demos luz verde á incorporación de Navarra á Eurorrexión Aquitania-Euskadi, o que sen dúbida virá a reforzar o espazo transfronteirizo que estamos articulando conxuntamente. Confiamos en que a Eurorrexión a tres estea formalmente operativa a finais de ano e deste xeito a dinámica de colaboración bruscamente interrompida no ano 2000.

***Cuarto obxectivo: afondar lazos coa comunidade vasca no exterior***

A comunidade vasca no exterior representa un claro activo estratéxico. Para maximizalo, queremos crear unha rede global que vincule a todos os seus membros, a rede *Basque Global Network*.

Xunto á rede virtual, contamos ademais cunha rede "física", composta por 190 Euskal Etxeak (casas vascas) repartidas en 25 países, que xogan un papel chave na transmisión da nosa lingua e cultura e na proxección de Euskadi. Estamos apoiando as actuacións que desenvolven, tentando potenciar o papel dos mozos e da comunidade e dos seus vínculos con outras diásporas.

Ademais, asumimos o compromiso de preservar a historia da nosa diáspora apoiando para iso actividades de investigación e difusión sobre ela. Nesta etapa estamos prestando especial atención á creación dunha base documental con testemuñas orais de emigrantes vascos.

## Quinto e derradeiro obxectivo: aumentar a eficacia da nosa acción exterior

Para asegurar a correcta execución tanto da Estratexia Basque Country como do Plan de Acción Exterior, deseñamos un modelo de gobernanza a tres niveis.

1. coordinación da axenda internacional do Goberno vasco a través da Comisión Interdepartamental de Acción Exterior que reúnese con carácter semestral;
2. colaboración con outras institucións vascas no marco da Comisión Interinstitucional de Acción Exterior.
3. impulsar a participación da sociedade na posta en marcha da Estratexia Basque Country a través do Consello Asesor de Acción Exterior.

Para a implementación da estratexia marco de internacionalización, contamos no período 2014-2016 cun orzamento de 105 millóns de euros.

Para rematar a miña intervención quero subliñar que tanto a Estratexia Basque Country como o Plan de Acción Exterior son ferramentas vivas, abertas a ser revisadas para adaptalas ao entorno cambiante no que tocounos vivir.

Moitísimas grazas pola atención, *eskerrik asko*.

---

***Marián Elorza*** *é Secretaria de Acción Exterior do Goberno Vasco.*


Verbas atlánticas
A poesía inglesa e irlandesa
traducida ao galego
por Plácido Castro
Gratis (impreso+pdf) en:
bit.ly/verbasatlanticas
Verbas atlánticas
Poesía inglesa, escocesa e irlandesa
traducida por Plácido Castro
Linares Fernández (editora)
Fundación Plácido Castro
A versión impresa do libro é gratuíta ata fin de existencias, cun só gasto de envío de 3 euros.

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 133-140

# A acción exterior de Cataluña[1]

***Manel Manonelles***

Ante todo quixera agradecer a invitación do IGADI, do Observatorio de Gobernanza G3 da Universidade de Vigo, para estar hoxe aquí presentando algunhas das liñas mestras da acción exterior da Generalitat de Catalunya, da acción exterior do noso goberno.

Quixera felicitar igualmente ao IGADI e ao Observatorio G3 pola iniciativa de convocar tamén, no marco do 25º aniversario do IGADI, o I Congreso de Estudos Internacionais de Galicia. Non vou ser eu quen diga porqué é importante que se faga este primeiro Congreso. Xa o dixo o director do Diario de Pontevedra e fíxoo nun marco que deixou moi claro a importancia desta reflexión necesaria sobre a acción exterior e sobre a internacionalización de tódolos ámbitos da sociedade. No contexto actual xa é unha obriga. Nun mundo globalizado e extremadamente interdependente nalgúns aspectos ata enfermizamente competitivo, a internacionalización é unha obriga, non é unha opción.

O feito de que haxa un *background* académico, un *background* máis no ámbito dos *think tank* que promovan este debate dentro da sociedade galega, é un aspecto sumamente importante para afrontar os retos de calquera sociedade, neste caso da galega. Xa que logo, as miñas felicitacións neste sentido.

Eu vou tentar facer unha intervención que sexa un pouco diferente porque hai moitos elementos de coincidencia entre o que é a acción exterior do goberno vasco e o que é a acción exterior do goberno catalán. Nalgunhas cousas gáñannos eles e nalgunhas cousiñas gañámoslles nós. Por iso vouno formular máis nunha perspectiva de actores aínda que tamén con referencias a aspectos específicos.

Tamén lles indicarei que hoxe, revisando a revista que publica IGADI, alí no número 26 hai un artigo do secretario de Acción Exterior do Goberno catalán anterior, do Sr. Roger Albinyana i Saigí, onde hai unha explicación moi detallada dos principios reitores, que seguen sendo os principios reitores da acción exterior catalá. Pois se alguén ten interese, e como está publicado en galego, pois o entenderá mellor ata do que poida explicar eu hoxe brevemente. E se non son breve, pois pido ao director que impoña a súa autoridade como moderador da mesa.

Díxose, pero creo que vale a pena repetilo, que en calquera nivel hoxe da sociedade, e especialmente en sociedades específicas como pode ser a particular de sociedades como a de Cataluña ou a do País Vasco ou a de Galicia, a acción exterior é unha obriga e ten un gran valor estratéxico. Iso ten que ser, e dígoo que ten que ser a todos os niveis, as empresas sábeno perfectamente, as universidades sábeno perfectamente, unha universidade sen unha dimensión internacional hoxe está perdida, como o está unha empresa, pois máis o estarán realidades específicas como son as nosas.

(1) Transcrición da intervención

A capacidade de comprender cales son as dinámicas globais e rexionais, e neste sentido dicindo rexionais a dimensión europea, a dimensión paneuropea, porque hoxe en día logo do que pasou, a semana próxima xa non sabemos cal vai ser a dinámica tradicional da Unión Europea, cal vai ser a evolución ou o incremento da importancia do nivel que é máis paneuropea, é dicir que é máis aló da Unión Europea. E no caso particular de Cataluña, de dimensión euromediterránea, que é un elemento importante sumamente clave para poder planificar calquera das políticas dun goberno, sexa desde o ámbito da saúde, ao ámbito ambiental, ao ámbito industrial, ao ámbito académico, é necesario ter esta comprensión.

Para ter esta comprensión é necesario tamén ter unha participación nos foros internacionais, nos foros internacionais que máis che afectan politicamente, pero do mesmo xeito naqueles foros internacionais onde se suscitan as grandes liñas de acción futura a nivel global e a nivel rexional.

E tamén é necesario ter que situarse nestes foros internacionais, de situarse e de promoverse. Porque, como digo, estamos nunha dinámica, e reitero esta idea, de competitividade ao máximo nivel, hai que promoverse nestas contornas, é básico. E é necesario situarse, é necesario promoverse e tecer complicidades.

Unha cousa que tamén comentou Marián (*Elorza*), esa necesidade de crear redes a todos os niveis, é sumamente básico e é sumamente estratéxico para calquera política pública que desenvolvamos os gobernos. Entón, isto é importante e aínda que sexa un pouco redundante porque se reiterou, cómpre reincidir sobre este valor estratéxico.

Desde a nosa perspectiva, a catalá, obviamente ten unha dimensión politicamente máis sensible, dado o actual contexto político no que vive o noso país. Pero iso non quere dicir que esta valoración estratéxica da acción exterior débase só exclusivamente a este contexto histórico. Cataluña, e tamén podemos ir cara atrás pero cinguímonos á contemporaneidade, há ter acción exterior desde que o goberno catalán volveu do exilio. Sempre me gusta recordar que volveu antes de que se elaborase e votase a actual Constitución e é a única institución de lexitimidade republicana que se recupera do exilio e desde ese mesmo momento xa facía acción exterior, entre outras cousas porque estaba no exilio.

Son 35 anos por non dicir 40, de acción exterior desde a recuperación da democracia e ademais, en moitos casos, o goberno fíxoo por iniciativa propia pero tamén porque a sociedade catalá demandábao. Entón aqueles que están afeitos a moverse en ámbitos internacionais sempre atoparán que en calquera foro importante de ámbito económico, de ámbito social, de ámbito de cooperación, de ámbito de xénero, no ámbito da sociedade civil, coincidirán con representantes da sociedade civil catalá, da sociedade civil vasca, nalgúns casos da sociedade civil galega, que fai ata moitos anos máis que está participando nestes foros antes de que o propio goberno estivese alí. Entón, en moitos casos, gran parte da nosa política de acción exterior responde a unha petición previa ou unha demanda da nosa sociedade.

A nosa política de cooperación xa ten uns anos, no seu momento respondeu a unha demanda da sociedade catalá, non foi iniciativa dun goberno. E neste momento estámola intentando recuperar porque a nosa situación financeira por desgraza non é a mesma que a do País Vasco. Entón non podemos facer as achegas que por sorte e que por xustiza pode facer o País Vasco, e está a vontade de recuperala neste sentido.

A acción exterior responde a unhas demandas sociais, a unhas necesidades derivadas do contexto internacional e ás necesidades de planificación do propio goberno que ten a obriga de facer aquilo que a sociedade pide e reclama.

Desde a perspectiva máis estritamente catalá, cales son os principais actores da acción exterior? Obviamente, se tentásemos facer unha descrición de actores da sociedade, estaríamos aquí dúas semanas. Entón centrareime en explicar un pouco cal é a rede máis vinculada ao goberno institucional catalán.

Nós temos unhas oito delegacións do goberno nas principais capitais europeas. En EUA temos delegacións en Nova York e en Washington. Como é público e notorio fíxose un plan de xeito substancial para estas delegacións, pero o que tamén me gusta recordar é que non estamos nós sos nestas delegacións. Cando ti vas a Nova York non só están o País Vasco e Cataluña senón tamén está o País de Gales, Flandres, está Quebec, están cidades coas súas propias delegacións. En ningún caso preséntanse estas delegacións como absolutamente illadas por certos desvaríos dalgúns países, entidades sub-estatais como os chaman. Vas a Berlín e atópaste con delegacións de rexións. Vas a Bruxelas e o universo de representacións que teñen necesidade de influencia é importante.

Entón, nós temos estas oito delegacións e, como dixen, hai un Plan bastante ambicioso de ampliación. Temos tres delegacións de cooperación, e dígoo porque hoxe saíu neste ámbito específico, temos tres delegacións. Unha delegación en Colombia, unha en Marrocos por razóns obvias e unha en Mozambique, e que ademais precisamente está desenvolvendo o primeiro clúster de cooperación no ámbito sanitario en Mozambique.

E alí hai unha Fundación importante que está vinculada ao Hospital Clínic de Barcelona e que ademais está vinculada á Fundación Bill and Melinda Gates, que chámase Global, e alí xerouse unha dinámica de *gap* de cooperación no ámbito sanitario. E, como comentabamos esta mañá, o goberno de Flandres pediunos que sexa a través desta *gap* de cooperación que Cataluña creou en Mozambique que se derive a súa cooperación ao ámbito sanitario de Mozambique. Estamos falando para este ano duns 800.000 euros que piden que sexan acompañados mediante o mecanismo que temos en Mozambique. Nós achegamos 100.000 pero Flandres achega 800.000. Entón, esta é outra realidade.

O ámbito máis forte da nosa acción exterior, e que é o lóxico no momento no que estamos hoxe en día, son as oficinas do que nós chamamos *Acció*, que basicamente ocúpanse da promoción económica e industrial. Son 34 representantes ó redor do mundo e eses son os elementos que explican o relativo éxito que ha ter Cataluña nos últimos anos, incrementando porcentualmente o nivel das súas exportacións.

Non vou dicir quen pero hai varios países que se aproximaron a Cataluña, incluíndo antigas potencias importantes, a preguntar como para Cataluña foi posible incrementar de xeito tan importante porcentualmente o nivel de exportacións. Nós sempre dicimos que é *Acció*, non dicimos que é a necesidade porque en gran parte tamén foi a crise económica.

É dicir, gran parte deste éxito débese a esta rede con 34 representantes. Temos oficinas grandes, con catro ou cinco persoas traballando nalgunhas cidades de EUA e de Europa, a persoas que traballan *part time* nalgúns países africanos e de mercados emerxentes. Pero iso é unha rede importantísima para a nosa promoción comercial.

Despois temos ámbitos máis específicos, de Turismo de Cataluña, do Instituto Ramón Llull de promoción da cultura catalá, que neste caso non é un instituto propiamente catalán, é un instituto compartido por tres comunidades autónomas, Cataluña, Goberno de Baleares e Valenciá, que volven traballar, algúns deles entran e vanse do instituto segundo o goberno, na promoción da cultura catalá, máis outro país que é Andorra que tamén está participando niso.

Temos o *DiploCat*, que algúns o acusan de facer cousas moi raras, porque basicamente é o Consello de Diplomacia Pública de Cataluña, onde temos desde Confederacións Empresariais ata o F.C Barcelona, sindicatos, universidades e entidades de diplomacia pública, no sentido clásico de diplomacia pública. De formación en todos os ámbitos non gobernamentais de acción exterior, desde promoción económica a promoción cultural, a promoción deportiva e, por exemplo, ten programas de visitantes moi importantes similar ao que fai tamén o País Vasco, tanto desde xornalistas como de todos eses ámbitos que temos que son interesantes para xerar ou para presentarlles a realidade catalá, desde a realidade, non por medio dos medios de comunicación e a través de equipos, dando unha visión positiva do noso país.

Despois hai outro nivel que vai vinculado a algo que se comentou xa, e que no caso de Galicia é exponencialmente moito maior, que son as Comunidades Catalás no Exterior, ás que me referirei, e xunto ás Comunidades Catalás no Exterior, a Rede de Lectorados. Nós temos unha Rede de Lectorados de catalán, desde Centros Universitarios que promoven a cultura catalá en todo o mundo e que superan os 140 lectorados en todo o mundo. Tamén é un instrumento de promoción da cultura e do país no exterior especialmente importante.

Polo tanto, hai unha rede, hai unha necesidade estratéxica e hai unha política estrutural. Creo que é importante insistir que nós, desde fai uns 35 anos, facemos acción exterior. Desde o punto de vista democrático, as liñas xerais desta acción exterior mantivéronse na súa inmensa maioría, independentemente dos diferentes gobernos que houbo. Tivemos gobernos de varios tripartitos, con gobernos diferentes, volvemos a ter gobernos de Convergencia i Unió, tivemos gobernos de coalición, e as liñas básicas desta acción exterior mantivéronse e en calquera destes contextos considerouse unha prioridade. Entón creo que é importante ver a dimensión estrutural e a dimensión transversal desta política.

O papel da diáspora é un desafío e tamén unha gran oportunidade, e na mesma liña do que se dixo no ámbito vasco, e non lle explicarei a vostedes sobre o caso galego porque se hai unha diáspora grande na península, é a galega. Pero tamén hai esta realidade, da vella e da nova diáspora.

Hai a vella diáspora dos *Casals* cataláns, da herdanza da emigración de finais do XIX e de principios do XX, moi vinculada no noso caso á República e ao exilio da Guerra Civil e a algún exilio económico dos anos cincuenta. E hai a nova diáspora, dos cento cincuenta mil novos cataláns, digamos do mellorciño do noso país, que se han ir a buscar a vida polo mundo e que son xente extremadamente dinámica, ó mesmo tempo cunha gran capacidade de acción e que están comprometidos co futuro do seu país.

Ter unha política de relación coas Comunidades Catalás no Exterior é moi importante pero tamén é moi importante ser capaz de conxugar estas dúas realidades. É por iso que nós estamos desenvolvendo a Lei do que chamamos a Cataluña Exterior, é dicir da presenza

dos cataláns no exterior para ver como somos capaces de conxugar estas diferentes realidades históricas dos *Casals* cataláns de México e de aquí e alí, e doutras realidades tan dinámicas. Porque, por unha banda, entendemos que esta diáspora histórica ten un valor moi importante e temos que asegurar unha mínima catalanidade desta diáspora, pero tamén hai esta nova realidade.

Nós temos recoñecidas 140 Comunidades Catalás, temos un proceso administrativo polo cal pódense recoñecer estas comunidades, de maneira que hai unha interacción, temos un pequeno ámbito dentro do noso departamento que é a que está xestionando este tema, e a partir de aquí estamos traballando conxuntamente cos Lectorados de catalán.

É un ámbito importante pero é un ámbito importante sobre todo a capacidade de xestionar as diferenzas e de converter o que é nestes momentos un desafío, porque tamén a restrición orzamentaria complícao todo. Anteriormente era máis fácil ter a comunidade catalá contenta, repartindo cousiñas por todas as 140 comunidades, agora isto é imposible e o reto é manter esta relación e darlle o máximo de promoción.

Cales son os desenvolvementos máis recentes desde o punto de vista práctico desta acción que formulamos? Por unha banda, houbo unha vontade de ampliación dos instrumentos lexislativos e administrativos. Hai unha ampliación de rede e da sé para dar cobertura a estas necesidades. Hai unha vontade de ampliación dos ámbitos de actuación que tamén explicarei. E tamén nesta ampliación trátase de dotar de maior coherencia e de integración as políticas, como tamén se comentou, e de profesionalización.

É verdade que ás veces a acción exterior dos entes sub-estatais ha ter algúns problemas en canto ao nivel de calidade profesional á hora da súa aplicación. Agora é un reto que estamos levando a cabo en todos os ámbitos, e o que facemos é ver os casos de éxito nos outros ámbitos, ata tamén no ámbito diplomático.

Neste momento hai unha gran reflexión na contorna diplomática internacional. Nós non facemos diplomacia, que quede claro, o Tribunal Constitucional non nos deixa e nós respectámolo, e ademais hoxe levantáronnos unha suspensión, co cal nós non facemos diplomacia.

Pero si hai unha parte do noso traballo que ten unha similitude, e nestes momentos por exemplo o mesmo Foreign Office fixo uns procesos de revisión co que eles chaman o Panel of Diplomatic of Excellence de fai dous anos, e os mesmos do Foreign Office que decidiran pechar a súa Academia Diplomática decidiron abrir a súa Academia Diplomática. pecharan o seu servizo lingüístico, volveron a reabrir o servizo lingüístico.

En cousas tan básicas como asegurar a capacidade e mellorar a capacidade lingüística da nosa acción exterior é importante. Hoxe había o debate do inglés, separadamente do debate que había do galego, e obviamente hai uns estándares mínimos de inglés que se xa non os tes non fai falta que traballes. Pero se ti queres marcar a diferenza, se ti queres ter unha incidencia, debes ter unha capacitación lingüística moi superior. A francofonía está en decadencia pero se ti es capaz de traballar ben en francés nalgúns ámbitos, ganas certo perfil, como se es capaz de falar en alemán, como se tes a capacidade de falar en árabe no mundo do Magreb. Ou en chinés, obviamente.

Pero un tema tan básico como reforzar a capacidade lingüística da túa acción exterior é esencial e ás veces dáse por sobredimensionado. Cal é o caso? A ampliación dos instrumentos. No ano 2014 o goberno catalán decide establecer a súa propia política multilateral.

Ata agora, en Cataluña había accións específicas esporádicas, de raíz máis histórica no ámbito da UNESCO, trinta anos de relación, tres Memorandum for Understanding, agora estamos terminando de aplicar o terceiro Memorandum for Understanding, que por primeira vez incluíu, logo dunha longa negociación, o destacamento de expertos cataláns na UNESCO. É dicir que temos funcionarios cataláns que están traballando na UNESCO, é unha achega indirecta pero tamén é unha forma de traballar directamente coa institución.

É a primeira vez que Cataluña fixo unha achega directa á UNESCO no marco dun proxecto específico sobre patrimonio inmaterial. Estamos desenvolvendo as políticas que tradicionalmente tiñamos no ámbito multilateral, pero imos máis aló das accións específicas en institucións coas que estamos traballando desde fai máis de trinta anos. O que fixemos é abrir e facer unha definición de principios e de prioridades da nosa acción exterior multilateral. Neste sentido temos un folleto que coincide en moitos aspectos con accións do País Vasco e de presenza e de interacción nos foros internacionais.

Neste sentido, Cataluña ten unha aposta no caso de Barcelona moi importante no ámbito mediterráneo, orientado a fomentar a capitalidade euromediterránea de Barcelona. Temos un elemento que xa gañamos: Barcelona é a sé da Unión para o Mediterráneo. Funcione máis ou funcione menos, a institución política que tería que xestionar os retos do Mediterráneo está en Barcelona, nun edificio que ademais está cedido pola Generalitat de Catalunya. E ademais Cataluña tamén ten un acordo e expertos destacados traballando na Unión polo Mediterráneo.

Unha das prioridades no ámbito multilateral é presentar a Cataluña como un actor, como un eixe de estabilidade no Mediterráneo e como contribuínte a estas políticas. Desde a cuestión máis institucional, como pode ser a Unión para o Mediterráneo, como outras iniciativas ata dentro da Confederación Mediterránea de Cámaras de Comercio, todo o que é a actividade euromediterránea ten unha dimensión na nosa acción multilateral.

Barcelona tampouco é por casualidade a sé dos dous organismos de promoción da acción internacional multinivel: CGLU, Cidades e Gobernos Locais Unidos, ten a súa sé en Barcelona, que é a coordinación máis importante de gobernos locais a nivel global e que Nacións Unidas recoñece como tal. Fai uns anos naceu a iniciativa a nivel de Rexións, ORU-FOGAR, é a Organización de Rexións Unidas, tamén ten a súa sé en Barcelona.

No caso de CGLU é o Concello de Barcelona o que lle dá o apoio institucional, no caso de ORU-FOGAR, é a Generalitat o que lle dá este apoio. E malia o que algúns poidan pensar de que nós estamos nun proxecto político, que o multinivel xa non é nosa prioridade, nós estivemos vinte ou trinta anos apostando pola presenza e a importancia de crear espazos de interacción entre os diferentes niveis de gobernabilidade e o ámbito internacional e continuámolo facendo.

Hai outra aposta importante dentro do noso goberno, e que eu chamei o Multilateralismo *in situ*, é dicir non ir ti a participar no ámbito multinacional senón intentar que o ámbito multilateral veña a ti, que é a través da Unión para o Mediterráneo. Ou o caso do que nós fixe-

mos co Hospital de Sant Pau, que é o complexo da Universidade de Sant Pau, Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e que levamos 150 millóns, a maior parte europeos, investidos na rehabilitación deste espazo. E o que adoptamos como estratexia de país é que este espazo sexa ofrecido aos organismos internacionais como sé de actividades internacionais. E temos unha oficina da Organización Mundial da Saúde, de ámbito europeo que traballa alí. Temos a European Forense Institute que está traballando alí, e cun programa europeo onde traballan máis de vinte persoas.

Temos Casa Asia, temos a Universidade das Nacións Unidas, temos dous programas de Union Habitat, e iso ocupa unha pequena parte deste complexo de Sant Pau. Nós creemos que unha maneira de que Cataluña poda participar no ámbito multilateral é precisamente ofrecendo espazos e aproveitando realidades como una certa capacidade de innovación tecnolóxica. Por algo está o World Wide Congress. A destacar tamén a importante presenza consular que hai en Barcelona, que é unha das cidades do mundo con maior presenza consular (hai máis de 90 consulados, algúns deles ata de longa data). Hai pouco descubrín que o Consulado de EUA foi fundado en 1797 polo segundo presidente norteamericano, o presidente John Adams.

Cómpre referirse tamén aos instrumentos lexislativos. Da Lei de Acción Exterior coa UE do ano 2014 derívase un Plan Estratéxico 2015-2018, aprobado en xullo de 2015. E en setembro de 2015, un decreto de despregue dos mecanismos de coordinación e de participación, do mesmo xeito que está facendo o País Vasco. Identificamos mecanismos de carácter lexislativo ou de carácter interdepartamental do goberno pero con esta necesidade de colaboración coa sociedade. Temos varias comisións temáticas e outra de carácter xeral de coordinación da acción exterior de Cataluña, que están activas desde fai tempo e que involucran aos principais actores da sociedade catalá.

Respecto da ampliación da rede, tiñamos seis delegacións, agora temos oito. En 2014 abrimos en Viena e en Roma e agora estamos en proceso de formalización da delegación en Lisboa. E recentemente reforzamos a nosa representación en Bruxelas e agora tamén a nosa representación en Roma.

Tamén presentouse un plan de ampliación das nosas oficinas de *Acció*. A última abrímola en Panamá e isto creou grandes oportunidades. E tamén por suposto o proceso de reforzo e de ampliación de capacidade da sé. O feito de pasar dunha Secretaría de Asuntos Exteriores a un Departamento de Accións Exteriores demostra esta clara vontade política, malia presentarse recentemente algúns problemas de aprobación de orzamentos pola vía parlamentaria que teremos que afrontar para o ano próximo.

Tamén compre destacar a ampliación dos ámbitos de actuación. Desde o 2014 houbo esta vontade de ter unha política multilateral despregada, con todo o que ten que ver co realmente global, co que ten que ver co posicionamento de Barcelona, aproveitando a capacidade de proxección internacional que ten nosa capital. Tamén ten que ver que no contexto institucional anterior ás últimas eleccións municipais (maio de 2015), a cooperación era máis fácil. O contexto institucional actual é máis difícil. Pero nos temas chave de proxección internacional da cidade, puxémonos de acordo, desde o World Wide Congress á Emigracións, e nese sentido é un exemplo de coordinación institucional desde perspectivas políticas moi diferentes pero

suscitando o elemento estratéxico que para Barcelona e para Cataluña é importante.

E no ámbito de actuación existe a vontade de ter unha actuación moito máis proactiva no caso das comunidades catalás, da vella e da nova, a cal xestionamos coa profundidade suficiente.

Hai un ámbito que tamén estamos traballando con moita profundidade e interese que é o ámbito científico-técnico, institutos de innovación. Cataluña é o 0,1% da poboación mundial pero é o 1% da produción científica mundial. Interésanos todo o que ten que ver con políticas de excelencia. Por dar un exemplo: Cataluña e Barcelona. Aquí estase facendo unha gran aposta no ámbito da medicina. Cada mes veñen 500 cidadáns de Emiratos Árabes Unidos a tratarse en Barcelona. E esa é unha razón pola cal a liña aérea Emirates ten un voo diario a Barcelona dende Emiratos. Iso xéranos un posicionamento e unha capacidade de ingresos, de apoio á nosa sanidade pública, etc.

Para rematar, dicir que o único bo das crises económicas é que te obrigan a repensar e facer as cousas dun xeito máis eficiente. O goberno catalán está traballando intensamente na necesidade de asegurar que esta rede multiactores que temos a nivel global actúe coa maior coherencia, procuramos a maior integración de políticas posible e a maior profesionalización desta acción exterior baixo o principio da eficiencia e do axioma do custe-beneficio.

---

***Manel Manonelles*** *é Director Xeral de Asuntos Multilaterais da Generalitat de Catalunya.*

Tempo exterior Nº 33, Vol. XVII (I), 2016, páxinas 141-153

# Galicia e a Cooperación Transfronteiriza no horizonte 2014-2020

*Rosa Ricoy*

## 1. Introdución

A política rexional ten as súas orixes no Tratado de Roma, constitutivo da Comunidade Económica Europea (1957). Foi en 1968 cando se creou a Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea, e en 1975 o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Para adaptarse á incorporación de Grecia (1981), España e Portugal (1986), os Fondos Estruturais, en 1988, integráronse nunha política de cohesión, *introducing key principles*: concentración nas rexións máis pobres e máis atrasadas, programación plurianual, orientación estratéxica dos investimentos e participación dos socios rexionais e locais cun orzamento de 64.000 millóns de ecus.

Foi en 1993 cando o Tratado de Maastricht introduciu tres novidades: o Fondo de Cohesión, o Comité das Rexións e o Principio de Subsidiariedade. Nos seguintes anos (1994-1999), duplicáronse os recursos asignados aos Fondos Estruturais e de Cohesión, ata alcanzar un terzo do orzamento da UE e en 1995 engadiuse un obxectivo específico para apoiar ás rexións escasamente poboadas de Finlandia e Suecia.

Desde os anos oitenta, asistimos a unha alteración dos comportamentos en e fronte á fronteira, debido esencialmente á libre circulación de persoas, capitais e mercancías, aprobada entre algúns países da Unión Europea no Tratado de Schengen (1985), e que hoxe xeneralizouse. Así mesmo, desde comezos da década de 1990 multiplicáronse en Europa os proxectos de cooperación transfronteiriza grazas sobre todo ao impulso financeiro outorgado pola Unión Europea (UE),por exemplo a través de Interreg -INTERREG I (en 1991) e INTERREG II-, e no período de programación 2007-2013 as axudas á cooperación territorial pasaron a conformar un obxectivo propio da política rexional europea. Documentos fundamentais para a ordenación do territorio como a Estratexia Territorial Europea de 1999 ou a Axenda Territorial da UE, adoptada en 2007 e reformada en 2011 para adaptarse á Estratexia 'Europa 2020', apuntan directamente á importancia de contribuír á cohesión territorial a nivel transfronteirizo, transnacional e interrexional.

Destacamos tres tipos de Cooperación Territorial Europea (CTE), a cal perseguirá intensificar a cooperación transfronteiriza a través de iniciativas locais e rexionais conxuntas, fortalecendo a cooperación transnacional por medio de actuacións dirixidas a lograr un desenvolvemento territorial integrado e ligado ás prioridades da Comunidade, e fortalecendo a cooperación interrexional e o intercambio de experiencias no nivel territorial apropiado.

Este obxectivo baséase na experiencia da antiga iniciativa comunitaria INTERREG (capítulo A, B y C):

1. Cooperación Transfronteiriza: rexións situadas ao longo das fronteiras terrestres interiores e de certas fronteiras terrestres exteriores así como de todas

as rexións situadas ao longo das fronteiras marítimas e separadas por unha distancia máxima de 150 km.

2. Cooperación Transnacional: rexións da UE de conformidade coa lista de zonas transnacionais elaborada pola Comisión. Por exemplo, na lista vixente ata 2014: (13) Azores-Madeira-Canarias (Macaronesia); Espazo alpino; costa atlántica; Mar Báltico; Caribe; Europa central e oriental; Océano Índico; Mediterráneo; Mar do Norte; Europa occidental; Periferia setentrional; Europa sueste; Europa sudoccidental.
3. Cooperación Interrexional: das redes de cooperación e do intercambio de experiencias. Todo o territorio da Comunidade poderá acollerseao financiamento (Programa Interreg IV C).

Na Península Ibérica contamos con numerosos exemplos de cooperación transfronteiriza (Herrero de la Fuente, 2001; Cancela, 2008), algúns deles a escala urbana como, por exemplo, L'Eurodistricte de l'Espai Català Transfronterer (Castañer e Feliu, 2012) na fronteira España- Francia, ou os denominados proxectos eurocidades de Chaves-Verín, Tui-Valença e Ayamonte-Vila Real de Santo António na fronteira hispano-portuguesa. Se nos centramos nesta segunda fronteira, as dúas últimas comparten que tiveron como modelo a Eurocidade Chaves-Verín, cuxa fundación data de finais de 2007. Por este carácter de referente sinalada por outras iniciativas posteriores, escollín o caso de Chaves-Verín, dentro do elenco de posibles proxectos de estudo no contexto peninsular, e por extensión, no galego.

A denominada Eurocidade Chaves-Verín, a pesar da súa corta existencia, desenvolveu unha ampla gama de actividades, inseriuse en redes europeas (Eixo Atlántico, Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas), e recentemente deu o paso para converterse nunha Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT). Outros autores estudaron previamente este caso, dende unha análise institucional (Campos e Pardo, 2008), a outro turístico (Pardellas e Padín, 2013), pasando polos cambios de significado na fronteira que implica (Lois, 2013)e outro estudo que partindo dun modelo teórico centrado na formación de proxectos de cooperación transfronteiriza urbana, ofrece unha lectura de síntese a través da proposta da denominación: "cidades que cruzan a fronteira" (Trillo, Lois González e Paül, 2015). Sen perder de vista estes traballos previos, o obxectivo deste artigo é diferente.

## 2. Galicia e a cooperación transfronteiriza no horizonte 2014-2020.

Para comprender a realidade da cooperación transfronteiriza en Galicia, é necesario partir dalgún exemplo a través do cal se poida avaliar o futuro da mesma no horizonte máis próximo, como é o caso da Eurocidade Chaves-Verín (ECV). A ECV constitúe o marco institucional e xurídico que favorece a acción común de dous municipios, tradicionalmente separados pola fronteira, en diversos ámbitos (cultural, medioambiental, sanitario, laboral, etc.), como territorio unido, dotado dunha simboloxía, estratexia e comunicación propia.

Esta cooperación non estivo exenta de dificultades, especialmente nos seus inicios (diferente configuración político-administrativa e competencial; diferente normativa en rela-

ción ao ámbito laboral, saúde, servizos sociais, educación, etc.)[1] Moitos son os factores e as entidades que inflúen na velocidade e profundidade das relacións, pero con esforzo souberon superar os obstáculos e aproveitar as diferenzas e o seu intercambio, como elemento dinamizador de benestar e desenvolvemento.

Durante moitos anos, Galicia e o Norte de Portugal compartiron obstáculos comúns que opuxéronse ao seu desenvolvemento: *deficientes comunicacións internas e co exterior que agravan a súa posición periférica, o afastamento dos mercados e dos eixes de crecemento económico europeo e peninsular, a carencia dun mercado próximo amplo que lles procurase economías de aglomeración e escala, e as propias barreiras arancelarias que lles separaban mutuamente. Coa plena incorporación á Unión Europea, ambos espazos comezaron a superar algunhas desas barreiras e comezou o proceso de cooperación transfronteiriza ata a conformación da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal* (Pérez Touriño: 2010). As principais razóns aducidas documentalmente para a constitución da Eurocidade por parte das persoas a cargo da súa xestión son as seguintes (Rivera e Pizarro, 2012): *Proximidade, afinidade e relacións históricas; Oportunidades de crecemento e desenvolvemento económico; Evitar a duplicidade de equipamentos e custos.; Aplicación práctica do principio de integración europea.*

A Eurocidade Chaves-Verín está constituída polo territorio que o Concello de Chaves e o Concello de Verín ocupan no Val do Alto Támega, no Norte de Portugal e Sueste de Galicia, respectivamente. Chaves é un Concello con pouco máis de 41.000 habitantes (ó redor de 20.000 na área urbana), e o principal centro urbano do territorio do Alto Támega (6 Concellos con perto de 92.000 habitantes). Verín, pola súa banda, é unha cidade con pouco máis de 14.000 habitantes, o centro dunha extensa área funcional (que inclúe a Comarca de Monterrei-Verín con 25.000 habitantes, e algúns Concellos das comarcas veciñas). Ten unha superficie de 685 km² (591,2 km² pertencentes a Chaves).

O territorio da Eurocidade Chaves-Verín constitúe un continuo poboacional, separado administrativamente pola fronteira. Trátase, desde un punto de vista xeográfico, dun gran val unido polo río Támega e atravesado por unha falla tectónica, que ofrece as condicións específicas para a explotación dun recurso fundamental para a economía da Eurocidade Chaves-Verín: a auga. O seu territorio atópase nunha zona rural e de interior, lonxe das principais urbes da península ibérica.

Ademais do seu carácter fronteirizo, asociado ás baixas densidades poboacionais, o seu territorio atópase nun fenómeno de despoboación e de éxodo rural, baixas taxas de natalidade e un rápido envellecemento poboacional, A poboación residente na Eurocidade con máis de 65 anos (24,0%) case duplica a poboación con 15 ou menos anos (13,1%). O peso da poboación maior é aínda máis relevante se a comparamos cos datos tanto dos dous países como da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e tamén na comparación da densidade poboacional que se sitúa na Eurocidade en 81,3 hab/km². Chaves e Verín posicionáronse como polos urbanos de referencia no seu entorno que ofrecen unha alternativa ao éxodo poboacional cara as grandes cidades.

A posta en marcha de liñas estratéxicas no horizonte Europa 2020 a través do investimento en crecemento e emprego é esencial para reverter estas tendencias poboacionais regresivas na Eurocidade e no seu territorio de influencia.

O actual proceso de consolidación da Eurocidade Chaves-Verín ten as súas orixes nos movementos de cooperación institucional e territorial iniciados a finais dos anos oitenta e inicios dos noventa. A Xunta de Galicia (España) e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (Portugal) realizaron en 1986 unha Memoria Conxunta de petición de financiamento dun estudo global do Norte de Portugal e Galicia para analizar os aspectos económicos e sociais de cooperación entre ambas as rexións, que servise de base para a programación de obxectivos e actuacións comúns.

Así, realizáronse as primeiras (outubro de 1988) e segundas (decembro de 1990) "Xornadas Técnicas" que, facilitadas pola súa veciñanza xeográfica, polas afinidades entre ambas as rexións e a progresiva proxección comunitaria concedida polas políticas de desenvolvemento rexional, deu orixe á "Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal" (CTG-NP) constituída legalmente en outubro de 1991(2). En 1992 creouse o "Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular"(3), unha asociación de 34 Concellos de Galicia e a Rexión Norte de Portugal que ten como obxectivo principal impulsar proxectos de cooperación entre os seus socios, dentro do marco da denominada Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O 22 de setembro de 2008 asinouse en Santiago de Compostela o Convenio de Cooperación Territorial Europea entre a Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDR-N), para a constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial – Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT), que entrou en funcionamento como Eurorrexión o 1 de marzo de 2010(4).

No momento da súa constitución foi a primeira eurorrexión da Península Ibérica, e só tiña dous referentes en Europa: a agrupación Francia-Bélxica (con sede na francesa Lille), e Hungría-Eslovaquia (con sede na cidade húngara de Esztergom). Así mesmo, o 17 de setembro de 2010, o presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N), o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Xunta de Castela e León, asinaron en Valladolid o convenio polo que constituíuse a Macrorrexión "Rexións do Suroeste Europeo" (RESOE), a primeira deste tipo que se puxo en marcha en España.

O 9 de maio de 2014 reuníronse no Porto (Portugal) os presidentes de Galicia, Castela e León, Asturias e Norte e Centro de Portugal para formalizar a adhesión de Asturias e do Centro de Portugal. A estratexia macrorrexional de RESOE está baseada en tres grandes áreas de actividade de alto valor engadido para todas as rexións integrantes do territorio RESOE: transportes e loxística, competitividade industrial centrada especialmente no sector da automoción e excelencia na ensinanza superior e investigación. Todo isto sen descoidar as cuestións transversais, como a coordinación das RIS3 rexionais ou a necesidade de artellar unha posición ante os desafíos derivados do problema demográfico. Así mesmo cabe destacar que a Eurocidade Chaves-Verín (ECV), o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, ou a Universidade de Vigo, son algunhas das entidades que forman parte da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET), constituída trala aprobación da Declaración en Cáceres o 23 de xuño de 2009(5).

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, comprende a Comunidade Autónoma de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e a Rexión do Norte de Portugal (Minho-Lima, Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega, Entre Douro e Vouga, Doura, Alto Trás-os-Mon-

tes). Ten unha poboación en torno aos 6,5 millóns de habitantes (superior a numerosos países da Unión Europea como Finlandia, Dinamarca, Irlanda, Luxemburgo, Chipre, Eslovaquia, Lituania, Croacia, Eslovenia, Letonia, Estonia ou Malta) e cunha superficie duns 51.000 quilómetros cadrados (superior a países como Holanda ou Bélxica).Estes datos evidencian a súa importancia territorial e social, que debe lexitimar o mantemento e o futuro destas políticas en aras a conseguir ser competitivos nun mercado crecentemente especializado e globalizado, por exemplo en proxectos que aposten pola innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a sostibilidade tales como o xa creado Centro Internacional de Excelencia en Nanotecnoloxía de Braga, o Campus do Mar con sede principal na Universidade de Vigo, ou a colaboración na xestión conxunta do Parque Internacional Peneda-Xerés.

Ás extensas relacións históricas entre ambas (favorecidas por posuír un eixe vertebrador e lineal de cidades próximas situadas ao longo de toda a súa fachada atlántica), únese a estreita vinculación existente con países lusófonos e de fala hispana (máis de 400 millóns de persoas no mundo falan español ou portugués), así como as súas reais e potenciais redes socioeconómicas nestes países. "Un río e tres linguas". En Europa, a súa localización é estratéxica, como unha das principais portas de entrada en Europa como o demostran os seus 3 grandes portos (especialmente destacable a "Autoestrada do Mar de Europa Occidental", que comunica a España e Portugal co Mar do Norte a través do arco atlántico) e 4 aeroportos internacionais que proporcionan a súa vez conexión con máis de 250 portos marítimos internacionais e conexión aérea a máis de 30 destinos internacionais.

Pero aínda é posible desenvolver esta rede de infraestrutura para mellorar a mobilidade da súa cidadanía e facela máis competitiva e produtiva nas redes europeas e nos tráficos internacionais, aproveitando sinerxías e complementariedades entre elas, pero tamén a longa tradición que nestes ámbitos posúan ambos países. Así mesmo son destacables os seus dous campus de excelencia (Campus Vida e Campus del Mar) e 8 Campus Universitarios (Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Trás Os Montes e Alto Douro, Universidade do Minho, Universidade de Porto e Universidade Católica Portuguesa).

Sen dúbida, a pertenza dos Concellos de Chaves e Verín á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal operou como un elemento favorecedor como estrutura e como entorno económico para a creación da Eurocidade Chaves-Verín. Así mesmo, a posta en marcha do proxecto da Eurocidade está directamente ligada á inclusión de Verín (xullo de 2007) na asociación de Concellos Eixo Atlántico, á que pertencía Chaves desde 1992. De feito, na súa candidatura de admisión incluíase explicitamente o desexo de conformar una alianza específica entre ambas cidades no marco do Eixo Atlántico (Campos e Pardo, 2008).

Pouco despois creouse un grupo de traballo para a planificación da Eurocidade na que estiveron presentes as autoridades rexionais de ambos países (a Xunta de Galicia a través da súa Consellería de Presidencia, e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte –CCDR-N); provinciais, no caso galego (Deputación de Ourense); locais (Concellos de Verín e Chaves); e o propio Eixo Atlántico. En novembro de 2007 presentaríase o gabinete de apoio técnico á  Eurocidade, e en decembro dese mesmo ano o Plan de Visibilidade en Chaves.

En xaneiro de 2008 comezaron os traballos para a realización dunha Axenda Estratéxica da Eurocidade (ECV), a través dunha metodoloxía de traballo baseada nun enfoque "de abaixo cara arriba", tendo en conta a opinión dos axentes sociais e económicos, así como dos cidadáns e os responsables políticos e sociais. Deste xeito buscáronse establecer unhas liñas directrices de desenvolvemento que satisfixesen as expectativas de todos os eurocidadáns. Encomendouse esta tarefa a unha consultora externa, en concreto a empresa portuguesa Quaternaire, e ao Servizo de Estudos do Eixo Atlántico. Finalmente, a Axenda publícase no ano 2008 polos servizos editoriais da asociación (Domínguez, 2008).

A Cooperación Transfronteiriza é unha das clases de cooperación existente na programación comunitaria 2007-2013, as outras dúas son a interrexional e a transnacional. Os imprescindibles recursos económicos para levar a cabo esta colaboración, nutríronse no espazo España-Portugal a través do denominado "Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza" POCTEP 2007-2013. Un Programa Operativo como o sinalado componse, principalmente, de eixes prioritarios que conteñen unha estratexia coherente cos fins comunitarios e as necesidades detectadas, unha descrición do tipo de accións que levarán a cabo, unha xustificación da lóxica de intervención segundo os obxectivos específicos establecidos, unha selección adecuada dos indicadores de produtividade e de resultados, un plan de financiamento e unha relación das autoridades que intervirán na xestión e no control do programa.

O orzamento do POCTEP 2007-2013 distribuíuse en torno aos 207 millóns de euros para a parte española e 60 millóns de euros para a parte portuguesa. A Comunidade Autónoma de Galicia (unha das áreas da Cooperación GNP) alcanzou unha programación de 54,10 millóns de euros, xestionando dita axuda directamente Galicia en torno ao 53% do importe total. Algúns dos beneficiarios foron o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, a Comunidade de Traballo GNP, pero tamén a Eurocidade Chaves-Verín para diferentes proxectos tales como: para a cooperación, xestión conxunta e fomento da integración económica e social da ECV "Eurocidade Chaves-Verín I" (na 1ª convocatoria,por un valor de 1.333.578,20 euros); para o Centro de formación turístico-termal e de investigación da auga (eurorrexión termal auga) da ECV (na 2ª convocatoria, por un valor de 1.786.923,21 euros); para a "Eurocidade Chaves-Verín II" (na 2ª convocatoria, por un valor de 806.659,69 euros); a valorización do corredor ambiental do Río Támega (na 3ª convocatoria, por un valor de 450.000 euros), por poñer algún exemplo(6). Nalgúns destes proxectos, ademais dos respectivos Concellos, presentáronse como socios outras entidades como a Xunta de Galicia ou o *Instituto Português do Desporto e Juventude*.

Como pode observarse, a ECV non se sustentou ata o ano 2013 en ningún tipo de entidade transfronteiriza estable, senón que era un proxecto financiado polo POCTEP 2007-2013. En 2010, os dous Concellos inician os traballos para a constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín(7), o 9 de xullo de 2013, culminando a súa inscrición no Rexistro de Agrupacións de Cooperación Territorial do Ministerio de Asuntos Exteriores de España(8) ese mesmo mes, e finalmente no Rexistro Europeo de AECT do Comité de Rexións como 46ª Agrupación Europea de Cooperación Territorial(9).

Un ano antes, en abril de 2012, inaugurárase a sede da ECV no antigo posto de aduana da fronteira que separaba ambos Concellos-países, nos polos de Feces de Abaixo

(no Concello de Chaves en Portugal) e Vilaverde da Raia (no Concello de Verín, España). O Ministerio de Facenda español había cedido en 2009 ao Concello de Verín as instalacións. *A carga simbólica que acompaña esta decisión non é menor, xa que sup*ón *reutilizar uns edificios construídos cunha función de seguridade, control e defensa dos territorios estatais para dotalos dun significado completamente distinto: cooperación e colaboración entre autoridades a ambos lados da raia* (Trillo, Lois González e Paül, 2015).

A axenda estratéxica, documento elaborado por expertos do territorio en ambos os países, constitúese como unha guía de actuación para o desenvolvemento do proxecto nos próximos anos; nela participan tamén, a través da organización de diferentes *focus groups*, axentes económicos e sociais de ambos os Concellos. Estrutúrase en tres eixes de actuación: EIXE 1: Eurocidadanía.- Preténdese implicar ás poboacións no proxecto, de xeito que gañen conciencia das vantaxes da cooperación transfronteiriza; EIXE 2: Desenvolvemento Sostible.- Preténdese inventariar, coñecer,preservar e dinamizar o patrimonio natural común; EIXE 3: Dinamización Económica.- O obxectivo é promover a creación dun tecido económico competitivo, emprendedor e capaz de xerar valor en aumento.

O seu obxectivo consiste en promover as relacións transfronteirizas entre os seus membros; fomentar a converxencia institucional, económica, social, cultural e medio ambiental entre as dúas cidades; establecer mecanismos de xestión e revalorización do territorio; combinar esforzos e recursos, a través do deseño e xestión conxunta de equipamentos, servizos e infraestruturas. Contan con numerosos factores a favor para conseguilo: son lugares que sempre estiveron unidos e cuxos cidadáns esixen agora unha resposta as súas expectativas; o río Texo nunca foi a fronteira de separación senón máis ben o que uniu ás poboacións debido ao seu descorrer perpendicular á fronteira; en dita zona atópase a maior concentración europea de augas minerais, sendo a creación da “Eurocidade da Auga”, como en ocasións a denominan,o proxecto en torno á que se van desenvolver algúns dos eixes estratéxicos máis importantes.

Así mesmo, iso vai encamiñado a evitar a duplicidade de equipamentos e a consecuente duplicidade de custes: a complementariedade territorial e demográfica non só é, en si mesma, xustificación para a instalación de determinados equipamentos (sociais, deportivos, etc.) senón que promove unha xestión equilibrada dos fondos públicos, ao existir un uso compartido de recursos existentes ou na construción conxunta de equipamentos necesarios. Como exemplos de actividades e proxectos en marcha que xa realizaron conxuntamente: a consolidación e desenvolvemento do tecido empresarial local (creación dunha área e dun directorio comercial común chamado “Fronteira Comercial Aberta”; a posta en valor do patrimonio natural e cultural “Eurocidade Ecolóxica do Támega”; a potenciación do sector turismo como destino “*visit Chaves-Verín*” con paquetes de turismo integral a ambos lados; a promoción dos seus produtos específicos en relación con novas actividades; a tarxeta ECV Zona Franca Social (torneos de fútbol, excursións, exposicións, concursos, festas, etc. –axenda cultural común-); etc.

Na “Eurocidade Chaves–Verín” atópanse os 5 Gañadores da oitava edición dos premios RegioStars 2015, que galardoan os proxectos rexionais máis innovadores de Europa[(10)], celebrada en Bruxelas do 12 ao 15 de outubro de 2015no contexto da décimo terceira Semana Europea das Rexións e Cidades (Open Days), na que a Comisión Europea recibira 143 solici-

tudes[11]. Nese momento, iniciado o ano 2016, un dos proxectos máis importantes nos que está mergullada a ECV xunto con Eurocidades Ibéricas, é o establecemento das bases da futura Rede de Eurocidades do Atlántico, que agruparía ás eurocidades existentes desde Irlanda do Norte ao Sur da Península Ibérica. Así mesmo, os esforzos nos derradeiros meses dirixíronse a planificar acaptación de fondos comunitarios ata 2020, principalmente a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal: POCTEP 2014-2020[12].

Xa sinalamos que a Cooperación Territorial Europea é un obxectivo da Política de Cohesión que busca proporcionar un marco para o intercambio de experiencias entre axentes locais, rexionais e nacionais de Estados membros diferentes e impulsar accións conxuntas para atopar solucións comúns a problemas compartidos. Abarca as cooperacións transfronteirizas, transnacionais e interrexionais. O Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 pretende abordar os retos comúns que foron identificados nas rexións fronteirizas. Trátase, pois, dun Programa para actuar no espazo fronteirizo de España-Portugal, que está conformado por 37 NUTS III pertencentes a ambos países. Por parte de Galicia abarca as 4 provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Persegue actuar en 5 grandes ámbitos, que están relacionados coa investigación e a innovación, coa competitividade das PYME, coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores, coa protección do medio ambiente e coa mellora da capacidade das administracións e dos servizos públicos. O investimento previsto no Programa ascende a un custo total de 382,6 millóns de euros, dos que 289 millóns constitúen a axuda comunitaria FEDER.

Ao longo do período 2014-2020, Galicia recibirá axuda comunitaria por un importe estimado de 2.811 millóns de euros, cuxa articulación práctica se xestionará a través de Programas Operativos como o mencionado[13]. A este importe, hai que engadirlle a axuda comunitaria que poda corresponderlle á Comunidade Autónoma polos programas de Cooperación Territorial Europea, a través de convocatorias públicas que iranse programando no desenvolvemento do períodо. O Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, establece os detalles que deben conter os programas operativos 2014-2020. Antes da súa entrada en vigor, a Comisión Europea debe aprobalos.

Relacionado co obxectivo de "Cooperación Territorial Europea", Galicia participará nos seguintes Programas Operativos 2014-2020: Cooperación Transfronteiriza España-Portugal; Transnacional Espazo Atlántico; Transnacional Espacio Sudoeste; e Interrexional.Entre os proxectos presentados pola ECV destacan os dirixidos ao desenvolvemento do tecido económico tradicional de Chaves-Verín, coa creación  dunha plataforma de comercialización de produtos ecolóxicos, así como a definición de mecanismos que aseguren o desenvolvemento turístico da fronteira.

O proxecto de Eurocidade Tui-Valença do Minho (aínda sen *status* xurídico), constitúe outro importante argumento para magnificar os resultados da ECV. O 12 de xaneiro de 2016, o Presidente da Xunta de Galicia outorgou o beneplácito a súa creación, e nestes momentos estase formalizando o compromiso entre a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, o Concello de Tui e a Cámara Municipal de Valença do Minho. Suman un total duns 32.500 habitantes (18.000 en Tui e 14.500 en Valença do Minho), nun territorio que ten perto de 185,4 quilómetros cadrados.

Os seus orzamentos municipais para o 2014 son de 9 millóns para Tui e 16,9 millóns o de Valença. Entre os seus proxectos, ademais dos deportivos, culturais, turísticos e de emprego, estase traballando para eliminar o "roaming" dos móbiles. Cando estea creado o mercado ibérico para a subministración eléctrica, pretenden conseguir o servizo de subministración desde Portugal para os usuarios de Tui que o desexen, buscando abaratar o custo. O servizo de recollida de lixo acabará sendo tamén conxunto. Na vida diaria, os habitantes deste territorio transfronteirizo unido, utilizan servizos públicos comúns. É o caso da Aula da UNED de Tui, a Escola Superior de Economía de Valença, o Conservatorio Profesional de Grao Medio e a Escola Municipal de Música de Tui, o Teatro Municipal de Tui, os centros de saúde de ambas cidades, os Bombeiros Voluntarios de Valença, a catedral de Tui e dúas pontes internacionais sobre o río Miño. O reto a superar: salvar a diferenza horaria.

A Eurocidade concorrerá en FITUR con Turismo Rías Baixas e na Bolsa de Turismo de Lisboa, co CIM Alto Minho. O camiño xacobeo portugués crece en número de peregrinos de ano en ano. A Eurocidade é, pola súa situación, porta de saída de Portugal e de entrada en España.

## 3. Conclusións

Os proxectos de rexionalización transfronteiriza no marco da Unión Europea supoñen un campo experimental, non existe un modelo único, pero si unha confluencia única cara a expansión deste modelo de cooperación. No caso dalgúns proxectos en concreto, como a ECV, está claro que non pode discutirse a importancia da Eurorrexión GNP, na que se atopa localizada, como elemento favorecedor do seu nacemento, desenvolvemento e futuro.

Nestes últimos anos tomáronse, non obstante, certas medidas que semellan pouco acertadas e incoherentes coas políticas que se están a levar a cabo na Eurorrexión, pero especialmente cos resultados tan beneficiosos obtidos coas mesmas. Pode ser comprensible o abandono *sine die* do proxecto do tren de altas prestacións entre Porto e Vigo, pero non tanto a decisión do Goberno luso de penalizar cunha peaxe o libre tránsito polas autovías do Norte de Portugal, sobre todo porque os fluxos de viaxeiros e comerciais entre Galicia e Portugal son, con bastante diferenza, os máis relevantes de toda a fronteira entre ambos, e porque tamén é unha medida contraria a favorecer a tan prezada medida da UE de libre circulación de persoas e mercadorías.

As súas consecuencias xa foron medidas por diversos indicadores e estudos. Se hai unha medida que lidera a transformación nas relacións entre ambos os países é a modernización das súas redes de comunicación por estrada.Ante a implantación en abril de 2011 dunha peaxe na autovía portuguesa A-24, que une Chaves con Viseu e que enlaza coa A-75, que une Verín con Feces de Abaixo no lado español, os alcaldes de ambos Concellos acordaron elevar unha protesta ao Ministerio de Obras Públicas de Portugal. A alternativa sería, segundo João Batista, presidente da Cámara Municipal de Chaves, que as cabinas de cobro se instalasen lonxe de Chaves, para "que non afecten ao proxecto da Eurocidade".

Nunha avaliación sobre a cuestión, tanto Ana Ladeiras, impulsora do proxecto e coordinadora técnica da Eurocidade en Chaves, como Pablo Rivero, coordinador do Gabinete

Técnico da Eurocidade en Verín, ou o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoaquín Vázquez Mao, afirman que existe unha acollida diferencial entre ambos Concellos; o de Chaves sempre foi máis entusiasta, cun apoio unánime, en termos políticos e sociais, da iniciativa; no caso de Verín, coinciden en sinalar un maior escepticismo entre a poboación, así como un uso da Eurocidade como elemento de confrontación partidista[14]. Isto sen dúbida pode influír na velocidade que a ECV imprima nun futuro. En relación coa derradeira convocatoria do Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, concordo coa RIET en que hai factores moi importantes que en determinadas áreas de cooperación non se teñen en conta, por exemplo o envellecemento da poboación da zona Galicia-Norte de Portugal e unha prioridade de investimento (ou ao menos accións específicas dentro dalgunha das prioridades de investimento) a favor da promoción e execución dos servizos de proximidade (educación, sanidade, servizos sociais, culturais, deportivos, etc.) posto que estes son a esencia da cooperación transfronteiriza. Deben estar claramente identificados.

Tamén se detectan certas lagoas que xeran numerosos interrogantes para realizar os proxectos, como por exemplo: como se van aplicar as axudas ás empresas para que non afecten á política de competencia?; concorrerán empresas e institucións públicas na mesma convocatoria? Así mesmo, a RIET laméntase da deficiente elección dos indicadores de resultados. Moitos deles non son representativos das accións que se van realizar ou ben non reflicten ningún avance aínda que se realice o previsto. En moitos casos, semella que non se pensou que a base de información non está a nivel NUTS III senón a nivel NUTS II, o que invalida algúns indicadores.No entanto, debe destacarse moi positivamente, a inclusión da prioridade de desenvolvemento urbano, dada a súa repercusión no desenvolvemento sostible, intelixente e en cohesión do territorio de fronteira.

Precisamente pola importancia e impacto potencial das accións baixo esta prioridade, aínda que a RIET manifesta a súa preocupación pola pouca definición desta prioridade, así como das accións financiables baixo a mesma que, do noso punto de vista, deberían orientarse á posta en marcha de actuacións "*smart*" nas cidades. O que por outra banda, estaría moi en sintonía con moitas das políticas prioritarias neste momento, tales como a Axenda Urbana Europea. Neste sentido, pode destacarse que un dos proxectos presentados pola ECV é nesta liña (pulseiras electrónicas para entrar nos centros, en lugar da tarxeta). Veremos que visibilidade terá a ECV no próximo *Smart Cities World Forum* de novembro (2016) en Barcelona.

A ECV é a mostra de que, ademais da cooperación institucional e o progreso económico e social compartido, é posible unha cidadanía colaborativa que integre non só as súas proximidades (cultural, idiomática, de fluxos económicos e intercambio sociolaboral), senón tamén as diferenzas como elemento enriquecedor e de desenvolvemento.

---

***Rosa Ricoy*** *é Doutora e Licenciada en Dereito e Historia (Universidade de Vigo) e Ciencias Políticas (UNED), é profesora da Área de Ciencia Política e da Administración (Universidade de Vigo) e Vicedecana de Asuntos Económicos e Coordinadora do Grao de Dirección e Xestión Pública na Facultade de Ciencias Económicas e da Comunicación (Universidade de Vigo-Campus de Pontevedra)*

## Notas a pe de páxina

(1) Son dous países cunha configuración político-administrativa diferente: España é unha Monarquía Parlamentaria cunha Xefatura de Estado (Rei) e un Presidente de Goberno, dividida en 17 Comunidades Autónomas e dúas Cidades Autónomas (Ceuta e Melilla), e polo tanto moitas das súas competencias están descentralizadas a estas entidades rexionais e ás Entidades Locais (Concellos), depositándose ademais certos servizos nas Deputacións Provinciais. Portugal é unha República (o Presidente da República é o Xefe de Estado) e un Primeiro Ministro que dirixe o Goberno, cuxo poder está centralizado na capital (Lisboa). No país luso falamos de Cámaras Municipais, freguesías ou parroquias e polo tanto non existe coincidencia entre ambos países na organización e distribución do poder, e tampouco os mecanismos e os tempos nas tomas de decisións. Por poñer un exemplo, as autoridades municipais portuguesas teñen competencia na planificación urbanística e as autoridades locais españolas non.

(2) O 31 de Outubro de 1991 foi creada a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, ao abeiro do Convenio Marco Europeo sobre Cooperación Transfronteiriza entre Comunidades e Autoridades Territoriais do Consello de Europa de 1980. No seu primeiro plenario realizado en Santiago de Compostela en 1992, creáronse seis comisións sectoriais: agricultura e pesca; cultura e desenvolvemento local; formación, ciencia e tecnoloxía; turismo; medio ambiente, ordenación e recursos naturais; administración rexional e local. Na actualidade, o acordo constitutivo foi adaptado o 24 de febreiro de 2006 ás disposicións do Tratado entre o Reino de España e a República portuguesa sobre Cooperación Transfronteiriza entre Entidades e Instancias Territoriais do 30 de outubro de 2002, cuxa entrada en vigor se produciu o 30 de xaneiro de 2004. O número de institucións rexionais e locais implicadas neste proceso foron aumentando, e na actualidade está formada por nove comisións: a) catro comisións sectoriais (desenvolvemento sostible e planificación; desenvolvemento económico e turismo; innovación e eficiencia enerxética; cidadanía); b) catro comunidades territoriais de cooperación (CTC do Val do Miño; CTC do Val do Limia; CTC do Val do Támega; CTC do Val do Cávado) que agrupan institucións de ambos lados da fronteira: Cámaras Municipais (portuguesas) e Concellos e Deputacións Provinciais (Galicia); c) unha comisión específica constituída polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, que ocúpase da política urbana das cidades que forman parte deste. http://galicia-nortept.xunta.es/gl/comunidade_traballo

(3) http://www.eixoatlantico.com/Os Concellos portugueses son: Barcelos, Braga, Bragança, Chaves, Famalicão, Gaia, Guimarães, Lamego, Macedo de Cavaleiros, Matosinhos, Mirandela, Penafiel, Peso de Régua, Porto, Viana do Castelo, Vila do Conde e Vila Real. A asociación ten como membros galegos os Concellos de: A Coruña, Barco de Valdeorras, Carballiño, Carballo, Ferrol, Lalín, Lugo, Monforte de Lemos, Ourense, Pontevedra, Riveira, Santiago de Compostela, Sarria, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Viveiro. A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín adquiriu o 16 de febreiro de 2016 a condición de membro do Eixo Atlántico en substitución dos Concellos de Chaves e Verín.

(4) A creación da GNP-AECT ten base no Regulamento (CE) 1082/2006 que, publicado xunto cos seus estatutos en Resolución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación do 23 de Outubro de 2008, ten como obxectivo facilitar e fomentar a Cooperación Territorial entre Galicia e o Norte de Portugal. A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (GNP-AECT) formalizouse o 18 de Febreiro de 2010 coa toma de posesión dos Órganos Directivos. Entrou en funcionamento o 1 de Marzo deste mesmo ano. http://www.gnpaect.eu/es/gnp-aect

(5) http://www.rietiberica.eu/es/. A RIET está formada por 12 asociacións empresariais e 13 entidades transfronteirizas.

(6) http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-07-13/p-o-de-cooperacion-transfronteiriza-espana-portugal-07-13

(7) (11 de maio de 2010): Inicio dos traballos de preparación da proposta de Convenio e proxecto dos Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Eurocidade Chaves-Verín; (15 de xuño de 2010): Aprobación no Pleno de Verín da participación do Concello de Verín na Eurocidade Chaves-Verín, AECT; (30 de xullo de 2010): Aprobación na Asemblea Municipal de Chaves; (20 de xullo de 2010): Envío da candidatura de Verín ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas; (12 de agosto de 2010): Envío da candidatura de Chaves ao*Instituto Financeiro para o Desenvolvimento Regional* (IFDR); (6 de marzo de 2013): Publicación no Diario da República, 2ª Serie, n.º 46, do Despacho 3554/2013 do Secretario de Estado Adxunto de Economía e Desenvolvemento Rexional que autoriza a participación de Chaves na Eurocidade Chaves-Verín, AECT: http://dre.pt/pdf2sdip/2013/03/046000000/0831808319.pdf; (13 de marzo de 2013): Autorización por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da participación de Verín na Eurocidade ChavesVerín, AECT.

(8) O Convenio e os Estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) "Eurocidade Chaves-Verín" foron subscritos o 9 de xullo de 2013 en Verín (España), onde ten o seu domicilio social, polo Presidente da Cámara Municipal de Chaves (Portugal) e o Alcalde do Concello de Verín (España). A Resolución do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación de España, de 17 de xullo de 2013 acordou a inscrición de dito Convenio Constitutivo e os Estatutos no correspondente rexistro da súa Secretaría Xeral Técnica. O 26 de xullo de 2013: Publicación no Boletín Oficial do Estado, n.º 178, dos Estatutos e Convenio da Eurocidade Chaves-Verín, AECT: http://www.boe.es/boe/dias/2013/07/26/pdfs/BOE-A-2013-8151.pdf; e o 2 de xullo de 2013: Publicación dun aviso da creación da Eurocidade Chaves-Verín, AECT no Diario Oficial da Unión Europea (2013/S 149-260012): http://ted.europa.eu/udl?uri=TED:NOTICE:260012-2013:TEXT:ES:HTML

(9) 10 de febreiro de 2014: Inscrición como 46ª Agrupación Europea de Cooperación Territorial no Rexistro Europeo do Comité das Rexións: https://portal.cor.europa.eu/egtc/en-US/CoRActivities/Pages/welcome.aspx

(10) As categorías para 2015 foron: 1. *SMART GROWTH: Emerging opportunities in the global economy*; 2. *SUSTAINABLE GROWTH: Circular Economy*; 3. *INCLUSIVE GROWTH: Integrated living – building inclusive and non-segregated communities*; 4. *CITYSTAR: Innovative solutions for sustainable urban development*; 5. *EFECTIVE MANAGEMENT: Making a difference by managing differently.*

(11) http://ec.europa.eu/regional_policy/en/regio-stars-awards/#3

(12) Pódense beneficiar do programa POCTEP 2014-2020: Universidades, entidades de ensinanza superior, Centros Tecnolóxicos, Institutos de Investigación, Parques Científicos e Tecnolóxicos, Administracións Públicas, empresas, Axencias de Desenvolvemento Rexional, Fundacións de Desenvolvemento e Promoción Económica, Cámaras de Comercio, Empresas, agrupacións de empresas, asociacións empresariais, Servizos de Protección Civil, Confederacións Hidrográficas, Parques Naturais e Asociacións para a defensa e xestión do Patrimonio Natural, Asociacións e organizacións da Sociedade Civil.

(13) Vinculado co obxectivo de "investimento en crecemento e emprego" figuran os Programas Operativos cofinanciados polo FEDER 2014-2020: Galicia-FEDER; Crecemento intelixente; Crecemento sostible; e Iniciativa Peme. Os Programas cofinanciados polo FSE 2014-2020 son: Galicia-FSE; Emprego xuvenil; Emprego, formación e educación; Inclusión social e economía social; asistencia técnica; e Axuda Europea para as persoas máis desfavorecidas FEAD.

(14) (entrevista semiestruturada con Ana Ladeiras, realizada 28 de xullo de 2009; entrevista semiestruturada con Pablo Rivera, realizada el 10 de febreiro de 2011; e La Región, 05.01.2009 < http://www.laregion.es> [consultado o 3 de marzo de 2011].)

## Bibliografía

CANCELA OUTEDA, Celso (2010-2011). "Eurocidade Chaves-Verín, um instrumento de desenvolvimento económico e social". *Revista da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal*, 13, 81-99.

DOMÍNGUEZ, Luis (coord.) (2008). *Chaves-Verín: a Eurocidade da Agua*. Vigo: Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular

LOIS, María (2013). "Re-significando la frontera: el caso de la Eurociudad Chaves-Verín". *Boletín de la AGE*, 61, 309-327.

PARDELLAS, Xulio e PADÍN, Carmen (2013). "Un modelo de reconfiguración del territorio: la Eurociudad Chaves- Verín y la cooperación turística en el Alto Támega". *Boletín de la AGE*, 61, 117-137.

RIVERA, Pablo e PIZARRO, Antonio (2012). *Eurocidade Chaves-Verín, un territorio innovador para el desarrollo de oportunidades*. I Congreso Territorial del Noroeste Ibérico (dispoñible en liña).

PÉREZ TOURIÑO, Emilio (2016) "¿Crisis en la Eurorregión?". Artigo publicado no xornal *El País* 10/10/2010. Última consulta: 05 de marzo de 2016.

ROJO SALGADO, Argimiro (2011) "Las consecuencias de la cooperación-integración transfronteriza: ¿vamos hacia la refundación de Europa?". *Revista de Estudios Políticos*, nº152, pp. 49-74.

ROJO SALGADO, Argimiro (2009) "Una aproximación politológica al fenómeno eurorregional". *Eixo Atlántico: Revista da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, nº16, pp. 87-122.

TRILLO SANTAMARÍA, J.M., LOIS GONZÁLEZ, R.C.; PAÜL CARRIL, V. (2015). "Ciudades que cruzan la frontera: un análisis crítico del proyecto Eurocidade Chaves-Verín". *Cuadernos Geográficos* 54(1), 160-185.

Páxina web EURES transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal

Páxina web Observatorio Transfronteirizo España-Portugal (OTEP)

Páxina web Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

Páxina Web da Unión Europea

Base de datos xurídica Aranzadi

# Brasil. Unha ollada a un "país de futuro"

Roberto Mansilla Blanco



**Edicións do Cumio S.A, Novembro de 2013.**

Con presentación de Xulio Ríos, director do IGADI. Ofrece unha reflexión sobre a xeopolítica e a política exterior do Brasil contemporáneo, contextualizado coas transformacións políticas e sociais acaecidas desde 2003 trala chegada ao poder de Lula da Silva, con especial atención na súa visión multilateral e multipolar das relacións internacionais. Aborda igualmente unha retrospectiva sobre as relacións brasileiras con Galicia, España e Portugal.

**Dispoñible en: www.imosver.com**

# Conclusións

1. A mundialización é un dos signos incontestables dos tempos actuais. Nese contexto, a acción exterior é unha política pública irrenunciable para todo goberno, calquera que sexa o seu nivel, superando as limitacións clásicas. Para levala a cabo debe dotarse dunha estratexia específica, integral e consensuada e aplicala con perseveranza.
2. En Galicia, a autonomía e o vixente marco xurídico de relacións co Estado brinda posibilidades aínda non de todo exploradas para desenvolver unha acción exterior leal que teña en conta as nosas especificidades. No mundo global, isto non é unha opción senón unha necesidade e Galicia, como suxeito político, pode exercer de protagonista como ponte con diversas áreas xeopolíticas e xeolingüísticas.
3. Reviste certa urxencia superar a falta de comprensión institucional e cívica desta cuestión instando aos diversos actores a asumir un maior compromiso cunha acción exterior centrada nos intereses da nosa Terra. Temos capacidades abondo para garantir unha presenza no mundo conforme coa nosa identidade e os nosos intereses. Ou aproveitamos o presente ou a ocasión pode malograrse.
4. A acción exterior nin é un problema nin un desbalde, é unha dimensión nova do facer público e privado que debe incorporarse ás previsións de subsistencia e progreso da nosa identidade material e colectiva. A sociedade galega no seu conxunto debe urxir dos poderes públicos un maior compromiso neste eido.
5. Cun horizonte electoral á vista na nosa comunidade, cómpre reivindicar a acción exterior como un espazo de encontro entre as principais forzas políticas cun programa de mínimos que facilite a súa continuidade á marxe das alternancias. O debate político arredor desta cuestión debe evitar esa frivolización que afonda nunha desafección pública obxectivamente inxustificada.
6. Se ollamos comparativamente a evolución da acción exterior de Galicia en relación á doutras nacionalidades históricas, é constatable unha perda de impulso nos últimos tempos que nos sitúa en condicións menos favorables para unha defensa acertada dos nosos intereses exteriores. Vistas estas experiencias comparadas, os retornos da acción exterior son inapelables.
7. Alén de insistir nos eixes tradicionais da nosa acción exterior, cómpre construír unha marca Galicia que responda ás nosas ambicións; igualmente debe facilitarse a coordinación interna e asegurar a transversabilidade desta política, renovando ideas e conceptos que teñan en conta a Galicia na súa globalidade, mais aló do territorio (diáspora), a nosa dimensión europea (pero tamén atlántica), as posibilidades da nosa lingua e cultura (que requiren dunha dignificación interna profunda), das nosas universidades, das nosas empresas e sectores produtivos, das nosas entidades sociais en diversos campos.
8. Os niveis de internacionalización da sociedade galega nos diferentes sectores son desiguais e asimétricos. Cómpre por iso alentar estratexias que os acompasen e igualmente o fomento dunha cultura de cooperación que facilite as sinerxías e as alianzas.
9. Importa crear redes a todos os niveis –incluído o académico e investigador- que potencien

os nosos recursos e aseguren unha permanente achega de propostas. Igualmente, son necesarios os espazos de reflexión, plurais en todos os sentidos, para converxer en liñas de acción que faciliten a posta en común dos diferentes actores e un modelo de xestión da acción exterior participativo e democrático.

10. Galicia pode realizar aportes importantes á axenda global desde a súa especificidade. Non só se trata de establecer complicidades internas coa acción exterior senón de sumar a nosa voz á reivindicación dunha globalidade baseada na diversidade e no respecto á dignidade e os dereitos das persoas.

# Memoria

## 1. Presentación

Este congreso foi ideado para ofrecer unha plataforma de debate e de diálogo para todos aqueles que teñan interese académico e profesional nos estudos internacionais. Con vocación de continuidade, aspira a conformar unha axenda internacional para a nosa sociedade, cun futuro cada vez mais dependente da súa capacidade para posicionarse no mundo con identidade propia.

A deliberada coincidencia co 80 aniversario do referendo do primeiro Estatuto de Autonomía permitiu que Galicia, como autonomía consolidada, reflexionara sobre a súa inserción internacional, achegando a masa crítica precisa e favorecendo a creación dos espazos de encontro necesarios para facer converxer as diferentes disciplinas e visións que comparten a preocupación común de universalizar a nosa identidade en todas as súas manifestacións.

## 2. Obxectivos

Entre os obxectivos da iniciativa cómpre citar:

» Alentar reflexións sobre a internacionalización de Galicia en todos os ámbitos.

» Incrementar a sensibilidade dos actores públicos e privados da nosa comunidade a prol da universalización.

» Formular liñas de acción para fomentar a universalización de Galicia.

» Aventurar un diagnóstico sobre o estado dos estudos internacionais en Galicia e suxerir propostas de mellora.

» Crear, promover e fomentar intercambios académicos e científicos en materia de estudo e investigación internacionais.

## 3. O Comité Científico estivo integrado por:

Eduardo Daniel Oviedo (Universidad Nacional de Rosario-Argentina), Carmen Mendes (Universidade de Coimbra), Zhu Lun (Academia de Ciencias Sociais de China), Mónica López Viso (Universidade de Vigo); Bichara Khader (Université Catholique de Louvain), Ricardo Antunes (UNICAMP-Brasil), Luciano Concheiro Bórquez (Universidad Autónoma Metropolitana-México), Robert Matthews (New York University), Julio A. Díaz Vázquez (Universidade da Habana); Carlos A. Pereira Menaut (Universidade de Santiago de Compostela); Argimiro Rojo Salgado (Universidade de Vigo); Antonio Martínez Puñal (Universidade de Santiago de Compostela); Fernando González Laxe (Universidade da Coruña); José Soeiro (Universidade do Minho); Ramón Bouzas (Universidade de Santiago de Compostela); Ana Paula Beja Horta (Universidade Aberta, Lisboa); Amelia Sáiz López (Universitat Autónoma de Barcelona).

## 4. O Programa organizouse en catro sesións temáticas:

a) Institucional

b) Económico-Empresarial

c) Social

d) Educativo-Cultural

Na sesión **Institucional** abordáronse cuestións como: a importancia do factor exterior na xestión pública, papel das administracións locais e da Xunta de Galicia, as relacións con Portugal e a lusofonía, áreas e países de interese estratéxico, marco xurídico, nacionalidades históricas e proxección exterior, cooperación internacional…

Na sesión **Económico-Empresarial** abordáronse cuestións como: internacionalización empresarial, papel da diáspora, captación de investimentos, accións, programas e iniciativas, estímulos públicos e privados, marca Galicia, dimensión ambiental,…

Na sesión **Social** abordáronse cuestións como: o internacional e os medios de comunicación, papel dos think tanks, internacionalización da sociedade civil e organizacións sociais, coñecemento de linguas, as novas tecnoloxías e a internacionalización….

Na sesión **Educativo-Cultural** abordáronse cuestións como: universidades e internacionalización, industria cultural e universalización de Galicia, patrimonio e internacionalización, turismo internacional, lingua e literaturas galegas no mundo, retos do sector audiovisual e do mundo do libro…

Os principais **tópicos** deste Congreso foron: a importancia do factor exterior na xestión pública, papel das administracións locais e da Xunta de Galicia, as relacións con Portugal e a lusofonía, cooperación internacional, internacionalización empresarial, papel da diáspora, captación de investimentos, as universidades e a internacionalización, o internacional e os medios de comunicación, papel dos think tanks, internacionalización da sociedade civil e organizacións sociais, coñecemento de linguas, as novas tecnoloxías e a internacionalización, industria cultural e universalización de Galicia, estudos internacionais, axenda exterior de Galicia.

A secuencia deste programa foi a seguinte:

**Día 28 de Xuño**

» 16.00 - Sesión de apertura

» 16.30 - Conferencia inaugural: *Galicia, célula de universalidade*, por Ramón Villares Paz

» 18.00 - Sesión institucional: *Galicia, unha Autonomía no Mundo*, con Jesús Gamallo, Pilar Pin, Xoán A. Pérez Lema.
Moderou: Celso Cancela Outeda

**Día 29 de Xuño**

» 10.00 - Sesión económico-empresarial: *Avances e retos nunha economía internacionalizada*, con Fernando González Laxe, Abel Veiga Copo, Manuel González López.
Moderou: María Xosé Porteiro

- 12.00 - Sesión social: *Activos nunha paradiplomacia en rede*, con Emilio Martínez, Teresa Moure, Xavier Alcalá (escusou a súa asistencia por enfermidade). Moderou: Álvaro X. López Mira
- 16.00 - Sesión Educativo-cultural: *Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural*, con Margarita Ledo, Antón Reixa, Xosé Ballesteros. Moderou: Xulio Ríos
- 19.00 - Clausura (na Casa das Campás), 20.00 horas. *Acción exterior, dúas experiencias comparadas: País Vasco e Catal*uña, con Marián Elorza e Manel Manonelles.Presentou: Miguel Ángel Rodríguez Souto, director do Diario de Pontevedra.

## 5. Observacións finais

Contamos con transmisión directa vía streaming pola canle UVIGO Tv e todas as sesións ficarán no repositorio da mesma canle en canto estean editados os correspondentes videos a disposición de patrocinadores, relatores e asistentes, ademais de difundirse a través das redes.

Se extraemos as estatística que Facebook nos proporciona, sacamos coma datos máis relevantes, que entre o 6 e o 30 de xuño alcanzáronse 12.400 persoas, e interactuando coa nosa páxina 3.277 persoas.

En canto a Twitter, non temos a capacidade de detallar da mesma maneira os resultados e as estatísticas que nos ofrece o FB, mais podemos ofrecer algún dato relevante en relación aos esforzos realizados nesta rede social. Ao longo dos 23 días de campaña difundimos o Congreso, vinculando co 25 aniversario do Igadi e o seguimento da actualidade informativa. O rol do TW tivo especial incidencia os días 28 e 29, na "retransmisión" en directo do evento, baixo a etiqueta #CEIGZ, extraendo ideas destacadas dos poñentes por medio de chíos directos e destacando a emisión en directo da TV da Universidade de Vigo (http://goo.gl/RxGu12).

A xestión operativa do congreso correu por conta do IGADI, con apoio do Observatorio da Gobernanza G3 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

A dirección do congreso estivo ao cargo dos profesores Celso Cancela Outeda e Álvaro Xosé López Mira e do director do IGADI, Xulio Ríos.

A realización contou co patrocinio da Xunta de Galicia, a Deputación e o Concello de Pontevedra e o Consello Social da Universidade de Vigo.



**O ano 2011 precisará de moita interpretación.
Garánteo Tempos Novos, un proxecto editorial creado en 1997
por 150 persoas de moi diversa extración social e ideolóxica.
Unha publicación de actualidade, plural, rigurosa
e comprometida co país e coa súa lingua.**

# Recoméndalle a un amigo/a unha subscrición a Tempos Novos




+




+




**TEMPOS NOVOS
SUBSCRICIÓN ANUAL 39 €
(27% desconto respecto quiosco)**

**INFORME GALICIA 2010
7 €
(Prezo venda non subscritores, 15€)**

**PROTEXTA
revista trimestral de libros
(Gratis)**

**A subscrición anual á revista TEMPOS NOVOS, o INFORME GALICIA 2010
e a revista trimestral de libros Protexta, todo por 46 €**

**É tan fácil como chamar a calquera destes teléfonos:
981 557 117 / 981 557 119 / 639 126 187
ou enviando un correo electrónico cos teus datos a: subscricions@temposnovos.net**

# Resumo-Resumen-Abstract

***"Galicia, 'célula de universalidade'. Reflexións sobre cultura e acción exterior"***

*Ramón Villares*

**Resumo**

A concepción de Galicia como "célula de universalidade", herdeira do programa do Partido Galeguista (1931) e plasmada no Estatuto de Autonomía de Galicia (1936) implica un recoñecemento histórico de Galicia como "nación cultural" e órgano vivo con vocación exterior. Rescatando esta tradición histórica, o presidente do Consello da Cultura Galega, reflexiona sobre as dificultades institucionais para trazar unha estratexia definida de acción exterior, avogando por deseñar unha planificación de "marca-país" que permita acuñar unha imaxe positiva e sensata de acción exterior. Neste sentido, compre definir prioridades e actores que permitan contextualizar o excesivo predominio do sector empresarial e económico a favor dunha diplomacia de índole cultural, ampliando horizontes dende áreas tradicionais (Europa, diáspora) cara outros destinos estratéxicos (Asia, lusofonía).

**Palabras chave**: Galicia, célula, universalidade, acción exterior, "nación cultural".

**Resumen**

***"Galicia, 'célula de universalidad'. Reflexiones sobre la cultura y la acción exterior"***

La concepción de Galicia como "célula de universalidad", heredera del programa del Partido Galeguista (1931) y plasmada en el Estatuto de Autonomía de Galicia (1936), implica un reconocimiento histórico de Galicia como "nación cultural" y órgano vivo con vocación exterior. Rescatando esta tradición histórica, el presidente del Consello da Cultura Galega, reflexiona sobre las dificultades institucionales para trazar una estrategia definida de acción exterior, abogando por diseñar una planificación de "marca-país" que permita acuñar una imagen positiva y sensata de la acción exterior. En este sentido, deben definirse prioridades y actores que permitan contextualizar el excesivo predominio del sector empresarial y económico a favor de una diplomacia de índole cultural, ampliando horizontes desde áreas tradicionales (Europa, diáspora) hacia otros destinos estratégicos (Asia, lusofonía).

**Palabras clave**: Galicia, célula, universalidad, acción exterior, "nación cultural".

**Abstract**

***"Galicia," Cell of universality '. Reflections on culture and external action"***

The concept of Galicia as «cell of universality», heir to the program of the Partido Galeguista (1931) and embodied in the Statute of Autonomy of Galicia (1936) implies a historical recognition of Galicia as "cultural nation" and organ alive with outdoor vocation. Rescuing this historical tradition, the president of the Galician Cultural Council, reflects on the institutional difficulties in order to draw a clear strategy of external action, advocating to plan a design of a

"country brand" allowing coining a positive and sensible image of the external action. In this regard, priorities and actors that allow contextualize the excessive dominance of the business and economic sector should be defined in favor of diplomacy cultural, expanding horizons from traditional areas (Europe, diaspora) to other strategic destinations (Asia, lusophony).

**Keywords**: Galicia, cell of universality, external action, "cultural nation".

***"Galicia e a súa proxección internacional"***

*Jesús Gamallo Aller*

### Resumo

O punto de inflexión que consolidou unha estratexia formal para a acción exterior de Galicia foi a Sentenza 165/1994, do Tribunal Supremo do 26 de maio de 1994. Posteriormente apareceron outros documentos (*Libro Branco da Acción Exterior de Galicia*, *Estratexia de acción exterior de Galicia. 100 reflexións, Estratexia galega de Acción Exterior Horizonte post 2020)* e entidades (Consello de Acción Exterior) que definiron diversos trazos de actuación para a nosa acción exterior. O director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, defende como áreas prioritarias da acción exterior a Unión Europea como mercado natural, Portugal e os eixes latinoamericanos establecidos na fachada sur-atlántica (Buenos Aires-Río de Janeiro), o triángulo Venezuela-Cuba-México e novos mercados emerxentes como Perú, Colombia e Chile. Con dimensión mais reducida en función das nosas posibilidades, África e Asia-Pacífico contan igualmente neste ámbito de prioridades.

**Palabras chave**: Galicia, Comunidade Autónoma, Xunta de Galicia, Acción Exterior, Unión Europea.

### Resumen

***"Galicia y su proyección internacional"***

El punto de inflexión que consolidó una estrategia formal para la acción exterior para Galicia fue la Sentencia 165/1994, del Tribunal Supremo del 26 de mayo de 1994. Posteriormente aparecieron otros documentos (*Libro Blanco de la Acción Exterior de Galicia*, *Estrategia de acción exterior de Galicia. 100 reflexiones, Estrategia gallega de Acción Exterior Horizonte post 2020)* y entidades (Consejo de Acción Exterior) que definieron diversos trazos de actuación para nuestra acción exterior. El director general de Relaciones Exteriores y con la Unión Europea de la Xunta de Galicia, defiende como áreas prioritarias de acción exterior la Unión Europea como mercado natural, Portugal y los ejes latinoamericanos establecidos en la fachada sur-atlántica (Buenos Aires-Río de Janeiro), el triángulo Venezuela-Cuba-México y nuevos mercados emergentes como Perú, Colombia y Chile. Con dimensión más reducida en función de nuestras posibilidades, África y Asia-Pacífico se contemplan igualmente en este ámbito de prioridades.

**Palabras clave**: Galicia, Comunidad Autónoma, Xunta de Galicia, Acción Exterior, Unión Europea.

**Abstract**

***"Galicia and its international projection"***

The turning point that consolidated a formal strategy for the Galician external action was the Judgment 165/1994, the Supreme Court on May 26th, 1994. Later other documents appeared on scene (White Paper(ou white book?!) on External Action of Galicia, Strategy for external action of Galicia. 100 reflections, Galician Strategy of External action Horizon post 2020) and entities (External Action Council) that defined various traits of steps for our external action. The Director General for External Relations and the European Union of the Xunta de Galicia, defends as priority areas of action the European Union as a natural market, Portugal and other Latin axes established in the south facade-Atlantic (Buenos Aires-Rio de Janeiro), the triangle Venezuela-Cuba-Mexico and new emerging markets such as Peru, Colombia and Chile. With a more reduced scale according to our possibilities, Africa and Asia-Pacific have also a place among these priorities.

**Keywords**: Galicia, Autonomous Community, Xunta de Galicia, External Action, the European Union.

## *"Galicia precisa da política exterior"*

*Xoán Antón Pérez Lema*

**Resumo**

A pesar de posuír unha envexábel posición xeopolítica con notable presenza internacional, a acción exterior de Galicia a penas conta para o servizo exterior do Estado español, tanto na promoción empresarial como cultural. O autor reflexiona sobre os eixes prioritarios dunha acción exterior galega que se viu severamente danada polas estratexias do goberno de Núñez Feijoo desde 2009 e pola recentralización estatal a través da Lei de Servizo Exterior español de 2014. Neste sentido, argumenta como escenarios estratéxicos e prioritarios de actuación para a acción exterior galega a súa diáspora, a lusofonía, a América hispana, a Europa costeira occidental (Noruega, Irlanda, Islandia, Escocia, Gales, as autoridades locais inglesas, Bretaña, Flandres, Benelux) e o Afastado Oriente (China, Xapón, Corea)

**Palabras chave**: Galicia, Acción exterior galega, Xunta de Galicia, Lei de Acción Exterior española, Eixo estratéxicos.

**Resumen**

***"Galicia necesita la política exterior"***

A pesar de poseer una envidiable posición geopolítica con notable presencia internacional, la acción exterior de Galicia apenas cuenta para el servicio exterior del Estado español, tanto en la promoción empresarial como cultural. El autor reflexiona sobre los ejes prioritarios de una acción exterior gallega que se vio severamente dañada por las estrategias del gobierno de Núñez Feijoo desde 2009 y por la recentralización estatal a través de la Ley de Servicio Exterior español de 2014. En este sentido, argumenta como escenarios estratégicos y prioritarios de actuación para la acción exterior gallega su diáspora, la lusofonía, la América hispana, la Europa costera occidental (Noruega, Irlanda, Islandia, Escocia, Gales, las autoridades locales

inglesas, Bretaña, Flandes, Benelux) y el Lejano Oriente (China, Japón, Corea).
**Palabras clave**: Galicia, Acción Exterior gallega, Xunta de Galicia, Ley de Acción Exterior española, Ejes estratégicos.

**Abstract**

***"Galicia needs an external action plan"***

Despite owning an enviable geopolitical position with a remarkable international presence, the Galician external action hardly has a place among the foreign services of the Spanish State, not regarding to business neither to cultural promotion. The author reflects on the priorities of Galician external action that was severely damaged by the strategies of the government of Núñez Feijoo since 2009 and the state's recentralisation through the Spanish Foreign Service Act of 2014. In this sense, he proposes as strategic scenarios and of priority action for the Galician external action its Diaspora, the Lusophone, Latin America, coastal Western Europe Norway, Ireland, Scotland, Wales, English local authorities, Brittany, Flanders, Benelux) and the Far East (China, Japan, Korea)
**Keywords:** Galicia, Galician external action, Government of Galicia (Xunta de Galicia), Spanish Foreign Service Act, strategic axes.

### *"Galicia, unha autonomía no mundo. Galicia, unha nación cultural"*

*María Pilar Pin Vega*

**Resumo**

A autora avoga polo fortalecemento dunha proposta de "marca-Galicia"que permita crear un proxecto empresarial, comercial, académico e cultural institucionalmente sostido no tempo, invulnerable ás cuestións derivadas da alternancia política. Neste apartado, reflexiona sobre a necesidade de aproveitar o que denomina o "capital relacional", plasmado nunha nova emigración de mozos con elevado nivel cualificativo, matriz de concreción dun *lobby* imprescindible para fomentar esta "marca-Galicia" en diversos ámbitos: identitario, cultural, social, empresarial e de influencia política e financeira.
**Palabras chave**: "marca-Galicia", nación cultural, *lobby*, diáspora, capital relacional.

**Resumen**

***"Galicia, una autonomía en el mundo. Galicia, una nación cultural"***

La autora aboga por el fortalecimiento de una propuesta de "marca-Galicia" que permita crear un proyecto empresarial, comercial, académico y cultural institucionalmente sostenido en el tiempo, no vulnerable a las cuestiones derivadas de la alternancia política. En este apartado, reflexiona sobre la necesidad de aprovechar lo que denomina el "capital relacional", plasmado en una nueva emigración de jóvenes con elevado nivel calificativo, matriz de concreción de un lobby imprescindible para fomentar esta "marca-Galicia" en diversos ámbitos: identitario, cultural, social, empresarial y de influencia política y financiera.
**Palabras clave**: "marca-Galicia", nación cultural, lobby, diáspora, capital relacional.

**Abstract**

***"Galicia, an autonomy in the world. A cultural nation"***

The author advocates the strengthening of a «brand-Galicia" that would permit the creation of a business project, commercial, academic and cultural institutionally sustained over time, invulnerable to the issues arising from the political rotation. In this article, Pin Vega considers the need to take advantage of what she calls the "relational capital", reflected in a new emigration of young people with high-level education, basis of the indispensable lobby it is needed in order to foster this "brand-Galicia" in several areas: identity, cultural , social, business and political influence and financial.

**Keywords**: "brand-Galicia" cultural nation, lobby, diaspora, relational capital.

## *"A economía galega ante os desafíos da globalización"*

*Fernando González Laxe*

**Resumo**

O ex-presidente da Xunta de Galicia (1987-1990) fai un repaso teórico de valores como a competitividade, a produtividade e a atractividade, así como a súa influencia no desenvolvemento económico dun territorio con características específicas como é o caso de Galicia. Neste sentido, salienta as singularidades dunha economía determinada por cambios na ecuación demográfica urbana e rural; poboación decrecente; economía pouco competitiva e voluble entre ciclos recesivos e outros máis estables; dificultades para a xeración de emprego; predominio do sector terciario; actividades económicas moi vinculadas ao uso e aproveitamento dos recursos naturais; notable apertura exterior, aínda que moi polarizada xeograficamente; e escasa receptividade de investimentos estranxeiros e dotación orzamentaria en I+D+i. Reflexiona ademais sobre a necesidade de afrontar unha estratexia integral de "marca-país" mais contundente e con maior posicionamento internacional.

**Palabras chave**: Galicia, Economía, Competitividade, Atracción, Internacionalización.

**Resumen**

***"La economía gallega ante los desafíos de la globalización"***

El ex presidente da Xunta de Galicia (1987-1990) hace un repaso teórico de valores como la competitividad, la productividad y la atracción, así como su influencia en el desarrollo económico de un territorio con características específicas, como es el caso de Galicia. En este sentido, resalta las singularidades de una economía determinada por cambios en la ecuación demográfica urbana y rural; población decreciente; economía poco competitiva y voluble entre ciclos recesivos y otros más estables; dificultades para la generación de empleo; predominio del sector terciario; actividades económicas muy vinculadas con el uso y aprovechamiento de los recursos naturales; notable apertura exterior, aunque muy polarizada geográficamente; y escasa receptividad de inversiones extranjeras y dotación presupuestaria en I+D+i. Reflexiona además sobre la necesidad de afrontar una estrategia integral de "marca-país" más contundente y con mayor posicionamiento internacional.

**Palabras clave:** Galicia, Economía, Competitividad, Atractividad, Internacionalización.

**Abstract**

***"The Galician economy face the challenges of globalization"***

The former president of the Xunta de Galicia (1987-1990) provides an overview of theoretical values such as competitiveness, productivity and attractiveness, as well as their influence on the economic development of a territory with specific characteristics such as Galicia. In this regard, González Laxe emphasizes the uniqueness of an economy determined by changes in the demographic equation urban and rural; decreasing population; uncompetitive and unpredictable economy among (cycles of) recession(s) and other more stable; difficulties in generating employment; predominance of the tertiary sector; economic activities closely linked to the use and exploitation of natural resources; remarkable international opening, although very polarized geographically; and low receptivity of foreign investment and budget allocation in R & D. He also reflects on the need to confront an integral strategy of "country brand" more forceful and with more international positioning.

**Keywords**: Galicia, Economy, Competitiveness, attractiveness, Internationalization.

***"Internacionalizar unha economía, internacionalizar a empresa"***

*Abel Veiga Copo*

**Resumo**

Sendo a internacionalización unha necesidade e un compromiso, compre elaborar estratexias claras que permitan unha maior competitividade exterior para as empresas galegas. Isto implica un proceso de formación e de información que permita ás empresas minimizar os riscos da internacionalización e fixar obxectivos claros e concisos, analizando debilidades, carencias e fortalezas. O autor postula unha maior cooperación interempresarial, sumando sinerxías a través da creación de consorcios e clúster con eficaces estratexias de comunicación e de marketing, e abrindo novas perspectivas de internacionalización a través da diversificación e intensificación cos mercados emerxentes.

**Palabras chave:** Internacionalización, empresa galega, competitividade, estratexias, diversificación.

**Resumen**

***"Internacionalizar una economía, internacionalizar la empresa"***

Siendo la internacionalización una necesidad y un compromiso, deben elaborarse estrategias claras que permitan una mayor competitividad exterior para las empresas gallegas. Esto implica un proceso de formación y de información que facilite a las empresas minimizar los riesgos de la internacionalización y fijar objetivos claros y concisos, analizando debilidades, carencias y fortalezas. El autor defiende una mayor cooperación interempresarial, sumando sinergias a través de la creación de consorcios y clúster con eficaces estrategias de comunicación y de marketing, y abriendo nuevas perspectivas de internacionalización a través de la diversificación y la intensificación con los mercados emergentes.

**Palabras clave**: Internacionalización, empresa galega, competitividad, estrategias, diversificación.

RESUMO - RESUMEN - ABSTRACT

**Abstract**

***"Internationalizing an economy, internationalizing the company"***

Being internationalization a need and a commitment, it is necessary to devise clear strategies that allow greater competitiveness for the Galician companies abroad. This involves a process of training and information in order to allow businesses minimize the risk of internationalization and set clear and concise goals, analyzing weaknesses, shortcomings and strengths. The author proposes a greater inter-business cooperation, adding up synergies through the creation of partnerships and cluster with effective communication strategies and marketing, and creating new perspectives of internationalization through diversification and intensification with emerging markets.

**Keywords:** Internationalization, Galician company, competitiveness, strategies, diversification.

***"A economía galega en perspectiva internacional: avances, feblezas e retos de futuro"***

*Manuel González López*

**Resumo**

Este relatorio analiza os cambios acontecidos na economía galega nas últimas tres décadas, con especial énfase na inserción de Galicia dentro do espazo económico internacional. Reflexiona sobre os cambios estruturais experimentados pola economía galega, sen perder de vista a súa condición periférica a nivel internacional así como as consecuencias das súas debilidades estruturais, particularmente no relativo á cuestión demográfica. Finalmente aborda os retos de futuro, destacando a necesidade de activación da capacidade innovadora, de atracción de capital humano vinculado co sector terciario e dunha maior apertura exterior de carácter multisectorial.

**Palabras chave**: Galicia, Economía, Estrutura, Inserción, Exterior

**Resumen**

***"La economía gallega en perspectiva internacional: avances, debilidades y retos de futuro"***

Esta ponencia analiza los cambios acontecidos en la economía gallega en los últimos tres decenios, con especial énfasis en la inserción de Galicia dentro del espacio económico internacional. Reflexiona sobre los cambios estructurales experimentados por la economía gallega, sin perder de vista su condición periférica a nivel internacional así como las consecuencias de sus debilidades estructurales, particularmente en lo relativo a la cuestión demográfica. Finalmente aborda los retos de futuro, destacando la necesidad de activación de la capacidad innovadora, de atracción de capital humano vinculado con el sector terciario y de una mayor apertura exterior de carácter multisectorial.

**Palabras clave**: Galicia, Economía, Estructura, Inserción, Exterior.

**Abstract**

***"Galician economy from an international perspective: advances, weaknesses and future challenges"***

This article analyzes the changes that have occurred in Galicia's economy over the last three decades, with particular emphasis on the inclusion of Galicia within the international economy. It reflects on structural changes experienced by the Galician economy, without losing sight of its location on the periphery when it comes to international issues, as well as the consequences of their structural weaknesses, especially because of its demographic situation. Finally, it discusses the challenges of the future, highlighting the need to boost its innovative capacity of attracting human capital associated with the third sector and a greater multisectoral openness to the world.

**Keywords**: Galicia, Economy, Structure, Inclusion, Exterior

***"As ONG para o Desenvolvemento nunha paradiplomacia en Rede"***

*Emilio M. Martínez Rivas*

**Resumo**

*P*arte do concepto de diplomacia para despois presentar o concepto, novidoso, de paradiplomacia ou diplomacia das organizacións sociais. É nas actividades realizadas polas organizacións sociais nas que se centra, describindo o amplo abano de formas nas que estas se materializan e poñendo algúns exemplos de éxito desenvolvidos nas décadas máis recentes. Aprovéitase para recordar que non todas as organizacións sociais teñen entre os seus fins aqueles que dan lugar a actividades consideradas como paradiplomacia. O texto finaliza cunha referencia á situación en Galicia, cuestionando que no momento actual se poida falar dunha paradiplomacia das ONGDs con presenza nesta comunidade, por mor da inexistencia dunha capacidade autónoma de actuación nuns casos e a unha falta de madurez en canto á actividade a desenvolver.

**Palabras chave:** Paradiplomacia, ONGs, Cooperación ao Desenvolvemento, Galicia, Organizacións Sociais.

**Resumen**

***"Las ONG para el Desarrollo en una paradiplomacia en Red"***

*P*arte del concepto de diplomacia para posteriormente presentar el concepto, novedoso, de paradiplomacia o diplomacia de las organizaciones sociales. Es en las actividades realizadas por las organizaciones sociales en las que se centra, describiendo el amplio abanico de formas en las que éstas se materializan y poniendo algunos ejemplos de éxito desarrollados en las décadas más recientes. Aprovecha para recordar que no todas las organizaciones sociales tienen entre sus fines aquellos que dan lugar a actividades conceptuadas como paradiplomacia. El texto finaliza con una referencia a la situación en Galicia, cuestionando que en el momento actual se pueda hablar de una paradiplomacia de las ONGDs con presencia en esta comunidad debido a la inexistencia de una capacidad autónoma de actuación en unos casos y a la falta de madurez en cuanto a la actividad a desarrollar.

**Palabras clave:** Paradiplomacia, ONGs, Cooperación al Desarrollo, Galicia, Organizaciones Sociales.

**Abstract**

***"Development NGOs within a networked paradiplomacy"***

It starts by defining the concept of diplomacy to then present the concept, innovative, of paradiplomacy or diplomacy of social organizations. It is focused in the activities undertaken by social organizations, describing the wide range of ways in which these are materialized and giving some successful examples developed in the last decades. The author also recalls on the fact that not all social organizations have among their purposes those that result in activities considered as paradiplomacy. The text ends with a reference to the situation in Galicia, questioning that nowadays one can speak of a paradiplomacy of development NGOs with a presence in this community, due to the absence of an autonomous capacity of action in some cases and a lack of maturity in terms of the activity to develop.

**Keywords:** Paradiplomacy, NGOs, Development and Cooperation, Galicia, Social Organizations.

***"Ativos duma paradiplomacia em rede"***

*Teresa Moure*

**Resumo**

Reflexiona sobre as potencialidades paradiplomáticas de Galicia e do seu proceso de internacionalización, priorizando como enfoque os seus activos de carácter lingüístico e cultural. Segundo a autora, este proceso precisa da potenciación exterior da nosa lingua a través de obxectivos claramente delimitados, da ampliación de perspectivas (principalmente de cara á Lusofonía), da superación de prexuízos e da observación, intercambio e aprendizaxe con outras experiencias similares.

**Palabras chave**: Lingua, Galego, Internacional, Paradiplomacia, Lusofonía.

**Resumen**

***"Activos de una paradiplomacia en red"***

Reflexiona sobre las potencialidades paradiplomáticas de Galicia y de su proceso de internacionalización, priorizando como enfoque sus activos de carácter lingüístico y cultural. Según la autora, este proceso precisa de la potenciación exterior de nuestra lengua a través de objetivos claramente delimitados, de la ampliación de perspectivas (principalmente hacia la Lusofonía), de la superación de prejuicios y de la observación, intercambio y aprendizaje con otras experiencias similares.

**Palabras clave:** Lengua, Gallego, Internacional, Paradiplomacia, Lusofonía.

**Abstract**

***"Assets of a networked paradiplomacy"***

Moure reflects on the paradiplomatic potential of Galicia and its internationalization process, prioritizing its linguistic and cultural aspects/actives. According to the author, this process

requires the strengthening of the international projection of our language by clearly defined goals, the extension of prospects* (especially towards lusophony), overcoming prejudices and observation, and exchanging and learning with other similar experiences.
**Keywords:** language, Galician, International, Paradiplomacy, Lusophony.

### *"Galicia no ollo divino"*

*Xavier Alcalá*

**Resumo**

Galicia ten a capacidade de converterse nun epicentro de conexión con diversos escenarios xeográficos, como a península ibérica, Europa, a Lusofonía, América e o Atlántico. Para iso cómpre adoptar estratexias definidas, principalmente por parte do tecido social e institucional así como dos centros de investigación das universidades galegas, particularmente para aproveitar a vantaxe comparativa emanada da confluencia do galego co castelán e o portugués, as dúas linguas con maior expansión global tralo inglés. Esta estratexia debe complementarse con mecanismos de vertebración coa enorme diáspora galega, cuxo peso histórico permite asentar a idea de"galeguidade".
**Palabras chave**: Galicia, Galeguidade, Portugal, Lusofonía, Universidades.

**Resumen**

***"Galicia en el ojo divino"***

Galicia tiene la capacidad de convertirse en un epicentro de conexión con diversos escenarios geográficos como la península ibérica, Europa, la Lusofonía, América y el Atlántico. Para eso deben adoptarse estrategias definidas, principalmente por parte del tejido social e institucional así como de los centros de investigación de las universidades gallegas, particularmente para aprovechar la ventaja comparativa emanada de la confluencia del gallego con el castellano y el portugués, las dos lenguas con mayor expansión global tras el inglés. Esta estrategia debe complementarse con mecanismos de vertebración con la enorme diáspora gallega, cuyo peso histórico permite asentar la idea de "galleguidad".
**Palabras clave**: Galicia, Galleguidad, Portugal, Lusofonía, Universidades.

**Abstract**

***"Galicia in the divine eye"***

Galicia could become an epicentre of connection with diverse geographic areas, such as the Iberian Peninsula, Europe, the Lusophone world, America and the Atlantic. In order to do so, it is necessary to adopt strategies defined mainly by the social and institutional fabric as well as research centers of the Galician universities, particularly to make good use of the comparative advantage emanating from the confluence of Galician, Spanish and Portuguese, the two languages with greater global expansion after English . This strategy should be complemented with mechanisms to link the huge Galicia's diaspora, whose historical importance helps lay the idea of "galeguidade".
**Keywords**: Galicia, Galician Identity, Portugal, Lusophone, Universities.

RESUMO - RESUMEN - ABSTRACT

***"Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural. Reflexión sobre a internacionalización do libro galego"***
*Xosé Ballesteros*

**Resumo**

Efectúa un repaso da recente historia da industria cultural e editorial galega e dos seus esforzos por acadar vías de internacionalización para o libro en galego. Destaca como o proxecto editorial de Kalandraka, dende o seu nacemento en 1998, logrou ter repercusión dentro do Estado español así como en Portugal, malia as dificultades de distribución e de *marketing*, da escasa repercusión da industria cultural dentro do PIB galego, das dificultades de operar en mercados máis competitivos a nivel internacional e da falta de presenza desta industria noutros sectores económicos estratéxicos. Reclama un maior apoio institucional á internacionalización da industria editorial galega.
**Palabras chave:** Kalandraka, Galicia, industria cultural, internacionalización, libro en galego.

**Resumen**

***"Ambiciones y posibilidades globales de nuestra industria cultural. Reflexión sobre la internacionalización del libro gallego"***

Efectúa un repaso de la reciente historia de la industria cultural y editorial gallega y de sus esfuerzos por alcanzar vías de internacionalización para el libro en gallego. Destaca cómo el proyecto editorial de Kalandraka, desde su nacimiento en 1998, logró tener repercusión dentro del Estado español así como en Portugal, a pesar de las dificultades de distribución y de marketing, de la escasa repercusión de la industria cultural dentro del PIB gallego, de las dificultades de operar en mercados más competitivos a nivel internacional y de la falta de presencia de esta industria en otros sectores económicos estratégicos. Reclama un mayor apoyo institucional a la internacionalización de la industria editorial galega.
**Palabras clave**: Kalandraka, Galicia, industria cultural, internacionalización, libro en gallego.

**Abstract**

***"Ambitions and global opportunities of our cultural industry. Reflection on the internationalization of Galician books"***

The article explains the recent history of the cultural and Galician publishing industry and their efforts to boost the internationalization of books in Galician. It highlights the editorial project of Kalandraka, which since it was born in 1998, managed to have an impact within the Spanish state as well as in Portugal, despite the difficulties of distribution and marketing, the limited impact of the cultural industry within Galicia's GDP, the difficulties of operating in the most competitive markets worldwide and the lack of presence of this industry in other strategic economic sectors. The article claims a greater institutional support for the internationalization of Galician publishing industry.
**Keywords:** Kalandraka, Galicia, cultural industry, internationalization, books in Galician.

***"O cinema como operador da internacionalización"***

*Margarita Ledo*


**Resumo**

A realización do denominado "cinema desde pequenas nacións", e particularmente daquelas con linguas minoritarias ou "minorizadas", obriga a adoptar unha toma de posición que permita establecer un modo de entender a relación entre o filme e o espectador. Esa realidade é a que se nega no caso do cinema galego, frecuentemente excluído dos grandes centros de decisión cultural. A autora reflexiona sobre os esforzos por visualizar internacionalmente o "cinema das pequenas nacións", neste caso a través dunha cultura cunha lingua minorizada como a galega, reivindicando ao mesmo tempo a súa capacidade para construír un cinema como ben económico-creativo no que a súa cultura se expresa.


**Palabras chave**: Cinema, Cultura, Estado-Nación, Pequenas Nacións, Internacionalización.


**Resumen**

***"El cine como operador de la internacionalización"***

La realización del denominado "cine desde las pequeñas naciones", y particularmente de aquellas con lenguas minoritarias o "minorizadas", obliga a formular una toma de posición que permita establecer un modo de entender la relación entre el film y el espectador. Esa realidad es la que se niega en el caso del cine gallego, frecuentemente excluido de los grandes centros de decisión cultural. La autora reflexiona sobre los esfuerzos por visualizar internacionalmente el "cine de las pequeñas naciones", en este caso a través de una cultura con una lengua minorizada como la gallega, reivindicando al mismo tiempo su capacidad para construir un cine como bien económico-creativo en el que su cultura se expresa.


**Palabras clave:** Cine, Cultura, Estado-Nación, Pequeñas Naciones, Internacionalización.


**Abstract**

***"Cinema as an operator for internationalization"***

The production of the so-called "cinema from small nations", and particularly that of minority or "minoritised" languages, requires the adoption of a specific position in order to conform a way of understanding the relationship between the film and the spectator. Galician cinema is not part of this reality as it is often excluded from the major centers of cultural decision. The author reflects on the efforts made to internationally promote the "cinema of small nations", in this case through a culture with a minoritised language, Galician, claiming at the same time its ability to build a cinema as an economic and creative asset that is part of its cultural expression.


**Keywords**: Cinema, Culture, Nation State, Small Nations, Internationalization.

***"A produción audiovisual de Galicia e a internacionalización"***

*Antón Reixa*


**Resumo**

O autor xustifica a necesidade de internacionalización do sector audiovisual galego á vista da diversidade da cadea de valor da produción audiovisual e do contexto de competitividade baseado no capital humano. A apertura cara o exterior resulta así imprescindible, tendo en conta o contexto xeográfico e demográfico de Galicia, así como as carencias estruturais dos seus mercados "limítrofes" ou "contiguos" (España e Portugal). Neste proceso de internacionalización imponse a necesidade de captación e de impulso de recursos públicos e institucionais que, cunha capacidade de retorno, permitan igualmente propiciar políticas públicas de I+D+i.


**Palabras chave**: Galicia, produción audiovisual, internacionalización, competitividade, diversidade.


**Resumen**

***"La producción audiovisual de Galicia y la internacionalización"***

El autor justifica la necesidad de internacionalización del sector audiovisual gallego teniendo en cuenta la diversidad de la cadena de valor de la producción audiovisual y del contexto de competitividad basado en el capital humano. La apertura hacia el exterior resulta así imprescindible, tomando en cuenta el contexto geográfico y demográfico de Galicia así como las carencias estructurales de sus mercados "limítrofes" o "contiguos" (España y Portugal). En este proceso de internacionalización se impone la necesidad de captación e impulso de recursos públicos e institucionales que, con una capacidad de retorno, permitan igualmente propiciar políticas públicas de I+D+i.


**Palabras clave**: Galicia, producción audiovisual, internacionalización, competitividad, diversidad.


**Abstract**

***"The audiovisual production in Galicia and its internationalization"***

The author justifies the need for internationalization of the Galician audiovisual sector due to the diversity of the value chain of audiovisual production and the context of competitiveness based on human capital. Opening up to the outside is thus essential, considering the geographic and demographic context of Galicia, as well as the structural deficiencies of its "borderline" or "contiguous" markets (Spain and Portugal). In this process of internationalization, the need to have and boost public and institutional resources is important, with a capacity of return, allowing also to promote public policies of R+D+i.


**Keywords:** Galicia, audiovisual production, internationalization, competitiveness, diversity.

*"A acción exterior vasca"*
*Marián Elorza*


**Resumo**

A Secretaria de Acción Exterior do Goberno vasco expón os dous documentos chave da acción exterior de Euskadi, ambos aprobados en abril de 2014: a Estratexia marco de internacionalización 2020-Estratexia Basque Country; e o Plan de Acción exterior 2014-2016. Ambos os documentos apostan por unha maior presenza internacional de Euskadi a través de variables xeoestratéxicas que permitan posicionarse como actor activo e non como mero espectador dos acontecementos a nivel global. Nelas destacan o compromiso cunha Europa social e solidaria; o fomento da transversalidade, con especial énfase no carácter cultural e lingüístico vasco; a reactivación económica e do emprego; unha estratexia exterior clara, compartida e aberta ao tecido social vasco; a captación de coñecemento; e a inserción de axentes multisectorais vascos en diversos organismos internacionais, aproveitando ó mesmo tempo o valor estratéxico establecido polas Euskal Etxeak (casas vascas) repartidas en 25 países.



**Palabras chave**: Euskadi, Acción Exterior, Estratexia BasqueCountry 2020;Plan de Acción Exterior 2014-2016; Internacionalización.



**Resumen**

***"La acción exterior vasca"***

La Secretaria de Acción Exterior del Gobierno vasco expone los dos documentos clave de la acción exterior de Euskadi, ambos aprobados en abril de 2014: la Estrategia marco de internacionalización 2020-Estrategia Basque Country; y el Plan de Acción exterior 2014-2016. Ambos documentos estipulan una mayor presencia internacional de Euskadi a través de variables geoestratégicas que permitan posicionarse como actor activo y no como mero espectador dos acontecimientos a nivel global. Entre ellas destacan el compromiso con una Europa social y solidaria; el fomento de la transversalidad, con especial énfasis en el carácter cultural y lingüístico vasco; la reactivación económica y del empleo; una estrategia exterior clara, compartida y abierta al tejido social vasco; la captación de conocimiento; y la inserción de agentes multisectoriales vascos en diversos organismos internacionales, aprovechando al mismo tiempo el valor estratégico establecido por las Euskal Etxeak (casas vascas) repartidas en 25 países.



**Palabras chave:** Euskadi, Acción Exterior, Estrategia Basque Country 2020; Plan de Acción Exterior 2014-2016; Internacionalización.



**Abstract**

***"The Basque foreign action"***

The Secretary for Foreign Action of the Basque Government presented two key documents for the foreign action of the Basque Country, both approved in April 2014: the Framework strategy for internationalization 2020-Strategy Basque Country; and the Foreign Action Plan 2014-2016. Both documents advocate for a greater international presence of the Basque Cou-

RESUMO - RESUMEN - ABSTRACT

ntry through geoestrategic variables that allow the Basque country to position itself as an active actor rather than a mere spectator of events occuring at a global level. Among these variables are the commitment to a social and a solidarity Europe; the promotion of transversality, with a special emphasis on the Basque's cultural and linguistic character; economic and employment reactivation; a clear foreign strategy, shared and open to the Basque social fabric; the attraction of knwoledge; and the presence of Basque multi-sectoral agents in several international organizations, making good use of the strategic value of the Euskal Etxeak (Basque houses) located across 25 countries.
**Keywords:** Euskadi, Foreign Action, Basque Country  Strategy 2020; Foreign Action Plan 2014-2016; Internationalization.

***"A acción exterior de Cataluña"***
*Manel Manonelles*

**Resumo**

Detalla os principios reitores da Acción Exterior de Cataluña, sinalando que a mesma responde a unha demanda da sociedade civil catalá por inserirse nos foros internacionais a través dunha diplomacia multilateral e multinivel. Como ferramentas chave desta estratexia destacan a Lei de Acción Exterior; as oficinas de *Acció*, centradas na promoción económica e industrial, o *DiploCat* ou Servizo de Diplomacia Pública de Cataluña, as Comunidades Cataláns no Exterior, a Rede de Lectorados cataláns e, principalmente, a proxección internacional de Barcelona, tanto no seu ámbito euromediterráneo como de representacións consulares e de organismos internacionais. Defende unha maior coherencia e integración de políticas públicas por parte da Generalitat de Cataluña, así como a maior profesionalización e eficiencia desta acción exterior.
**Palabras chave**: Cataluña, Acción Exterior, Internacionalización, Competitividade, Profesionalización.

**Resumen**

***"La acción exterior de Cataluña"***

Detalla los principios rectores de la Acción Exterior de Cataluña, destacando que responde a una demanda de la sociedad civil catalana por integrarse en los foros internacionales a través de una diplomacia multilateral y multinivel. Como herramientas clave de esta estrategia de acción exterior destacan la Ley de Acción Exterior, las oficinas de *Acció*, centradas en la promoción económica e industrial, el *DiploCat* o Servicio de Diplomacia Pública de Cataluña, las Comunidades Catalanas en el Exterior, la Red de Lectorados catalanes y, principalmente, la proyección  internacional de Barcelona, tanto en su ámbito euromediterráneo como de representaciones consulares y de organismos internacionales. Defiende una mayor coherencia e integración de políticas públicas por parte de la Generalitat de Cataluña, así como una mayor profesionalización y eficiencia de esta acción exterior.
**Palabras clave:** Cataluña, Acción Exterior, Internacionalización, Competitividad, Profesionalización.

**Abstract**

***"The external action of Catalonia"***

The article details the guiding principles of the external action of Catalonia, noting that it responds to a demand of the Catalan society of being inserted in international forums through a multilevel and multilateral diplomacy. As key tools of this strategy we find the External Action Law; the offices of Action, focused on economic and industrial promotion, the DiploCat or Public Service of Diplomacy of Catalonia, the Catalan Communities Abroad, the Catalan Network Readers and especially the international projection of Barcelona, not only in the Euro-Mediterranean zone but also of consular representations and international organizations. The author advocates greater coherence and integration of public policies by the Generalitat of Catalonia, as well as greater efficiency and professionalization of this external action.

**Keywords:** Catalonia, External Action, internationalization, competitiveness, professionalization.

***"Galicia e a Cooperación Transfronteiriza no horizonte 2014-2020"***

*Rosa Ricoy*

**Resumo**

A intensificación da cooperación transfronteiriza adquiriu un forte protagonismo nos **últimos** na Unión Europea. Este acontecemento prod**úcese dun xeito** simultáneo a moitos outros de indubidable transcendencia, tales como a globalización, os procesos de integración supraestatal, os procesos de democratización e de rexionalización dos Estados, a crise da tradicional configuración estatal, etc. Nesta incipiente relación xorden numerosas preguntas: conformaranse estas poboacións e territorios fronteirizos co reencontro e a cooperación, ou demandarase algo mais? Noutras palabras, conducirá a cooperación transfronteiriza á integración transfronteiriza? E como será esa integración, isto é, cales serían as súas realizacións e consecuencias a medio e longo prazo? Céntrase a análise desta cuestión na Eurocidade Chaves–Verín, tentando achegar algunhas solucións ao debate e ao futuro da cooperación transfronteiriza.

**Palabras chave**: Mobilización rexional, integración europea, cooperación transfronteiriza, Eurorrexión.

**Resumen**

***"Galicia y la Cooperación Transfronteriza en el horizonte 2014-2020"***

La intensificación de la cooperación transfronteriza ha adquirido un fuerte protagonismo en los últimos años en el ámbito de la Unión Europea. Este acontecimiento se produce de manera simultánea a muchos otros de indudable trascendencia tales como la globalización, los procesos de integración supraestatal, los procesos de democratización y regionalización de los Estados, la crisis de la tradicional configuración estatal, etc. En esta incipiente relación surgen numerosas preguntas: ¿se conformarán estas poblaciones y territorios fronterizos con el re-encuentro y la cooperación o se demandará algo más? En otras palabras, ¿conducirá la cooperación transfronteriza a la integración transfronteriza? ¿Y cómo será esa integración,

esto es, cuáles serían sus realizaciones y consecuencias a medio y largo plazo? Se centra el análisis de esta cuestión en la Eurociudad Chaves-Verín, intentando aportar algunas soluciones al debate y al futuro de la cooperación transfronteriza.
**Palabras clave**: Movilización regional, integración europea, cooperación transfronteriza, Eurorregión.

### Abstract

***"Galicia and Cross-border Cooperation in 2014-2020"***

The intensification of cross-border cooperation has become a major player in recent years within the European Union. This event occurs simultaneously with many others of undoubted importance such as globalization, processes of supranational integration, processes of democratization and regionalization of states, crisis of traditional state configuration, etc. In this incipient relationship, many questions arise: will these border towns and territories be reconciled with re-encounter and cooperation, or will something more be demanded? In other words, will cross-border cooperation lead to cross-border integration? And how will this integration be, that is, what would be its achievements and consequences in the medium and long term? It order to examine this issue, the author analyzes the case of the Eurocity Chaves-Verín, trying to provide some solutions to the debate and future of cross-border cooperation.
**Keywords**: Regional mobilization, European integration, cross-border cooperation, Euroregion.

# TEXTURAS INTERNACIONAIS

PVP 10 euros
Pedidos a: info@igadi.org



























**NORMAS PARA OS AUTORES**

Os traballos enviados para a súa publicación en "TEMPO EXTERIOR" deberán cumprir coas normas que se enumeran a continuación.

1. Todos os traballos serán avaliados por dous expertos independentes e anónimos, designados polo IGADI, que poderán aconsellar a aceptación sen cambios, formular suxestións ao autor ou autores, ou ben desaconsellar a súa publicación.
2. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, e non debe estar comprometida a súa publicación noutro medio.
3. Os orixinais poden ser enviados en calquera lingua, preferiblemente en galego. Será publicado, sen embargo, en galego. A tradución e revisión correrá a cargo do IGADI, salvo acordo mutuo en sentido contrario. Respectaranse as palabras e expresións estranxeiras, que serán distinguidas polo autor en letra cursiva. A edición dixital poderá incorporar tamén a versión na lingua orixinal.
4. A extensión do traballo será dun máximo de oito mil palabras, aproximadamente entre 10-12 páxinas tamaño DIN A4, a un espazo, incluindo gráficos, cadros e bibliografía. En ningún caso poderá superar as 15 páxinas.
5. Os traballos acompañaranse dunha copia en soporte informático, con indicación do editor de textos utilizado.
6. Na primeira páxina indicarase: título do traballo, nome e apelidos do autor, dirección, teléfono, fax e correo electrónico, asi como a filiación institucional do autor e a forma en que desexa que apareza. Débese incluir tamén un breve Curriculum Vitae, non superior a cinco liñas, que aparecerá publicado conxuntamente co traballo.
7. Todos os traballos deberán incluír un resume do contido, en galego, castelán e inglés, que non excederá de 15 liñas e cinco palabras chave nas tres linguas.
8. Cando resulte necesario reproducir gráficos, estes deberán estar acompañados dos datos que sirvan de base para o seu deseño. Todos os gráficos deben estar numerados correlativamente, levar título e a fonte correspondente. Os mesmos requisitos son aplicables para cadros e tablas. No texto deberá indicarse a referencia concreta sobre o lugar exacto en que debe incluirse o gráfico, cadro ou tabla.
9. As notas irán sempre ao final do traballo.
10. As notas e as referencias bibliográficas terán o seguinte formato:
    - LIBROS: APELIDOS do autor (en maiúsculas) e Nome (en minúsculas): Título do libro (en cursiva), Editorial, cidade, ano e páxina/s.
    - ARTICULOS: APELLIDOS do autor (en maiúsculas) e Nome (en minúsculas): "Titulo do artigo" (entre comiñas), Nome da revista (en cursiva), Número, data, páxina/s.
11. As siglas irán acompañadas do nome completo a primeira vez que se citen no texto, e entre paréntesis.
12. O prazo de recepción de orixinais remata tres meses antes da previsión de saída (xuño-decembro) do correspondente número. A aceptación ou non do texto proposto comunicarase ao autor no prazo máximo dun mes contado a partir da recepción.

**NORMAS PARA LOS AUTORES**

Los trabajos enviados para su publicación en "TEMPO EXTERIOR" deberán tener en cuenta las normas que se enumeran a continuación.

1. Todos los trabajos serán evaluados por dos expertos independientes y anónimos, designados por el IGADI, que podrán aconsejar la aceptación sin cambios, formular sugerencias al autor o autores, o bien desaconsejar su publicación.
2. Los trabajos deberán ser originales e inéditos, y no debe estar comprometida su publicación en otro medio.
3. Los originales pueden ser enviados en cualquier idioma, preferiblemente en gallego. Será publicado, sin embargo, en gallego. La traducción y revisión correrá a cargo del IGADI, salvo acuerdo mutuo en sentido contrario. Se respetarán las palabras y expresiones extranjeras, que serán distinguidas por el autor en letra cursiva. La edición digital podrá incluir la versión en el idioma original.
4. La extensión del trabajo será de un máximo de ocho mil palabras, aproximadamente entre 10-12 páginas tamaño DIN A4, a un espacio, incluyendo gráficos, cuadros y bibliografía. En ningún caso podrá superar las 15 páginas.

5. Los trabajos se acompañarán de una copia en soporte informático, con indicación del editor de textos utilizado.
6. En la primera página se indicará: título del trabajo, nombre y apellidos del autor, dirección, teléfono, fax y correo electrónico, asi como la filiación institucional del autor y la forma en que desea que aparezca. Se debe incluír también un breve Curriculum Vitae, no superior a cinco lineas, que aparecerá publicado conjuntamente con el trabajo.
7. Todos los trabajos deberán incluír un resumen del contenido, en gallego, castellano e inglés, que no excederá de 15 lineas y cinco palabras clave en las tres lenguas.
8. Cuando resulte necesario reproducir gráficos, estos deberán estar acompañados de los datos que sirvan de base para su diseño. Todos los gráficos deben estar numerados correlativamente, llevar título y la fuente correspondiente. Los mismos requisitos son aplicables para cuadros y tablas. En el texto deberá indicarse la referencia concreta sobre el lugar exacto en que debe incluirse el gráfico, cuadro o tabla.
9. Las notas irán siempre al final del trabajo.
10. Las notas y las referencias bibliográficas tendrán el siguiente formato:
    - LIBROS: APELLIDOS del autor (en mayúsculas) y Nombre (en minúsculas): Título del libro (en cursiva), Editorial, ciudad, año y página/s.
    - ARTICULOS: APELLIDOS del autor (en mayúsculas) y Nombre (en minúsculas): “Titulo del artículo” (entre comillas), Nombre de la revista (en cursiva), Número, fecha, página/s.
11. Las siglas irán acompañadas del nombre completo la primera vez que se citen en el texto, y entre paréntesis.
12. El plazo de recepción de originales finaliza tres meses antes de la previsión de salida (junio-diciembre) del correspondiente número. La aceptación o no del texto propuesto se comunicará al autor en el plazo máximo de un mes contado a partir de la recepción.

**GUIDELINES FOR AUTHORS**

Any paper submitted for publication in “TEMPO EXTERIOR” should conform to the following parameters:

1. All papers will be evaluated by two independent and anonymous experts selected by IGADI who may advise the acceptance of papers without changes, make suggestions to the author(s), or advise against publication.
2. All submitted work should be original, not previously published nor should it be under consideration by any other publisher.
3. Original work may be submitted in any language, but Galician is preferred. However, all articles will be published in Galician. The translation and revision will be done by IGADI, save mutual consent to the contrary. Foreign words and expressions will be respected, but must be designated as such in italics by the author. The electronic version of the journal will include a version in the original language.
4. The length of submissions will be no more than eight thousand words, approximately 10-12 pages on A4 paper, single-spaced, including graphs, charts and bibliography. In no case will papers exceed 15 pages.
5. All submissions will be accompanied by an electronic copy, with an indication of the word processor used.
7. All submissions will include an abstract of the text, in Galician, Spanish and English, which will not exceed 15 lines, and five keywords in the three languages.
8. Where graphs are used, they should be accompanied by the data that serve as the source of design. All graphs should be correlatively numbered, titled and sourced. The same is required of charts and tables. The correct reference of the exact placement of the graph, chart or table should be indicated in the text.
9. Notes will always be placed at the end of the text (end notes).
10. Notes and bibliographic references will follow the following format:
    - BOOKS: SURNAME(S) of the author (in upper case letters) and Name (in lower case): Title of the book (in italics), Publisher, City, year and page number(s).
    - ARTICLES: SURNAME(S) of the author (in upper case letters) and Name (in lower case): “Title of the Article” (in quotes), Name of the journal (in italics), Number, date, page number(s).
11. Abbreviations and acronyms will be accompanied by the complete name or reference (in parenthesis) the first time they are cited in the text.
12. Acceptance of original submissions will end three months prior to the scheduled publication of the next issue (the end of June and December). The acceptance or declination of any proposed text will be made known to the author within a maximum period of one month after its submission.

Tempo Exterior (www.igadi.org)

## Boletín de subscrición

**Servizo de atención ao cliente**
E-mail: info@igadi.org

Nome e apelidos:

Enderezo:

Poboación: Código Postal:

País: CIF/NIF: Teléfono:

**Desexo subscribirme a "Tempo Exterior", a partir do número ____ , que abonarei mediante:**

❑ Talón nominativo adxunto

❑ Transferencia a ABANCA
Oficina Baiona
ES39 20805015613040014108

❑ Domiciliación bancaria

| CANTIDADE | PREZO PARA ESPAÑA | TOTAL |
|---|---|---|
| | Subscrición anual (2 números): . 15 euros | |
| | Número solto: ........................... 10 euros | |
| | **Prezo para o estranxeiro** | |
| | Subscrición anual (2 números): ........ 25 $ | |
| | Número solto: .................................. 15 $ | |
| **Importe total do pedido**: ....................... | | |

**Domiciliación bancaria** (se procede)

*Sr/a. director/a do/da Banco/Caixa:*

Enderezo: Sucursal:

Poboación: Provincia: Código Postal:

*Autorizo a esa entidade para que se carguen na conta referenciada*

Titular:

Número de conta (entidade-sucursal-dc-nº de conta):

*os recibos que o IGADI librará a meu nome.*

**Sinatura e data**:

**Enviar ao:**

IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)
Centro Cívico Sur
Rúa Luís Braille, 40
36003 Pontevedra
Tel. (+34) 986 357 238

Nota: En caso de domiciliación bancaria, de non consignar completamente os datos bancarios a subscrición non se fará efectiva.

Tempo Exterior é unha publicación semestral que aborda problemas, conflitos e tendencias internacionais do momento, e presta atención á vertebración dun pensamento exterior propio en Galicia. De interese para investigadores, analistas, profesores, empresarios ou dirixentes sociais, ambiciona atraer a todo tipo de persoas preocupadas polo acontecer mundial.

O Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, fundado en 1991, é un centro independente de investigación, documentación, información e debate para comprender o mundo desde aquí e proxectar a Galicia no contexto internacional.

Visita Tempo Exterior on-line en: **http://www.igadi.gal**

Para comprender o mundo desde aquí, para proxectar a Galicia no contexto internacional

9 781579 658205